

**Estratexia de
desenvolvemento local
participativo (EDLP)**

Mirando polo mar



**Financiado por
la Unión Europea**

Estratexia de desenvolvemento local participativo (EDLP) | GALP Costa da Morte

1. Identificación do GALP e da zona pesqueira	03
2. O Deseño da EDLP	06
2.1. Valoración da aplicación da EDLP 2016-2021	07
2.2. Elaboración da EDLP	09
3. Zona pesqueira	13
3.1. Descrición da zona pesqueira : coherencia funcional do territorio	14
3.2. Necesidades e potencial da zona costeira	16
4. Coherencia co marco estratéxico europeo, nacional e rexional	26
4.1. Coherencia co Pacto Verde Europeo	27
4.2. Coherencia coa Economía Azul Sostible	28
4.3. Coherencia coa Agenda 2030 para o desenvolvemento sostible	29
4.4. Coherencia co DLP do Programa Operativo FEMPA en España	31
4.5. Coherencia con outros programas ou estratexias rexionais	32
5. Características innovadoras e enfoque integrado da estratexia	34
6. Misión, visión e valores da EDLP. Plan de acción da estratexia: obxectivos e actuacións	38
6.1. Misión, visión e valores da organización	39
6.2. Plan de acción. Obxectivos da estratexia.	41
6.3. Plan de acción. Indicadores e metas.	42
6.4. Programa de actuacións	46
6.5. Indicadores comúns de resultados do FEMPA	59
6.6. Análise da pertinencia da estratexia	59
7. Normas para a xestión da EDLP	61
7.1. Límites de axuda pública	62
7.2. Criterios e procedementos para a selección de proxectos	63
7.2.1. Requisitos de admisibilidade de solicitudes	63
7.2.2. Requisitos de elegibilidade dos proxectos	66
7.2.3. Criterios de selección de operacións na aplicación da EDLP	70
7.2.4. Procedemento de selección	93
8. Plan financeiro	96
9. O grupo de desenvolvemento local do sector pesqueiro (GALP).	100
9.1. Asociación	101
9.2. Relación de entidades socias	103
9.3. Representación da entidade: órganos sociais	108
9.4. Capacidade do grupo	110
9.4.1. Experiencia do GALP na xestión	110
9.4.2. Recursos do GALP para a xestión de programa	112
9.5. Procedementos de traballo e toma de decisión	118
10. Complementariedade e coherencia da estratexia con outros programas de desenvolvemento que se apliquen no territorio.	124
11. Plan de animación na aplicación da EDLP	129
12. Comunicación. Comunicación do labor dos resultados do GALP.	132
12.1. Comunicación do labor e resultados do GALP	134
13. Seguimento e avaliación continua	137
13.1. Plan de seguimento e avaliación continua	138
13.2. Indicadores de avaliación	142
Anexo 1. Análise diagnóstica	1
1.1. Ámbitos do diagnóstico: caracterización da zona pesqueira	3
1.1.1. Realidade física, social e económica do territorio	3
1.1.2. Sector marítimo-pesqueiro e da acuicultura	37
1.1.3. Recursos medioambientais e patrimoniais	70
1.2. Proceso de elaboración do diagnóstico	115
Anexo 2. Principios horizontais	2
Anexo 3. Coherencia co marco europeo, nacional e rexional	2
Anexo 4. Fontes de información	22

1. IDENTIFICACIÓN DO GALP E DA ZONA PESQUEIRA



1. Identificación do GALP e da zona pesqueira

Datos do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro	
Denominación	GALP Costa da Morte
Razón social	Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Costa da Morte
NIF	G70181797
Domicilio social	Lg A Camposa, s/n, Buño 15111 Malpica de Bergantiños
Enderezo electrónico	galp.mar.costadamorte@xunta.gal
Teléfono	981707378
Web	https://galp.xunta.gal/costa-da-morte
RR. SS.	Facebook GALP Costa da Morte Facebook Twitter: https://twitter.com/GALPCostadMorte

O ámbito de aplicación da EDLP abrangue os seguintes concellos.

Relación de concellos que forman parte do GALP:

Concellos	Comarca
Cabana de Bergantiños	Bergantiños
Carballo	
Laracha, A	
Laxe	
Malpica de Bergantiños	
Ponteceso	
Camariñas	Terra de Soneira
Vimianzo	
Muxía	Fisterra

Comarcas e concellos do GALP Costa da Morte. Fonte: IGE.

Documento aprobado en Xunta Directiva e ratificado na Asemblea do GALP Costa da Morte, en Buño a 20 de setembro de 2022.

Versión do documento : 1/2022.

Figura 1. Mapa de Concellos do GALP





Figura 2. Mapa de situación en Galicia





XUNTA
DE GALICIA



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Costa da Morte

2. O DESEÑO DA EDLP



2. O deseño da EDLP

2.1. Valoración da aplicación da EDLP 2016-2021

Logros e nivel de consecución de obxectivos

Os resultados acadados na EDLP 2016-2021, a pesar da especial situación de crise sanitaria, evidencian a capacidade de dinamización do territorio, de xestión de proxectos e de resultados, cun importante impulso á creación de emprego.

Acadouse un grao de compromiso da práctica totalidade (97%) dos fondos para proxectos. 92 proxectos, 49 deles produtivos optaron as axudas do programa. Finalmente foron aprobados 51 proxectos (32 produtivos e 19 non produtivos), que mobilizaron un investimento de 8,8 M de euros, 3,5 M en gasto público e 5,3 M en gasto privado. Isto supón unha execución do 64% de gasto público en relación á EDLP, 137% de gasto privado e 94% en termos de gasto total. **Actualmente figuran proxectos en lista da agarda por falla de crédito.** A xustificación de **proxectos produtivos é relativamente boa do 66%** a 31-12-21, con importes comprometidos na anualidade 2022, que elevan a porcentaxe ao **102%**. No caso de proxectos non produtivos o **grao de xustificación é do 58% e do 83% de fondos comprometidos**. Podemos sinalar, que entre os expedientes xustificandos e os fondos comprometidos dos expedientes en curso (pendentes de certificar), estase a xerar unha inversión privada adicional de 8,3 M de €. Sumada a axuda pública e a inversión privada, o investimento **total ascende a máis de 13,7 M de €.**

En relación ó emprego, creáronse **83 postos de traballo (46,7 empregos a tempo completo (ETC)), dos cales 52 (30,24 ETC) corresponden a emprego feminino**. Se engadimos o emprego comprometido de proxectos aprobados pendentes de finalización, o **emprego xerado é de 114 postos de traballo (67,38 ETC)**.

Creáronse 16 empresas e **consolidáronse 160 empregos** de 7 empresas que ampliaron a súa actividade. Por outra banda, **foron formadas nos proxectos aprobados, un total de 35 mulleres.**

Respecto aos **obxectivos do FEMP**, foron aprobados 14 proxectos de aumento do valor do valor engadido, 25 no obxectivo apoio á diversificación, 9 no de Impulso e aproveitamento do patrimonio ambiental e 2 en Fomento do benestar social e do patrimonio cultural. Respecto **á contribución aos retos 2020**, foron aprobadas 8 operacións vinculadas ca PPC, 37 de Crecemento Azul e 6 de creación de emprego e integración social. **Os proxectos aprobados promovidos polo sector pesqueiro foi de 13.**

En canto as actividades de sensibilización, **realizáronse 34 operacións de posta en valor, difusión, divulgación no GALP, da EDLP ou do programa de axudas**, cun investimento de 143.914,18€.

Leccións aprendidas

Podemos ver un claro enfoque cara proxectos de diversificación, seguidos de proxectos de valor engadido. Seguimos a botar en falta máis proxectos de transformación de produtos e máis iniciativa do sector pesqueiro e confrarías. As dificultades cos proxectos non produtivos (falla de fondos para a súa aprobación) causa desánimo entre os solicitantes, que ven imposible optar a estas axudas, mentres que os fondos quedan sen xustificar.

Vemos que despois de probar diferentes modos de facer promoción, os resultados en canto á presentación de proxectos son similares. Si que se aprecia que, ao haber máis información entre os potenciais promotores e oír falar do GALP, existe maior interese pola EDLP e a posibilidade de presentar proxectos.

O número de proxectos con orixe en Carballo, Camariñas e Muxía é moito máis alto que noutros concellos, sendo a dinamización igual en todos eles. En xeral, a dinamización mellorou dende o inicio do GALP.

Barreiras para superar

En xeral, unha característica do territorio é a escasa iniciativa empresarial dos seus axentes. Vaise insistir en actuacións para poñer en valor os produtos do mar e concienciar a poboación, os axentes económicos, o empresariado e a comunidade escolar da existencia do GALP, da EDLP e das axudas.

Orientarase os potenciais promotores para que poidan presentar proxectos e levaranse a cabo actuacións de dinamización no sector pesqueiro, como se desenvolveron ata o de agora e como se pensa que se debe de seguir facendo.

Levaranse a cabo accións de promoción con outros colectivos que poidan ser potenciais promotores (universidades, escolas de formación, colectivo de inmigrantes...) e deseñar novas formas de promocionar a EDLP.

2.2 Elaboración da EDLP

A estratexia presenta unha análise concisa do contexto territorial, social, económico e ambiental da zona pesqueira. Contén unha análise DAFO baseada nas características clave do territorio do GALP. Esta metodoloxía expónse no apartado 1.2 do anexo 1.

A estratexia baséase nun estudo das necesidades do territorio e na participación da comunidade local. Establece que novos servizos, produtos e intervencións necesita a comunidade local para lograr un efecto multiplicador ou efecto arrastre sobre os cambios que quere conseguir.

Unha vez realizado o diagnóstico e coñecidas as necesidades do territorio, definíronse as prioridades ou obxectivos que se pretenden conseguir coa estratexia, xunto cun plan de acción que mostra a maneira en que estas prioridades se poden traducir en actuacións concretas.

Os obxectivos son os seguintes:

- **Específicos:** non será suficiente con establecer obxectivos xerais e indefinidos, senón que se indica de modo claro o que se pretende alcanzar coa estratexia e de que maneira, establecendo as actuacións específicas que son subvencionables ao abeiro desta.
- **Medíbles:** defínese unha base para a medición do grao de cumprimento dos obxectivos previstos, tanto en termos cuantitativos como cualitativos.
- **Alcanzables:** os obxectivos son tecnicamente alcanzables.
- **Por tempo limitado:** os obxectivos pódense alcanzar nun período de tempo determinado e limitado pola duración da estratexia proposta.
- **Realistas:** os obxectivos específicos defínense tendo en conta os recursos e o tempo dispoñible, o tamaño dos grupos destinatarios, as características dos territorios e da poboación, a situación de partida etc.

Para a definición dos obxectivos da EDLP do GALP Costa da Morte, aplicáronse os seguintes principios:

- **Impulso do desenvolvemento sostible do sector pesqueiro e acuícola,** a través da cohesión territorial, coa posibilidade de integrar medidas de diversificación que directa ou indirectamente beneficien a poboación pesqueira e acuícola da zona.
- **Fomento da creación de emprego estable** a través de novas actividades produtivas e do emprendemento e a xeración de oportunidades laborais para a xente nova, as mulleres e os colectivos máis desfavorecidos, e, en particular, no ámbito do sector pesqueiro e acuícola.

- A estratexia de desenvolvemento local recolle o tratamento de **obxectivos transversais** como son a contribución á **transformación dixital dos sectores, o desenvolvemento da economía azul sostible, a transición enerxética, a conservación do medio, a adaptación e mitigación do cambio climático e a necesidade dunha transición a unha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono.**

Previamente á definición das liñas de actuación, **definíronse a misión, a visión e os valores** que se pretenden alcanzar coa implementación da estratexia. Considéranse os valores como os principios éticos sobre os que se debe asentar a EDLP e que permiten crear as pautas de comportamento e promovelas no territorio.

Finalmente, describírase un **plan de acción** que demostra o modo en que os obxectivos se traducen en accións concretas. A estratexia inclúe un cadro de indicadores de seguimento e metas que medirá e valorará o progreso da aplicación da estratexia no territorio.

Ao longo do documento da EDLP evidénciase a **coherencia coas políticas e plans estratéxicos de referencia**. Para asegurar este proceso utilizouse a guía que facilitou a Consellería do Mar denominada *Orientacións para encadrar as EDLP nos marcos estratéxicos comunitarios, nacionais e rexionais*. Nun apartado específico descríbense os criterios que garanten a coherencia da EDLP coas intervencións doutros programas que se implementan no territorio.

Diagrama do proceso de elaboración da EDLP



Táboas que figuran no informe de participación


Táboa 1. Ficha de espazos de participación na elaboración da EDLP

Tipo de acción	Lugar e data de celebración	Promotor	Método de difusión	Participantes		
				M	H	Total
Enquisa	En liña	Equipo técnico GALP Costa da Morte	Redes sociais, web e prensa e mailing			105
Reunión da Xunta Directiva para a coordinación dos traballos da ELDP	Centro Comarcal de Bergantiños 22/6/2022	Xunta Directiva	Mailing e teléfono	3	3	6
Asemblea Xeral para a presentación do cronograma de traballo	Centro Comarcal de Bergantiños 29/6/2022	Asemblea	Mailing e teléfono	3	7	10
Reunión da Xunta Directiva para a coordinación dos traballos da ELDP	Centro Comarcal de Bergantiños Buño 01/6/2022	Xunta Directiva	Mailing e teléfono	3	4	7
Reunión de todos os GALP de Galicia para a coordinación proxectos de cooperación	Santiago de Compostela 06/07/2022	Todos os GALP de Galicia	Mailing e teléfono	6	2	8
Reunión da Xunta Directiva para o seguimento dos traballos relativos ao diagnóstico	Centro Comarcal de Bergantiños 21/7/2022	Xunta Directiva	Mailing e teléfono	3	3	6
Reunión da Xunta Directiva	Centro Comarcal de Bergantiños (Malpica) 19/08/2022	Xunta Directiva	Mailing e teléfono	2	3	5
Reunión de todos os GALP de Galicia para a coordinación proxectos de cooperación	Telemática 24/08/2022	Todos os GALP de Galicia	Mailing e teléfono	6	2	8
Reunión de todos os GALP de Galicia para a coordinación proxectos de cooperación	Santiago de Compostela 05/09/2022	Todos os GALP de Galicia	Mailing e teléfono	6	2	8
Reunión de todos os GALP de Galicia para a coordinación proxectos de cooperación	Telemática 14/09/2022	Todos os GALP de Galicia	Mailing e teléfono	6	2	8
Reunión da Xunta Directiva reunión para a validación das liñas de actuación	Centro Comarcal de Bergantiños (Malpica) 07/09/2022	Xunta Directiva	Mailing e teléfono	2	1	3
Reunión da Xunta Directiva reunión para a validación dos criterios de baremación	Centro Comarcal de Bergantiños Buño (Malpica) 20/09/2022	Xunta Directiva	Teléfono e redes sociais	4	3	7
Asemblea xeral para a aprobación da EDLP	Centro Comarcal de Bergantiños Buño (Malpica) 20/09/2022	Asemblea Costa da Morte	Teléfono e redes sociais	9	2	11

Táboa 2. Reunións de mesas sectoriais ou órganos sociais do GALP

Tipo de reunión	Lugar e data de celebración	Finalidade	Participantes		
			M	H	Total
Mesa sectorial (sectores: pesqueiro, económico, social e público)	Centro Comarcal de Bergantiños Buño (Malpica) 9/8/2022	Identificación de necesidades e recollida de propostas	13	11	24
Mesa sectorial (sectores: pesqueiro, económico, social e público)	Casa da Pedra Camariñas 11/8/2022	Identificación de necesidades e recollida de propostas	10	5	15
Mesa sectorial (sectores: pesqueiro, económico, social e público)	Salón de Actos do Concello Laxe 18/8/2022	Identificación de necesidades e recollida de propostas	7	13	20
Mesa sectorial do sector público	En liña 01/09/2022	Identificación de necesidades e recollida de propostas	9	2	11
Mesa sectorial do sector pesqueiro	Confraría de Malpica 05/09/2022	Identificación de necesidades e recollida de propostas	0	3	3
Mesa sectorial do sector pesqueiro	Confraría de Muxia 07/09/2022	Identificación de necesidades e recollida de propostas	0	1	1

3. A ZONA PESQUEIRA



3. Zona pesqueira

Caracterización da zona pesqueira	
N.º de habitantes na zona pesqueira 2021 ¹	77.626
N.º de habitantes na zona pesqueira 2020 ¹	77.658
Superficie da zona en km ²	966
Densidade de poboación 2020 (persoas/km ²)	80,39
Evolución da poboación (1999-2021)	-8,77%
Evolución da poboación (1999-2020)	-8,74%
Índice de envellecemento 2020	263,49
Renda per cápita (€) 2018	15.554
Taxa de paro 2020 ⁵	17,27%
Afiliadas/os ao sector pesqueiro (CNAE 0311 e 0321) ² en relación coa poboación ocupada total 2020	3,32%
Afiliadas/os ao sector pesqueiro (CNAE 0311 e 0321) ² en relación cos afiliados totais ³ 2020	59%
N.º de empresas do sector pesqueiro ³	568
N.º de empresas do sector pesqueiro ⁴	62

1 Número de habitantes afectos a zona pesqueira (datos IGE). Non procede aplicar ningún tipo de exclusión.

2 Códigos CNAE (0311: pesca mariña, 0321: acuicultura mariña)

3 Códigos CNAE (0311,0321,1021,1022,4638,4723)

4 Códigos CNAE (1021,1022,4638,4723)

5 Número de parados respecto a total afiliados a Seguridade Social

3.1 Descrición da zona pesqueira: coherencia funcional do territorio

O GALP Costa da Morte está integrado por nove municipios das comarcas de Bergantiños, Fisterra e Terra de Soneira. Entre os nove municipios suman un total de 77.626 habitantes, cun descenso do 4 % respecto ao ano 2014 (80.774 habitantes), nunha superficie de 966 km². Cómpre salientar que os municipios presentan una continuidade xeográfica lineal. **Identitariamente, son municipios pertencentes á Costa da Morte, con fortes raíces co mar e a pesca, onde Carballo é o centro de referencia en termos de actividades relacionadas coa prestación de servizos.**

A densidade de poboación é de 80 habitantes/km², algo por debaixo da media da comunidade autónoma (91,2 hab./km²) e por debaixo do conxunto da provincia (141,1 hab./km²), cun desequilibrio notable: Carballo cunha densidade por riba da provincia e Vimianzo e Muxía con densidades que non acadan a media do conxunto o GALP.

O territorio do GALP Costa da Morte sofre dunha perda continuada de poboación. **A perda efectiva de poboación no período 1999-2021 é do 8,77 %.**

Este dato é de especial importancia pola hipotética perda de capital humano que puidera ter a zona.

As perdas de poboación máis significativas na comarca danse nos concellos de Muxía, Vimianzo, Ponteceso, Cabana de Bergantiños e Malpica de Bergantiños. Pola contra, os polos de atracción de poboación máis próximos á cidade da Coruña presentan un índice de envellecemento moito menor. É o caso de Carballo, cun 22,1%, e A Laracha, cun 24,5%, que actúan como dinamizadores demográficos da zona.

Os datos do GALP Costa da Morte poñen de manifesto o **acusado envellecemento** ao que fixemos referencia, cunha media do 29,2% para o conxunto deste territorio. Esta tendencia é menos acentuada en Carballo, pero en calquera dos municipios supera a media de Galicia (163,6%) e a da provincia da Coruña (157,8%).

O paro rexistrado no período 2016-2022 supón un descenso do 37%, ao pasar das 7506 persoas rexistradas en 2016 ás 4744 persoas en 2022. Un dos concellos con máis porcentaxe de poboación en paro é Carballo, con mellores índices de envellecemento, de densidade de poboación etc. O outro concello con máis porcentaxe de paro é Laxe, ambos por enriba do 6%. O resto está por debaixo desta porcentaxe.

A análise do **produto interior bruto** no ámbito do GALP Costa da Morte mostra unha variación moi clara entre municipios. Destacan de novo Carballo e A Laracha, o primeiro con 525556 K€, máis de 10 veces por enriba do que se atopa máis abaixo nestes datos, Laxe, con 41893 K€.

A nivel municipal, todos os concellos do GALP Costa da Morte **reduciron o número de empresas** entre 2014 e 2020, se ben amosando comportamentos ben distintos: contrastan caídas de máis de dúas cifras percentuais (Malpica de Bergantiños, -12,12%; A Laracha, -11,33%; Ponteceso, -11,21%) con baixadas máis asumibles, como as de Carballo (-0,80%) ou Camariñas (-1,04%). Unha análise da realidade municipal permite confirmar a importancia de Carballo, concello que é sede de case catro de cada dez empresas do GALP Costa da Morte, concretamente o 38,40%.

Os datos de **afiliación do sector marítimo-pesqueiro** e da acuicultura recollen un total de **1738 persoas afiliadas en marzo de 2022**, que representan o 5% de Galicia e que se concentran principalmente en Carballo (35%) e Camariñas (29%). No período 2014 a 2021, con datos do 31 de decembro, prodúcese un descenso do 5% na afiliación. As epígrafes do CNAE con máis persoas afiliadas son pesca mariña (827) e fabricación de conservas (582). Cómpre mencionar, así mesmo, no eido das infraestruturas, os sete portos máis importantes da zona da Costa da Morte, que son Caión, Malpica, Corme, Laxe, Camelle, Camariñas e Muxía.

Unha pequena parte do GALP Costa da Morte está incluída no Plan de transporte metropolitano de Galicia, en concreto, A Laracha e Carballo. Porén, o resto do territorio segue a sufrir un importante **déficit en termos de**

dispoñibilidade de transporte público. Durante os últimos oito anos, as comunicacións dentro da Costa da Morte non experimentaron unha melloría notable, aínda que na actualidade está en fase de ampliación a AG-55, que chegará ata Muxía

Porén, a costa da Morte segue a ser un espazo cun **enorme valor do patrimonio medioambiental**. Dentro da rede Natura 2000, incluíronse, para a súa declaración como LIC, os seguintes espazos, seguen a ser un dos seus principais activos:

- LIC Costa da Morte
- ZEPA Costeira da Morte
- LIC Río Anllóns-Cabo Vilán

3.2. Necesidades e potencial da zona costeira

Táboa 3. DAFO

DEBILIDADES
SECTOR DA PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA
D1. Descenso no número de afiliados nos sectores vinculados á pesca (-5%), descenso medio do número de mariscadoras (-21%) e concentración do emprego en Camariñas e Malpica no período 2014-2021 D2. Falta de relevo xeracional na actividade (na actividade marisqueira os permisos concéntranse no rango de idade dos 41 a máis de 60 anos) D3. Descenso das capturas desembarcadas nas lonxas do territorio dun 26%, en consonancia co descenso total en Galicia no período 2014-2021 D4. Sistemas de comercialización en canles longas, moi lonxe do consumidor final D5. Falta de información ao consumidor final da orixe concreta dos produtos do sector da pesca costeira artesanal D6. Marxe de mellora no valor engadido dos produtos da pesca e o marisqueo D7. Descoñecemento sobre os motivos das baixas produtividades dalgunhas explotacións pesqueiras e marisqueiras D8. Problemas de recuperación do medio e os recursos D9. Descoñecemento do impacto real no territorio e nas explotacións do cambio climático D10. Reducido nivel de colaboración coas universidades e centros de coñecemento D11. Escasa adaptación ás evolucións tecnolóxicas e á transformación dixital D12. Reducida xestión dos residuos e reciclaxe D13. Escasa concienciación social respecto ao coidado do medio D14. Baixas capacidades para levar a cabo a dixitalización do territorio D15. Baixo grado de desenvolvemento de actuacións en materia de transición enerxética

DEBILIDADES

- D16. Baixa formación continua e capacitación empresarial do sector pesqueiro en tecnoloxías, cambio climático, economía circular e dixitalización
- D17. Necesidade de colaboración entre os axentes dos sector pesqueiro para buscar novas fórmulas de comercialización máis vantaxosas para o sector; e con outros sectores para a mellora da competitividade do sector
- D18. Marxe de mellora en gobernanza para o desenvolvemento do sector pesqueiro

ÁMBITO DO TURISMO

- D19. Concentra o 10,9 % dos aloxamentos da provincia e un 3,91 % do total de Galicia
- D20. As vivendas de uso turístico supoñen 8 de cada 10 establecementos (con baixa capacidade de aloxamento)
- D21. Falta de oferta de aloxamentos de categorías altas. Apenas unha de cada oito prazas hoteleiras pertencen a establecementos de catro ou cinco estrelas, o cal reflicte unha estrutura de perfil medio-baixo en canto á categoría, fronte ao 39 % da provincia.
- D22. Sector turístico non competitivo: falta de oferta de aloxamentos de categorías altas e falta de capacitación pola estacionalidade.
- D23. Escasa adaptación ás evolucións tecnolóxicas e á transformación dixital
- D24. Infraestruturas de comunicación deficitarias
- D25. Déficit de instalacións náuticas en relación con outras zonas de Galicia
- D26. Información escasa ao turista: fallan as estratexias de visibilización do destino
- D27. Déficit de diversificación de actividades, servicios complementarios, novos produtos e colaboración cos distintos sectores do territorio

SECTOR ECONÓMICO

- D28. Redución do número de empresas nun 5,38 % no período 2014-2020. O tecido empresarial mingua de forma paulatina que contrasta co mantemento a nivel provincial e crecemento do 1 % a nivel autonómico. Malpica, Laracha e Ponteceso concentran os maiores descensoes .
- D29. Actividade moi centrada no sector servicios, xa que o 50,88 % das empresas pertencen a este sector (composto polo sector de comercio polo miúdo e a restauración) En segundo lugar figura o sector primario co 22,3 %
- D30. Tres de cada catro empresas correspóndese con persoas físicas.
- D31. Elevada atomización do tecido empresarial, o 89 % das empresas conta con un máximo de 2 traballadores
- D32. Certo desequilibrio territorial actuando Carballo como polo. Carballo concentra 4 de cada 10 empresas do territorio.
- D33. O tecido empresarial mingou de forma paulatina un 5 % no período 2014-2020, en contra da tendencia de mantemento na Provincia de A Coruña. A redución do número de empresas concéntrase en Malpica, Laracha e Ponteceso.

DEBILIDADES

- D34. Escasa dinamicidade empresarial. Falta de visibilidade do sector fronte a territorios máis urbanos e amplos, en termos de atracción de talento tecnolóxico e innovador e/ou proxectos estruturantes
- D35. Baixo nivel de infraestrutura de comunicación dixital, que dificulta a incorporación das evolucións tecnolóxicas e a transformación dixital.
- D36. Escasa incorporación de medidas de eficiencia enerxética e incorporación de enerxías renovables.
- D37. Baixo grao de atracción de proxectos innovadores, que permitan reter talento ou crear emprego cualificado

ÁMBITO DO PATRIMONIO MEDIOAMBIENTAL, MATERIAL E INMATERIAL

- D38. Deterioro medioambiental en base a contaminación do medio mariño, vertidos e episodios de mareas de plásticos
- D39. Amplo catálogo de tipoloxía de patrimonio para conservar e protexer
- D40. Necesidade de mellorar na cultura de colaboración no territorio para a posta en valor coordinada do patrimonio medioambiental, material e inmaterial

FORTALEZAS

SECTOR DA PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA

- F1. O sector concentra o 5% de afiliacións do total de Galicia.
- F2. As entidades do sector dispoñen de 936 socios na actualidade.
- F3. O sector marisqueiro do territorio concentra o 5,74% do total de Galicia.
- F4. As vendas en lonxa que representan o 9% sobre o total de Galicia, cun incremento do 18% en termos económicos (por incremento dos prezos medios do 42% no período 2014-2021)
- F5. O territorio está especializado en artes menores (78%) e cerco (12%). A frota de cerco supón o 23% da frota de Galicia
- F6. Amplitude de gama dos produtos da pesca e marisqueo desembarcados nas lonxas do territorio do GALP
- F7. Recursos da pesca costeira artesanal de calidade e moi valorados polos mercados
- F8. Ampla variedade de especies, se ben as 5 principais representan o 54% das vendas (pobo, xurelo, lirio, ourizo e sardiña)
- F9. Alta profesionalización do sector
- F10. Sector formado por un conxunto de entidades e asociacións consolidadas, con capacidade para desenvolver proxectos de cooperación
- F11. Sector orientado a combater o cambio climático, consciente da necesidade de conservación do medio e dos recursos e a promover valores de sostibilidade

ÁMBITO DO TURISMO

- F12. Importante número de vivendas de uso turístico, 8 de cada 10 establecementos
- F13. No período 2017- 2022 multiplicouse por seis o número de unidades de aloxamento rexistradas no territorio do GALP
- F14. Capacidade de dar servizos neste ámbito. A hostalería ocupa 7 de cada 10 empresas
- F15. Dispoñibilidade de recursos: gastronomía, patrimonio, praias, incremento progresivo do período estival o que posibilitará a redución da estacionalidade do turismo,...
- F16. A hostalería ocupa 7 de cada 10 empresas do sector
- F17. Crecente coñecemento e difusión do Xeodestino Costa da Morte
- F18. Capacidade de colaborar co sector da pesca e con outros sectores do territorio
- F19. Desenvolvemento de actividades de dinamización e novos produtos como o turismo activo, rutas literarias, astro-turismo, aulas científicas, destino startlight, novas experiencias, etc. na procura dun posicionamento diferenciado

FORTALEZAS**SECTOR ECONÓMICO**

- F20. Capacidades das persoas que pertencen ao territorio
- F21. Amplo segmento de empresas do sector servicios con 3. 958 empresas
- F22. Carballo como localización que mantén o nivel de actividade empresarial, con boas comunicación con A Coruña
- F23. Sector da construción con 1.507 empresas no territorio
- F24. Sector da industria, incluída a enerxía, con 600 empresas no territorio
- F25. Algúns ámbitos que destacan: as conservas de peixes e mariscos, a comercialización por xunto e a retallo de alimentos, a construción e industrias afíns, as enerxías renovables, o tratamento de residuos, o transporte, e a compravenda de vehículos.

ÁMBITO DO PATRIMONIO MEDIOAMBIENTAL, MATERIAL E INMATERIAL

- F26. Forte identidade e cultura mariñeira
- F27. Gran riqueza do contorno natural, cultura, patrimonio e paisaxe mariñeira
- F28. Potencial polo de atracción en caso de considerarse o fin do Camiño de Santiago
- F29. O territorio comparte un importante patrimonio material e inmaterial
- F30. A Costa da Morte segue a ser un espazo de enorme valor dentro da Rede Natura 2000
- F31. Desenvolvemento do Xeodestino Costa da Morte

OPORTUNIDADES

ÁMBITO PESQUEIRO

- O1. Alta capacidade produtiva do medio mariño si se fai unha explotación sostible dos recursos
- O2. Produtos do mar do territorio moi valorados polos consumidores
- O3. Colaborar co resto das actividades da economía azul para mellorar a competitividade do sector pesqueiro
- O4. Novas tecnoloxías dispoñibles para levar a cabo a transición enerxética e a dixitalización do territorio
- O5. Dispoñibilidade en proximidade ao territorio de capacidades e dun ecosistema de I+D+i para levar a cabo medidas de adaptación ao cambio climático e conservación do medio e dos recursos.
- O6. Percorrido para desenvolver a innovación para obter maior valor engadido dos produtos da pesca e o marisqueo mediante procesos de manipulación, transformación e comercialización
- O7. Incentivos públicos para atender os novos retos tecnolóxicos, de transición enerxética e medioambientais
- O8. Desenvolvemento de marcas de calidade alimentaria, ecolóxicas e de sostibilidade
- O9. Masa crítica de poboación relacionada con actividades do mar e vontade de aprender e levar a cabo iniciativas
- O10. Capacidade produtiva do mar se se fai unha explotación sostible dos recursos e cunha ampla percepción da calidade por parte dos mercados en función da orixe
- O11. Importante dotación de infraestruturas portuarias
- O12. As entidades e asociacións do sector teñen a bagaxe, as capacidades e os recursos para emprender proxectos de colaboración dentro do sector e con outros sectores para mellorar a súa competitividade

ÁMBITO DO TURISMO

- O13. Orientar o turismo do territorio a un turismo de maior valor engadido e desestacionalizado
- O14. Promover o turismo náutico e actividades que dinamicen o territorio
- O15. Elevar o número de establecementos de hosteleiros de calidade
- O16. Xerar actividades turísticas vinculadas co sector marítimo-pesqueiro e a cultura mariñeira
- O17. Incentivos públicos para atender os novos retos tecnolóxicos, de transición enerxética e medioambientais
- O18. Incorporación de novas tecnoloxías para levar a cabo a dixitalización, a transición enerxética e conservación do medio
- O19. Promoción das paraxes de interese do territorio, o patrimonio arqueolóxico, os oficios artesanais e o patrimonio inmaterial marítimo pesqueiro
- O20. Promoción da Costa da Morte coma a fin do Camiño de Santiago

O21. O Xeodestino ten que coordinarse para ser máis competitivo: os GALP necesitan cooperar entre eles

SECTOR ECONÓMICO

- O22. Proximidade o porto exterior de A Coruña
- O23. Colaboración co sector marítimo pesqueiro para desenvolver proxectos de colaboración, de transición enerxética, medioambientais e de economía circular.
- O24. Amplo ecosistema de I+D+I na comunidade autónoma co cal colaborar
- O25. Diversidade de empresas en proximidade o territorio con capacidades tecnolóxicas que poden incrementar a competitividade do sector económico
- O26. Incentivos públicos para atender os novos retos tecnolóxicos, de transición enerxética e medioambientais

ÁMBITO DO PATRIMONIO MEDIOAMBIENTAL, MATERIAL E INMATERIAL

- O27. O territorio comparte un importante patrimonio material e inmaterial fonte de proxectos de colaboración para a súa posta en valor e contribución a súa conservación
- O28. Ampla protección da Rede Natura 2000
- O29. Mulleres como depositarias da cultura mariñeira, promoción da cultura mariñeira, artesanía e oficios tradicionais do territorio
- O30. Proxectos colectivos de dinamización entre o sector cultural, sector de vivendas turísticas e o comercio polo miúdo que poñan en valor o patrimonio do territorio, xunto coa gastronomía
- O31. Aplicar as novas tecnoloxías ao patrimonio material e inmaterial para xerar contidos e novas actividades que o poñan en valor, para contribuír á súa difusión e conservación e á dinamización do territorio

AMEAZAS

SECTOR PESQUEIRO

- A1. Entorno inflacionista e de subida dos custes financeiros.
- A2. Crisis enerxética, falta de subministracións, altos custos do combustible, da enerxía en xeral e da loxística
- A3. Falta de visibilidade do produto autóctono fronte a produtos substitutivos similares
- A4. Efectos do cambio climático no medio mariño e nos recursos
- A5. Contaminación mariña e os seus efectos
- A6. Proliferación de patoloxías nas especies mariñas
- A7. Falta de produtividade nalgúns bancos marisqueiros e descoñecemento das causas
- A8. Efectos da degradación dos ecosistemas do interior do territorio, incendios, contaminación das augas e dos ríos
- A9. Influencia negativa da Lonxa da Coruña

ÁMBITO DO TURISMO

- A10. Estacionalidade do turismo
- A11. Evolución a un turismo de baixa calidade
- A12. Evolucións tecnolóxicas cada vez máis rápidas

A13. Efectos do cambio climático

ÁMBITO DO PATRIMONIO MEDIOAMBIENTAL, MATERIAL E INMATERIAL

A14. Evolución da contaminación

A15. Progresiva perda da cultura mariñeira e deterioro do patrimonio material

A16. Grao de colaboración e desenvolvemento de actividades de dinamización entre os distintos sectores do territorio

A17. Deterioro medioambiental costeiro e do interior

A18. Falta de conservación do patrimonio material e inmaterial

SECTOR ECONÓMICO

A19. Entorno inflacionario e de subida dos custes financeiros

A20. Baixa densidade de poboación no territorio (80 habitantes por km² fronte aos 141 da provincia)

A21. Perda efectiva da poboación do 8,77 % no período 2000-2021

A22. Crecemento baixo da poboación concentrado en Carballo e A Laracha

A23. Envellecemento da poboación nos concellos máis distantes da Coruña

A24. Custos dos combustibles e da enerxía en xeral

A25. Falta de subministracións en xeral e os altos custos da loxística

A26. Deficiente conectividade dixital do territorio

A27. Fuxida de talento e universitarias/os pola falla de oportunidades económicas e de emprego

A28. Evolucións tecnolóxicas cada vez mais rápidas

A29. Efectos do cambio climático

Táboa 4. Necesidades da zona pesqueira

NECESIDADES DA ZONA PESQUEIRA

Segundo as mesas participativas, a enquisa con difusión en medios dixitais e as conclusións da análise diagnóstica, identifícanse as seguintes necesidades:

- N1. Mellora da comercialización dos produtos da pesca, considerando proxectos de colaboración no sector, a aplicación das novas tecnoloxías e a adopción de medidas de eficiencia enerxética e sostibilidade
- N2. Promover o consumo de produtos da pesca costeira artesanal en proximidade, produtos artesanais e de Km 0.
- N3. Poñer en valor cara o consumidor os sistemas de xestión sostible da pesca costeira artesanal.
- N4. Desenvolver sistemas de dixitalización e rastrexabilidade en toda a cadea de valor da pesca, trasladando a información que o consumidor valora, coma a orixe, a pegada ecolóxica ou a circularidade.
- N5. Apoiar a persoas mozas e a muller na actividade de pesca artesanal, marisqueo, acuicultura e actividades vinculadas
- N6. Promover a formación e capacitación continua dos profesionais do sector pesqueiro
- N7. Difundir os beneficios que proporciona a natureza, o medio mariño e a biodiversidade á sociedade
- N8. Mellorar o valor engadido dos produtos da pesca, promover a innovación e os novos produtos transformados da pesca a partir de descartes e subprodutos
- N9. Promover a valorización da biomasa mariña a través de proxectos de biotecnoloxía e bioenerxía
- N10. Promover empresas e proxectos de colaboración nos distintos sectores tecnolóxicos que melloren a competitividade do sector pesqueiro
- N11. Adquirir competencias dixitais polos sectores do territorio e promover a mellora das comunicacións
- N12. Implantar enerxías renovables e sistemas e medidas de eficiencia enerxética nos distintos sectores do territorio
- N13. Mellorar o uso dos recursos naturais, a formación e concienciación en materia medioambiental
- N14. Capacitar os profesionais do sector marítimo pesqueiro en sistemas de xestión sostible
- N15. Desenvolver solucións combinadas de conservación, protección e recuperación de áreas mariñas no territorio
- N16. Formar e concienciar os sectores do territorio e a sociedade en xeral de reciclaxe e economía circular
- N17. Desenvolver sistemas de economía circular no territorio e promover a mellora dos sistemas de xestión de residuos
- N18. Avaliar os efectos do cambio climático con estudos específicos do territorio co fin de desenvolver plans de actuacións e mellorar o coñecemento sobre as explotacións
- N19. Promover canles de comunicación e colaboración entre a comunidade científica e sector do mar

- N20. Rehabilitar, conservar, dixitalizar e difundir o patrimonio cultural material e inmaterial da costa
- N21. Xerar un turismo costeiro de calidade e sostible
- N22. Creación de produtos desestacionalizados e novas actividades relacionadas co mar e o turismo verde
- N23. Promover no sector turístico a colaboración en rede, en toda a Costa da Morte e entre os distintos sectores que forman os GALP.
- N24. Mellorar a calidade de vida da poboación costeira
- N25. Novos modelos de gobernanza
- N26. Cooperación entre os GALP

Táboa 5. Retos identificados tendo en conta o potencial da zona

RETOS IDENTIFICADOS TENDO EN CONTA O POTENCIAL DA ZONA

- R1. Manter a actividade vinculada co mar e mellorar a súa competitividade
- R2. Crear emprego no territorio, con especial promoción no sector pesqueiro
- R3. Promover a incorporación das mulleres persoas mozas o sector pesqueiro, favorecendo o relevo xeracional
- R4. Promover a colaboración do sector da pesca costeira artesanal con sectores tecnolóxicos que permitan mellorar a súa competitividade en todas as fases da cadea de valor
- R5. Achegar a sociedade en xeral e os consumidores a calidade dos produtos do mar, os valores do territorio e a xestión sostible da pesca costeira artesanal
- R6. Capacitar en novas tecnoloxías os distintos sectores do territorio promovendo a dixitalización
- R7. Redución dos gases efecto invernadoiro no territorio
- R8. Reducir a contaminación do medio mariño no territorio e mellorar e mellorar a xestión dos residuos
- R9. Recuperar, conservar, manter e mellorar o coñecemento do medio mariño e da biodiversidade
- R10. Promover actuacións no territorio que mitiguen os efectos do cambio climático e anticiparse os seus efectos
- R11. Formar, capacitar os sectores e sociedade do territorio en materia medioambiental e economía circular
- R12. Concienciar a sociedade en materia medioambiental e nas consecuencias do cambio climático
- R13. Recuperación e conservar o do patrimonio marítimo, material e inmaterial
- R14. Mellora do benestar social
- R15. Creación de produtos turísticos de calidade, sostibles e que poñan en valor o patrimonio e a cultura mariñeira.
- R16. Mellorar nos procesos de gobernanza e incentivar a colaboración do sector pesqueiro con sectores emerxentes e cos centros tecnolóxicos e de coñecemento.
- R17. Cooperación entre os GALP para proxectos interterritoriais ou transnacionais

4. COHERENCIA CO MARCO ESTRATÉXICO EUROPEO, NACIONAL E REXIONAL



4. Coherencia co marco estratéxico europeo, nacional e rexional

4.1 Coherencia co Pacto Verde Europeo

A EDLP terá como obxectivo transversal situar o territorio do GALP Costa da Morte cara a unha **transición ecolóxica**, co obxectivo de contribuír a alcanzar unha neutralidade climática de aquí ao 2050. Para alcanzar esta meta, a EDLP será un instrumento do territorio aliñado cos obxectivos definidos nas seguintes iniciativas do Pacto Verde:

Estratexia da granxa á mesa

A EDLP será un instrumento que promoverá un conxunto de actuacións que contribúan a garantir unha pesca, marisqueo e acuicultura sostibles, para o que se satisfarán as necesidades das xeracións actuais sen comprometer as necesidades das xeracións futuras. Promoverá un consumo de alimentos saudables, baseado nos principios da dieta atlántica, na que se inclúen alimentos que conteñen unha importante fonte de nutrientes indispensables para o organismo como vitaminas, minerais ou ácidos graxos omega 3.

Estratexia de biodiversidade

A EDLP será un instrumento que promova a recuperación dos ecosistemas degradados. Dende o GALP enténdese que unha adecuada restauración necesariamente pasará por entender a bioloxía e ecoloxía das especies clave do ecosistema, dos seus patróns de reprodución, dos factores que controlan a súa abundancia e distribución, dos requirimentos de hábitat etc.; por entender os patróns hidroxemomorfolóxicos da zona, a distribución, a frecuencia e a intensidade das correntes; por caracterizar a magnitude das alteracións xeradas nas estruturas ou procesos biofísicos esenciais do hábitat. Impulsar este tipo de traballos contribuiría a favorecer a aceleración da recolonización de especies autóctonas e o aumento da diversidade de especies en localidades onde historicamente existía a devandita diversidade.

Reto da descarbonización

O conxunto de medidas recollidas no plan de implementación deberán contribuír a reducir nun 50-55 % as emisións para 2030 no territorio, o que facilitará o camiño para conseguir a neutralidade do carbono en 2050. A electrificación do transporte marítimo e dos portos, así como a instalación de enerxías renovables contribuírán a este obxectivo.

Plan de acción da economía circular

A EDLP será un instrumento que contribuírá á promoción de deseño de produtos sostibles, o impulso da circularidade nos procesos de produción vinculados non só ao sector da pesca e da súa transformación, senón tamén doutras actividades relacionadas como o turismo, a hostalería, o comercio ou a artesanía cun forte arraigo no territorio. Isto suporá o impulso de medidas

que dean acceso a todas as persoas consumidoras a información veraz e a beneficiarse así dun verdadeiro dereito a reparar.

Plan de conservación do medio e dos recursos mariños

A EDLP concíbese, dende o seu inicio, como instrumento que contribúe a reducir a contaminación do aire e do medio mariño a niveis que xa non se consideren prexudiciais para a saúde e os seus ecosistemas naturais, que respecten os límites soportables para o noso planeta e creen así un medio ambiente libre de sustancias tóxicas.

4.2 Coherencia coa economía azul sostible

A Comisión Europea deseñou un novo enfoque para a economía azul sostible na UE, destinado ás industrias e sectores relacionados cos océanos, os mares e as costas. A economía azul sostible é esencial para alcanzar os obxectivos do Pacto Verde Europeo e para garantir que a recuperación da pandemia sexa ecolóxica e inclusiva. Para alcanzar esta meta, a EDLP será un instrumento aliñado os obxectivos definidos nas seguintes iniciativas da Axenda de Economía Azul:

Neutralidade climática e contaminación cero

O plan de implementación da EDLP contribuirá ao desenvolvemento de enerxía mariña renovable, a descarbonización do transporte marítimo e a *ecoloxización* dos portos. Dende o GALP promoverase unha combinación sostible de enerxías renovables.

Economía circular e prevención de residuos no mar

A EDLP será un instrumento para o impulso de artes de pesca máis sostibles e a promoción de proxectos emprendedores baseados na economía circular que contribúan a reducir a contaminación do mar por plásticos e microplásticos. Realizaranse accións de sensibilización para fomentar unha compra sostible que evite a contaminación do mar, na que o consumidor poida coñecer as marcas e certificacións, como “*Pesca de rías*”, que indiquen que os produtos que se consomen foron obtidos mediante prácticas sostibles a fin de frear e eliminar as prácticas que non o son. Ademais promoverase que a organización deseñe proxectos para evitar a contaminación do mar e a protección dos hábitats mariños.

Conservación e protección da biodiversidade

A EDLP será un instrumento que contribúa á recuperación da biodiversidade da zona marítima, impulse o incremento das poboacións de peixes, axude a mitigar o cambio climático, cree resiliencia e xere, por tanto, importantes beneficios económicos e sociais. Para iso, será indispensable promocionar sistemas de produción e pesca máis sostibles que contribúan a reducir as repercusións ambientais da pesca nos hábitats mariños.

Resiliencia costeira

A EDLP será un instrumento que contribúa a posta en marcha de actividades de adaptación o cambio climático, como o desenvolvemento de infraestruturas ecolóxicas nas zonas costeiras e a protección das costas fronte ao risco de erosión e inundacións, contribuíndo a preservar a biodiversidade e as paisaxes, cos consecuentes beneficios para o turismo e a economía costeira.

Sistemas alimentarios responsables

A EDLP será un instrumento que impulse unha produción sostible e novas formas de comercialización de alimentos mariños, así como o uso de algas e fanerógamas mariñas, o reforzo do control da pesca e a investigación e a innovación na acuicultura, co obxectivo de preservar o mar. Ademais, promoverase transformación dixital no sector da pesca, o que mellorará os sistemas de rastrexabilidade e de información ao consumidor.

4.3 Coherencia coa Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible

A Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible é un ambicioso plan que busca alcanzar unha prosperidade respectuosa co planeta e os seus habitantes. A devandita axenda está composta por 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), divididos á súa vez en 169 metas que hai que cumprir en 2030 coa intención de "non deixar a ninguén atrás". A EDLP será un instrumento que lle permitirá ao territorio aliñarse cos seguintes ODS e metas (M):



M4.4: Aumentar as competencias para acceder ao emprego



M5.5: Asegurar a participación plena da muller e a igualdade oportunidades / M5.A: Asegurar a igualdade de dereitos aos recursos económicos / M5.B: Mellorar o uso de tecnoloxía e TIC



M7.2: Aumentar as enerxías renovables / M7.3: Mellorar a eficiencia enerxética



sostible

M8.1: Manter o crecemento económico / M8.2: Elevar a produtividade a través da diversificación, tecnoloxía e innovación / M8.3: Fomentar a pequena e mediana empresa / M8.4: Mellorar a produción e o consumo eficiente e respectuoso / M8.5: Lograr o pleno emprego e traballo decente / M8.9: Promover o turismo



M9.1: Desenvolver infraestruturas sostibles / M9.2: Promover a industria inclusiva e sostible / M9.4: Modernizar a infraestructura e tecnoloxía limpa / M 9.C: Aumentar o acceso a TIC e internet



M11.3: Aumentar a urbanización inclusiva e sostible / M11.4: Protexer o patrimonio cultural e natural / M11.6: Reducir o impacto ambiental en cidades / M11.7: Proporcionar o acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros / M 1.A: Apoiar os vínculos entre zonas urbanas, periurbanas e rurais



M12.1: Aplicar o marco de consumo e produción sostibles / M12.2: Lograr o uso eficiente de recursos naturais / M12.3: Reducir o desperdicio de alimentos / M 12.4: Xestionar desfeitos e produtos químicos / M 12.5: Previr, reducir, reciclar e reutilizar refugallos / M12.6: Adoptar prácticas sostibles en empresas / M12.8: Asegurar a educación para o desenvolvemento sostible / M12.B: Lograr turismo sostible.



M13.1: Fortalecer a resiliencia e a capacidade de adaptación aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais / M13.3: Mellorar a educación e sensibilización ambiental



M14.1: Previr e reducir significativamente a contaminación mariña / M14.2: Xestionar e protexer sostiblemente os ecosistemas mariños e costeiros / M14.3: Minimizar e abordar os efectos da acidificación dos océanos / M14.4: Poñer fin á pesca excesiva e ás prácticas pesqueiras destrutivas, e aplicar plans de xestión pesqueira sostibles / M14.5: Conservar as zonas pesqueiras e mariñas / M14.a Aumentar os coñecementos científicos, desenvolver a capacidade de investigación e transferir tecnoloxía mariña / M14.b Facilitar o acceso dos pescadores artesanais aos recursos mariños e os mercados / M14.c Mellorar a conservación e o uso sostible dos océanos.



M17.9: Reforzar as capacidades de implementación dos ODS / M17.17: Fomentar alianzas público-privadas.

4.4 Coherencia co DLP do Programa Operativo FEMPA

O DLP permítelle á poboación de zonas costeiras mellorar e investir en accións que reverts directamente no seu territorio. Neste novo período de programación, o GALP Costa da Morte márcase como obxectivo mellorar este sistema con base na experiencia adquirida, deseñando na súa EDLP actuacións que incidan nos seguintes aspectos:

Xeración de emprego e tecido empresarial de calidade nas zonas, promovendo actividades económicas tradicionais intensivas en emprego e de alto valor engadido ligadas aos ecosistemas locais, como son a acuicultura e o turismo costeiro.

Impulso da pesca costeira artesanal en actuacións de carácter colectivo, promovendo produtos climaticamente neutros e sostibles na fase extractiva mediante o afianzamento dos altos estándares de calidade dos nosos produtos; e apoiándose no uso de novas presentacións e produtos procedentes do mar, como as algas ou outras especies de menor uso comercial.

Reforzo da participación e liderado feminino nos GALP e apoio ao asociacionismo e o traballo en rede das mulleres do sector pesqueiro, recoñecendo o papel das mulleres como determinante para a vertebración territorial, económica e social das zonas, en especial nas costeiras. O GALP promoverá o papel das mulleres nas comunidades pesqueiras, impulsando redes, intercambiando experiencias, creando vínculos entre os diferentes grupos de interese e apoiando o asociacionismo.

Impulso da formación para promover o emprendemento de mulleres e xente nova. O GALP apoiará este proceso proporcionándolles orientación profesional ás persoas, tanto para permanecer no sector como aos interesados na diversificación nas novas oportunidades da economía azul.

Desenvolvemento de sistemas alimentarios máis sostibles, impulsando unha actividade máis sostible en toda a cadea alimentaria

Mitigación e adaptación ao cambio climático, fomentando unha acuicultura que contribúa á mitigación do cambio climático, co uso responsable dos recursos hídricos e o espazo, e coa conservación de zonas de interese ambiental, cultural e social nas zonas costeiras.

Mares limpos, protección de ecosistemas e biodiversidade mariña e sostibilidade da explotación dos recursos, fomentando accións encamiñadas a reducir a utilización de materiais dun só uso, a eliminación ou

a redución de residuos, a reutilización e reciclaxe de residuos mariños, a xestión integral de residuos derivados da actividade pesqueira e acuícola, a reciclaxe e o aproveitamento dos residuos e subprodutos do sector pesqueiro, así como a infraestrutura necesaria para mellorar a eficiencia enerxética, empregando enerxías renovables e reducindo a pegada de carbono.

Fomento de sinerxías entre sectores para desenvolver actividades empresariais en sectores de crecemento. O GALP desempeñará un papel destacado en importantes áreas, como o fortalecemento dos vínculos entre a acuicultura e outros sectores, ademais de mellorar o recoñecemento da achega positiva da acuicultura, ao mesmo tempo que responden á gran diversidade do sector acuícola.

4.5 Coherencia con outros programas ou estratexias rexionais

A EDLP do GALP aliñarase coas seguintes estratexias e plans de acción:

Estratexia RIS 3 2021-2027 a través da súa contribución a aproveitar de forma máis eficiente os recursos; valorizar os recursos do mar, a acuicultura, a biomasa e as enerxías mariñas; modernizar a pesca artesanal costeira; modernizar o sector turístico a través do uso das TIC; diversificar novos procesos e produtos de alto valor engadido que permitan explorar novos mercados; optimizar os procesos da cadea de valor vinculados coa industria pesqueira; e innovar en nutrición como elemento clave dunha vida saudable.

Estratexia de Turismo a través da súa contribución a impulsar a auga como recurso turístico; promover un turismo accesible e inclusivo; impulsar actuacións que faciliten os procesos de dixitalización e automatización; establecer un sector máis resiliente; promover un destino comprometido coa conservación do medio ambiente e a biodiversidade; diversificar a oferta turística; posicionarse nun turismo cun alto valor engadido con base na innovación, a calidade e a sostenibilidade; desenvolver actuacións que permitan controlar altos niveis de afluencia de persoas en puntos turísticos; impulsar o concepto da economía circular no sector turístico; impulsar unha mobilidade máis sostible; e promover un destino seguro.

Estratexia de cambio climático e enerxía a través da súa contribución a reducir drasticamente as emisións de GEI; aumentar a resiliencia ao cambio climático; desenvolver actuacións que midan os impactos en vulnerabilidade do sector do marisqueo ante o cambio climático; promover interpretacións aceptadas en materia de cambio climático; fomentar a transferencia de coñecemento ao sector pesqueiro e a creación de foros de traballo co sector marisqueiro; fomentar a concienciación social ante o cambio climático; e fomentar unha gobernanza climática multinivel e transversal.

Estratexia de Economía Circular e Infraestrutura Verde a través da súa contribución a promover un consumo sostible; impulsar novos modelos de negocio que aposten por un consumo máis responsable; promover

actividades de reparación que reduzan o desperdicio dos recursos; apoiar un cambio no uso das materias primas reutilizadas; difundir e concienciar a cidadanía e o tecido produtivo sobre a cultura da sostibilidade e a economía circular; e fomentar a economía circular nas actividades vinculadas co mar.

Plan da Cultura Marítima de Galicia a través de promover a preservación e activación da cultura mariñeira no seu territorio, mediante actuacións culturais que destaquen o valor histórico e patrimonial da cultura marítima galega.

Ademais, aliñárase coas seguintes estratexias: Blue Investment II, Mobilidade sostible e intelixente, Europea de enerxías renovables. Biodiversidade, Galega da paisaxe e da Biotecnoloxía. E os seguintes plans: Contaminación cero, Producción orgánica, a estratexia, Sostibilidade turística do litoral galego e Galicia destino seguro 2021-2023.

5. CARACTERÍSTICAS INNOVADORAS E ENFOQUE INTEGRADO DA ESTRATEGIA



5. Características innovadoras e enfoque integrado da estratexia

O carácter innovador da EDLP do GALP Costa da Morte ten unha **tripla dimensión: tecnolóxica, medioambiental e social**, que contribúen a reforzar da identidade singular do **territorio**.

A EDLP contén **accións orientadas á innovación en toda a cadea de valor, dende a manipulación, a transformación e a comercialización de produtos pesqueiros. Promove os novos desenvolvementos tecnolóxicos, a dixitalización e as medidas de eficiencia enerxética a través da colaboración con centros de coñecemento e empresas tecnolóxicas. Impulsa o desenvolvemento de novos modelos de negocio e iniciativas baseadas na transferencia de coñecemento, a colaboración e o uso intensivo das novas tecnoloxías na procura da sostibilidade.**

A EDLP fai unha aposta clara polo desenvolvemento dun conxunto de accións que axuden a **posicionar un produto pesqueiro de alto valor engadido, contando cos valores e os sistemas de xestión sostibles da pesca costeira artesanal.**

A **implementación das medidas descritas para aproveitar as pancas de cambio, como son a transformación dixital, a transformación ecolóxica ou a sostibilidade, require dunha necesaria cooperación horizontal entre os diferentes actores do sector extractivo, transformador e comercializador con sectores tecnolóxicos que desenvolven sistemas dixitais, enerxías renovables e o ecosistema de I+D+i, así como con sectores tan diversos como o da bioenerxía ou biotecnoloxía.**

A EDLP conecta todos os sectores vinculados o sector marítimo-pesqueiro con **outras actividades económicas relacionadas con este, no seguinte sentido:**

- A través das **medidas de incremento de valor dos produtos da pesca en todas as fases**, dende a manipulación ata a comercialización. Promóvese o carácter integrador da estratexia, tendo en conta en cada fase as medidas de eficiencia enerxética, as medidas medioambientais e unha clara aposta pola capacitación e a formación en áreas transversais.
- As accións de formación que se poñan en marcha axudarán a **mellorar a capacitación das persoas vinculadas a actividades relacionadas co mar** a través das novas tecnoloxías, permitindo así, aplicar os coñecementos medioambientais para mellorar a sostibilidade das súas explotacións.
- As liñas de actuación de impulso e aproveitamento do patrimonio ambiental das zonas pesqueiras e acuícolas tratarán non só de recuperar, rehabilitar ou conservar o territorio, senón tamén de **impulsar o desenvolvemento dunha actividade pesqueira máis sostible e eficiente no uso dos recursos**. Potenciarase con iso a

aparición de novas actividades e empresas vinculadas co sector ambiental e contribuírase, ademais, a mellorar o atractivo turístico do territorio e a desenvolver un turismo sostible que fomente a creación de emprego e a protección da biodiversidade.

- A posta en valor dos recursos patrimoniais pesqueiros, o fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas, incluído o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo, contribuirá a **protexer e revitalizar o patrimonio do territorio**, xerando novas oportunidades de emprego que reforcen o crecemento económico inclusivo, o desenvolvemento social e a promoción dun turismo cultural sostible.
- As accións incluídas no obxectivo estratéxico de reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos e as actividades marítimas locais contribuirán a **xerar proxectos de colaboración co ecosistema de I+D+i**.

O **carácter integrado e multisectorial da estratexia** está relacionado con factores que constitúen os principais desafíos da zona costeira, para contribuír ao seu desenvolvemento:

1. Propón a **colaboración do sector pesqueiro con outros sectores da economía azul e o ecosistema de I+D+i** para o desenvolvemento de proxectos innovadores que incrementen a competitividade do sector marítimo-pesqueiro a través da dixitalización ou a transición enerxética, evidenciando o efecto multiplicador dos recursos do sector do mar.
2. Persegue o desenvolvemento de campañas para **posicionar o sector da pesca costeira artesanal como referente en valores medioambientais e pesca sostible**.
3. Incentiva a colaboración co sector do ecosistema de I+D+i para a **conservación e rexeneración do medio e dos recursos do territorio**.
4. **Promove a economía circular** a través do aproveitamento dos residuos dos transformados da pesca e dos residuos materiais do sector marítimo, actividades que requirirán da colaboración con empresas tecnolóxicas para a valorización destes produtos.
5. **O modelo multisectorial de desenvolvemento integra a conexión co ámbito do turismo, os recursos ambientais e o patrimonio**, tendo sempre como fíos condutores os produtos e actividades pesqueiras, na procura da diversificación do territorio. Considérase que é básico o respecto e o coidado do patrimonio ambiental para un desenvolvemento sostible. Este factor reforza a identidade local que se lle quere imbuír á zona costeira. Tamén se reforza a vinculación intersectorial, ao promover liñas de actuación que perseguen a diversificación da economía local cara a actividades turísticas que teñan como reclamo o conxunto de actividades do sector pesqueiro e os recursos patrimoniais vinculados a el.
6. Por último, o carácter integrador refórzase mediante unha **aposta por un modelo de traballo colaborativo entre as entidades do territorio**

e o ecosistema de I+D+i, para desenvolver iniciativas relacionadas co conxunto de ámbitos temáticos: o sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, o ambiental, o social, o turístico, e o patrimonial material e inmaterial.

6. MISIÓN, VISIÓN E VALORES DA EDLP

Plan de acción da estratexia: obxectivos e actuacións



6. Misión, visión e valores da EDLP. Plan de acción da estratexia: obxectivos e actuacións

6.1 Misión, visión e valores da organización

Misión

Impulsar a competitividade do territorio, procurando un crecemento económico sostible, equitativo, inclusivo e xerador de emprego que mellore a calidade de vida da cidadanía.

Visión

Converterse nun territorio sostible, referente na transformación do sector pesqueiro e da súa contorna dende o punto de vista dixital, tecnolóxico e ecolóxico.

Valores

- **Igualdade de xénero.** Promover e incentivar a igualdade de xénero, resaltando o protagonismo e as achegas da muller á construción do territorio e desenvolvendo os seguintes principios: asegurar a participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de liderado a todos os niveis e a inclusión en actividades nas que a súa participación actualmente estea subrepresentada.
- **Integración social.** Xerar integración social, atendendo as necesidades específicas e promovendo a igualdade nas distintas perspectivas da sociedade, da xente nova, das persoas con discapacidades ou a diversidade cultural, a través da xeración de oportunidades que lles permitan desenvolver a independencia e a plena integración na sociedade.
- **Conservación, protección e rexeneración do medio natural.** Utilizar de forma racional os recursos do medio e o respecto aos equilibrios que require a natureza, subscribindo os seguintes principios: promover a difusión do coñecemento sobre a conservación do medio mariño e conservar a biodiversidade, a restauración do ecosistema mariño costeiro e actuacións que mitiguen o cambio climático. Dende o GALP difundirase e promoverase o modelo de xestión sostible da pesca costeira artesanal.
- **Desenvolvemento sostible do sector pesqueiro:** utilización eficaz dos recursos naturais e ambientais ofrecidos polo mar e a costa de forma tal que a promoción do desenvolvemento económico no GALP Costa da Morte non comprometa o crecemento económico futuro, a dispoñibilidade deses recursos, nin a calidade ambiental e natural do territorio.
- **Promoción e conservación do patrimonio e a cultura mariñeira.** Compromiso para preservar o patrimonio cultural e medioambiental e a cultura mariñeira, promovendo a súa posta en valor. Elaboración da EDLP e dos seus obxectivos estratéxicos e das súas liñas de actuación

tendo en conta que a identidade mariñeira do territorio é unha variable que debe percorrer calquera actuación do GALP Costa da Morte.

- **Solidariedade interxeracional.** Busca de iniciativas que permitan prover a xente nova de oportunidades económicas e de emprego de calidade, sen comprometer a sostibilidade dos recursos costeiros e mariñeiros.
- **Cooperación institucional horizontal-novo modelo de gobernanza:** creación e impulso dun novo modelo de cooperación institucional entre institucións locais, e destas co GALP Costa da Morte, así como a busca da cooperación entre os GALP territorialmente conectados.

A estratexia do GALP Costa da Morte persegue que a comunidade costeira aproveite mellor as oportunidades que ofrece a **economía azul sostible** e se beneficie delas en maior medida, capitalizando e reforzando os recursos ambientais, culturais, sociais e humanos, conforme ao disposto no artigo 30.2 do Regulamento (UE) 2021/1139.

6.2 Plan de acción. Obxectivos da estratexia

Os obxectivos estratéxicos seguen a ordenación pautada na Orde de 10 de maio de 2022 no seu artigo 5.3. A continuación inclúese o mapa do Plan de acción cos obxectivos específicos resultantes de proceso de identificación e formulación de retos na fase de diagnose:

Táboa 6. Mapa do Plan de acción

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1. Aumento do valor, creación de emprego, valoración e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e da acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.1. Mantemento da actividade vinculada co mar e incremento do valor engadido dos produtos pesqueiros

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.2. Promover a incorporación das persoas mozas e mellora da capacitación do sector marítimo pesqueiro

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2 Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas zonas pesqueiras e acuícolas.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.1. Colaboración con outras actividades vinculadas á economía azul para o desenvolvemento sostible do sector pesqueiro

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.2 Redución de emisións de gases de efecto invernadoiro

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.3 Implantación de procesos de reciclaxe e redución de residuos

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3. Impulso e aproveitamento do patrimonio ambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluíndo as operacións de mitigación do cambio climático.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.1. Reforzo e posta en valor dos elementos medioambientais

OBXECTIVO ESTRATÉXICO. 4. Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zoas pesqueiras e acuícolas, incluído o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.1. Reforzo dos elementos patrimoniais (tradicional, cultural material e inmaterial)

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.2. Mellora do benestar social

OBXECTIVO ESTRATÉXICO. 5. Reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais

OBXECTIVO ESPECÍFICO 5.1 Desenvolvemento e mellora de procesos de gobernanza

OBXECTIVO ESTRATÉXICO. 6. Cooperación

OBXECTIVO ESPECÍFICO 6.1. Cooperación para a mellora da competitividade do sector pesqueiro e a vertebración do territorio

6.3. Plan de acción. Indicadores e metas

Neste apartado inclúese o cadro de indicadores de seguimento e metas que mide e valora o progreso da aplicación da estratexia no territorio, baseándose nos obxectivos específicos establecidos.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	OBXETIVO ESPECÍFICO	Indicador de resultados	Unidade de medida	FITO 2025	META 2027	Fonte de datos
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1. Aumento do valor, creación de emprego, valoración e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e da acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio	1.1. Mantemento da actividade vinculada co mar e incremento do valor engadido dos produtos pesqueiros	Empregos creados	N.º de persoas	15	25	Proxectos
		Redución de emisións de CO ₂	Medidas de redución de CO ₂	18	30	Proxectos
		Métodos e procesos sostibles	N.º de medidas medioambientais	21	35	Proxectos
		Innovación en materia de dixitalización	N.º de proxectos	21	35	Proxectos
		Innovación posibilitada	N.º proxectos innovadores	6	10	Proxectos
		Cultura de colaboración	N.º proxectos de colaboración	1	3	Proxectos
		Interaccións redes sociais por campañas	N.º interaccións	900	1.500	Proxectos
	OBXETIVOS ESPECÍFICO	Indicador de resultados	Unidade de medida	FITO 2025	META 2027	Fonte de datos
	1.2. Promover a incorporación das persoas mozas e mellora da capacitación do sector marítimo-pesqueiro.	Empregos creados	N.º de persoas	3	5	Proxectos
		Capacitación	N.º de persoas formadas	83	140	Proxectos
		Métodos e procesos sostibles	N.º de medidas medioambientais	3	5	Proxectos
		Redución de emisións de CO ₂	Medidas de redución de CO ₂	3	5	Proxectos
		Cultura de colaboración	N.º proxectos de colaboración	1	1	Proxectos
		Innovación posibilitada	N.º proxectos innovadores	1	1	Proxectos

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	OBXETIVOS ESPECÍFICO	Indicador de resultados	Unidade de medida	FITO 2025	META 2027	Fonte de datos
OBXETIVO ESTRATÉXICO.2 Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio a diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas zonas pesqueiras e acuícolas	2.1. Colaboración con outras actividades vinculadas á economía azul para o desenvolvemento sostible do sector pesqueiro.	Empregos creados	N.º de persoas	9	18	Proxectos
		Métodos e procesos sostibles en base a dixitalización	N.º de medidas medioambientais	18	30	Proxectos
		Prazas de hostalería de calidade	N.º de prazas creadas	51	85	Proxectos
		Actividades fóra do período estacional	N.º de actividades creadas	9	15	Proxectos
		Cultura de colaboración	N.º proxectos de colaboración	1	3	Proxectos
		Dixitalización	N.º de proxectos de dixitalización	3	5	Proxectos
		Capacitación dixital e outras	N.º de persoas formadas	90	150	Proxectos
		Promoción de produtos da pesca a través de medios dixitais	N.º proxectos	3	5	Proxectos
		Innovación posibilitada	N.º proxectos innovadores	6	10	Proxectos
		Redución de emisións de CO ₂	N.º de medidas de redución CO ₂	45	75	Proxectos
	OBXETIVO ESPECÍFICO	Indicador de resultados	Unidade de medida	FITO 2025	META 2027	Fonte de datos
	2.2 Redución de emisións de gases de efecto invernadoiro	Redución de emisións de CO ₂	N.º de medidas de redución CO ₂	3	5	Proxectos
		Innovación posibilitada	N.º proxectos innovadores	3	5	Proxectos
		Proxectos de desenvolvemento	N.º de proxectos	3	5	Proxectos
	2.3. Implantación de procesos de reciclaxe e redución de residuos.	Redución de emisións de CO ₂	N.º de medidas de redución de CO ₂	3	5	Proxectos
		Capacitación e concienciación	N.º de persoas	15	25	Proxectos
		Creación de emprego	N.º de persoas	1	1	Proxectos

	OBXETIVO ESPECÍFICO	Indicador de resultados	Unidade de medida	FITO 2025	META 2027	Fonte de datos
OBXETIVO ESTRATÉXICO 3. Impulso e aproveitamento do patrimonio ambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluíndo as operacións de mitigación do cambio climático.	3.1 Reforzamento dos elementos medioambientais	Capacitación e formación	N.º de persoas	33	55	Proxectos
		Mitigación do cambio climático	N.º de actuacións	6	10	Proxectos
		Ferramentas dixitais desenvolvidas	N.º de implantacións	12	20	Proxectos
		Campañas. Número de interaccións nos medios dixitais	Número de interaccións nos medios dixitais	264	440	Proxectos
		Redución de emisións de CO ₂	N.º de medidas de redución de CO ₂	9	15	Proxectos

	OBXETIVO ESPECÍFICO	Indicador de resultados	Unidade de medida	FITO 2025	META 2027	Fonte de datos
OBXETIVO ESTRATÉXICO. 4. Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas, incluído o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo	4.1. Reforzo dos elementos patrimoniais (tradicional, cultural material e inmaterial)	Patrimonio recuperado	N.º de elementos	3	5	Proxectos
		Medidas de sostibilidade	N.º de proxectos que incorporan medidas	3	5	Proxectos
		Emprego mantido/creado	N.º de persoas	3	5	Proxectos
		Dinamización	N.º empresas creadas	3	5	Proxectos
			N.º de actividades novas	6	10	Proxectos
		Redución de emisións de CO ₂	N.º de medidas de redución de CO ₂	9	15	Proxectos
	4.2 Mellora do benestar social	Mellora das condicións laborais	N.º de medidas de conciliación	6	10	Proxectos
		Proxectos colectivos desfavorecidos	N.º de proxectos	3	5	Proxectos
		Capacitación e formación	N.º de persoas formadas	45	75	Proxectos
		Medidas de accesibilidade	N.º de medidas	3	5	Proxectos
		Medidas de apoio á muller	N.º de medidas	3	5	Proxectos
		Infraestruturas sociais	N.º de infraestruturas	1	2	Proxectos

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	OBXETIVO ESPECÍFICO	Indicador de resultados	Unidade de medida	FITO 2025	META 2027	Fonte de datos
OBXETIVO ESPECÍFICO 5.1 Desenvolvemento e mellora de procesos de gobernanza	OBXETIVO ESPECÍFICO 5.1 Desenvolvemento e mellora de procesos de gobernanza	Ferramentas de colaboración creadas	N.º de ferramentas	1	2	Proxectos
OBXETIVO ESTRATÉXICO 6. COOPERACIÓN	OBXETIVO ESPECÍFICO 6.1 Cooperación para a mellora da competitividade do sector pesqueiro e a vertebración do territorio	Obxectivos proxecto cooperación	N.º de proxectos	2	3	Proxectos

* *Proxectos: partir do seguimento de proxectos aprobados*

Na epígrafe 13.1 Seguimento e avaliación e 13.2 Indicadores de avaliación descríbese a metodoloxía de avaliación da EDLP e a tipoloxía de indicadores deseñados para o seguimento dos obxectivos específicos. Os indicadores deseñados para evidenciar a contribución da EDLP ao PO FEMPA figuran na cuestión 13.2

6.4. Programa de actuacións

A continuación detállanse as actuacións seguindo a orde lóxica de obxectivos estratéxicos e específicos:

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1. Aumento do valor, creación de emprego, valoración e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e da acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.1. Mantemento da actividade vinculada co mar e incremento do valor engadido dos produtos pesqueiros

1.1.1. Innovación nos procesos de comercialización, en especial dos produtos da pesca costeira artesanal

1.1.1.1 Mellora das canles curtas de comercialización na mesma comarca e/ou venda nas lonxas, en especial a través da dixitalización de procesos

1.1.1.2 Desenvolvemento de novas canles de comercialización mediante alianzas de produtores para atender novos mercados: mercados de proximidade ou centrados en produtos de alto valor engadido

1.1.1.3 Campañas promocionais dos produtos da pesca costeira artesanal

REQUISITOS DOS PROXECTOS

1. Apoiar o logro da prioridade 3 e contribuír ao obxectivo específico detallado
2. Estar localizado no ámbito territorial elixible do GALP
3. Ser viable técnica, financeira e economicamente
4. Cumprir a normativa sectorial de aplicación

RESULTADOS PREVISTOS

Creación de emprego.

Mellora ou simplificación das canles de comercialización con impacto na diminución dos prezos no sector pesqueiro, a través da concentración da oferta, a venda directa e a mellora da concorrência de empresas do comercio por xunto, distribuidores e canle HORECA.

Desenvolvemento e acceso a novos mercados centrados en produtos de calidade, incluíndo mercados de proximidade, que valoren a orixe e os produtos da pesca costeira artesanal e os derivados ou transformados, incluíndo campañas de promoción.

POTENCIAIS BENEFICIARIAS

Confraría, profesionais e asociacións de profesionais do mar, empresas de comercialización, retalistas e restauradores, entidades públicas e pemes en xeral.

PRINCIPIOS HORIZONTAIS AOS QUE ATENDE (RDC)

Fomento da igualdade, integración da perspectiva de xénero, loita contra a discriminación, dereito de accesibilidade e integración social e transición a unha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono.

INDICADORES DE SEGUIMENTO ASOCIADOS

Empregos creados / Redución de emisións de CO₂/ Innovación posibilitada / Cultura de colaboración

PORCENTAXE DE AXUDA PÚBLICA

(*) *Límites da axuda pública no punto 7. Normas para a xestión da EDLP*

1. Ata o 50 % do gasto subvencionable para proxectos
2. Ata 60 % para organizacións de produtores e beneficiarios colectivos do sector pesqueiro
3. Ata 100 % dos custos subvencionables para proxectos de interese colectivo e beneficiario colectivo e operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS E ESTRATEXIAS AUTONÓMICAS ÁS QUE CONTRIBÚEN AS ACCIÓNS



As accións da EDLP contribúen ás seguintes estratexias autonómicas:
RIS 3 2021-2027- Estratexia de cambio climático e enerxía

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 1. Aumento do valor, creación de emprego, valoración e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e da acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.1. Mantemento da actividade vinculada co mar e incremento do valor engadido dos produtos pesqueiros

1.1.2. Innovación na transformación dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura

1.1.2.1. Mellora da manipulación, clasificación e envasado, e incremento do valor engadido dos produtos pesqueiros e os seus derivados en todas as fases da cadea de valor.

1.1.2.2. Apoio á innovación para a creación de novos produtos de alto valor engadido, o aproveitamento de descartes ou a mellora dos procesos de transformación dos produtos pesqueiros.

1.1.2.3. Instalación de sistemas de clasificación de descartes para a súa posterior venda.

1.1.2.4. Accións de mellora, fortalecemento ou innovación nas actividades relacionadas co tratamento ou procesado de plantas mariñas.

1.1.2.5. Accións de mellora, fortalecemento e/ou innovación nas industrias auxiliares, que dan servizo ao sector pesqueiro ou aos orientados á transformación e posta en valor dos recursos mariños.

1.1.2.6. Impulso de proxectos de colaboración entre empresas ou co ecosistema de I+D+i (centros tecnolóxicos e universidades) para o desenvolvemento de novos produtos de alto valor engadido.

REQUISITOS DOS PROXECTOS

1. Apoiar o logro da prioridade 3 e contribuír ao obxectivo específico detallado
2. Estar localizado no ámbito territorial elixible do GALP
3. Ser viable técnica, financeira e economicamente
4. Cumprir a normativa sectorial de aplicación

RESULTADOS PREVISTOS

Creación de emprego.

Mellora do valor engadido, da seguridade alimentaria, da innovación dos procesos de transformación e a diferenciación dos produtos pesqueiros, con especial importancia da pesca costeira artesanal.

Creación de novos produtos alimentarios, transformados etc.

Valorización e aproveitamento de especies de baixo valor engadido, descartes e plantas mariñas.

Desenvolvemento de novos produtos baseados na innovación, a biotecnoloxía ou a investigación, incluíndo a colaboración con centros de I+D+i.

Avance na competitividade do sector do mar a través da mellora das actividades complementarias ou auxiliares ao sector.

POTENCIAIS BENEFICIARIAS

Empresas de transformación, centros de depuración, distribuidores, establecementos de restauración e produtos de proximidade, empresas de catering, universidade, armadores, redeiras, confrarías, asociacións e profesionais do mar, entidades públicas e pemes en xeral.

PRINCIPIOS HORIZONTAIS AOS QUE ATENDE (RDC)

Fomento da igualdade, integración da perspectiva de xénero, loita contra a discriminación, dereito de accesibilidade e integración social e transición a unha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono.

INDICADORES DE SEGUIMENTO ASOCIADOS

Empregos creados/ Métodos e procesos sostibles/ Innovación posibilitada/ Medidas de redución de emisións de CO₂/ Proxectos de colaboración/

PORCENTAXE DE AXUDA PÚBLICA

(*) *Límites da axuda pública no punto 7. Normas para a xestión da EDLP*

1. Ata o 50 % do gasto subvencionable para proxectos
2. Ata 60 % para organizacións de produtores e beneficiarios colectivos do sector pesqueiro
3. Ata 100 % dos custos subvencionables para proxectos de interese colectivo e beneficiario colectivo e operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS E ESTRATEXIAS AUTONÓMICAS ÁS QUE CONTRIBÚEN AS ACCIÓNS



As accións da EDLP contribúen ás seguintes estratexias autonómicas:

- **RIS 3 2021-2027- Estratexia de cambio climático e enerxía – Estratexia de economía circular**

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 1. Aumento do valor, creación de emprego, valoración e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e da acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.1. Mantemento da actividade vinculada co mar e incremento do valor engadido dos produtos da pesca costeira artesanal

1.1.3. Mellora da imaxe dos produtos da pesca costeira artesanal: sostibilidade e rastrexabilidade do produto

1.1.3.1. Implantación de sistemas de rastrexabilidade dos produtos (orixe, marca de garantía ambiental, información sobre a pegada de carbono ou taxa de retorno enerxética) que lle trasladen ao consumidor final e á sociedade en xeral información sobre sistemas de xestión sostible da pesca costeira artesanal

1.1.3.2. Campañas de comunicación na contorna dixital dos sistemas de xestión sostibles da pesca costeira artesanal

1.1.3.3 Campañas de comunicación para a concienciación sobre o tratamento de descartes

1.1.3.4 Campañas promocionais en redes sociais e medios dos produtos da pesca artesanal e o seus derivados ou transformados

1.1.3.5 Promoción do consumo dos produtos da pesca costeira artesanal, comunicando as súas propiedades e a súa contribución a unha vida saudable

REQUISITOS DOS PROXECTOS

1. Apoiar o logro da prioridade 3 e contribuír ao obxectivo específico detallado
2. Estar localizado no ámbito territorial elixible do GALP
3. Ser viable técnica, financeira e economicamente
4. Cumprir a normativa sectorial de aplicación

RESULTADOS PREVISTOS

Creación de emprego.

Traslado ao consumidor final e á sociedade en xeral de información para que poida valorar a orixe do produto, os seus beneficios, os valores e os sistemas de xestións sostible da pesca costeira artesanal, co fin de conseguir unha diferenciación dos produtos.

Mellora das presentacións e envases dos produtos procedentes da pesca costeira artesanal e incremento dos establecementos que promoven un consumo responsable, baseado nos principios da dieta atlántica, mercando produtos pesqueiros de proximidade. Concienciación para que o consumidor final e a sociedade se impliquen coa pesca costeira artesanal na defensa dos valores que representa e consuma produtos sostibles do territorio.

Aumento da concienciación ambiental e campañas de divulgación coa participación directa da xente do mar.

POTENCIAIS BENEFICIARIAS

Asociacións de mariscadoras, redeiras e outras asociacións de profesionais do sector pesqueiro, confrarías de pescadores, profesionais do mar, organizacións de produtores e cooperativas do mar, establecementos de restauración de produtos pesqueiros de proximidade, grupos de investigación, entidades públicas locais e pemes en xeral.

PRINCIPIOS HORIZONTAIS AOS QUE ATENDE (RDC)

Fomento da igualdade, integración da perspectiva de xénero, loita contra a discriminación, dereito de accesibilidade e integración social e transición a unha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono.

INDICADORES DE SEGUIMENTO ASOCIADOS

Empregos creados/ Innovación posibilitada/ Proxectos de colaboración/ Interaccións en campañas

PORCENTAXE DE AXUDA PÚBLICA

(*) Límites da axuda pública no punto 7. Normas para a xestión da EDLP

- 1) Ata o 50 % do gasto subvencionable para proxectos
- 2) Ata 60 % para organizacións de produtores e beneficiarios colectivos do sector pesqueiro
- 3) Ata 100 % dos custos subvencionables para proxectos de interese colectivo e beneficiario colectivo e operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS E ESTRATEXIAS AUTONÓMICAS ÁS QUE CONTRIBÚEN AS ACCIÓNS



As accións da EDLP contribúen ás seguintes estratexias autonómicas:

- RIS 3 2021-2027- Estratexia de cambio climático e enerxía

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 1. Aumento do valor, creación de emprego, valoración e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e da acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.2. Promover a incorporación das persoas mozas e mellora da capacitación do sector marítimo pesqueiro

1.2.1. Formación e medidas sociais para as persoas do territorio e, en especial, para persoas mozas co fin de incrementar a incorporación a actividades no sector da pesca, o marisqueo e a acuicultura e mellorar a capacitación do sector.

1.2.1.1 Incentivos á creación de centros de formación regradada para actividades demandadas do sector da pesca, o marisqueo e a acuicultura non recollidas nos actuais plans formativos

1.2.1.2 Formación de persoas mozas para a adquisición de competencias, co fin de conseguir a súa profesionalización no sector marítimo-pesqueiro

1.2.1.3 Apoio a incubadoras para o desenvolvemento de proxectos de creación de empresas innovadoras por mulleres e persoas mozas no sector marítimo-pesqueiro.

1.2.1.4 Formación a persoas mozas en competencias dixitais e sostibilidade, aplicables ao sector marítimo-pesqueiro

1.2.1.5 Introducción de contidos transversais sobre os produtos da Costa da Morte en módulos profesionais

1.2.1.6 Medidas para adquisición de coñecementos para exercer como guías

REQUISITOS DOS PROXECTOS

1. Apoiar o logro da prioridade 3 e contribuír ao obxectivo específico detallado
2. Estar localizado no ámbito territorial elixible do GALP
3. Ser viable técnica, financeira e economicamente
4. Cumprir a normativa sectorial de aplicación

RESULTADOS PREVISTOS

Apio á formación regradada e non regradada sobre actividades do sector da pesca.

Incremento da capacitación e formación dos profesionais do sector e de persoas mozas e mulleres para a súa incorporación ao sector.

Apio ao emprendemento de persoas mozas e mulleres para o desenvolvemento de proxectos no sector marítimo-pesqueiro.

POTENCIAIS BENEFICIARIAS

Confrarías, profesionais e asociacións de profesionais do mar, concellos, asociacións de redeiras, asociacións do sector económico e social, entidades públicas e pemes en xeral.

PRINCIPIOS HORIZONTAIS AOS QUE ATENDE (RDC)

Fomento da igualdade, integración da perspectiva de xénero, loita contra a discriminación, dereito de accesibilidade e integración social e transición a unha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono.

INDICADORES DE SEGUIMIENTO ASOCIADOS

Empregos creados/ Capacitación/ Métodos e procesos sostibles/ Innovación posibilitada/ Medidas de redución de emisións de CO₂ / Proxectos de colaboración/

PORCENTAXE DE AXUDA PÚBLICA

(*) *Límites da axuda pública no punto 7. Normas para a xestión da EDLP*

1. Ata o 50 % do gasto subvencionable para proxectos
2. Ata 60 % para organizacións de produtores e beneficiarios colectivos do sector pesqueiro
3. Ata 100 % dos custos subvencionables para proxectos de interese colectivo e beneficiario colectivo e operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS E ESTRATEXIAS AUTONÓMICAS ÁS QUE CONTRIBÚEN AS ACCIÓNS



As accións da EDLP contribúen ás seguintes estratexias autonómicas:

- **RIS 3 2021-2027- Estratexia de cambio climático e enerxía – Estratexia de economía circular**

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 2 Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas zonas pesqueiras e acuícolas.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.1. Colaboración con outras actividades vinculadas á economía azul para o desenvolvemento sostible do sector pesqueiro

2.1.1. Aplicación de innovacións tecnolóxicas aos sectores da pesca, o marisqueo e a acuicultura

2.1.1.1 Aplicación de innovacións tecnolóxicas nos procesos de vixilancia, seguimento do medio e dos recursos para a súa conservación e a mellora das explotacións no sector da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

2.1.1.2 Desenvolvemento de sistemas de información orientados á concentración da oferta das entidades do territorio e á obtención dunha maior concorrencia de clientes (proxectos colaborativos)

2.1.1. 2 Formación e capacitación en tecnoloxías dixitais para a súa aplicación no sector marítimo-pesqueiro.

2.1.1.3. Formación en competencias dos profesionais do mar para a realización de actividades conexas.

2.1.1.4. Mellora e incremento de sistemas de información e control para a toma de decisións no sector pesqueiro.

REQUISITOS DOS PROXECTOS

1. Apoiar o logro da prioridade 3 e contribuír ao obxectivo específico detallado
2. Estar localizado no ámbito territorial elixible do GALP
3. Ser viable técnica, financeira e economicamente
4. Cumprir a normativa sectorial de aplicación

RESULTADOS PREVISTOS

Emprego creado/ Métodos e procesos sostibles/ Mellora do grao de dixitalización do sector pesqueiro do territorio, con impacto na produtividade, a xeración de emprego e a inclusión social.

Formación en capacidades dixitais e competencias profesionais aplicadas ao sector e actividades conexas.

POTENCIAIS BENEFICIARIAS

Confrarías, profesionais e asociacións de profesionais do mar, concellos, asociacións de redeiras, asociacións do sector económico, entidades públicas e pemes en xeral.

PRINCIPIOS HORIZONTAIS AOS QUE ATENDE (RDC)

Fomento da igualdade, integración da perspectiva de xénero, loita contra a discriminación, dereito de accesibilidade e integración social e transición a unha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono.

INDICADORES DE SEGUIMIENTO ASOCIADOS

Empregos creados/ Métodos e procesos sostibles en base a dixitalización/ Innovación posibilitada/ Medidas de redución de emisións de CO₂ / Proxectos de colaboración/Capacitación dixital/ Dixitalización/

PORCENTAXE DE AXUDA PÚBLICA

(*) Límites da axuda pública no punto 7. Normas para a xestión da EDLP

1. Ata o 50 % do gasto subvencionable para proxectos
2. Ata 60 % para organizacións de produtores e beneficiarios colectivos do sector pesqueiro
3. Ata 100 % dos custos subvencionables para proxectos de interese colectivo e beneficiario colectivo e operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS E ESTRATEXIAS AUTONÓMICAS ÁS QUE CONTRIBÚEN AS ACCIÓNS



As accións da EDLP contribúen ás seguintes estratexias autonómicas:

- **RIS 3 2021-2027- Estratexia de cambio climático e enerxía – Estratexia de economía circular**

OBXECTIVO ESTRATÉGICO.2 Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas zonas pesqueiras e acuícolas

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.1. Colaboración con outras actividades vinculadas coa economía azul para o desenvolvemento sostible do sector

2.1.2 Mellora da competitividade económica e a diversificación das zonas costeiras

- 2.1.2.1 Creación e paquetización de produtos turísticos e actividades relacionadas co mar
- 2.1.2.2 Mellora da calidade e a capacidade dos establecementos hostaleiros
- 2.1.2.3 Apoio e fomento da creación e mellora de espazos temáticos do mar (centros cívicos, equipamentos...)
- 2.1.2.4 Accións orientadas á visibilización da cultura mariñeira.
- 2.1.2.5 Accións orientadas ao fomento do emprego e da empregabilidade en actividades relacionadas coa diversificación do sector pesqueiro e do mar.
- 2.1.2.6 Medidas para a adquisición de coñecementos para exercer como formadoras/es e guías e difusión da cultura mariñeira e o patrimonio do territorio
- 2.1.2.7 Proxectos de colaboración entre distintos sectores (cultural, turístico, restauración...) para pór en valor o patrimonio medioambiental e cultural do territorio fóra do período estacional.

REQUISITOS DOS PROXECTOS

1. Apoiar o logro da prioridade 3 e contribuír ao obxectivo específico detallado
2. Estar localizado no ámbito territorial elixible do GALP
3. Ser viable técnica, financeira economicamente
4. Cumprir a normativa sectorial de aplicación

RESULTADOS PREVISTOS

Mellora da calidade, a diversificación, a desestacionalización e a competitividade da oferta turística, difundindo a cultura mariñeira, o patrimonio do territorio e os produtos pesqueiros.
Creación de emprego en actividades relacionadas coa diversificación do sector pesqueiro.
Mellora e incremento de actividades náuticas e proxectos de economía azul.
Incremento e mellora de infraestruturas e medidas que contribúan a fixar a cultura e as tradicións mariñeiras.
Incremento do grao de colaboración entre distintos sectores para a xeración de proxectos de dinamización e posta en valor do patrimonio do territorio.

POTENCIAIS BENEFICIARIAS

Concellos, empresas do sector turístico, establecementos de hostalería, restauración, empresas TIC, armadores, pemes en xeral e entidades públicas

PRINCIPIOS HORIZONTAIS AOS QUE ATENDE (RDC)

Fomento da igualdade, integración da perspectiva de xénero, loita contra a discriminación, dereito de accesibilidade e integración social e transición a unha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono.

INDICADORES DE SEGUIMENTO ASOCIADOS

Empregos creados/ Métodos e procesos sostibles/ Innovación posibilitada/ Medidas de redución de emisións de CO₂ / Proxectos de colaboración/ Prazas de hostalaría de calidade/ Actividades fora do período estacional/ Cultura de colaboración/ Dixitalización/ Capacitación dixital/

PORCENTAXE DE AXUDA PÚBLICA

() Límites da axuda pública no punto 7. Normas para a xestión da EDLP*

1. Ata o 50 % do gasto subvencionable para proxectos
2. Ata 60 % para organizacións de produtores e beneficiarios colectivos do sector pesqueiro
3. Ata 100 % dos custos subvencionables para proxectos de interese colectivo e beneficiario colectivo e operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS E ESTRATEXIAS AUTONÓMICAS ÁS QUE CONTRIBÚEN AS ACCIÓNS



As accións da EDLP contribúen ás seguintes estratexias autonómicas:

- **RIS 3 2021-2027- Estratexia de cambio climático e enerxía – Estratexia de economía circular**

OBXECTIVO ESTRATÉGICO.2 Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas zonas pesqueiras e acuícolas.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.2 Redución de emisións de gases de efecto invernadoiro

2.2.1 Aplicación de enerxías renovables e sistemas de eficiencia enerxética

2.2.1.1 Implantación de sistemas de xeración de enerxía sostible nas instalacións pesqueiras e a súa extensión a toda a cadea de valor da transformación e comercialización dos produtos da pesca e acuicultura.

2.2.1.2 Estudos e implantación de sistemas de eficiencia enerxética nas instalacións pesqueiras e portuarias e industrias auxiliares

2.2.1.3 Proxectos de desenvolvemento para aplicación das enerxías renovables nos procesos de transformación e comercialización dos produtos da pesca e acuicultura.

2.2.1.4 Incorporación de novos sistemas de xeración de enerxía, principais ou auxiliares máis eficientes e que reduzan as emisións no procesos de transformación e comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura.

2.2.1.5 Adquisición de sistemas de conservación e conxelación máis eficientes dende o punto de vista enerxético e que melloren a calidade do produto nos procesos de transformación e comercialización dos produtos da pesca e acuicultura.

REQUISITOS DOS PROXECTOS

1. Apoiar o logro da prioridade 3 e contribuír ao obxectivo específico detallado
2. Estar localizado no ámbito territorial elixible do GALP
3. Ser viable técnica, financeira economicamente
4. Cumprir a normativa sectorial de aplicación

RESULTADOS PREVISTOS

Redución da emisión de gases de efecto invernadoiro.

Colaboración do sector pesqueiro con empresas tecnolóxicas e o ecosistema de I+D+i para que incorpore as últimas innovacións en materia de enerxías renovables e sistemas de eficiencia enerxética e leve a cabo proxectos desenvolvemento para a implantación de novos sistemas no sector.

POTENCIAIS BENEFICIARIAS

Confraría, empresas de transformación, centros de depuración, distribuidores, , universidade, armadores, redeiras, asociacións e profesionais do mar, entidades públicas e pemes en xeral.

PRINCIPIOS HORIZONTAIS AOS QUE ATENDE (RDC)

Fomento da igualdade, integración da perspectiva de xénero, loita contra a discriminación, dereito de accesibilidade e integración social e transición a unha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono.

INDICADORES DE SEGUIMIENTO ASOCIADOS

Empregos creados/ Métodos e procesos sostibles/ Innovación posibilitada/ Medidas de redución de emisións de CO2 / Proxectos de colaboración/ Proxectos de desenvolvemento/ Capacitación e concienciación

PORCENTAXE DE AXUDA PÚBLICA

(*) Límites da axuda pública no punto 7. Normas para a xestión da EDLP

1. Ata o 50 % do gasto subvencionable para proxectos
2. Ata 60 % para organizacións de produtores e beneficiarios colectivos do sector pesqueiro
3. Ata 100 % dos custos subvencionables para proxectos de interese colectivo e beneficiario colectivo e operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS E ESTRATEXIAS AUTONÓMICAS ÁS QUE CONTRIBÚEN AS ACCIÓNS



As accións da EDLP contribúen ás seguintes estratexias autonómicas:

- **RIS 3 2021-2027- Estratexia de cambio climático e enerxía – Estratexia de economía circular**

OBXECTIVO ESTRATÉGICO.2 Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas zonas pesqueiras e acuícolas.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.3 Implantación de procesos de reciclaxe e redución de residuos

2.3.1 Conservación do medio e reciclaxe de residuos ao longo de toda a cadea de valor do sector marítimo-pesqueiro

- 2.3.1.1 Promoción de empresas e procesos que xeren novos produtos a través da reutilización dos residuos do sector marítimo-pesqueiro
- 2.3.1.2 Formación e desenvolvemento de campañas en materia de sostibilidade medioambiental e economía circular.
- 2.3.1.3 Desenvolvemento e mellora de sistemas de xestión de residuos do territorio e a súa valorización
- 2.3.1.4 Formación para a adquisición de competencias vencelladas a unha mellora da xestión e conservación dos recursos mariños vivos e dos ecosistemas
- 2.3.1.5 Apoio a proxectos e colaboracións de entidades de economía circular, asociacións de colectivos desfavorecidos e sector pesqueiro en actuacións de economía circular e sostibilidade.

REQUISITOS DOS PROXECTOS

1. Apoiar o logro da prioridade 3 e contribuír ao obxectivo específico detallado
2. Estar localizado no ámbito territorial elixible do GALP
3. Ser viable técnica, financeira economicamente
4. Cumprir a normativa sectorial de aplicación

RESULTADOS PREVISTOS

Mellora da xestión dos residuos do territorio e, en especial, os vinculados ao mar para lograr un impacto positivo no medio. Creación de empresas e empregos vinculados á economía circular, en especial, a súa aplicación aos residuos xerados polo sector marítimo-pesqueiro. Creación, diversificación e modernización das actividades de servizos de reparación, segunda recuperación e transformación, de forma que se reduza o desperdicio dos recursos e se fomenta a xeración de postos de traballo. Creación de novas tecnoloxías e novos modelos de negocio e de consumo para o desenvolvemento da economía circular. Capacitación, concienciación e difusión en materia de sostibilidade ambiental, economía circular e novos modelos de negocio para a valorización dos residuos do territorio.

POTENCIAIS BENEFICIARIAS

Confrarías de pescadores, empresas de transformación, centros de depuración, universidade, armadores, redeiras, asociacións e profesionais do mar, asociacións e entidades do sector social e medioambientais, entidades públicas e pemes en xeral.

PRINCIPIOS HORIZONTAIS AOS QUE ATENDE (RDC)

Fomento da igualdade, integración da perspectiva de xénero, loita contra a discriminación, dereito de accesibilidade e integración social e transición a unha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono.

INDICADORES DE SEGUIMENTO ASOCIADOS

Empregos creados/ Métodos e procesos sostibles/ Innovación posibilitada/ Medidas de redución de emisións de CO₂ / Proxectos de colaboración/ Proxectos de desenvolvemento/ Capacitación e concienciación

PORCENTAXE DE AXUDA PÚBLICA

() Límites da axuda pública no punto 7. Normas para a xestión da EDLP*

1. Ata o 50 % do gasto subvencionable para proxectos
2. Ata 60 % para organizacións de produtores e beneficiarios colectivos do sector pesqueiro
3. Ata 100 % dos custos subvencionables para proxectos de interese colectivo e beneficiario colectivo e operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS E ESTRATEXIAS AUTONÓMICAS ÁS QUE CONTRIBÚEN AS ACCIÓNS



As accións da EDLP contribúen ás seguintes estratexias autonómicas:

- **RIS 3 2021-2027- Estratexia de cambio climático e enerxía – Estratexia de economía circular**

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 3. Impulso e aproveitamento do patrimonio ambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluíndo as operacións de mitigación do cambio climático.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.1. Reforzo e posta en valor dos elementos medioambientais

3.1.1. Conservación, recuperación e posta en valor de elementos ambientais do mar

- 3.1.1.1 Educación e capacitación en materia medioambiental, cambio climático e promoción dos valores da sostiabilidade e ética do territorio costeiro e do Mar
- 3.1.1.2 Mantemento do valor ambiental e natural do territorio, incluíndo medidas de mitigación das consecuencias do cambio climático
- 3.1.1.3 Proxectos sustentables de xestión, protección, vixilancia, conservación ou recuperación dos recursos mariños e marisqueiros, especies e hábitats costeiros. Plans de recuperación da biodiversidade.
- 3.1.1.4 Aplicación de novas tecnoloxías para alcanzar un maior coñecemento do medio e dos recursos para a súa conservación, como sistemas de xestión das explotacións pesqueiras, marisqueiras e acuícolas máis eficientes
- 3.1.1.5 Estudos sobre o cambio climático e os seus efectos no territorio. Desenvolvemento de protocolos e plans de continxencia.
- 3.1.1.6 Aplicación das novas tecnoloxías para a difusión do patrimonio ambiental do territorio e posta en valor dos recursos turísticos relacionados con espazos naturais, que leven apareladas actividades medioambientais e culturais, observatorios medioambientais ou plans formativos.

REQUISITOS DOS PROXECTOS

1. Apoiar o logro da prioridade 3 e contribuír ao obxectivo específico detallado
2. Estar localizado no ámbito territorial elixible do GALP
3. Ser viable técnica, financeira economicamente
4. Cumprir a normativa sectorial de aplicación

RESULTADOS PREVISTOS

Preservación, conservación e recuperación do medio mariño e os seus recursos e aumento das medidas de acceso ás zonas de pesca, avaliación, optimización e seguimento dos recursos biolóxicos mariños.

Redución da vulnerabilidade do territorio ante os riscos xerados polo cambio no clima.

Adquisición de coñecemento sobre o impacto do cambio climático no GALP que permita dispoñer de plans de continxencia e levar a cabo actuacións para mitigar os seus efectos.

Mellora, sinalización, creación de accesos, rexeneración ou posta en valor dos espazos naturais, compatibilizando o seu uso co ocio e o turismo sostible.

Incremento do nivel de coñecemento dos profesionais e da cidadanía do territorio en materia medioambiental e cambio climático coa mellora do medio a curto prazo.

Promoción do desenvolvemento de actividades acordes co clima que existirá no futuro, aproveitando todo o potencial da planificación territorial para incrementar a resiliencia climática.

Incremento das actividades de sensibilización ambiental.

POTENCIAIS BENEFICIARIAS

Concellos, confrarías, profesionais do mar, asociacións de mariscadoras, asociacións medioambientais e do sector social, pemes en xeral e entidades públicas

PRINCIPIOS HORIZONTAIS AOS QUE ATENDE (RDC)

Fomento da igualdade, integración da perspectiva de xénero, loita contra a discriminación, dereito de accesibilidade e integración social e transición a unha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono.

INDICADORES DE SEGUIMENTO ASOCIADOS

Reducións de emisións de CO₂/Innovación posibilitada/Proxectos de desenvolvemento/ Capacitación e concienciación /Creación de emprego/ Mitigación do cambio climático/ Campañas de concienciación

PORCENTAXE DE AXUDA PÚBLICA

(*) Límites da axuda pública no punto 7. Normas para a xestión da EDLP

1. Ata o 50 % do gasto subvencionable para proxectos
2. Ata 60 % para organizacións de produtores e beneficiarios colectivos do sector pesqueiro
3. Ata 100 % dos custos subvencionables para proxectos de interese colectivo e beneficiario colectivo e operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS E ESTRATEXIAS AUTONÓMICAS ÁS QUE CONTRIBÚEN AS ACCIÓNS



As accións da EDLP contribúen ás seguintes estratexias autonómicas:

- **RIS 3 2021-2027- Estratexia de cambio climático e enerxía – Estratexia de economía circular**

OBXECTIVO ESTRATÉGICO. 4. Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas, incluído o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.1.Reforzo dos elementos patrimoniais (tradicional, cultural material e inmaterial)

4.1.1. Recuperación de elementos patrimoniais materiais e inmateriais

- 4.1.1.1 Recuperación de elementos patrimoniais do territorio e, en especial, do conxunto do xeodestino Costa da Morte
- 4.1.1.2 Aplicación das TIC como ferramenta de xeración de contidos e difusión, preparación ou interacción durante a visita ao xeodestino Costa da Morte
- 4.1.1.3 Adaptación dos produtos e elementos da oferta do xeodestino para o turismo accesible
- 4.1.1.4 Apoio a proxectos de provisión e fornecemento de recursos á oferta do xeodestino Costa da Morte
- 4.1.1.5 Aplicación das novas tecnoloxías ao sector turístico do territorio para a mellora da competitividade, incluído a difusión do patrimonio e a cultura mariñeira da zona.
- 4.1.1.6 Desenvolvemento de actividades baseadas no patrimonio cultural que procuren a dinamización do territorio, como as accións levadas a cabo en conxunto polo distintos sectores, por exemplo o sector turístico, o cultural, o social, o da hostalería e restauración e o pesqueiro.
- 4.1.1.7 Dixitalización do patrimonio cultural con traballos que inclúan rexistro, reconstrucións dixitais, difusión ou plans de formación, tanto de patrimonio material como inmaterial, incluíndo a cultura mariñeira.

REQUISITOS DOS PROXECTOS

1. Apoiar o logro da prioridade 3 e contribuír ao obxectivo específico detallado
2. Estar localizado no ámbito territorial elixible do GALP
3. Ser viable técnica, financeira economicamente
4. Cumprir a normativa sectorial de aplicación

RESULTADOS PREVISTOS

Posta en valor do patrimonio material e inmaterial vinculado ao mar, desenvolvendo proxectos turísticos sostibles que fomenten o uso responsable do medio mariño e a súa conservación.

Mellora e promoción dos recursos turísticos do territorio.

Impulso e inclusión de novos plans e medidas como a transición verde e sustentable, accesibilidade, eficiencia enerxética, transición dixital etc.

POTENCIAIS BENEFICIARIAS

Concellos, confrarías, profesionais do mar, empresas do sector turístico, asociacións relacionadas co sector do mar, pemes en xeral e entidades públicas

PRINCIPIOS HORIZONTAIS AOS QUE ATENDE (RDC)

Fomento da igualdade, integración da perspectiva de xénero, loita contra a discriminación, dereito de accesibilidade e integración social e transición a unha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono.

INDICADORES DE SEGUIMENTO ASOCIADOS

Elementos patrimoniais recuperados / Medidas de sostibilidade/ Emprego creado/ Dinamización/ Reducións de emisións de CO₂.

PORCENTAXE DE AXUDA PÚBLICA

() Límites da axuda pública no punto 7. Normas para a xestión da EDLP*

1. Ata o 50 % do gasto subvencionable para proxectos
2. Ata 60 % para organizacións de produtores e beneficiarios colectivos do sector pesqueiro
3. Ata 100 % dos custos subvencionables para proxectos de interese colectivo e beneficiario colectivo e operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS E ESTRATEXIAS AUTONÓMICAS ÁS QUE CONTRIBÚEN AS ACCIÓNS



As accións da EDLP contribúen ás seguintes estratexias autonómicas:

RIS 3 2021-2027- Estratexia de cambio climático e enerxía – Estratexia de economía circular - Plan estratéxico de turismo

OBXECTIVO ESTRATÉXICO. 4. Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas, incluído o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.2. Mellora do benestar social

4.2.1. Mellora da calidade de vida da poboación costeira.

4.2.1.1. Medidas de conciliación da vida familiar e laboral que faciliten a incorporación da muller ás actividades pesqueiras relacionadas co mar en igualdade de condicións.

4.2.1.2. Apoio a proxectos promovidos ou destinados a colectivos desfavorecidos e capacitación e mellora da empregabilidade dos colectivos desfavorecidos en actividades relacionadas co mar ou as industrias auxiliares.

4.2.1.3. Mellora dos servizos e equipamentos, incluídas ferramentas dixitais, destinados á mellora da calidade das familias mariñeiras.

4.2.1.4. Medidas de formación e apoio a persoas emprendedoras do mar e aceleración de empresas.

REQUISITOS DOS PROXECTOS

1. Apoiar o logro da prioridade 3 e contribuír ao obxectivo específico detallado
2. Estar localizado no ámbito territorial elixible do GALP
3. Ser viable técnica, financeira economicamente
4. Cumprir a normativa sectorial de aplicación

RESULTADOS PREVISTOS

Mellora e incremento dos equipamentos e servizos destinados á conciliación da vida familiar e laboral, centros de atención a persoas maiores ou persoas con diversidade funcional.

Incremento das medidas de accesibilidade e actuacións compresibles, utilizables e practicables por todas as persoas.

Incremento dos recursos de formación e emprendemento do sector do mar e colectivos desfavorecidos.

POTENCIAIS BENEFICIARIAS

Concellos, asociacións de colectivos desfavorecidos e sector social, confrarías, profesionais do mar, empresas de formación, asociacións relacionadas co sector do mar, pemes en xeral e entidades públicas.

PRINCIPIOS HORIZONTAIS AOS QUE ATENDE (RDC)

Fomento da igualdade, integración da perspectiva de xénero, loita contra a discriminación, dereito de accesibilidade e integración social e transición a unha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono.

INDICADORES DE SEGUIMENTO ASOCIADOS

Mellora das condicións laborais/Proxectos colectivos desfavorecidos/Capacitación e formación/Medidas de accesibilidade/Medidas de apoio a muller/ Infraestruturas sociais

PORCENTAXE DE AXUDA PÚBLICA

() Límites da axuda pública no punto 7. Normas para a xestión da EDLP*

1. Ata o 50 % do gasto subvencionable para proxectos
2. Ata 60 % para organizacións de produtores e beneficiarios colectivos do sector pesqueiro
3. Ata 100 % dos custos subvencionables para proxectos de interese colectivo e beneficiario colectivo e operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS E ESTRATEXIAS AUTONÓMICAS ÁS QUE CONTRIBÚEN AS ACCIÓNS



As accións da EDLP contribúen ás seguintes estratexias autonómicas:

RIS 3 2021-2027- Estratexia de cambio climático e enerxía – Estratexia de economía circular-Plan estratéxico de turismo

OBXECTIVO ESTRATÉGICO. 5. Reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais

OBXECTIVO ESPECÍFICO 5.1 Desenvolvemento e mellora de procesos de gobernanza

5.1.1. Actuación. Creación de ferramentas de colaboración para a mellora da gobernanza

5.1.1.1. Colaboración dentro do propio sector pesqueiro ou con outros sectores, medidas que contribúan á evolución do sector pesqueiro e melloren a xestión das explotacións, ou ampliación das competencias.

REQUISITOS DOS PROXECTOS

1. Apoiar o logro da prioridade 3 e contribuír ao obxectivo específico detallado
2. Estar localizado no ámbito territorial elixible do GALP
3. Ser viable técnica, financeira economicamente
4. Cumprir a normativa sectorial de aplicación

RESULTADOS PREVISTOS

Mellora da gobernanza no desenvolvemento do territorio e dos recursos pesqueiros e actividades marítimas.
Mellora da colaboración entre os distintos axentes do sector pesqueiro e tamén con outros sectores.
Incremento das competencias do sector na xestión dos recursos e produtos pesqueiros.
Incremento das ferramentas e medidas que contribúan á colaboración e á xestión do sector.
Formación e implementación de medidas de responsabilidade corporativa, boas prácticas, auditorías enerxéticas etc.

POTENCIAIS BENEFICIARIAS

Confrarías, asociacións e federacións de profesionais do mar, redeiras, mariscadoras, concellos, pemes e entidades públicas

PRINCIPIOS HORIZONTAIS AOS QUE ATENDE (RDC)

Fomento da igualdade, integración da perspectiva de xénero, loita contra a discriminación, dereito de accesibilidade e integración social e transición a unha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono.

INDICADORES DE SEGUIMIENTO ASOCIADOS

Número de ferramentas de colaboración creadas

PORCENTAXE DE AXUDA PÚBLICA

(*) *Límites da axuda pública no punto 7. Normas para a xestión da EDLP*

1. Ata o 50 % do gasto subvencionable para proxectos
2. Ata 60 % para organizacións de produtores e beneficiarios colectivos do sector pesqueiro
3. Ata 100 % dos custos subvencionables para proxectos de interese colectivo e beneficiario colectivo e operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS E ESTRATEXIAS AUTONÓMICAS ÁS QUE CONTRIBÚEN AS ACCIÓNS



As accións da EDLP contribúen ás seguintes estratexias autonómicas:

RIS 3 2021-2027- Estratexia de cambio climático e enerxía – Estratexia de economía circular

OBXECTIVO ESTRATÉGICO. 6. Cooperación

OBXECTIVO ESPECÍFICO 6.1. Cooperación para a mellora da competitividade do sector pesqueiro e a vertebración do territorio

6.1.1. Actuación. Conxunto de accións potenciais de colaboración con outros GALP

- 6.1.1.1. Acción . •Promoción do consumo de produtos pesqueiros locais: da pesca costeira artesanal, do marisqueo e a acuicultura, que garantan a súa rastrexabilidade.
- 6.1.1.2. Acción. •Proxectos que impliquen a innovación e/ou transformación dos recursos e/ou produtos ou subprodutos do mar.
- 6.1.1.3. Acción. •Proxectos que reforcen a alimentación saudable: consumo de proximidade de produtos do mar ou con produtos do agro.
- 6.1.1.4. Acción. •Proxectos de turismo mariñeiro ou pesca turismo
- 6.1.1.5. Acción. •Proxectos de aproveitamento dos recursos do mar e dos residuos xerados nas actividades pesqueiras para novos usos.
- 6.1.1.6. Acción. •Promover a conexión das actividades náuticas (deportivas, recreativas, turismo) co sector pesqueiro ou coa posta en valor dos recursos do mar.
- 6.1.1.7. Acción. •Proxectos de valorización do patrimonio cultural material e inmaterial sobre os recursos e a cultura marítimo-pesqueira
- 6.1.1.8. Acción. •Proxectos de posta en valor do entorno ambiental da zona costeira, que impliquen ao sector ou os produtos pesqueiros.
- 6.1.1.9. Acción. . Proxectos que reforcen a economía circular nas actividades marítimo-pesqueiras.
- 6.1.1.10. Acción. Proxectos que impliquen a dignificación dos oficios (tradicionais e actuais) marítimo-pesqueiros.
- 6.1.1.11. Acción. Proxectos innovadores que incidan no relevo xeracional no sector pesqueiro.
- 6.1.1.12. Acción Proxectos que reforcen o apoderamento das mulleres no sector, fomenten o asociacionismo, melloren as condicións de traballo e a súa visibilidade.
- 6.1.1.13. Acción Proxectos que promovan unha maior vinculación das entidades de inclusión social coas actividades marítimo-pesqueiras ou o sector pesqueiro.+
- 6.1.1.14. Acción Proxectos que poñan en valor boas prácticas ou intercambio de experiencias na execución do Fondo.
- 6.1.1.15. Acción . Proxectos de mellora da gobernanza nas confrarías de pescadores e de reforzo do seu liderado na dinamización do territorio

REQUISITOS DOS PROXECTOS

1. Apoiar o logro da prioridade 3 e contribuír ao obxectivo específico detallado
2. Estar localizado no ámbito territorial elixible do GALP
3. Ser viable técnica, financeira economicamente
4. Cumprir a normativa sectorial de aplicación

RESULTADOS PREVISTOS

Mellora da competitividade do sector pesqueiro e a vertebración do territorio

POTENCIAIS BENEFICIARIAS

GALP e entidades que formen parte do partenariado

PRINCIPIOS HORIZONTAIS AOS QUE ATENDE (RDC)

Fomento da igualdade, integración da perspectiva de xénero, loita contra a discriminación, dereito de accesibilidade e integración social e transición a unha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono.

INDICADORES DE SEGUIMIENTO ASOCIADOS

Número de proxectos/ Definición co base na concreción dos proxectos de colaboración.

PORCENTAXE DE AXUDA PÚBLICA

(*) Límites da axuda pública no punto 7. Normas para a xestión da EDLP

100 %

ODS E ESTRATEXIAS AUTONÓMICAS ÁS QUE CONTRIBÚEN AS ACCIÓNS



As accións da EDLP contribúen ás seguintes estratexias autonómicas:

RIS 3 2021-2027- Estratexia de cambio climático e enerxía – Estratexia de economía circular

6.5. Indicadores comúns de resultados do FEMPA

Táboa 7. Indicadores de resultados

Indicadores de resultados	Valor previsto
Número de empregos (CR6)	49
Número de empregos mantidos (CR/)	10

6.6 Análise da pertinencia da estratexia

O programa de actuación planificado, con base nas capacidades do GALP, permite atender as necesidades identificadas na zona. A continuación analízanse por cada obxectivo estratéxico as necesidades cubertas ou as actuacións que se aplican.

A estratexia desenvolvida adopta todos os obxectivos propostos no artigo 5 punto 3 da Orde do 10 de maio de 2022. Persegue atender as necesidades identificadas no proceso participativo e no diagnóstico, tendo en conta as cuestións que conseguiron un menor grao de logro na anterior estratexia. Así mesmo, na formulación desta tivéronse en conta no curto prazo os considerados eixes de cambio: a transformación dixital, a transición ecolóxica e a sostibilidade, así como medidas que permitan atender o crecente grao de avance destas políticas cara ao horizonte o 2030.

As necesidades identificadas no territorio poden ser atendidas desde distintos enfoques, nos distintos plans de actuación, xa que na maioría dos casos se propoñen medidas transversais que poden afectar a distintas fases da cadea de valor do sector da pesca e á colaboración entre distintos sectores do territorio, tanto no desenvolvemento de actuacións, tecnoloxías, plans de capacitación ou plans de comunicación, que teñen como obxectivo desenvolver medidas con base nos distintos eixes de cambio.

A EDLP contribuirá a mellorar a competitividade do territorio, promovendo a creación de emprego e o benestar social das persoas da comunidade. A través do proceso participativo promóvese a implicación de todos os sectores para unha mellora continua da EDLP, de tal maneira que atenda as necesidades do territorio e as iniciativas dos promotores e dos colectivos que estean aliñadas cos obxectivos estratéxicos e os valores do GALP Costa da Morte nos que se fundamenta a EDLP.

Táboa 8. Matriz de pertinencia

Necesidades	Obxectivos						N.º de actuacións
	1	2	3	4	5	6	
Mellora da comercialización dos produtos da pesca, considerando proxectos de colaboración no sector, a aplicación das novas tecnoloxías e a adopción de medidas de eficiencia enerxética e sostibilidade							3
Promover o consumo de produtos da pesca costeira artesanal en proximidade, produtos artesanais e de Km 0.							2
Poñer en valor cara o consumidor os sistemas de xestión sostible da pesca costeira artesanal.							2
Desenvolver sistemas de dixitalización e rastrexabilidade en toda a cadea de valor da pesca, trasladando a información que o consumidor valora, coma a orixe, a pegada ecolóxica ou a circularidade.							2
Apoiar a persoas mozas e a muller na actividade de pesca artesanal, marisqueo, acuicultura e actividades vinculadas							2
Promover a formación e capacitación continua dos profesionais do sector pesqueiro							4
Difundir os beneficios que proporciona a natureza, o medio mariño e a biodiversidade á sociedade							4
Mellorar o valor engadido dos produtos da pesca, promover a innovación e os novos produtos transformados da pesca a partir de descartes e subprodutos							2
Promover a valorización da biomasa mariña a través de proxectos de biotecnoloxía e bioenerxía							2
Promover empresas e proxectos de colaboración nos distintos sectores tecnolóxicos que melloren a competitividade do sector pesqueiro							3
Adquirir competencias dixitais polos sectores do territorio e promover a mellora das comunicacións							3
Implantar enerxías renovables e sistemas e medidas de eficiencia enerxética nos distintos sectores do territorio							1
Mellorar o uso dos recursos naturais, a formación e concienciación en materia medioambiental							2
Capacitar os profesionais do sector marítimo pesqueiro en sistemas de xestión sostible							2
Desenvolver solucións combinadas de conservación, protección e recuperación de áreas mariñas no territorio							1
Formar e concienciar os sectores do territorio e a sociedade en xeral de reciclaxe e economía circular							2
Desenvolver sistemas de economía circular no territorio e promover a mellora dos sistemas de xestión de residuos							2
Avaliar os efectos do cambio climático con estudos específicos do territorio co fin de desenvolver plans de actuacións e mellorar o coñecemento sobre as explotacións							2
Promover canles de comunicación e colaboración entre a comunidade científica e sector do mar							2
Rehabilitar, conservar, dixitalizar e difundir o patrimonio cultural material e inmaterial da costa							1
Xerar un turismo costeiro de calidade e sostible							1
Creación de produtos desestacionalizados e novas actividades relacionadas co mar e o turismo verde							1
Promover no sector turístico a colaboración en rede, en toda a Costa da Morte e entre os distintos sectores que forman os GALP.							1
Mellorar a calidade de vida da poboación costeira							3
Novos modelos de gobernanza							2
Cooperación entre os GALP							1
Necesidades cubertas (N.º)	11	14	12	10	2	1	53

7. NORMAS PARA A XESTIÓN DA EDLP



7. Normas para a xestión da EDLP

7.1 Límites de axuda pública

Táboa 9. Límites de axuda por proxectos con carácter xeral

Aplicación da EDLP	
Importe máximo de axuda: Sector pesqueiro artesanal	300.000 €
Proxectos interese colectivo e beneficiario colectivo promovido ao sector pesqueiro	250.000€
Proxectos non promovidos polo sector pesqueiro ou promovidos polo sector pesqueiro non artesanal nin de interese e beneficiario colectivo	200.000 €
Importe máximo en regulamentos de exención de axudas de estado	200.000 €

Táboa 10. Límites de intensidade de axuda pública para operacións que se leven a cabo en virtude do título II, capítulo IV do Regulamento (UE) 2021/1139.

Aplicación da EDLP	Intensidade da axuda
Grao máximo de axuda do investimento subvencionable	50%
Operacións vinculadas á pesca costeira artesanal⁶	100%
Organizacións de pescadores ou outros beneficiarios colectivos do sector pesqueiro	60%
Operacións que respondan aos seguintes criterios: interese colectivo e beneficiario colectivo	100%
Proxectos amparados en regulamentos de exención de aplicación de axudas de estado	(No caso de proxectos que non se benefician da exención de aplicación das normas sobre axudas estatais establecidas no artigo 10.2 do FEMPA, observarase o disposto nas bases reguladoras de axudas).

⁶ Operacións desenvoltas por persoas físicas ou xurídicas que leven a cabo directamente actividades de pesca costeira artesanal e operacións levadas a cabo por entidades asociativas do sector pesqueiro que desenvolvan proxectos dirixidos só ao sector da pesca costeira artesanal.

7.2 Criterios e procedementos para a selección de proxectos

Con independencia dos requisitos, que a continuación se indican nos seguintes apartados, con carácter xeral os proxectos deberán cumprir os requisitos establecidos nas bases reguladoras das axudas que se publiquen polo órgano competente e a normativa vixente en cada momento.

7.2.1 Requisitos de admisibilidade das axudas

Os requisitos de admisibilidade de proxectos serán os establecidos no **artigo 11 do Regulamento UE 2021/1139**:

1. **Serán inadmisibles por un período de tempo determinado** (proporcional á natureza, a gravidade, a duración e a repetición das infraccións graves, do delito ou da fraude cometidos, e será dun ano como mínimo); as solicitudes de axudas presentadas por operadores respecto dos cales a autoridade competente comprobará que:

a) Cometeron infraccións graves de acordo co artigo 42 do Regulamento (CE) n.º 1005/2008 do Consello (30).

Artigo 42 do Regulamento (CE) n.º 1005/2008 do Consello (30).

Entenderase por «infracción grave»:

- a) as actividades que se consideran constitutivas de pesca INDNR*
- b) o exercicio de actividades comerciais directamente relacionadas con pesca INDNR, incluídos o comercio ou a importación de produtos pesqueiros;*
- c) a falsificación de documentos mencionados no presente Regulamento ou a utilización dos devanditos documentos falsos ou inválidos.*

Artigo 90 Regulamento (CE) n.º 1224/2009

Entenderase por «infracción grave»:

- a) O incumprimento da obrigaón de transmitir a declaración de desembarque ou a nota de venda cando as capturas se desembarcaron no porto dun terceiro país;*
- b) A manipulación dun motor para aumentar a súa potencia por encima da potencia motriz continua máxima indicada no certificado do motor;*
- c) O non desembarque das capturas de especies suxeitas a cotas realizadas durante unha operación pesqueira, a menos que o devandito desembarque sexa contrario ás obrigaóns estipuladas nas normas da política pesqueira común na pesqueira ou zonas de pesca ás que se apliquen esas normas*

Ou conforme outros actos legislativos adoptados polo Parlamento Europeo e polo Consello no marco da PPC;

2. Estiveron involucrados na explotación, xestión ou propiedade dalgún buque pesqueiro incluído na lista de buques INDNR da Unión segundo dispón o artigo 40 apartado 3, do Regulamento (CE) n.º 1005/2008

Artigo 40. Apartado 3, do Regulamento (CE) n.º 1005/2008

“3. Sen prexuízo das demais disposicións do Dereito comunitario sobre os fondos públicos, os Estados membros non concederán axuda pública ningunha, xa sexa a través de réximes nacionais, xa mediante fondos comunitarios, aos operadores que participen na explotación, xestión ou propiedade dos buques incluídos na lista comunitaria dos buques INDNR.”

4. Os Estados membros esforzaranse por solicitar información sobre os acordos que existan entre nacionais e un terceiro país para cambiar o pavillón de buques pesqueiros abandeados no Estado membro polo pavillón do terceiro país de que se trate. Informarán diso a Comisión enviándolle unha lista dos buques pesqueiros en cuestión.

Ou dalgún buque con pavillón de países considerados terceiros países non cooperantes segundo se establece no artigo 33 do devandito Regulamento.

Artigo 33. Regulamento (CE) n.º 1005/2008

Establecemento dunha lista de terceiros países non cooperantes

1. O Consello, a proposta da Comisión e por maioría cualificada, decidirá sobre unha lista de terceiros países non cooperantes.

2. A Comisión notificaralle canto antes ao terceiro país interesado que foi incluído na lista de terceiros países non cooperantes. Comunicaráselle tamén as medidas aplicadas segundo o artigo 38 e pediráselle que corrixa a situación actual. Así mesmo, informarase das iniciativas adoptadas para que os seus buques coñezan as medidas de conservación e ordenación aplicables.

3) Cometeron algún dos delitos ambientais establecidos nos artigos 3 e 4 da Directiva 2008/99/CE do Parlamento Europeo e do Consello (31), no caso de que a solicitude de axudas se presente segundo o artigo 27 do presente Regulamento.

Artigos 3 e 4 da Directiva 2008/99/CE

As seguintes condutas serán constitutivas de delito cando sexan ilícitas e se cometan dolosamente ou, polo menos, por imprudencia grave:

a) a vertedura, a emisión ou a introdución no aire, o solo ou as augas dunha cantidade de materiais ou de radiacións ionizante que cause ou poida causar a morte ou lesións graves a persoas ou danos substanciais á calidade do aire, a calidade do solo ou a calidade das augas ou a animais ou plantas;

b) a recollida, o transporte, a valoración ou a eliminación de residuos, incluída a vixilancia destes procedementos, así como a posterior reparación de instalacións de eliminación, e incluídas as operacións efectuadas polos comerciantes ou intermediarios (aproveitamento de residuos), que causen ou poidan causar a morte ou lesións graves a persoas ou danos substanciais

á calidade do aire, a calidade do solo ou a calidade das augas ou a animais ou plantas;

c) o traslado de residuos, cando a devandita actividade estea incluída no ámbito de aplicación do artigo 2, apartado 35, do Regulamento (CE) no 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativo aos traslados de residuos (1) e se realice en cantidade non desdeñable, tanto se se efectuou nun único traslado coma se se efectuou en varios traslados que parezan vinculados;

d) a explotación de instalacións nas que se realice unha actividade perigosa, ou nas que se almacenen ou utilicen substancias ou preparados perigosos e que, fóra das devanditas instalacións, causen ou poidan causar a morte ou lesións graves a persoas, ou danos substanciais á calidade do aire, a calidade do solo ou a calidade das augas ou a animais ou plantas;

2. Se calquera das situacións anteriores se produce durante o período comprendido entre a presentación da solicitude de axudas e os cinco anos seguintes á realización do pago final, recuperarase do operador o apoio concedido polo FEMPA en resposta á devandita solicitude, de conformidade co artigo 44 do presente Regulamento e o artigo 103 do Regulamento (UE) 2021/1060.

3. Serán inadmisibles durante un período de tempo determinado (proporcional á natureza, a gravidade, a duración e a repetición das infraccións graves, do delito ou da fraude cometidos, e será dun ano como mínimo), establecido en virtude do apartado 4 do presente artigo, as solicitudes de axudas presentadas por un operador respecto do cal a autoridade competente correspondente determinase, por medio dunha resolución definitiva, que cometeu fraude, tal como se define no **artigo 3 da Directiva (UE) 2017/1371, no contexto do FEMP ou do FEMPA:**

Considerarase fraude que afecta os intereses financeiros da Unión os seguintes:

a) En materia de gastos non relacionados cos contratos públicos, calquera acción ou omisión relativa a:

i) o uso ou a presentación de declaracións ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teña por efecto a malversación ou a retención infundada de fondos ou activos do orzamento da Unión ou de orzamentos administrados pola Unión, ou no seu nome;

ii) o incumprimento dunha obrigaición expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto; ou

iii) o uso indebido deses fondos ou activos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión inicial.

b) En materia de gastos relacionados cos contratos públicos, polo menos cando se cometan con ánimo de lucro ilexítimo para o autor ou outra persoa, causando unha perda para os intereses financeiros da Unión, calquera acción ou omisión relativa a:

i) o uso ou a presentación de declaracións ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teña por efecto a malversación ou a retención infundada de fondos ou activos do orzamento da Unión ou de orzamentos administrados pola Unión, ou no seu nome;

ii) o incumprimento dunha obrigaón expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto; ou

iii) o uso indebido deses fondos ou activos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión inicial e que prexudique os intereses financeiros da Unión.

c) En materia de ingresos distintos dos procedentes dos recursos propios do IVE a que se fai referencia na letra d), calquera acción ou omisión relativa a:

i) o uso ou a presentación de declaracións ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teña por efecto a diminución ilegal dos recursos do orzamento da Unión ou dos orzamentos administrados pola Unión, ou no seu nome;

ii) o incumprimento dunha obrigaón expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto; ou

iii) o uso indebido dun beneficio obtido legalmente, co mesmo efecto.

d) En materia de ingresos procedentes dos recursos propios do IVE, calquera acción ou omisión cometida nunha trama fraudulenta transfronteiriza en relación con:

i) o uso ou a presentación de declaracións ou documentos relativos ao IVE falsos, inexactos ou incompletos, que teña por efecto a diminución dos recursos do orzamento da Unión;

ii) o incumprimento dunha obrigaón expresa de comunicar unha información relativa ao IVE, que teña o mesmo efecto; ou

iii) a presentación de declaracións do IVE correctas co fin de disimular de forma fraudulenta o incumprimento de pago ou a creación ilícita dun dereito á devolución do IVE.

7.2.2 Requisitos para a elixibilidade de proxectos

1. Con carácter xeral, os proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos para ser considerados elixibles:

a) Apoiaren o logro da prioridade 3, encadrárense na EDLP e contribuíren aos obxectivos da estratexia aprobada para a zona pesqueira onde se vaian desenvolver.

b) Estaren localizados no ámbito territorial elixible de cada GALP.

c) Seren viables técnica, financeira e economicamente, de ser o caso.

d) Axustárense á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.

Artigo 186.3 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello

Os gastos subvencionables realmente efectuados polo beneficiario axustaranse a todos os criterios seguintes:

a) que se realizaron ao longo da duración da acción ou do programa de traballo, con excepción dos custos relativos a informes finais e certificados de auditoría;

b) que se consignaron no orzamento estimado total da acción ou do programa de traballo

c) que sexan necesarios para a execución da acción ou do programa de traballo obxecto da subvención;

d) que sexan identificables e verificables, en particular que consten na contabilidade do beneficiario e determináronse de acordo con as normas contables aplicables do país no que o beneficiario estea establecido e de conformidade coas prácticas contables habituais do beneficiario en materia de gastos;

e) que cumpran o disposto na lexislación fiscal e social aplicable;

f) que sexan razoables e xustificados, e cumpran co principio de boa xestión financeira, en especial no referente á economía e a eficiencia.

E o no artigo 64 Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

Artigo 64. Custos non subvencionables

1. Os custos seguintes non serán subvencionables cunha contribución dos fondos:

a) os xuros de débeda, excepto para subvencións concedidas en forma de bonificacións de xuros ou subvencións de comisións de garantía;

b) a adquisición de terreos por un custo superior ao 10 % do total do gasto subvencionable da operación de que se trate; no caso de zonas abandonadas e das que contan cun pasado industrial que comprendan edificios, este límite aumentará ata o 15 %; para os instrumentos financeiros, estas porcentaxes aplicaranse á contribución do programa abonada ao receptor final ou, no caso das garantías, ao importe do préstamo subxacente;

c) o imposto sobre o valor engadido (IVE), excepto:

i) para as operacións cuxo custo total sexa inferior a 5 000 000 de euros (IVE incluído), e

ii) para as operacións cuxo custo total sexa de, polo menos, 5 000 000 de euros (IVE incluído) cando este non sexa recuperable conforme a lexislación nacional sobre o IVE;

iii) investimentos realizados polos receptores finais no contexto de instrumentos financeiros; cando estes investimentos estean apoiadas por instrumentos financeiros combinados con axuda do programa en forma de subvención, tal como se recolle no artigo 58, apartado 5, o IVE non será subvencionable pola parte do custo do investimento que corresponda á axuda do programa en forma de subvención, a menos que o IVE, polos custos de investimento, non sexa recuperable conforme a lexislación nacional sobre o IVE ou cando a parte do custo do investimento correspondente á axuda do programa en forma de subvención sexa inferior a 5 000 000 de euros (IVE incluído);

iv) para os fondos para pequenos proxectos e os investimentos realizados polos perceptores finais no contexto dos fondos para pequenos proxectos no marco de Interreg.

A letra b) do parágrafo primeiro non se aplicará ás operacións relativas á conservación do medio natural.

2. Nos Regulamentos específicos de cada Fondo poderanse determinar outros costes que no sexan subvencionables con unha contribución de cada Fondo.

E o artigo 13 do Regulamento (UE) 2021/1139 (operacións ou gastos non subvencionables), do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021.

Operacións ou gastos non subvencionables

As seguintes operacións ou gastos non poderán optar a axudas con cargo ao FEMPA:

- a) as operacións que aumenten a capacidade pesqueira dun buque de pesca, salvo disposición en contrario do artigo 19;
- b) a adquisición de equipos que aumenten a capacidade dun buque de pesca para detectar peixe;
- c) a construción e a adquisición de buques de pesca ou a importación de buques de pesca, salvo disposición en contrario do artigo 17;
- d) a transferencia de buques de pesca a terceiros países ou o seu reabanderamiento con pavillón de terceiros países, mesmo a través da creación de empresas conxuntas con socios de terceiros países;
- e) a paralización temporal ou definitiva das actividades pesqueiras, salvo disposición en contrario dos artigos 20 e 21;
- f) a pesca exploratoria;
- g) a transferencia da propiedade dunha empresa;
- h) a repoboación directa, a menos que estea expresamente prevista como medida de reintroducción ou outras medidas de conservación nun acto xurídico da Unión ou en caso de repoboación experimental;
- i) a construción de novos portos ou lonxas, con excepción dos novos lugares de desembarque;
- j) os mecanismos de intervención do mercado destinados a retirar do mercado de maneira temporal ou permanente produtos da pesca ou da acuicultura con vistas a reducir a oferta, a fin de evitar a caída de prezos ou de incrementar os prezos, salvo disposición en contra do artigo 26, apartado 2;
- k) os investimentos a bordo de buques pesqueiros necesarias para cumprir os requisitos do Dereito da Unión en vigor no momento da presentación da solicitude de axudas, incluídos os requisitos derivados das obrigacións asumidas pola Unión no contexto das organizacións rexionais de ordenación pesqueira, salvo disposición en contrario do artigo 22;

l) os investimentos a bordo de buques pesqueiros que levasen a cabo actividades pesqueiras no mar durante menos de 60 días nos dous anos civís anteriores ao ano de presentación da solicitude de apoio;

m) a substitución ou modernización dun motor principal ou auxiliar nun buque de pesca, salvo disposición en contrario do artigo 18.

7.2.3 Criterios de selección de operacións na aplicación da EDLP

O GALP Costa da Morte, como entidade colaboradora da Consellería do Mar na xestión das axudas, será quen de avaliar e seleccionar as accións e proxectos presentados polos promotores para desenvolver o territorio de actuación segundo uns criterios de valoración que son obxectivos e teñen unha puntuación determinada previamente, que fan posible a priorización en función da puntuación máis alta, posto que as axudas se conceden nun réxime de concorrencia competitiva ao abeiro da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Ámbito de aplicación dos criterios de selección

Os criterios de valoración serán utilizados para a avaliación e posterior selección dos proxectos que se presenten en cada convocatoria de axudas.

Porén, hai que destacar como elemento inicial que o GALP no seu orzamento ten reflectidos catro tipos de gastos de diferente natureza, a saber:

- a) Os custos de xestión do grupo, que á súa vez se dividen en:
 - a. Custos de funcionamento
 - b. Custos de animación
- b) Os gastos de subvención de proxectos, aplicación da EDLP, que se dividen en:
 - a. Proxectos de promotores (obxectivos estratéxicos 1 a 5)
 - b. Proxectos de cooperación do GALP (obxectivo estratéxico 6)

Os criterios definidos nos apartados seguintes só serán de aplicación á valoración dos proxectos que á súa vez se dividen en proxectos promovidos por promotores, correspondentes aos obxectivos estratéxicos 1 a 5, e proxectos de cooperación, promovidos polo propio grupo, correspondentes ao obxectivo estratéxico 6. Os gastos de xestión do grupo non están sometidos a unha concorrencia competitiva como acontece na selección dos proxectos e non son de aplicación os criterios definidos nos apartados seguintes.

No gráfico que se amosa a continuación aparecen, por unha banda, a distribución do fondo entre os distintos tipos de gastos e, por outra banda, as porcentaxes máximas de cofinanciamento (grao de investimento ou

intensidade da axuda) polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca a estes tipos de gastos:

	Apoio aos sectores		Custos de xestión do grupo		Programa de subvención de proxectos	
	Sector pesqueiro	Outros sectores	Custos de funcionamento	Custos de animación	Proxectos promotores	Proxectos de cooperación do grupo
Distribución do Fondo	Máis do 50%	Menos do 50%	Máis do 17%	Menos do 3%	Máis do 95%	Menos do 5%
Total	100%		20%		80%	
Grao de financiamento máximo (*)			100%			

(*) Límites da axuda pública no punto 7. Normas para a xestión da EDLP

O desenvolvemento dos criterios de selección de proxectos preténdese que sexa un **medio de crear un consenso arredor dunha estratexia de desenvolvemento local da zona pesqueira do GALP Costa da Morte**.

Deséñanse uns criterios de selección non discriminatorios e transparentes, e evítanse conflitos de intereses, de forma que ningún grupo de interese único controle a toma de decisións na selección. Os criterios son **obxectivos, verificables e cuantificables**.

Polo tanto, os proxectos que obteñan unha maior puntuación serán seleccionados, tendo en conta os límites que se establezan na orde de axudas que regule o programa.

Os criterios teñen en conta a accesibilidade das persoas con discapacidade, a igualdade de xénero, a Carta de Dereitos fundamentais da Unión Europea, o principio de desenvolvemento sostible e a política da Unión en materia de medio ambiente de conformidade co artigo 11 e o 191, apartado 1, do TFUE.

Estes criterios deben facilitar o logro dos obxectivos establecidos e os resultados esperados, xa que os devanditos criterios son froito da estratexia de desenvolvemento do GALP, que os elaborou en función do contexto concreto existente na zona.

O feito de que os proxectos presentados sexan sometidos a un proceso de selección esíxelles aos membros do GALP un esforzo suplementario no fomento da presentación e difusión dos criterios, como garantía de obxectividade e transparencia.

Como consecuencia da obrigada concorrência competitiva que ten que haber no proceso de selección de proxectos derivada da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, existirá un prazo de presentación que terá unha duración determinada (que será establecida pola Orde da Consellería do Mar pola que

se convoquen axudas a proxectos de execución da estratexia de desenvolvemento local participativo), polo que se utilizará como metodoloxía de selección a análise multicriterio.

CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE PROXECTOS DE PROMOTORES, OBXECTIVOS ESTRATÉXICO 1 A 5

A matriz multicriterio

A matriz multicriterio é unha ferramenta utilizada para a toma de decisións con base en factores cualitativos ou a múltiples factores non homoxéneos que interveñen nun suceso e que permiten comparar obxectivamente diferentes proxectos dentro dunha mesma liña de actuación, favorecendo así o proceso de selección.

Baremo de puntuación de cada criterio:

- Establécese unha puntuación para cada criterio e subcriterio en función da importancia que para o GALP teñan estes.
- **As variables de viabilidade son filtro.** Isto implica que se os proxectos non obteñen unha puntuación mínima (establecida na correspondente matriz) non poderán ser subvencionados, aínda que acaden unha puntuación merecedora de subvención por outros criterios de valoración.
- **Ademais haberá de obterse unha puntuación mínima de 40 puntos,** por debaixo da cal o proxecto non será subvencionado.
- **A puntuación na que se acadará a máxima intensidade de axuda será a partir dos 80 puntos.**
- **A Xunta Directiva do presente GALP poderá variar a baremación dos criterios da matriz en función do establecido pola orde de axudas e en función da potenciación das distintas liñas de actuación.**

As bandas de puntuación-subvención planificadas son as seguintes:

Puntos	Cofinanciamento
<40 puntos	0%
40 a 40,99 puntos	35%

Puntuación de 41 a 79,99 puntos	Proporcional
80 ou máis puntos	50%

Se a operación está vinculada á **pesca costeira artesanal é de interese colectivo e beneficiario colectivo**, a axuda incrementarase nun 50 %, do que resultará a seguinte táboa:

Puntos	Cofinanciamento
<40 puntos	0%
40 a 40,99 puntos	85%
Puntuación de 41 a 79,99 puntos	Proporcional
80 ou máis puntos	100%

Se a operación se leva a cabo por **organizacións de pescadores ou beneficiarios colectivos do sector pesqueiro**, a axuda incrementarase nun 10 %, do que resulta a seguinte táboa:

Puntos	Cofinanciamento
<40 puntos	0%
40 a 40,99 puntos	45%
Puntuación de 41 a 79,99 puntos	Proporcional
80 ou máis puntos	60%

Significar que neste caso non se trata de proxectos vinculados coa pesca artesanal, é este o principal criterio de diferenciación cos proxectos do apartado

anterior. As intensidades planificadas axústanse ao establecido no artigo 6, Regras para as operacións apoiadas polas estratexias de desenvolvemento local participativo, da Orde do 10 de maio de 2022, pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria do ano 2022 para a selección de estratexias de desenvolvemento local participativo.

As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo, unha vez definidas a nota de corte e a nota á cal se lle asigna a porcentaxe de axuda máxima, calcúlase mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a dous decimais:

Puntuación	Intensidade da axuda, segundo puntuación, para proxectos en xeral	Intensidade da axuda, segundo puntuación, para proxectos de pesca costeira artesanal e de interese colectivo e beneficiario colectivo	Intensidade de axuda, segundo puntuación, para proxectos presentados por organizacións de pescadores e beneficiarios colectivos do sector
<40 puntos	0%	0%	0%
40 a 40,99	35,00%	85,00%	45,00%
41 a 41,99	35,38%	85,38%	45,38%
42 a 42,99	35,75%	85,75%	45,75%
43 a 43,99	36,13%	86,13%	46,13%
44 a 44,99	36,50%	86,50%	46,50%
45 a 45,99	36,88%	86,88%	46,88%
46 a 46,99	37,25%	87,25%	47,25%
47 a 47,99	37,63%	87,63%	47,63%
48 a 48,99	38,00%	88,00%	48,00%
49 a 49,99	38,38%	88,38%	48,38%
50 a 50,99	38,75%	88,75%	48,75%
51 a 51,99	39,13%	89,13%	49,13%
52 a 52,99	39,50%	89,50%	49,50%
53 a 53,99	39,88%	89,88%	49,88%
54 a 54,99	40,25%	90,25%	50,25%
55 a 55,99	40,63%	90,63%	50,63%
56 a 56,99	41,00%	91,00%	51,00%
57 a 57,99	41,38%	91,38%	51,38%
58 a 58,99	41,75%	91,75%	51,75%
59 a 59,99	42,13%	92,13%	52,13%
60 a 60,99	42,50%	92,50%	52,50%
61 a 61,99	42,88%	92,88%	52,88%
62 a 62,99	43,25%	93,25%	53,25%
63 a 63,99	43,63%	93,63%	53,63%
64 a 64,99	44,00%	94,00%	54,00%
65 a 65,99	44,38%	94,38%	54,38%
66 a 66,99	44,75%	94,75%	54,75%
67 a 67,99	45,13%	95,13%	55,13%
68 a 68,99	45,50%	95,50%	55,50%
69 a 69,99	45,88%	95,88%	55,88%
70 a 70,99	46,25%	96,25%	56,25%
71 a 71,99	46,63%	96,63%	56,63%
72 a 72,99	47,00%	97,00%	57,00%
73 a 73,99	47,38%	97,38%	57,38%
74 a 74,99	47,75%	97,75%	57,75%

75 a 75,99	48,13%	98,13%	58,13%
76 a 76,99	48,50%	98,50%	58,50%
77 a 77,99	48,88%	98,88%	58,88%
78 a 78,99	49,25%	99,25%	59,25%
79 a 79,99	49,63%	99,63%	59,63%
80 ou máis	50,00%	100,00%	60,00%

Criterios para a avaliación e a selección de proxectos:

Os criterios definidos no presente documento permitiránlle á Xunta Directiva avaliar e seleccionar os proxectos presentados dun xeito obxectivo, respectando así a libre concorrència obrigada ao abeiro da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A continuación aparecen os criterios e subcriterios desagregados e explicados.

1.VIABILIDADE

A viabilidade do proxecto virá xustificada adecuadamente na memoria e no orzamento, documento que deben presentar todos os promotores xunto coa solicitude de axuda e tamén, no seu caso, a través da revisión doutros documentos necesarios no procedemento, en función da súa natureza, como plans de empresa, estudos de mercado, informes de solvencia, proxectos técnicos, informes técnicos, sectoriais e de urbanismo, ou licenzas e permisos.

A puntuación mínima que un proxecto ten que acadar neste criterio é de **6 puntos**, desagregada en puntuacións mínimas dos subcriterios “viabilidade técnica” (3 puntos mínimo) e “viabilidade económica/financeira” (3 puntos mínimo). Esta puntuación mínima actúa pois como filtro debido ao carácter excluínte deste criterio. Polo tanto, **os proxectos que non consigan a puntuación mínima na viabilidade (tanto técnica como económica/financeira) serán rexeitados, aínda que logren a puntuación mínima de 40 puntos para que o proxecto sexa subvencionable.**

A puntuación máxima que un proxecto pode alcanzar por este criterio é de **15 puntos**.

Na memoria e no orzamento recolléranse os aspectos que sexan imprescindibles para valorar a viabilidade técnica e económica/financeira que será acompañada no seu caso, dos informes, autorizacións, certificados, proxecto técnico etc., necesarios para a valoración do proxecto.

1.1 VIABILIDADE TÉCNICA

Valoraranse diversos aspectos como:

1. O equipo técnico adscrito ao proxecto
2. A experiencia e traxectoria do promotor e experiencia no desenvolvemento de actividades similares.
3. Proxecto técnico, de ser o caso.
4. Permisos e licenzas necesarios.
5. Informes de viabilidade.
6. Uso de patentes e aplicación de procesos de I+D+I no proxecto.
7. Acreditación da dispoñibilidade dos inmobles, de ser o caso.
8. Cronograma das actuacións.

Valorarase, unha vez superada a puntuación mínima deste criterio, cun máximo de 3 puntos a obtención dos permisos e as autorizacións necesarios con anterioridade á aprobación do proxecto ou exención de condicionantes para a súa realización.

Dado o carácter excluínte deste criterio, cómpre ter unha puntuación mínima de **3 puntos** para poder ser beneficiario das axudas, sen prexuízo da obriga, así mesmo, de conseguir un total mínimo de 40 puntos.

A puntuación máxima deste criterio é de 7 puntos.

1.2. VIABILIDADE ECONÓMICA / FINANCEIRA

Valorarase a viabilidade económica do proxecto:

Valorarase a coherencia dos datos indicados na memoria e o orzamento en relación co modelo de actividade que se presenta, recursos tanto materiais como humanos comprometidos, en relación cos ingresos previstos e análise dos cocientes de viabilidade como o valor actual neto dos beneficios, taxa de rendibilidade interna e horizonte temporal de recuperación do investimento, entre outros.

Cando se trate de proxectos de beneficiario colectivo e interese colectivo ou proxectos de natureza social valorarase a coherencia dos datos indicados na memoria e o orzamento en relación ás actividades previstas e a súa dotación orzamentaria.

Valorarase a viabilidade financeira do proxecto:

Valorarase o plan de financiamento ata a recepción da axuda, dispoñibilidade dos fondos ou financiamento en firme, informes de solvencia, garantías financeiras que avalen o proxecto etc.

Dado o carácter excluínente deste criterio cómpre ter unha puntuación mínima de **3 puntos** para poder ser beneficiario das axudas, sen prexuízo da obriga, así mesmo, de lograr un mínimo de 40 puntos.

A puntuación máxima deste criterio é de 5 puntos.

1.3. COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES/ PROXECTO CONXUNTO

Valorarase o compromiso de colaboración con outras entidades, con independencia de que se presente o proxecto en conxunto ou non. Por cada entidade coa que se colabore engadirase un punto.

No caso de presentación de proxecto conxunto entre varias entidades, é dicir, como proxecto colectivo a valoración será a máxima de 3 puntos.

A puntuación máxima deste criterio é de 3 puntos

1.4. VIABILIDADE COMERCIAL OU PLAN DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN

Valoraranse aspectos tales como ter un plan comercial e de márketing e a realización dun estudo de mercado. **Cando se trate de proxectos de beneficiario colectivo e/ou interese colectivo ou proxectos de natureza social levarase a cabo unha valoración do plan de comunicación e difusión do proxecto e o seu impacto estimado para os efectos de benestar social ou capacidade de atracción no territorio.** Valoraranse as accións de difusión e comunicación do proxecto, tales como a realización de xornadas informativas, a participación da cidadanía na configuración do proxecto, a divulgación nas redes, o desenvolvemento dun plan de márketing dixital etc.

A puntuación máxima deste criterio é de 3 puntos.

2. CREACIÓN DE EMPREGO

O aumento do emprego é de vital importancia para o noso territorio e obxectivo prioritario no marco da axudas, polo que, se valora con carácter xeral.

Tamén se considera a xeración de emprego por unidade de investimento e valóranse con máis puntuación os proxectos con maior coeficiente de emprego por cada 100 000 euros de investimento subvencionable.

Ademais, perséguese a ocupación de traballadoras/es do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola noutros sectores e a diversificación económica das familias mariñeiras. A contratación de persoas procedentes do sector do mar ou familiar directo (ascendentes, descendentes ou cónxuxe) aumentará a puntuación obtida pola valoración deste criterio.

Por último, a incorporación da xente nova ao mercado laboral e as persoas maiores de 45 anos é unha constante na que temos que facer un esforzo, polo que tamén se valorará que o emprego creado vaia dirixido a estes colectivos.

A creación de emprego valorase segundo compromiso de emprego asinado por colectivo.

Este criterio esta desagregado nos seguintes subcriterios:

2.1. CREACIÓN DE EMPREGO

Valorarase con **1,5 puntos** por cada unidade de traballo-ano (UTA) que se xere. Unha UTA é o equivalente a un emprego de xornada completa, durante 12 meses.

2.2 CREACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO SEGUNDO O NIVEL DE INVERSIONES

Valorarase a creación de emprego por coeficiente (C) de empregos por cada 100 000 € de investimento de solicitado polo promotor: **C = (N.º de utas creadas/Investimento solicitado)x 100.000**. Os puntos obtidos neste apartado son o resultado de 4 puntos x C.

2.3. TRABALLADORAS/ES DO MAR

Valorarase con **2,5 puntos adicionais por cada UTA** que se xere de traballadoras/es procedentes do sector do mar ou familiar directo.

2.4. MOCIDADE E MAIORES DE 45 ANOS

Valorarase con **1,5 puntos adicionais por cada UTA** que se xere de persoas menores de 30 anos e maiores de maiores de 45 anos.

3. INCLUSIÓN DA/S PERSOA/S PROMOTORA/S EN COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EMPREGO DE COLECTIVOS DESFAVORECIDOS:

O presente criterio pretende valorar dúas cousas. Por unha banda, que o propio promotor do proxecto pertenza a un **colectivo desfavorecido ou con risco de exclusión social⁽ⁿ⁾** e, por outra banda,

que o proxecto asuma o emprego de persoal pertencente a colectivos desfavorecidos.

Valorarase a pertenza de cada persoa promotora a un **colectivo desfavorecido** con **1,5 puntos**.

Valorarase con **2 puntos** por cada unidade de traballo-ano (UTA) de persoas pertencentes a **colectivos desfavorecidos**.

Considéranse dentro dos colectivos desfavorecidos as persoas con **discapacidade⁽²⁾ superior ao 33 %**, persoas en risco de exclusión social e persoas desempregadas de longa duración (máis de 12 meses acreditados como demandante de emprego).

A puntuación máxima que un proxecto pode acadar por este criterio é de **3 puntos**.

Valorarase o compromiso de creación de emprego de persoas pertencentes a colectivos desfavorecidos.

(1) A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no artigo 3. Criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social, establece que para a valoración técnica da situación ou risco de exclusión social, e de conformidade co establecido nesta lei e na normativa de desenvolvemento, verificarase a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concorrencia dalgún dos factores de exclusión seguintes, cando esa condición supoña especiais dificultades de integración social ou laboral.

a) Estar nunha situación de cargas familiares non compartidas.

b) Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de substancias aditivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante.

c) Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero.

d) Ser unha persoa vítima de violencia doméstica.

e) Ter unha discapacidade valorada superior ao 33 %.

f) Ser inmigrante ou emigrante retornado.

g) Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.

h) Proceder de cumprimento de pena nunha institución penal.

i) Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda.

j) Pertencer a unha minoría étnica.

k) Estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.

l) Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual.

m) Calquera outro factor non previsto expresamente neste artigo sempre que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral. Esta ponderación poderá ser tamén obxecto de avaliación por parte dos técnicos da Comunidade Autónoma.

- (2) *O Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, establece, no artigo 4, que as persoas con discapacidade son as que presentan deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais, previsiblemente permanentes que, ao interactuar con diversas barreiras, poidan impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións cos demais. Ademais do establecido no punto anterior, e para todos os efectos, terán a consideración de persoas con discapacidade aquelas ás que se lles recoñecese un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.*

4. CONSERVACIÓN DOS RECURSOS E DO MEDIO

O criterio de conservación dos recursos e do medio valora que os proxectos inclúan medias medioambientais ou dalgunha maneira, directa ou indirectamente, mediante a utilización de recursos sostibles, así como as actuacións de concienciación sobre a necesidade da súa conservación.

4.1 ACTIVIDADE SOSTIBLE

Valorarase se a actividade se basea nun modelo que minimiza o uso dos recursos naturais e a xeración de materiais tóxicos ou residuos e emisións contaminantes, mediante a promoción dunha estratexia de xestión que integra a dimensión ambiental a través dun enfoque preventivo da contaminación e a administración eficiente dos recursos. Este modelo orientácese principalmente a:

- Reducir os riscos para a saúde.
- Reducir os impactos ao ambiente.
- Diminuír o uso dos recursos
- Aumentar a competitividade da actividade

Máximo 2 puntos

4.2 EXPLOTACIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS

Valorarase se o proxecto pon en valor os recursos endóxenos ou depende directamente dunha explotación sostible dos recursos endóxenos (materias primas, man de obra, provedores locais) do territorio do GALP Costa da Morte, con base no aproveitamento dos insumos do mar, a paisaxe e a produción no territorio etc.

Máximo 5 puntos

4.3 MEDIDAS PARA CONSERVAR O MEDIO E OS RECURSOS DO TERRITORIO

Valorarase con ata 2 puntos se o proxecto incorpora medidas para conservar o medio e os recursos do territorio do GALP Costa da Morte e, en xeral, medidas que consistan en:

- Apoiar a protección da biodiversidade do territorio

- Realizar a análise, o seguimento ou os controis de acceso aos recursos mariños.
- Avanzar na gobernanza efectiva e na xestión dos recursos
- Apoiar as medidas de conservación incluídas nos plans de xestión marisqueira e das algas.
- Contribuír ao deseño de solucións baseadas na natureza

Máximo 2 puntos

4.4 ACCIÓNS DE CONCIENCIACIÓN OU FORMACIÓN

Valorarase se o proxecto incorpora accións de concienciación social e/ou formación para a conservación do medio e os recursos do territorio

Máximo 2 puntos

A puntuación máxima que un proxecto pode acadar por este criterio é de **8 puntos**

5 ECONOMÍA CIRCULAR

O presente criterio pretende valorar os proxectos e as actuacións que contribúan á redución e á reutilización dos residuos. Enténdese por economía circular o modelo de produción e consumo que implica compartir, alugar, reutilizar, reparar, renovar e reciclar materiais e produtos existentes todas as veces que sexa posible para crear un valor engadido. Desta forma, o ciclo de vida dos produtos esténdese.

Valoraranse, en concreto, as seguintes medidas en relación coa economía circular:

- A reutilización, en canto o proxecto contribúe á redución e reutilización dos residuos xerados no territorio do GALP Costa da Morte
- A reciclaxe ou ecoproxectos, na medida que o proxecto contribúe á creación de novos produtos a partir de reutilizar, reparar ou reciclar materiais ou o proxecto depende total ou parcialmente de materias primas e/ou produtos procedentes da economía circular.
- O proxecto aproveita os subprodutos e os residuos da pesca e da acuicultura para darlles unha nova vida. En xeral, conseguirase a redución dos desperdicios dos produtos da pesca e dos alimentos, tendo en conta a integración da economía circular a través de toda a cadea de valor dos produtos da pesca.
- Iniciativas de economía circular, por exemplo, no caso de que o proxecto contribúa a reducir contaminación mariña a través de

iniciativas baseadas na economía circular, incluíndo a recollida de lixo mariño.

- Os produtos ligados a espazos naturais protexidos, como a Rede Natura.
- Contribuír ao obxectivo de redución da xeración de residuos alimentarios na cadea alimentaria: fogar, consumo polo miúdo, cadeas de produción e subministro.
- As accións de sensibilización e/ou formación sobre a importancia da cultura de conservación do medio e dos recursos a través do consumo responsable

A puntuación máxima deste criterio é de 3 puntos

6. IMPACTO SOBRE O TERRITORIO

Este criterio valora o impacto determinado que o proxecto terá previsiblemente no territorio de actuación ou o desenvolvemento deste, que sempre deberá ser o acoutado polo ámbito territorial da zona pesqueira GALP Costa da Morte.

Este criterio de impacto desagregámolo nos subcriterios: impacto sobre o territorio económico, social, nos concellos, medioambiental e cultural:

6.1. EFECTO ECONÓMICO OU DINAMIZADOR

Valorarase a potenciación, o fomento, a dinamización ou a promoción de sectores relacionados co mar (sempre que non impliquen aumento do esforzo pesqueiro) e a incidencia en sectores estratéxicos ou de maior dinamismo da comarca, especialmente no sector turístico e na comercialización.

Máximo 2 puntos.

6.2. SOCIAL

Valorarase a mellora da calidade de vida e o impacto no benestar da poboación da zona, a prestación de novos servizos ou a mellora dos existentes, a intensificación de equipamentos e o fomento da implicación da sociedade local no proxecto.

Máximo 2 puntos.

6.3. CONCELLOS/ TERRITORIAL

Valorarase que o impacto se produza nun ou máis concellos da zona de pesca. Cantos máis concellos abarque o proxecto maior puntuación.

Máximo 2 puntos.

6.4. CULTURAL

Valorarase o mantemento e a recuperación de elementos tradicionais, etnográficos, arquitectónicos, patrimonio histórico, cultura mariñeira...

Máximo 2 puntos.

A puntuación máxima que un proxecto pode acadar por este criterio é de **8 puntos.**

7. TRANSFORMACIÓN DIXITAL, CARÁCTER INNOVADOR E PROMOCIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Este criterio pretende valorar os proxectos que incidan ou afecten positivamente na transformación dixital, a xeneralización e o uso intensivo das novas tecnoloxías e a inclusión na sociedade da información.

Por outra banda, non soamente se vai valorar o uso de novas tecnoloxías, senón tamén a singularidade do proxecto e a contribución ou colaboración con entidades de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+I), especialmente do sector do mar.

A puntuación máxima que un proxecto pode acadar por este criterio é de **8 puntos.**

Este criterio desagregase nos seguintes subcriterios:

7.1. UTILIZACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS

Valorarase a utilización das novas tecnoloxías, especialmente das relacionadas coa sociedade da información e comunicación, como por exemplo, o uso das TIC:

- Na cadea de valor da pesca ou na posta en valor dos produtos do mar do territorio GALP Costa da Morte
- Para promover no sector pesqueiro, recompilación, control, xestión e observancia eficientes, que permitan a toma de decisións baseadas en datos.
- Co fin de incrementar a rastreabilidade (identificación da orixe de produtos e provedores locais destes ou doutros sectores) dos recursos do territorio GALP Costa da Morte
- Para mellorar a súa eficiencia enerxética
- Perseguindo reducir o consumo de materias primas e materiais
- Para reducir a pegada de carbono

- Co fin de mellorar a competitividade
- Nas accións de difusión, comunicación do proxecto ou fomento da participación e coñecemento da cidadanía.
- Aplicadas aos servizos de natureza social ou intervencións que necesita a comunidade local para lograr os cambios que quere acadar

Incluído en todos os casos a realización de accións de sensibilización e/ou formación sobre o uso das TIC.

Máximo 5 puntos.

7.2. SINGULARIDADE DO PROXECTO/ CARÁCTER INNOVADOR:

Valorarase que non exista ningún proxecto de semellantes características a nivel local ou no territorio de actuación, ou ben que existindo se adopte un enfoque totalmente innovador.

Segundo a definición que figura no artigo 5. Punto 4. d) da Orde do 10 de maio de 2022, entendese por innovación no contexto local a introdución de novas ideas na zona (novos mercados, produtos, servizos, métodos de traballo, incluída a innovación social).

Valorarase a colaboración no proxecto de entidades de I+D+I como universidades e o ecosistema e empresas de I+D+i.

Máximo 5 puntos.

8. MITIGACIÓN E/ OU ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO E TRANSICIÓN ENERXÉTICA

Neste criterio valorarase que os proxectos ou accións inclúan medidas para reducir os riscos, limitar os impactos ou reducir as vulnerabilidades fronte ao cambio do clima dos sistemas humanos e naturais. Perséguese facilitar a transición dos sectores do territorio aos efectos do cambio climático.

Tamén se valora o conxunto de cambios nos modelos de produción, distribución e consumo da enerxía para evitar as emisións de gases de efecto invernadoiro previstos nos proxectos ou nas accións a desenvolver.

Valoraranse en concreto as seguintes accións en relación coa adaptación ao cambio climático:

- **A mitigación da vulnerabilidade do territorio, de tal forma que o proxecto incorpore medidas para mitigar a vulnerabilidade do**

territorio fronte ao cambio climático, como por exemplo as solucións baseadas na natureza, o reforzo de infraestruras destinadas a dar apoio ao sector pesqueiro ante eventos meteorolóxicos derivados do cambio climático, así como estratexias de xestión ante o potencial incremento de especies foráneas e con efectos non desexados nos ecosistemas, entre outros.

- **Promoción dun impacto neutro ou positivo, de tal forma que o proxecto incorpora medidas para mitigar e minimizar os imprevistos derivados do cambio climático.** Tamén se terá en conta que o proxecto promove un impacto medioambiental neutro ou positivo, con cero emisións de CO₂, por exemplo, mediante todo tipo medidas de compensación, como poden ser a utilización de equipamento que dispoña de certificación de baixas emisións, a aplicación de principios de economía circular, a eficiencia enerxética de edificios, as instalacións e servizos ou o uso certificado de enerxía renovable.
- **Outras medidas**, como por exemplo que o proxecto colabore con outras entidades co obxecto de mellorar a súa adaptación ao cambio climático, así como a recollida de información por parte do sector pesqueiro e marisqueiro para ter en conta nas redes de información e seguimento do cambio climático.
- **Medidas de sensibilización e formación.** É dicir, o proxecto realizada accións de sensibilización e/ou formación sobre a importancia da adopción de medidas que axuden a mitigar os efectos do cambio climático

Valoraranse accións ou medidas en relación coa transición enerxética:

- Proxectos que utilicen fontes de enerxías limpas e contribúan a reducir as emisións de carbono
- As accións que contribúan a converter ao sector pesqueiro en hipocarbónico
- Proxectos eficientes dende o punto de vista enerxético. Por exemplo, se aforra auga, estarase aforrando enerxía case na mesma proporción, e ademais redúcese a contaminación. En xeral, valórase a eficiencia enerxética de empresas e infraestruturas da economía azul, apoiando a neutralidade climática do territorio.
- Accións que se leven a cabo nos portos na procura de cero emisións.
- Proxectos que contribúan a unha cadea de valor de produtos do mar cun impacto medioambiental neutro ou positivo.
- A **procura da autosuficiencia**, é dicir, o proxecto é autosuficiente dende o punto de vista enerxético total o parcialmente.

- **Sensibilización e formación**, promóciónanse proxectos que contribúan a sensibilizar e/ou formar sobre a importancia dunha cultura de aforro enerxético

A puntuación máxima que un proxecto pode acadar por este criterio é de **6 puntos**.

9. CREACIÓN DE EMPREGO/ IGUALDADE DE OPORTUNIDADES:

A igualdade de oportunidades é un criterio de grande importancia, polo que a súa puntuación máxima é de **8 puntos**.

Ademais hai que ter en conta que é un aspecto transversal polo que todos os proxectos terán que ter unha certa incidencia sobre esta e deberán incorporar medidas específicas de igualdade de xénero.

Este criterio desagregase nos subcriterios seguintes:

9.1 PROMOCIÓN DO PROXECTO POR MULLERES OU PORCENTAXE DE REPRESENTACIÓN DE MULLERES NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

Valorarase tanto a participación de mulleres como promotoras do proxecto, como a súa participación nos órganos de dirección das entidades promotoras, e tamén o número de mulleres que ocupen postos de responsabilidade e dirección no proxecto.

Máximo 2 puntos.

9.2 EMPREGO FEMININO XERADO

Valorarase a creación de emprego feminino vinculado á execución do proxecto.

1,5 Puntos por cada unidade de traballo-ano de mulleres.

9.3 EXISTENCIA OU COMPROMISO DE EXECUCIÓN DUN PLAN DE IGUALDADE DE XÉNERO OU MEDIDAS ESPECÍFICAS DE IGUALDADE

Valorarase a existencia dun plan de igualdade de xénero nas empresas ou entidades que xa estean creadas ou o compromiso expresado na memoria e orzamento para as empresas ou entidades que se vaian crear de implantar o devandito plan.

Valorarase a existencia de medidas específicas nas organizacións ou nos proxectos para o fomento de igualdade de xénero, por exemplo:

- Mellora e diversificación da oferta de recursos de conciliación a través da posta en marcha de novos servizos de atención á infancia.
- Apoio e difusión de iniciativas que favorezan a coordinación dos horarios laborais, escolares, comerciais e institucionais.
- Información e sensibilización social sobre as vantaxes da harmonización de tempos, a conciliación corresponsable e as medidas para facilitala.
- Mantemento das actividades e recursos complementarios á escolarización que facilitan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral de mulleres e homes.
- Estímulo ao desenvolvemento desde as entidades locais de programas e medidas que favorezan a conciliación.
- Impulso da formación non presencial e xuste dos horarios das accións formativas dirixidas ás persoas traballadoras.
- Implantación de medidas de conciliación, flexibilización e racionalización horaria no ámbito empresarial.
- Difusión e promoción da eliminación da fenda salarial de xénero, garantindo a eliminación de desigualdades retributivas e a implantación medidas correctoras.
- Realización de accións de capacitación e mellora das competencias das mulleres para facilitar a súa incorporación ao sector pesqueiro.
- Deseño e execución de accións para o recoñecemento e a posta en valor do traballo das mulleres do mar.
- Desenvolvemento de accións divulgativas e de acercamento das mulleres ás tecnoloxías da información e da comunicación para que tomen conciencia da importancia do seu uso.
- Realización de accións de sensibilización, formación e visibilización da participación feminina que promovan o apoderamento e a toma de conciencia de xénero entre as mulleres do territorio.
- Oferta de servizos de atención e acompañamento ás mulleres en situación de vulnerabilidade no ámbito local.
- Apoio ás organizacións, redes e grupos de mulleres con discapacidade para avanzar no seu apoderamento individual e colectivo.

Máximo 2 puntos.

9.4 PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DE COLECTIVOS DESFAVORECIDOS

Valorarase a porcentaxe de persoas implicadas no proxecto pertencentes a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, con base na **definición establecida no criterio 3, tomando como base a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.**

Valorarase a inclusión no proxecto e o seu impacto en colectivos que teñan menos oportunidades na sociedade actual, como son as persoas con algunha discapacidade ou as persoas en risco de exclusión social.

Máximo 2 puntos

9.5. ACCESIBILIDADE

Valoraranse os proxectos que vaian máis aló das normas de obrigado cumprimento na materia (Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade).

Valoraranse os proxectos que, dentro das súas actuacións, ben sexan arquitectónicas, urbanísticas, de TIC, electrónicas ou de comunicación, sexan compresibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de comodidade, de forma autónoma e segura.

Máximo 2 puntos

10. PROMOTOR DO SECTOR PESQUEIRO

A Orde do 10 de maio de 2022, pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria do ano 2022 para a selección de estratexias de desenvolvemento local participativo, establece na súa exposición de motivos que **as estratexias terán un enfoque importante no sector pesqueiro**. O sector e os pescadores están cada vez máis expostos a riscos económicos e medioambientais, debido, entre outras causas, ao cambio climático, á redución das capturas, á volatilidade dos prezos e a un recurso cada vez máis limitado, polo que a EDLP debe contribuír especialmente ao desenvolvemento do sector.

Este apartado valora con 10 puntos os proxectos de promotores do sector pesqueiro.

Considéranse promotores do sector pesqueiro as confrarías de pescadores, as asociacións do sector pesqueiro e marisqueiro, as

asociacións de redeiras, as pemes do sector pesqueiro e da acuicultura, mariñeiros e persoas en activo no sector do mar.

11 ADECUACIÓN COA ESTRATEXIA DO GALP COSTA DA MORTE

A adecuación coa Estratexia é un criterio de transcendental importancia, polo que a puntuación máxima é de **12 puntos**.

Valorarase a coherencia do proxecto cos obxectivos estratéxicos do GALP Costa da Morte.

Este criterio desagregase nos seguintes subcriterios:

11.1 COMERCIALIZACIÓN OU TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS PESQUEIROS

A comercialización e a transformación dos produtos pesqueiros son actuacións prioritarias dentro da Estratexia do GALP Costa da Morte, por canto supoñen un incremento do valor engadido que pode percibir o sector do mar. Valoraranse as iniciativas que favorezan a comercialización ou transformación dos produtos pesqueiros e as actuacións na cadea de valor dos produtos pesqueiros.

A puntuación máxima deste subcriterio é de 4 puntos.

11.2 FOMENTO DA ECONOMÍA AZUL E DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR DO MAR

Valoraranse as iniciativas que, directa ou indirectamente, favorezan a diversificación do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, que impliquen unha diminución progresiva do esforzo pesqueiro e a adquisición de novas capacidades polos profesionais do mar que teñan como obxectivo un desenvolvemento sostible das zonas de pesca, así como a colaboración entre as distintas actividades da economía azul do territorio, tendo en especial consideración o incremento da competitividade do sector pesqueiro.

A puntuación máxima deste subcriterio é de 4 puntos.

11.3 IMPULSO AO APROVEITAMENTO AMBIENTAL DO TERRITORIO

Valóranse todas as iniciativas que dean lugar ao mantemento do valor ambiental, a formación e capacitación en materia medioambiental, a preservación, conservación, vixilancia e recuperación de explotacións marisqueiras, a aplicación das novas tecnoloxías para o mellor coñecemento do medio e a difusión do patrimonio cultural.

A puntuación máxima deste subcriterio é de 4 puntos.

11.4 FOMENTO DO BENESTAR SOCIAL E DO PATRIMONIO CULTURAL

Valóranse todas as iniciativas que dan lugar á recuperación de elementos patrimoniais do territorio, as accións vinculadas co xeodestino Costa da Morte, a aplicación das TIC como ferramenta de contidos e difusión e, en xeral, as actividades baseadas no patrimonio cultural.

A puntuación máxima deste subcriterio é de 4 puntos.

11.5.REFORZO DA GOBERNANZA NO SECTOR PESQUEIRO

Valoraranse a colaboración dentro do propio sector pesqueiro ou con outros sectores, a creación de espazos de encontro, ferramentas incluídas, as dixitais, que melloren a xestión e o recursos pesqueiros, a inclusión de medidas que incrementen as actividades e o papel do sector pesqueiro na sociedade en xeral.

Valoraranse os proxectos dos sectores tradicionais do sector pesqueiro, marisqueo e acuicultura que xeren novas actividades, aseguren a evolución do sector pesqueiro, e melloren a xestión das explotacións ou a ampliación das competencias do sector.

A puntuación máxima deste subcriterio é de 4 puntos.

A continuación amósase a matriz multicriterio elaborada a partir dos criterios e subcriterios antes definidos e explicados.

Na presente matriz podemos observar os criterios e subcriterios definidos no apartado anterior, así como unha columna indicando o valor mínimo (filtro) de determinados criterios e subcriterios que pola súa importancia teñen este carácter.

Cando o valor non indica unha puntuación mínima requirida, quérese salientar que o mencionado criterio non é filtro e, polo tanto, poderá obterse a axuda aínda que se consigan 0 puntos, tendo en conta que o valor mínimo total, suma das puntuacións de todos os criterios, é de 40 puntos.

Na matriz tamén podemos ver unha columna referida ao valor máximo de cada criterio. Enténdese, pois, que un proxecto non poderá acadar máis puntuación por un criterio que a establecida como máxima na respectiva columna. Con isto preténdese que os proxectos teñan que incidir en máis dun criterio para poder lograr unha boa puntuación.

MATRIZ MULTICRITERIO			
N.º	CRITERIOS	VALOR MÍNIMO	VAL. MÁX.
1	VIABILIDADE:	6	15
1.1	TÉCNICA	3	7
1.2	ECONÓMICA/FINANCEIRA	3	5
1.3	COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES / PROXECTO CONXUNTO		3
1.4	COMERCIAL / PLAN DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN		3
2	CREACIÓN DE EMPREGO	0	19
2.1	CREACIÓN DE EMPREGO		
2.2	TRABALLADORAS/ES DO MAR E FAMILIA MARIÑEIRA ATA O 1º GRAO		
2.3	TRABALLADORAS/ES COCIENTE INVESTIMENTO		
2.4	MOCIDADE OU MAIORES DE 45		
3	CREACIÓN DE EMPREGO/ INCLUSIÓN DO PROMOTOR EN COLECTIVOS DESFAVORECIDOS	0	3
4	PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE E CONSERVACIÓN DOS RECURSOS E DO MEDIO	0	8
4.1	ACTIVIDADE SOSTIBLE		2
4.2	EXPLOTACIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS		5
4.3	MEDIDAS PARA CONSERVAR O MEDIO E OS RECURSOS DO TERRITORIO		2
4.4	ACCIÓNS DE CONCIENCIACIÓN OU FORMACIÓN		2
5	ECONOMÍA CIRCULAR	0	3
6	IMPACTO SOBRE O TERRITORIO	0	8
6.1	EFFECTO ECONOMICO OU DINAMIZADOR		2
6.2	SOCIAL		2
6.3	CONCELLOS / TERRITORIAL		2
6.4	CULTURAL		2
7	TRANSFORMACIÓN DIXITAL, INNOVACIÓN E PROMOCIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS	0	8
7.1	UTILIZACION NOVAS TECNOLOXÍAS (INCLUIDAS AS TIC)		5
7.2	SINGULARIDADE DO PROXECTO/CARÁCTER INNOVADOR		5
8	MITIGACIÓN E/OU ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO E TRANSICIÓN ENERXÉTICA	0	6
9	CREACIÓN DE EMPREGO/IGUALDADE DE OPORTUNIDADES	0	8
9.1	PROMOCIÓN DO PROXECTO POR MULLERES OU PORCENTAXE DE REPRESENTACIÓN DE MULLERES NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN		2
9.2	EMPREGO FEMININO XERADO		
9.3	EXISTENCIA OU COMPROMISO DE EXECUCIÓN DUN PLAN DE IGUALDADE DE XÉNERO		2
9.4	PARTICIPACIÓN DE COLECTIVOS DESFAVORECIDOS		2
9.5	ACCESIBILIDADE		2
10	PROMOTOR DO SECTOR PESQUEIRO	0	10
11	ADECUACIÓN COA ESTRATEXIA DO GALP COSTA DA MORTE	0	12

11.1	COMERCIALIZACIÓN OU TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS PESQUEIROS		4
11.2	DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR DO MAR		4
11.3	IMPULSO DO APROVEITAMENTO AMBIENTAL DO TERRITORIO		4
11.4	FOMENTO DO BEN ESTAR SOCIAL E DO PATRIMONIO CULTURAL		4
11.5	REFORZO DA GOBERNANZA NO SECTOR PESQUEIRO		4
TOTAL		40	100

Para os casos en que a aplicación do baremo dea lugar a un empate entre proxectos, propónse a seguinte orde de preferencia e as seguintes regras de actuación:

1º Empregos creados.

2º Adecuación coa EDLP GALP Costa da Morte (puntuación do apartado 11).

3º Proxecto promovido polo sector pesqueiro.

4º Igualdade de oportunidades (puntuación do apartado 9).

5º Viabilidade (puntuación do apartado 1).

6º De manterse o empate, rexistro de entrada no GALP Costa da Morte.

CRITERIOS SE SELECCIÓN PARA OS PROXECTOS DE COOPERACIÓN

CRITERIOS		VALOR MÍNIMO	VALOR MÁXIMO
1.CALIDADE DA PROPOSTA		0	20 PUNTOS
1.1 Abordan necesidades identificadas nas estratexias		0	5 puntos
1.2 Grado de cobertura dos obxectivos estratéxicos	OE 1	0	1 punto
	OE 2	0	1 punto
	OE 3	0	1 punto
	OE 4	0	1 punto
	OE 5	0	1 punto
1.3 Coherencia entre orzamento e as actividades		0	5 puntos
1.4 Capacidade de execución: traxectoria da entidade, experiencia e capacidade da entidade para realizar o proxecto		0	5 puntos
2. NUMERO DE ENTIDADES PARTICIPANTES		0	30 PUNTOS
2.1 Número de GALP participantes de Galicia	8	0	30 puntos
	7	0	20 puntos
	6	0	15 puntos
	5	0	10 puntos
	4	0	5 puntos
	3	0	2 puntos
	2	0	1 punto
2.2. Número de GALP doutras Comunidades Autónomas ou países membros da UE, así como asociacións público-privadas que implementen unha EDLP (galegas, nacionais ou europeas)	3 ou máis	0	15 puntos
	2 a 3	0	7 puntos
	1	0	2 puntos
2.3 Colaboración con outras entidades de interese	3 ou máis	0	10 puntos
	2 a 3	0	5 puntos
	1	0	1 punto
3 IMPACTO DO PROXECTO EN DETERMINADOS COLECTIVOS ESTRATÉXICOS		0	20 PUNTOS
3.1 Proxecto que contribúa á promoción ou desenvolvemento dos colectivos de mulleres, mocidade, inclusión social e diversidade funcional	Mulleres	0	5
	Mocidade (ata 40 anos)	0	5
	Inclusión social	0	5
	Diversidade funcional	0	5
4. CONTRIBUCIÓN DO PROXECTO AO MARCO ESTRATÉXICO		0	30 PUNTOS
4.1. Transformación dixital		0	6 puntos
4.2 Transformación ecolóxica: transición enerxética		0	6 puntos
4.3 Transformación ecolóxica: adaptación ao cambio climático		0	6 puntos
4.4. Sostibilidade: economía circular		0	6 puntos
4.5 Sostibilidade: diversificación cara sectores da economía azul		0	6 puntos

Puntuación mínima: 30 puntos.

Desempate: segundo os criterios de selección pola orde establecida

7.2.4 Procedemento de selección

Ausencia de conflito de interese na toma de decisións

O GALP, de ampla base democrática, rexeráse polo sistema de autogoberno e polo principio de representación, a través dos órganos de consulta e de goberno seguintes:

O GALP Costa da Morte réxese polo principio de portas abertas polo que se garante que ao longo de todo o período de execución da estratexia, de todas aquelas entidades con implantación local que, reunindo todos os requisitos exixidos para adquirir a condición de asociados, soliciten a súa incorporación.

Na toma de decisións, as persoas representantes das entidades directamente interesadas no asunto non poderán estar presentes no debate e deberán absterse nas votacións. Por outra parte, garántese que se evitará calquera conflito de intereses, de maneira que nas tomas de decisións dos órganos do GALP se deberán asinar as correspondentes declaracións de ausencia de interese (DACI), que quedarán perfectamente documentadas e formarán parte do expediente.

Por outra banda, terase especial coidado no cumprimento da obriga establecida no artigo 27 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia relativa á prohibición de concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario. Para estes efectos, este extremo tamén se recollerá na DACI.

Nas reunións da Xunta Directiva

A Xunta Directiva reunirse, con carácter ordinario, dúas veces ao ano e, con extraordinario, cando, pola urxencia dos asuntos a tratar, o dispoña a Presidencia ou ben o solicite razoadamente algún ou algúns dos seus membros, sendo obrigada a asistencia dos mesmos, agás por causa xustificada.

As reunións da Xunta Directiva serán convocadas por escrito, con indicación da orde do día. As ordinarias convocaranse cunha antelación de setenta e dúas horas, e as extraordinarias con vinte e catro horas de antelación, polo procedemento máis adecuado, podéndose utilizar comunicacións vía enderezo electrónico.

Na toma de decisións, os representantes das entidades directamente interesadas no asunto non poderán estar presentes no debate e deberán absterse nas votacións. Por outra parte, garántese que se evitarán calquera conflito de intereses, de maneira que nas tomas de decisións dos órganos do GALP, se deberán asinar as correspondentes declaracións de ausencia de

interese (DACI), que quedarán perfectamente documentadas e formarán parte do expediente.

Por outra banda, terase especial coidado no cumprimento da obriga establecida no artigo 27 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia relativa á prohibición de concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario. Para estes efectos, este extremo tamén se recollerá na DACI

Procedemento de selección de proxectos de cooperación

- 1) Xunta Directiva: órgano de goberno que decide que se realice un proxecto de cooperación.
- 2) Xerente: elabora o proxecto, busca socios, completa a documentación necesaria establecida na orde de bases.
- 3) Xunta directiva do grupo coordinador¹: acorda a presentación do proxecto de cooperación ante a Consellería do Mar.
Xunta directiva do grupo socio: acorda a presentación do proxecto e designa ao grupo coordinador.
- 4) Consellería do Mar :a Consellería do Mar realizará un control administrativo da solicitude.
O órgano encargado da ordenación e instrución do procedemento será un servizo do OIG, que realizará de oficio, cantas actuacións coide necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

Se a solicitude non reúne todos os requisitos das bases reguladoras efectuará requirimento de emenda, coa indicación de que, se non o fixer, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

O órgano instructor emitirá informe sobre o cumprimento dos requisitos da convocatoria, incluída a elixibilidade, que trasladará ao Comité de selección a través do GALP coordinador.

- 5) Comité de selección:
 - a) Formado polos representantes designados polos 8 GALP (1 persoa/grupo) que non participaron na decisión de elaborar un proxecto, na elaboración do mesmo nin na decisión do grupo de presentar a axuda. Designarase unha persoa titular e una suplente. A súa composición será:
 - i) Técnicos/as dos grupos (non participaron na elaboración do proxecto) no caso de que formen parte do equipo técnico.

¹ O GALP coordinador é o interlocutor coa consellería para proporcionar toda a información requirida, e é designado por acordo dos grupos participantes do proxecto.

- ii) Membros cualificados da asemblea que non sexan membros da Xunta Directiva (non participaron na toma de decisión do acordo de realización e presentación do proxecto).
 - iii) Designaranse suplentes entre os membros da Asemblea que non formen parte da Xunta Directiva.
 - iv) Pódense designar asesores: persoal experto con voz e sen voto.
- b) Designación dun presidente/a e secretario/a entre os membros do comité.
- c) O Comité avalía e aplica os criterios de selección establecidos. Os criterios son únicos e estarán recollidos nas estratexias dos grupos.
- d) O Presidente/a do Comité fórmula proposta de resolución ao órgano concedente que indicará de forma individualizada os beneficiarios, os proxectos seleccionados, as accións para as que se propón subvención, así como o importe para cada unha delas.
- e) Os expedientes que non cumpran coas esixencias das bases ou a normativa de aplicación, de acordo co informe do servizo instrutor da Consellería do Mar, quedarán a disposición do Comité que formulará proposta de resolución desestimatoria ou de inadmisión, segundo o caso.
- 6) Consellería do Mar: Aproba os proxectos de cooperación.

8. PLAN FINANCEIRO



8. Plan financeiro

A continuación estímase o orzamento total da estratexia por anualidades e da estratexia por obxectivos.

Táboa 11. Plan financeiro da estratexia por anualidades

TIPOLOXÍA DE GASTO (Datos en euros)		2023	2024	2025	2026	Total	%
TOTAL APLICACIÓN EDLP		608.259,51	1.671.933,37	1.671.933,37	1.671.933,34	5.624.059,60	80,08%
CUSTOS DE XESTIÓN, SEGUIMENTO e AVALIACIÓN da EDLP e a súa animación (máx. 20%)	FUNCIONAMENTO	238.789,41	269.221,52	269.221,52	416.714,27	1.193.946,72	17,00%
	ANIMACIÓN	41.041,93	46.272,44	46.272,44	71.622,76	205.209,57	2,92%
	TOTAL CUSTOS DE XESTIÓN	279.831,34	315.493,96	315.493,96	488.337,03	1.399.156,29	19,92%
TOTAL		888.090,85	1.987.427,33	1.987.427,33	2.160.270,37	7.023.215,89	100%

Táboa 12. Plan financeiro da estratexia por obxectivos

PLAN FINANCIERO (Datos en euros)						
OBXECTIVOS	2023	2024	2025	2026	TOTAL	%
TOTAL OBXECTIVO 1	266.854,38	632.802,86	632.802,86	632.802,85	2.165.262,95	38,50%
TOTAL OBXECTIVO 2	0,00	656.140,29	656.140,29	656.140,28	1.968.420,86	35,00%
TOTAL OBXECTIVO 3	0,00	159.348,36	159.348,36	159.348,35	478.045,07	8,50%
TOTAL OBXECTIVO 4	276.488,63	123.426,07	123.426,07	123.426,08	646.766,85	11,50%
TOTAL OBXECTIVO 5	64.916,50	53.348,63	53.348,63	53.348,62	224.962,38	4,00%
TOTAL OBXECTIVO 6	0,00	46.867,16	46.867,16	46.867,16	140.601,49	2,50%
TOTAL	608.259,51	1.671.933,37	1.671.933,37	1.671.933,34	5.624.059,60	100,00%

A porcentaxe de orzamento destinado o sector pesqueiro é de máis do 50 %. Este feito evidénciase nas porcentaxes do orzamento destinado aos obxectivos estratéxicos OE1, OE2, OE 3 e O5 que supoñen o 87,5 % deste, con destino principalmente a proxectos de apoio ao sector pesqueiro. Con todo, seguindo o artigo 20 da Orde do 10 de maio de 2022, co obxecto de impulsar unha maior flexibilidade na xestión financeira da EDLP, o GALP poderá transferir un 15 % da asignación financeira entre obxectivos estratéxicos, logo

de comunicación á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, e sen necesidade de autorización previa. A entidade achegará a EDLP coas modificacións introducidas no plan financeiro.

Establécese que un proxecto pertence ao sector da pesca cando cumpre un dos seguintes criterios:

1. Provee produtos e/ou servizos para exercer a captura/produción, procesado, transformación e/ou comercialización dos produtos pesqueiros.
2. Proporciona apoio técnico para a xestión dos recursos e/ou do medio mariño.
3. Capacita a operadores en activo ou futuros operadores do sector pesqueiro, pescadores e redeiras mediante a formación, sempre e cando o contido abranxa calquera das actividades descritas no punto 1.
4. Promove o consumo dos produtos do mar locais das zonas pesqueiras, sempre que o beneficiario sexa unha entidade do sector pesqueiro ou unha entidade pública coa participación ou en colaboración cunha entidade do sector pesqueiro.
5. É promovido por un operador do sector, agás os proxectos orientados á diversificación cara a actividades económicas fóra do sector pesqueiro. A pesca-turismo considérase como parte da actividade pesqueira e o turismo mariñeiro no marisqueo como parte da actividade marisqueira.
6. Beneficia de xeito directo o conxunto do sector pesqueiro e da acuicultura da zona pesqueira (posta en valor do patrimonio cultural e ambiental pesqueiro etc.)

A verificación de cada punto da definición anterior levarase a cabo con distinto alcance tendo en conta os seguintes criterios:

1. Para a definición do punto 1, verificarase:
 - a. Actividade detallada na memoria dos proxectos
 - b. Inclusión no cuestionario da memoria dos proxectos da descrición concreta dos produtos ou servizos, seleccionando algunha das seguintes opcións: a) captura/ produción b) transformación c) comercialización
2. Para a definición do punto 2, verificarase:
 - a. Análise da memoria dos proxectos
 - b. Inclusión na memoria da seguinte cuestión: Sección X. Descrición do proxecto ou programa de actividades que se vai desenvolver. Actividades do proxecto.
 - c. Inclusión na memoria da seguinte cuestión: indique se o proxecto proporciona apoio técnico para a xestión dos recursos e do medio mariño. Se a resposta é si, especifique que tipo de apoio: a) tecnolóxico b) procesos c) organización
3. Para a definición do punto 3, verificarase:
 - a. A memoria do programa provisional de formación

- b. O beneficiario facilitará o programa ao longo do proceso de verificación
- 4. Para a definición do punto 4, verificarase:
 - a. Memoria dos proxectos
 - b. Para os proxectos promovidos por entidades públicas detallarase a descrición das actividades de colaboración co sector pesqueiro
- 5. Para a definición do punto 5, verificarase:
 - a. O perfil da/o promotor/a
- 6. Para a definición do punto 6, verificarase:
 - a. O beneficiario dos proxecto

9. O GRUPO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO (GALP)



9-O grupo de desenvolvemento local do sector pesqueiro (GALP)

9.1 A asociación

O GALP Costa da Morte constitúese en setembro de 2008. É unha entidade sen ánimo de lucro integrada, á súa vez, por un conxunto de axentes públicos e privados representativos do territorio, con especial protagonismo dos pertencentes e relacionados co mundo pesqueiro. Neste senso, forman parte do GALP Costa da Morte entidades que acreditan unha longa traxectoria en proxectos de desenvolvemento local, en especial relevancia na zona:

- As nove entidades públicas locais do territorio
- Todas as asociacións do sector pesqueiro: as sete confrarías de pescadores, as dúas agrupacións de mariscadoras e dúas asociacións de redeiras.
- Oito asociacións empresariais e a Asociación Profesional do Sector Turístico da Costa da Morte.
- As fundacións de interese galego Afundación (Abanca) e Fundación Torre Pujales.
- Un total de 21 asociacións do sector social, entre as que se encontran, a Asociación Íntegro, que promove a integración das persoas con diversidade funcional nas comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra; e asociacións de mulleres, de nais e pais, deportivas e veciñais, entre outras.

O GALP Costa da Morte, dende a súa creación, foi adquirindo unha ampla experiencia no desenvolvemento local participativo, debido, por un lado, á xestión dos programas de Grupos de Acción Costeira 2007-2013 e GALP 2014-2020, con preto de 100 proxectos aprobados en ambos os programas que mobilizaron preto de 20 millóns de euros (axuda + investimento privado), con máis de 2,6 millóns de euros en gastos de xestión e dinamización do territorio. Creáronse 234 postos de traballo, dos cales 141 corresponden a mulleres, así como 35 novas empresas, e contribuíuse a consolidar máis de 200 empregos de 19 empresas que ampliaron a súa actividade a través do programa de axudas.

O GALP ten como obxecto social colaborar na gobernanza do territorio, participando activamente na construción da capacidade organizativa da zona pesqueira e servindo de núcleo de converxencia e representación das persoas particulares, entidades e axentes socioeconómicos con interese no desenvolvemento integral e equilibrado da zona. Ten entre os seus fins principais os seguintes :

- Contribuír á dinamización local, incluíndo a creación de emprego, a diversificación da economía local e a mellora do benestar social.
- Potenciar a gobernanza local, a animación e a innovación social.
- Elaborar e aplicar estratexias de desenvolvemento local participativo (en diante EDLP) multisectoriais e integradas que respondan ás necesidades da zona pesqueira local.

- Seleccionar operacións no marco dunha EDLP para as medidas recollidas no FEMP e no FEMPA, no desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras.
- Xerar capacidade nos axentes locais para desenvolver e levar á práctica as operacións para a implementación da EDLP e tamén fomentar a súa capacidade para xestionar proxectos.
- Reforzar o papel da muller, a través de medidas que favorezan a igualdade de xénero e a non discriminación.
- Promover o desenvolvemento sostible poñendo en valor o patrimonio ambiental co fin de realizar unha utilización eficiente dos recursos naturais, así como promover a recuperación do patrimonio cultural e medioambiental mediante a súa explotación sostible.
- Apoiar actuacións dirixidas a potenciar e engadir valor ás actividades e produtos da pesca.
- Promover a cooperación interterritorial e transnacional con outras asociacións ou organizacións que leven a cabo estratexias de desenvolvemento local.
- Participar en cantas iniciativas zonais, rexionais, nacionais e internacionais que contribúan a potenciar o desenvolvemento socioeconómico do sector pesqueiro da zona
- Servirlles ás entidades asociadas de centro receptor, canalizador e distribuidor de toda a información relativa ao campo de acción do desenvolvemento local e rexional.
- Realizar a prospección e promover o coñecemento das dotacións, recursos e proxectos existentes no territorio en cada momento.
- Ser factor de sensibilización das administracións, entidades públicas e privadas, así como as institucións comunitarias europeas, co obxecto de poder optimizar o aproveitamento dos recursos endóxenos da zona para o seu desenvolvemento harmónico, equilibrado, sostible e integral
- Posibilitar entre as persoas integrantes das asociacións o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo e intervención no ámbito do desenvolvemento zonal e rexional.

9.2 Relación de entidades socias

Táboa 13. Relación de entidades socias do GALP

N.º	Denominación	NIF	Domicilio social	Localidade	C. P.	Representante	Sexo	Sector	Tipoloxía	Data de adhesión	Data de constitución	N.º de asociados
1	Agrupación de Mariscadoras do Estuario de Anllóns.	G15234727	A Carballa	Cabana	15149	Julia Haz Barrientos	Muller	Pesqueiro	Asociación do sector pesqueiro	10/09/2008	22/11/1987	25
2	Concello da racha.	P1504200E	Av. Finisterre s/n	A Laracha	15145	José Manuel López Varela	Home	Público	Entidade pública local	10/09/2008	Non consta	Entidade pública
3	Asociación Integro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra	G15173263	A Pedra. Nantón	Cabana	15149	Adolfo López Baña	Home	Social	Asociación social	10/09/2008	06/03/1992	575
4	Asociación Profesional de redeiras "O Fieital" de Malpica	G15923022	Muelle Sur, 48	Malpica	15113	María de los Ángeles Mille Rodríguez	Muller	Pesqueiro	Asociación do sector pesqueiro	10/09/2008	20/08/2004	26
5	Confraría de Pescadores de Malpica	G15031511	Vilafano	Malpica	15113	Pedro Pérez Martelo	Home	Pesqueiro	Confraría de Pescadores	10/09/2008	Non consta	216
6	Confraría de Pescadores de Caión da Laracha	G15046832	Plaza Vila y Fano s/n. Caión	A Laracha	15145	Evaristo Lareo Viñas	Home	Pesqueiro	Confraría de pescadores	10/09/2008	1929	20
7	Concello de Cabana de Bergantiños	P1501400D	A Carballa s/n	Cabana	15149	José Muíño Domínguez	Home	Público	Entidade pública local	10/09/2008	Non consta	Entidade pública
8	Confraría de Pescadores Virxe da Barca	G15033913	Porto s/n	Muxía	15124	Daniel Castro Fernández	Home	Pesqueiro	Confraría de pescadores	10/09/2008	Non consta	184
9	ANPA Colexio Joaquín Rodríguez Otero de Buño	G15327018	Buño	Malpica	15111	Rosa Español Moreira	Muller	Social	Asociacións de nais e pais	10/09/2008	Non consta	53

10	Clube Deportivo "Unión Deportiva Cerqueda de Malpica"	G15355571	Cerqueda	Malpica	15113	Daniel García Reigía	Home	Social	Asociación deportiva	10/09/2008	12/12/1991	100
11	Asociación de Palilleiras As Menanquiñas	G15518301	Rúa Torre	Vimianzo	15129	Mª Benedicta Mouzo Romero	Muller	Social	Asociación social	10/09/2008	12/01/1995	56
12	Concello de Camariñas	P150116001	Praza de Insuela, 57	Camariñas	15123	Sandra Insua Rial	Muller	Público	Entidade pública local	10/09/2008	Non consta	Entidade pública
13	Fundación Torre Pujales Museo de Arte Contemporáneo da Costa da Morte	G70072996	R/ Real,14. Corme	Ponteceso	15114	Oscar Rey Calo	Home	Social	Fundación de interese galego	10/09/2008	22/11/2006	7
14	Asociación de Mariscadoras Fonte de Santa Helena de Baldaio	G15495997	Sambade-Rebordelos (Baldaio)	Carballo	15100	Alfredo Castro Cambon	Home	Pesqueiro	Asociación do sector pesqueiro	10/09/2008	12/05/1994	8
15	Asociación Sindical de Empresarios do Polígono Industrial de Carballo	G15050941	R/ Coruña, 6-3º	Carballo	15100	Juan Manuel Cancela Sánchez	Home	Económico	Asociación empresarial	10/09/2008	1974	82
16	Concello de Vimianzo	P1509300H	Praza do Concello, 6	Vimianzo	15129	Mónica Rodríguez Ordóñez	Muller	Público	Entidade pública local	10/09/2008	Non consta	Entidade pública
17	Asociación de Empresarios e de Promoción Turística de Camariñas	G15734999	Praza Insuela s/n	Camariñas	15123	María Olga Campos Sánchez	Muller	Económico	Asociación empresarial	10/09/2008	2000	68
18	Asociación de Empresarios de Ponteceso	G15210933	Avda. Bergantiños 2, Entrechán portal E	Ponteceso	15110	Juan José Merino Bernabeu	Home	Económico	Asociación empresarial	10/09/2008	27/01/1989	70
19	Asociación de Empresarios de Malpica	G15339070	R/ Eduardo Vila Fano , Baixo	Malpica	15113	Fernando Couto García	Home	Económico	Asociación empresarial	10/09/2008	13/06/1991	19
20	Peña Deportivista Quilmas de Vimianzo	G15764376	R/ Blanco Rajoy, 32	Vimianzo	15129	Manuel Antelo Trillo	Home	Social	Asociación deportiva	10/09/2008	17/10/2000	

21	Asociación Cultural "A Cerca"	G70153382	Campolongo - Carnés, 14	Vimianzo	15129	Rafael Lema Mouzo	Home	Social	Asociación social	10/09/2008	11/06/2008	147
22	Asociación de Veciños Vico da Forca	G15501141	Ponte do Porto	Camariñas	15123	Antonio Lema Tajés	Home	Social	Asociación social	10/09/2008	Non consta	
23	Centro de Estudos e Documentación Blas Espín	G15410798	Outeiro, 50 Ponte do Porto	Camariñas	15123	Manuel Antelo Trillo	Home	Social	Asociación social	10/09/2008	22/11/1993	78
24	Asociación Cultural PX Ponte do Porto	G15358939	Outeiro, 50 Ponte do Porto	Camariñas	15121	Rafael Lema Mouzo	Home	Social	Asociación social	10/09/2008	22/09/1988	322
25	Concello de Carballo	P1501900C	Praza do Concello, s/n	Carballo	15100	Evencio Ferrero Rodríguez	Home	Público	Entidade pública local	10/09/2008	Non consta	Entidade pública
26	Confraría de Pescadores de Corme	G15031503	Zona Portuaria s/n - Corme	Ponteceso	15114	Germán Vidal Pombo	Home	Pesqueiro	Confraría de pescadores	10/09/2008	18/11/2003	80
27	Concello de Ponteceso	P1506900H	Rúa do Concello, 18	Ponteceso	15110	Xosé Lois García Carballido	Home	Público	Entidade pública local	10/09/2008	Non consta	Entidade pública
28	Asociación de Profesionais do Sector Turístico da Costa da Morte	G15870025	Cárcere Vello, s/n, Peirao, CP. 15130. Corcubión (A Coruña)	Carballo	15130	María Olga Campos Sánchez	Muller	Económico	Asociación profesional	10/09/2008	03/09/2003	87
29	Asociación de Comerciantes do Concello de Malpica	G15781016	R/ Eduardo Pondal, 61	Malpica	15113	M ^a Carmen Villar Rodríguez	Muller	Económico	Asociación empresarial	10/09/2008	11/09/2000	
30	Asociación de Empresarios Parque Industrial Tella de Ponteceso	G15790066	Parque Empresarial Tella D 22	Ponteceso	15110	José Ángel Pérez Verdes	Home	Económico	Asociación empresarial	10/09/2008	20/01/2002	
31	Confraría de Pescadores de Camariñas	G15033103	Ambrosio Feijoo, 6	Camariñas	15123	María Jacqueline Lista Fateira	Muller	Pesqueiro	Confraría de pescadores	10/09/2008	Non consta	227
32	Asociación Cultural o Revolto de San Martín de Carantoña	G15424195	Lg. Braño, 69	Vimianzo	15129	María Pilar Oanes Baña	Muller	Social	Asociación social	10/09/2008	07/12/1993	

33	Asociación de Veciños de San Martiño de Carantoña Ponte dos Castros	G70022439	Carantoña, 16 Baixo	Vimianzo	15129	Juan Carlos Amando Sambade	Home	Social	Asociación social	10/09/2008	15/02/2006	67
34	Asociación de Veciños de Os Seixos	G15134604	Lg. Tella (15110)	Ponteceso	15110	Constantino Fernández Vila	Home	Social	Asociación social	10/09/2008	16/06/1980	120
35	Asociación de Veciños de San Martiño de Rioboo	G15373053	Lg. A Mata (15149)	Cabana	15149	Carlos Manuel Sande Martínez	Home	Social	Asociación social	10/09/2008	Non consta	150
36	Club Náutico Marítimo Pedra do Roncudo	G15807092	Rúa Nova, 38 (15110)	Ponteceso	15110	Joaquín Pose Suárez	Home	Social	Asociación deportiva	10/09/2008	04/10/2001	66
37	Concello de Malpica de Bergantiños	P1504400A	Emilio González 1	Malpica	15113	Eduardo Jose Parga Veiga	Home	Público	Entidade pública local	10/09/2008	Non consta	Entidade pública
38	Concello de Muxía	P1505300B	R/ Real 35	Muxía	15124	Santiago Manuel Toba Campaña	Home	Público	Entidade pública local	10/09/2008	Non consta	Entidade pública
39	Asociación Oleira de Buño	G15635980	Casa do Oleiro - A Camposa - Buño	Malpica	15111	Carmen Isabel Labrador Fariña	Muller	Social	Asociación social	10/09/2008	27/01/1998	17
40	Asociación de Mulleres Rurais Atalaya de Malpica	G15565674	Camiño do Río,48	Malpica	15113	Carmen Teresa Blanco Cancela	Muller	Social	Asociación de mulleres	10/09/2008	25/04/2005	100
41	Asociación de Comerciantes e Empresarios de Vimianzo	G15415417	Rúa Candil, N.º 22-24	Vimianzo	15129	Fidel Roget Barrientos	Home	Económico	Asociación empresarial	10/09/2008	01/04/1993	55
42	Confraría de pescadores de Laxe	G15070360	R/ Paso Portuario, 6	Laxe	15117	Antonio Devesa Bouzas	Home	Pesqueiro	Confraría de pescadores	10/09/2008	Antes de 1930	78
43	Confraría de pescadores de Camelle	G15338593	R/ Muelle, 29 - Camelle	Camariñas	15121	Xosé Xoan Bermúdez Tajés	Home	Pesqueiro	Confraría de pescadores	10/09/2008	1932	55
44	Asociación de Empresarios Area Industrial de Ponte do Porto	G15953623	Rúa Gándara 8, Ponte do Porto	Camariñas	15121	Luis Lema Leis	Home	Económico	Asociación empresarial	26/09/2009	20/08/2004	32
45	Asociación Deportiva Cultural Os Campelos	G70039235	Lg. Baiñas 50	Vimianzo	15129	Jose Manuel Rodríguez Blanco	Home	Social	Asociación social	26/09/2009	09/02/2006	60

46	Buño SCD	G15366214	Rueiro 3. Buño	Malpica	15111	Antonio Gianzo Patiño	Home	Social	Asociación deportiva	26/09/2009	21/02/1992	
47	Asociación Cultural O Castelo de Vimianzo	G15589773	Montecelos, 4, Carnés	Vimianzo	15129	María Nieves Lema Vilariño	Muller	Social	Asociación social	26/09/2009	21/02/1997	
48	Concello de Laxe	P1504100G	Avda. Cesáreo Pondal, 26	Laxe	15117	José Luis Pérez Añón	Home	Público	Entidade Pública Local	04/06/2009	Non Consta	Entidade Pública
49	Afundación	G36600369	Desiderio Varela, 2	Carballo	15100	Mónica Buño Pérez	Muller	Económico	Fundación de interese galego	18/09/2009	Non consta	
50	Asociación de Veciños Fonte Roxa	G70195771	Lg. Rasamonde, 2, Cambeda	Vimianzo	15129	Mariano Suárez Valiña	Home	Social	Asociación social	16/12/2009	15/07/2009	
51	Asociación Redeiras Artesás "Illa da Estrela de Corme"	G70225560	Lg. Toural, 229, Corme	Ponteceso	15114	Rosa Isabel Vidal Rodríguez	Muller	Pesqueiro	Asociación de redeiras	27/04/2011	23/09/2009	17

9.3. Representación da entidade: órganos sociais

A Xunta Directiva está formada por 21 membros, dos cales 14 son homes e 7 son mulleres. Neste órgano de dirección están representados todos os sectores, no que ningún sector acada o 50% dos dereitos de voto. A representación do sector pesqueiro é maioritaria, pois conta con dez membros, que se corresponden con todas as confrarías do territorio, unha asociación de mariscadoras e as dúas asociacións de redeiras, o que supón o 47 % dos dereitos de voto. O sector público está representado por catro entidades públicas locais, o que se traduce no 19 % de dereitos de voto, mesma porcentaxe que o sector económico, representado por catro asociacións empresariais, e de profesionais de turismo e de comercio. O sector social supón o 14 % e está representado por tres asociacións.

As entidades socias, que conforman a asemblea xeral, ascenden a 51 membros: as nove entidades públicas locais do territorio; todas as asociacións do sector pesqueiro (as sete confrarías de pescadores, as dúas agrupacións de mariscadoras e as dúas asociacións de redeiras); oito asociacións empresariais e a Asociación Profesional do Sector Turístico da Costa da Morte; as fundacións de interese galego Afundación (Abanca) e Fundación Torre Pujales; e un total de 21 asociacións do social, entre as que se encontran, a Asociación Íntegro, que promove a integración das persoas con diversidade funcional nas comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra; e asociacións de mulleres, de nais e pais, deportivas e veciñais, entre outras. Toda esta participación na asemblea xeral evidencia a representatividade dos distintos sectores do territorio, no que ningún sector acada o 50% dos dereitos de voto. A capacidade de dinamización dos axentes fíxose patente nas sesións do proceso participativo, as cales, a pesar das datas nas que se tivo que realizar, conseguiron unha alta afluencia, así como na consulta pública realizada a través dunha enquisa en liña.

Conclúese que a estrutura social é representativa da zona pesqueira e é relevante, dado o enfoque da estratexia, xa que os órganos sociais están formados polos principais axentes dos sectores que conforman o territorio do GALP Costa da Morte, e estes están equilibrados na conformación do órgano de dirección.

Táboa 14. Composición da actual directiva

N.º	Persoa representant e	Cargo	SECTOR	ENTIDADE Á QUE REPRESENTA
1	Evaristo Lareo Viñas	PRESIDENCIA	PESQUEIRO	Confraría de Pescadores de Caión DA Laracha
2	José Muíño Domínguez	VICEPRESIDE NCIA	PÚBLICO	Concello de Cabana de Bergantiños
3	María Jacqueline Lista Fateira	SECRETARÍA	PESQUEIRO	Confraría de Pescadores de Camariñas
4	Julia Haz Barrientos	TESOURERÍA	PESQUEIRO	Agrupación de Mariscadoras Río Anllóns
5	Pedro Pérez Martelo	VOGAL	PESQUEIRO	Confraría de Pescadores de Malpica
6	Daniel Castro Fernandez	VOGAL	PESQUEIRO	Confraría de Pescadores Virxe da Barca Muxía
7	José Juan Bermúdez Tajés	VOGAL	PESQUEIRO	Confraría de Pescadores de Camelle
8	Roberto Vidal Pombo	VOGAL	PESQUEIRO	Confraría de Pescadores de Corme
9	Antonio Devesa Bouzas	VOGAL	PESQUEIRO	Confraría de Pescadores de Laxe
10	Rosa Isabel Rodríguez Vidal	VOGAL	PESQUEIRO	Asociación de Redeiras Artesás Illa da Estrela de Corme
11	María de los Angeles Mille Rodríguez	VOGAL	PESQUEIRO	Asociación de Redeiras Artesás O Fietal de Malpica
12	Rafael Lema Mouzo	VOGAL	SOCIAL	Asociación Cultural PX da Ponte do Porto
13	José Manuel Rodríguez Blanco	VOGAL	SOCIAL	Asociación Deportiva Cultural Os Campelos
14	Juan Carlos Amado Sambade	VOGAL	SOCIAL	Asociación de Veciños de San Maritño de Carantoña Ponte dos Castros
15	Fernando Couto García	VOGAL	ECONÓMICO	Asociación de Empresarios de Malpica
16	María Olga Campos Sánchez	VOGAL	ECONÓMICO	Asociación profesional do sector turístico da Costa da Morte
17	Juan José Merino Bernabeu	VOGAL	ECONÓMICO	Asociación de Empresarios de Ponteceso
18	Mª Carmen Villar Rodríguez	VOGAL	ECONÓMICO	Asociación de Comerciantes de Malpica
19	José Luís Pérez Añón	VOGAL	PÚBLICO	Concello de Laxe
20	José Manuel López Varela	VOGAL	PÚBLICO	Concello DA Laracha
21	Sandra Insua Rial	VOGAL	PÚBLICO	Concello Camariñas
PORCENTAXE DE MULLERES NA XUNTA DIRECTIVA				33,33 %
PORCENTAXE DE MULLERES NA ASEMBLEA XERAL				31,37 %

Táboa 15. Representación por xénero nos órganos sociais

	Asemblea			Xunta Directiva		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Sector pesqueiro	7	4	11	6	4	10
Sector público	7	2	9	3	1	4
Sector económico	6	4	10	2	2	4
Sector social	15	6	21	3	0	3
Total entidades	35	16	51	14	7	21

Táboa 16. Representación por sectores nos órganos sociais

	Asemblea		Xunta Directiva	
	Número	% dereito de voto	Número	% dereito de voto
Sector pesqueiro	11	21,57%	10	47,62%
Sector público	9	17,65%	4	19,05%
Sector económico	10	19,61%	4	19,05%
Sector social	21	41,18%	3	14,29%
Total entidades	51	100,00%	21	100,00%

9.4. Capacidade do grupo

9.4.1. Experiencia do GALP na xestión

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Costa da Morte constitúese en setembro de 2008 e acredita unha ampla experiencia en estratexia de desenvolvemento local. A devandita experiencia queda constatada nos resultados da xestión do programa de Grupos de Acción Costeira 2007-2013 e no programa da EDLP 2014-2022. Por outra banda, a experiencia dos seus asociados e actores máis importantes dentro do grupo que contan cunha longa traxectoria en proxectos de desenvolvemento local. Neste senso forman parte do GALP Costa da Morte :

- Os nove concellos do territorio
- As asociacións do sector pesqueiro: as sete confrarías de pescadores, as dúas agrupacións de mariscadoras e dúas asociacións de redeiras.
- Oito asociacións de empresarios.
- As fundacións de interese galego: Afundación (Abanca) e a Fundación Torre Pujales.
- Unha asociación profesional de turismo e outra de palilleiras.
- Un total de 21 asociacións sociais, entre as que se encontran asociacións de mulleres, de persoas con diversidade funcional, de nais e pais, deportivas, veciñais etc.

A moitos dos membros do GALP Costa da Morte, como é o caso dos concellos, as asociacións profesionais, as fundacións, as asociacións do sector pesqueiro e as asociacións do social, teñen experiencia en proxectos propios de desenvolvemento local; participación nas tomas de decisión como socios e membros das xuntas directivas de entidades como APTCM; grupos de desenvolvemento rural que xestionan actualmente o programa Leader e xestionaron outros programas europeos de desenvolvemento local como Agader, Leader+, Proder etc. Polo tanto, considérase que a experiencia acumulada o longo destes 14 anos evidencia a capacidade para o desenvolvemento da nova EDLP 2022-2027.

Os principais **resultados acadados no programa de Grupos de Acción Costeira 2007-2013** expóñense a continuación.

- **Creación de 120 empregos (41,48 UTAS), dos cales 72 (27,03 UTAS) corresponden a mulleres.**
- Creación de dez novas empresas a través doutros tantos proxectos financiados no programa.
- **Mobilizáronse máis de 7,5 millóns de euros no territorio** (investimento privado + público)
- **Consolidación e ampliación da actividade de once empresas a través de outros tantos proxectos financiados que contribuíron ao mantemento de 227 postos de traballo.**
- Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro a través do financiamento de 13 proxectos, dos cales cinco corresponderon a confrarías de pescadores, catro ás agrupacións de mariscadoras e outros catro ás asociacións de redeiras.
- Un investimento total neste capítulo de 318.933,14 €.
- Execución de seis proxectos financiados encamiñados á mellora do contorno natural e medioambiental cun investimento de 1002579,98 € e catro proxectos destinados ao fortalecemento da cohesión social cun investimento de 294.647,92 €.
- Desenvolvemento de proxectos que foron recoñecidos por Farnet e difundidos como exemplo de boas prácticas, como por exemplo a Diversificación das mariscadoras del Anllóns, o Hotel a de Loló, Loestamospescando.com e Margalaica Turismo Mariñeiro.

A continuación faise unha breve síntese dos **resultados acadados na EDLP 2014-2022**.

- **Creáronse 83 empregos (46,7 UTAS), dos cales 52 (30,24 UTAS) corresponden a mulleres. Se engadimos o comprometido de proxectos aprobados pendentes de finalización, o emprego xerado é 114 traballos (67,38 ETC).**
- **Creáronse 16 empresas novas empresas** a través doutros tantos proxectos financiados no programa.

- Consolidaron e ampliaron a súa actividade sete empresas a través de outros tantos proxectos financiados que contribuíron a **consolidar 160 empregos**.
- Foron formadas nos proxectos aprobados un total de 35 mulleres.
- Podemos destacar que entre os expedientes xustificandos e os fondos comprometidos dos expedientes en curso e que aínda non certificaron, **xerouse un investimento privado adicional de 8,3 millóns de euros**. Sumada a axuda pública e o privado, o investimento **total no territorio ascende a máis de 13,7 millóns de euros**.
- Desenvolvemento de proxectos que foron seleccionados por Farnet, pola Rede Española de Grupos de Pesca e proxectos que optaron aos premios de economía azul organizados pola Consellería do Mar.

9.4.2. Recursos do GALP para a xestión do programa

O equipo técnico do GALP Costa da Morte está composto por un total de tres persoas, con diferentes perfís profesionais. Este equipo estrutúrase baixo a figura dunha xerencia, que realiza labores de dirección da oficina técnica e de coordinación de todo o traballo da organización para o desenvolvemento da EDLP.

Dependendo da xerencia, cóntase cunha persoa técnica licenciada en ciencias económicas e empresariais, que se encarga da análise e a comprobación da documentación administrativa dos proxectos presentados, así como da análise da viabilidade técnica, económica e financeira destes. Ademais, cóntase cun perfil técnico superior en administración e finanzas, con formación técnica superior en informática e xestión, para poder levar a cabo a acreditación documental do investimento e os xustificantes de pago, así como para realizar tarefas de apoio ao perfil técnico anterior.

A continuación detállase a formación do equipo técnico. A experiencia profesional queda acreditada baseándose na participación no desenvolvemento do GALP Costa da Morte dende o ano 2007 e no nivel de proxectos xestionados, detallados no apartado anterior 9.4.1.

XERENCIA	
Mestrado	
Titulación universitaria	Licenciatura en ciencias económicas e empresariais

Experiencia profesional			
Experiencia na xestión do eixe 4 do FEMP 2014-2020			
Duración (mm/aa inicio e fin)	01/2016-Actualidade	Posto ocupado	Xerente
Orzamentos xestionado (en euros)	9.806.227,72 €	N.º de proxectos	105
Como actividade principal no proceso de solicitude de axuda realizou a comprobación de documentación e a análise de viabilidade técnica, económica e financeira cun total de 105 proxectos, 57 informados favorablemente e 48 desfavorables .			

No proceso de xustificación realizou a comprobación da execución dos proxectos, acreditación documental do investimento e xustificantes de pago, colaboración coa auditoría na revisión dun total de **46 proxectos** xustificadas con investimento de **8.823.562,44 euros**.

Actividades de xestión e coordinación do programa, asistencia a seminarios e xornadas, presentacións de proxectos e diversos proxectos desenvolvidos con este programa.

Actividades de promoción e sensibilización.

Relatorios e participación en feiras e congresos

Experiencia profesional

Experiencia na xestión do eixe 4 do FEP 2007-2013 (Grupos de Acción Costeira)

Duración (mm/aa inicio e fin)	02/2010 – 12/2015	Posto ocupado	xerente
Orzamentos xestionado (en euros)	7.671.429,61€	N.º de proxectos	107

Como actividade principal no proceso de solicitude de axuda realizou a comprobación de documentación e a análise de viabilidade técnica, económica e financeira cun total de 107 proxectos, **66 informados favorablemente e 41 desfavorables**.

No proceso de xustificación realizou a comprobación da execución dos proxectos, a acreditación documental do investimento e xustificantes de pago e a colaboración coa auditoría na revisión dun total de **52 proxectos** xustificadas con investimento de **6.441.632,62 euros**.

Actividades de xestión e coordinación do programa, asistencia a seminarios e xornadas, presentacións de proxectos, diversos proxectos desenvolvidos con este programa e recollidos como boas practicas de Farnet (Diversificación de las mariscadoras del Anllóns, Hotel a de Loló, Loestamospescando.com, Margalaica Turismo Mariñeiro).

Actividades de promoción e sensibilización, proxectos pilotos (MARgalaica, Loestamospescando.com, comercialización de produtos do mar en Xapón,...)

Relatorio en San Sebastián, invitado polo Goberno vasco.

Presentación de diversos proxectos en seminarios FARNET.

Relatorios en CETMAR.

Relatorio no Seminario sobre Diversificación Socioeconómica na Pesca artesanal- Prespo (Huelva).

Participación en feiras, congresos (SALIMAT en Silleda, Forum Gastronómico da Coruña e Santiago, Feira de Autónomos da Coruña, Congresos da Rede de Mulleres do Sector Pesqueiro...)

TÉCNICO FINANCEIRO

Formación académica

Titulación universitaria	Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais
Titulación de Grao Formación Profesional	Técnico Especialista Administrativo Auxiliar Administrativo

Experiencia profesional

Experiencia na xestión do eixe 4 do FEMP 2014-2020

Duración (mm/aa inicio e fin)	01/2016-Actualidade	Posto ocupado	Técnico financeiro
Orzamentos xestionado (en euros)	9.806.227,72€	N.º de proxectos	105

Como actividade principal no proceso de solicitude de axuda realizou a comprobación de documentación e análise de viabilidade técnica, económica e financeira cun total de 105 proxectos, **57 informados favorablemente e 48 desfavorables**.

No proceso de xustificación realizou a comprobación da execución dos proxectos, acreditación documental do investimento e xustificantes de pago e colaboración coa auditoría na revisión dun total de **46 proxectos** xustificadas con investimento de **8.823.562,44 euros**.

Revisión e apoio á asesoría na confección da contabilidade do Grupo dos exercicios 2009-2021.

Atención aos posibles promotores que acoden á oficina e nas xornadas, congresos e actos aos que asiste.

Organización e participación nas actividades de sensibilización e promoción do grupo, realizando xornadas informativas das axudas, participación nos proxectos de sensibilización e de cooperación do grupo.

Experiencia profesional

Experiencia na xestión do eixe 4 do FEP 2007-2013 (Grupos de Acción Costeira)

Duración (mm/aa inicio e fin)	03/2010-12/2015	Posto ocupado	Técnico financeiro
-------------------------------	-----------------	---------------	--------------------

Orzamentos xestionado (en euros)	7.671.429,61 €	N.º de proxectos	107
Como actividade principal no proceso de solicitude de axuda realizou a comprobación de documentación e análise de viabilidade técnica, económica e financeira cun total de 107 proxectos 66 informados favorablemente e 41 desfavorables. No proceso de xustificación realizou a comprobación da execución dos proxectos, acreditación documental do investimento e xustificantes de pago e colaboración coa auditoría na revisión dun total de 52 proxectos xustificados con investimento de 6.441.632,62 euros. Revisión e apoio á asesoría na confección da contabilidade do Grupo dos exercicios 2009-2015. Atención aos posibles promotores que acoden á oficina e nas xornadas, congresos e actos aos que asiste. Organización e participación nas actividades de sensibilización e promoción do grupo, realizando xornadas informativas das axudas, participación nos proxectos de sensibilización do grupo en congresos e feiras especializadas como SALIMAT en Silleda, Congreso Gastronómico da Coruña e Santiago, Feira de Autónomos da Coruña, Congresos da Rede de Mulleres do Sector Pesqueiro etc.			
Experiencia na xestión dos grupos de desenvolvemento rural (GDR) do FEADER 2007-2013 ou programas similares anteriores			
Duración (mm/aa inicio e fin)	09/2009-02/2010	Posto ocupado	Administrativo
Orzamentos xestionado (en euros)	625.000	N.º de proxectos	7
Xustificación documental de gastos da asociación ante a Consellería do Medio Rural durante dous trimestres. Recepción de expedientes, comprobación de documentación, elaboración de informes técnicos e apoio á xerencia para a valoración da Xunta Directiva e envío á Consellería. Revisión e apoio á asesoría na confección da contabilidade do Grupo do exercicio 2009. Levanza do libro de rexistro, arquivo de documentación e atención das solicitudes de información.			
Experiencia noutros proxectos financiados con fondos europeos			
Duración (mm/aa inicio e fin)	12/2007-12/2008	Posto ocupado	Axente de desenvolvemento
Orzamentos xestionado (en euros)	Non se dispoñía dun orzamento exclusivo	N.º de proxectos	100 empresas
Comentarios (principais metas acadadas, premios...) Axente de desenvolvemento no Polígono Empresarial do Espírito Santo, en Cambre, baixo a supervisión da Federación Galega de Parques Empresariais. Realización de tarefas de análise da competitividade do parque empresarial e de enquisas de avaliación e informes a un total aproximado de 100 empresas.			


ADMINISTRATIVA	
Formación académica	
Titulación Grao Formación Profesional	Técnica Superior en Administración e Finanzas
Titulación Grao Formación Profesional	Técnico Superior de Informática de Programación e Xestión

Experiencia profesional			
Experiencia na xestión do eixe 4 do FEMP 2014-2020			
Duración (mm/aa inicio e fin)	01/2016-Actualidade	Posto ocupado	Técnico Xestión
Orzamentos xestionado (en euros)	9.806.227,72€	N.º de proxectos	105
Como actividade principal no proceso de solicitude de axuda realizou a comprobación de documentación de 105 proxectos, 57 informados favorablemente e 48 desfavorables. No proceso de xustificación realizou a comprobación da execución dos proxectos e a acreditación documental do investimento e xustificantes de pago dun total de 46 proxectos con investimento de 8.823.562,44 euros. Revisión e apoio á asesoría na confección da contabilidade e informes de auditoría do Grupo dos exercicios 2009-2021. Atención aos posibles promotores que acoden á oficina e nas xornadas, congresos e actos aos que asiste. Organización e participación nas actividades de sensibilización e promoción do grupo, realizando xornadas informativas das axudas, participación nos proxectos de sensibilización e de cooperación.			
Experiencia profesional			
Experiencia na xestión do eixe 4 do FEP 2007-2013 (Grupos de Acción Costeira)			
Duración (mm/aa inicio e fin)	02/2010-12/2015	Posto ocupado	Técnico Xestión
Orzamentos xestionado (en euros)	7.671.429,61€	N.º de proxectos	105
Como actividade principal no proceso de solicitude de axuda realizou a comprobación de documentación e a análise de viabilidade técnica, económica e financeira cun total de 107 proxectos 66 informados favorablemente e 41 desfavorables. No proceso de xustificación realizou a comprobación da execución dos proxectos e a acreditación documental do investimento e xustificantes de pago dun total de 52 proxectos xustificados con investimento de 6.441.632,62 euros. Revisión e apoio á asesoría na confección da contabilidade e os informes de auditoría do Grupo dos exercicios 2009-2015. Atención aos posibles promotores que acoden á oficina e nas xornadas, congresos e actos aos que asiste. Organización e participación nas actividades de sensibilización e promoción do grupo, realizando xornadas informativas das axudas, participación nos proxectos de sensibilización do grupo en congresos e feiras especializadas como SALIMAT en Silleda, Congreso Gastronómico da Coruña e Santiago, Feira de Autónomos da Coruña, Congresos da Rede de Mulleres do Sector Pesqueiro etc.			

A conformación do equipo técnico xustifícase baseándose en diversos motivos. Por unha banda, a O GALP ten a expectativa de xestionar un volume de fondos superior ao período de programación anterior ou, cando menos, o mesmo, polo que o equipo de traballo está xustificadamente **dimensionado**. Por outra banda, **a experiencia** nos últimos sete anos demostrou que é necesario un equipo técnico destas características e perfís e con este dimensionamento, xa que non se produciu ningún cambio por parte do grupo neste período. Por último, propónse este equipo pola experiencia que atesoura na xestión do FEMP, así como a mecánica de traballo en equipo que permitirá iniciar a dinamización e a presentación de novos proxectos sen necesidade dun período de adaptación ou formación por parte do persoal.

Organigrama

A organización candidata, de acordo coa descrición expresada no cadro anterior, propón o seguinte organigrama.



A continuación descríbense as funcións de cada posto:

Funcións da Xerencia:

- Realizar as tarefas de representación técnica do GALP para o desenvolvemento da EDLP fronte a terceiros.
- Ocuparse da coordinación e a organización das tarefas que se van realizar dentro do programa e en relación co persoal da entidade.
- Responsabilizarse da execución do programa e dos acordos dos órganos de goberno do GALP.
- Asinar os documentos que esixan ser referendados pola persoa coa responsabilidade da xestión técnica do programa.
- Garantir o funcionamento legal, económico e administrativo do GALP.
- Impulsar e preparar accións transversais colectivas no territorio de carácter sectorial con outros territorios.
- Colaborar na implantación no territorio dos programas de desenvolvemento rural das distintas consellerías.
- Executar baixo a dirección da presidencia todos os acordos dos órganos de goberno do GALP.
- Promover, orientar e executar as iniciativas locais de desenvolvemento propóndoas á Xunta Directiva do GALP a través da presidencia.
- Ocuparse da xestión ordinaria da EDLP conforme ás directrices establecidas pola Xunta Directiva e a execución dos acordos adoptados polos órganos de goberno da asociación.
- Colaborar coa presidencia da asociación para os temas que se van tratar nos seus órganos de goberno relacionados ca EDLP
- Asistir con voz pero sen voto ás sesións ordinarias e extraordinarias dos órganos de goberno da asociación, así como ás mesas sectoriais cando sexa requirido pola Xunta Directiva.
- Estudar e presentar proxectos que sexan capaces de involucrar os distintos axentes socioeconómicos do territorio.
- Promocionar a vida asociativa nos distintos ámbitos sectoriais, así como promover e coordinar iniciativas e accións de animación sociocultural

e de participación social que poidan contribuír ao desenvolvemento do territorio.

- Informar sobre axudas e subvencións promovidas por distintos organismos públicos (local, galego, estatal e comunitario) e privados que favorezan o desenvolvemento local.
- Custodiar a documentación da asociación (propia e referente aos expedientes das axudas).
- Colaborar coa secretaría da asociación e coas mesas sectoriais para a confección das actas correspondentes.

Funcións do técnico financeiro:

- Realizarlles tarefas de atención, información e asesoramento aos promotores para a posta en marcha de proxectos que sexan susceptibles de acadar axudas.
- Realizar tarefas de atención, información e asesoramento para que cada iniciativa presentada polos promotores se encadre correctamente nas liñas de financiamento do programa de axudas.
- Valorar e informar os promotores para que os proxectos presentados e a documentación que teñan que acompañar cumpran os requisitos e os criterios esixidos pola asociación e pola consellería, segundo o establecido na normativa aplicable.
- Asistir ás reunións ordinarias e extraordinarias dos órganos de goberno da asociación, así como as mesas sectoriais, cando o requira a Xunta Directiva.
- Informar sobre as axudas e subvencións promovidas polos distintos organismos públicos (local, galego, estatal e comunitario) e privados.
- Fomentar, organizar e participar en congresos, xornadas, cursos e outros foros que traten de temáticas vinculadas ao desenvolvemento mariño.
- Levar a xestión de todas as obrigas fiscais da entidade.
- Axudar á Xerencia e á Tesourería da asociación na supervisión da contabilidade do programa.
- Colaborar coa Xerencia nas tarefas de promoción, captación, animación e impulso de proxectos de investimento, así como na vertebración do tecido asociativo do territorio.
- Atender as demandas de información dos promotores e recepción das chamadas telefónicas..
- Realizar calquera outra función de análoga natureza que lle sexa encomendada polos órganos de goberno da asociación.

Funcións da administrativa:

- Realizará as funcións inherentes ao seu posto, especialmente no que se refire á xestión administrativa e contable, baixo a supervisión e colaboración da xerencia, que coordinará o seu traballo e marcará as tarefas que debe realizar diariamente.
- Entre outros, deberá preparar as ordes de pago (transferencias, cheques etc.) que teñan que ser supervisadas e asinadas pola persoa

responsable da emisión dos informes de auditoría e/ou por quen ocupe a Xerencia.

- Acudirá ás reunións de traballo e aos cursos de formación aos que se convoque.
- Levará o control dos rexistros de entrada e saída de documentación, así como dos aprovisionamentos necesarios en cada unha das oficinas da entidade.
- Encargarase da xestión documental, da atención telefónica, e da entrega e recepción postal da entidade.

Procedemento para a contratación do persoal do equipo técnico baseado nos principios de publicidade, transparencia, libre concorrência, capacidade, experiencia e non discriminación.

O proceso de selección garantirá os principios de publicidade, mérito, capacidade e igualdade a través dunha convocatoria pública.

Ademais, o Grupo velará polo cumprimento dos principios de transparencia no proceso de selección, imparcialidade, independencia e discrecionalidade técnica do órgano de selección do persoal.

Para o correcto cumprimento dos principios mencionados, o Grupo de Acción Local desenvolve o seguinte procedemento de contratación de persoal:

- **Fase de proba escrita.** Levarase a cabo polas persoas aspirantes unha proba escrita, que se centrará en materias relacionadas con programas europeos, desenvolvemento local e normativa de subvencións e territorio de actuación da asociación.
 - Esta proba terá unha valoración do 50 % da puntuación total.
- **Fase de entrevista.** Posteriormente á proba escrita, as persoas aspirantes realizarán unha entrevista temática.
 - Esta fase terá unha valoración do 25 % da puntuación total do proceso selectivo.
- **Fase de méritos.** Por último, levarase a cabo unha valoración da experiencia e a formación, segundo o que establezan as bases do proceso de selección. A experiencia e a formación valoraranse sempre e cando sexan específicas e estean vinculadas con programas de desenvolvemento local.

Esta fase terá unha valoración do 25 % da puntuación total do proceso selectivo. O persoal seleccionado a través do procedemento previsto anteriormente estará suxeito ao ordenamento laboral e en ningún caso se considerará existente unha relación contractual coa Consellería do Mar.

9.5.Procedementos de traballo e toma de decisións

Procedemento para adquirir a condición de entidade socia

As entidades que queiran ser socias deberán dirixirle á Presidencia unha solicitude, subscrita pola persoa representante legal mediante acordo do órgano competente,

na que se manifesta a vontade expresa de adherirse ao GALP e de cumprir todos os fins recollidos nos seus estatutos e demais regulamentos de orde interna.

A persoa que presida o grupo trasladaralle a solicitude á Xunta Directiva, que deberá resolver nun prazo non superior a un mes desde a data da solicitude.

En caso de non admisión pola Xunta Directiva, a decisión pódese recorrer ante a Asemblea Xeral. Neste suposto, o devandito recurso será incorporado de xeito automático como punto da orde do día na primeira sesión que celebre a Asemblea Xeral, sexa ordinaria ou extraordinaria.

A perda de condición de asociada da entidade pode producirse por decisión voluntaria desta, por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación, pola extinción da personalidade xurídica, por perda da representatividade ou dos requisitos necesarios para a condición de asociada e por falta de pagamento de cotas que se acorden pola Asemblea Xeral.

Os dereitos das entidades asociadas son participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación; exercer o dereito ao voto na Asemblea Xeral; elixir e ser elixidas para formar parte da Xunta Directiva ou das comisións ou comités que poidan crearse; aprobar, se procede, en Asemblea, o balance do exercicio e o orzamento anual; solicitar información sobre calquera aspecto da marcha do GALP que poida ser de interese para esta; e os demais que resulten das normas legais aplicables e dos Estatutos do GALP, do regulamento de orde interna ou ben dos acordos validamente adoptados polos órganos sociais.

As obrigas das entidades sociais son compartir as finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución; asistir ás asembleas xerais e acatar os acordos validamente adoptados polos órganos sociais; ocupar os cargos para os que resulten elixidas e desempeñar fielmente as obrigas inherentes aos devanditos cargos; desembolsar as cotas, no seu caso, que acorde o órgano competente do GALP; participar e realizar cantas tarefas lles sexan encomendadas pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou as comisións ou comités que puidesen crearse; e cumprir os demais deberes que resulten dos preceptos legais e estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.

Os mecanismos de participación das entidades asociadas rexeranse polo sistema de autogoberno e polos principios de representación, observancia, legalidade e democracia interna no seu funcionamento no marco da Constitución e, no resto do ordenamento xurídico, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

A composición do GALP réxese polo principio de portas abertas e garántese a incorporación de todas as entidades con implantación local que, reunindo os requisitos exixidos para adquirir a condición de asociadas, o soliciten.

Na toma de decisións, as persoas representantes das entidades directamente interesadas no asunto non poderán estar presentes no debate e deberán absterse nas votacións. Por outra parte, garántese que se evitará calquera conflito de intereses.

As medidas para reforzar a presenza da muller e da mocidade son reforzar o papel da muller, a través de actuacións que favorezan a inclusión da igualdade de xénero e a non discriminación; promover actividades formativas de todos os colectivos vinculados ao desenvolvemento zona, en particular, tendo como principais destinatarios o sector pesqueiro, as mulleres, a mocidade e colectivos desfavorecidos; e garantir a súa representatividade integrándose no sector social.

As funcións da Asemblea xeral son examinar e aprobar a conta xeral anual de ingresos e gastos, así como o orzamento anual para o exercicio seguinte; censurar a xestión da Xunta Directiva, da Presidencia ou de calquera membro desta; elixir os integrantes da Xunta Directiva; acordar a contía das cotas de ingreso ordinarias e extraordinarias, a disposición, alleamento ou gravame dos bens do GALP, a solicitude de declaración de utilidade pública da asociación, a constitución dunha federación ou rede, ou a integración nela, se xa existise; acordar a modificación dos estatutos ou a disolución do GALP; designar os liquidadores; ratificar a expulsión das entidades asociadas proposta pola Xunta Directiva; e aprobar ou modificar o regulamento de réxime interno do GALP.

Os acordos da Asemblea Xeral adóptanse como regra xeral por maioría simple de votos.

As funcións da Xunta Directiva son aprobar a EDLP e a súas modificacións e dar conta disto na Asemblea Xeral; adoptar e executar accións de goberno e administración do GALP; resolver o procedente sobre cantas cuestións afecten a boa marcha da entidade; promover a administración da asociación de conformidade cos Estatutos, regulamentos e decisións da Asemblea Xeral, nomeamento das persoas administradoras e representantes; proporlle á Asemblea admitir, suspender ou dar de baixa a membros do GALP, a expulsión de persoas asociadas; cumprir e facer cumprir as normas estatutarias; resolver as dúbidas que se susciten sobre a interpretación das normas estatutarias, regulamentos e normativas internas; estudar e informar dos orzamentos e contas anuais; presentarlle anualmente á Asemblea Xeral as contas; estudar, planificar e controlar as actividades económicas e financeiras; organizar e coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre as persoas representantes das entidades asociadas; planificar os programas e actividades; coñecer e aprobar a memoria de actividades sociais; xestionar, como entidade colaboradora de subvencións, a avaliación e a elevación das propostas de resolución dos proxectos presentados; contratar persoal e expedientes de contratación; asesorar a Presidencia; e resolver as dúbidas que se susciten sobre a interpretación das normas estatutarias, regulamentos e normativas internas .

Medidas de responsabilidade social, incluíndo o reforzo da participación e liderado feminino no grupo e apoio ao asociacionismo das mulleres do sector pesqueiro e o traballo en rede pola súa importancia e vertebración do territorio.

O GALP ten prevista a realización de diferentes actuacións que promovan a concepción do sector pesqueiro e, por extensión, todas as actividades vinculadas, así como as que contribúan á súa diversificación, como un espazo de cohesión social, integración social e económica, e desenvolvemento das poboacións das zonas costeiras.

Unha destas actuacións é a de establecer como medida transversal o recoñecemento na propia EDLP das mulleres como peza clave para o desenvolvemento pesqueiro y pór de manifesto a importancia da súa participación activa nos procesos de mellora do medio pesqueiro e da súa supervivencia. A EDLP, dentro dos criterios de seleccións das operacións, promoverá a súa participación económica, non exclusivamente por razóns de equidade, senón tamén por cuestión estratéxicas.

As actuacións que se promoverán estarán en consonancia cos obxectivos recollidos no *Plan para la Igualdad de Género en el Sector Pesquero y Acuicola 2021-2027*:

- *Mellorar as estatísticas sobre emprego no sector*
- *Avanzar na empregabilidade das mulleres no sector*
- *Impulsar a formación e a substitución xeracional*
- *Avanzar no desenvolvemento de actividades de diversificación e mecanismos para compensar a temporalidade e os períodos de inactividade.*
- *Apoiar iniciativas que favorezan a corresponsabilidade e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral*
- *Promover a presenza e a participación activa das mulleres nos órganos de decisión do sector e no desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras a nivel económico, social e ambiental*

A EDLP 2021-2027 do GALP Costa da Morte incorpora actuacións no ámbito da RSC que contribúan a facer efectivo o dereito a igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres no ámbito laboral, mellorando a súa empregabilidade e a permanencia no emprego das mulleres do ámbito pesqueiro, a través das seguintes actuacións.

1.Facer un seguimento da presenza de mulleres e homes nos órganos de goberno do sector pesqueiro para identificar os posibles desequilibrios entre sexos que poidan existir nos postos de poder e na toma de decisións.

Para iso, analizarase o número de mulleres que exercen como patroas maiores, que forman parte das xuntas xerais e os cabidos das confrarías de pescadores ou que levan a xerencia das devanditas confrarías.

2. Impulsar a formación e o relevo xeracional, explorando actuacións que poidan favorecer a entrada de máis innovacións ao sector, por exemplo, a través de novas accións formativas para a aprendizaxe dos diferentes oficios e o desenvolvemento de novas vocacións no ámbito marítimo-pesqueiro.

Promoveranse actividades formativas orientadas a mulleres e mozas noutras materias, habilidades e competencias necesarias a fin de favorecer o intercambio de datos, a participación das profesionais en probas diagnósticas, campañas e actividades de formación etc.

Ampliarse o grao de coñecemento das persoas novas sobre a existencia das titulacións marítimo-pesqueiras para que poidan valoralas como opción profesional.

3. Favorecer o desenvolvemento de actividades de diversificación que permitan xerar novas vías de ingresos ás profesionais do mar, especialmente nos períodos nos que non poidan realizar a súa actividade principal non sector.

4. Promover o emprendemento feminino a través da intensificación da formación nos ámbitos que poden contribuír a impulsar o emprendemento feminino no sector (xestión empresarial e financeira, márketing, e-commerce, redes sociais, habilidades directivas e de comunicación etc.) e reforzar o acompañamento e o asesoramento empresarial e en materia de novas tecnoloxías.

Así mesmo, constituiranse redes, foros e espazos de traballo que propicien o intercambio de experiencias empresariais promovidas por mulleres do sector, e información sobre as súas posibles liñas de financiamento, así como a difusión de boas prácticas neste sentido.

5. Proseguir coas accións de visibilidade, divulgación e sensibilización en materia de xénero a través da realización de novas actuacións en materia de visibilidade e difusión (eventos, publicacións, campañas, contidos audiovisuais e en redes sociais etc.) para darlles continuidade ás xa realizadas no período 2015-2020, xa que as devanditas accións contribúen a mellorar o recoñecemento social sobre o papel da muller no sector.

Favorecerase a realización de actuacións divulgativas e de formación en materia de xénero (por exemplo, cursos de sensibilización sobre políticas de igualdade, incorporación da perspectiva de xénero, metodoloxías e ferramentas, uso non sexista da linguaxe etc.) dirixidas aos axentes sectoriais. As devanditas actividades formativas deben incidir na concienciación das persoas implicadas na planificación, desenvolvemento, execución e avaliación das políticas de igualdade no sector.

6. Consolidar o movemento asociativo feminino no sector a través da continuación do impulso e o apoio ao asociacionismo feminino para aumentar a representación das mulleres vinculadas á pesca nos órganos e foros sectoriais onde se deciden as cuestións que lles afectan, e, de maneira especial, no seo dos comités consultivos, grupos de traballo ou mesas de diálogo.

Facilitaráselles ás mulleres do sector a procura de mecanismos de asesoramento para a xestión de axudas e proxectos.

Favorecerase a cooperación, o debate e o intercambio de experiencias e puntos de vista entre colectivos e redes de mulleres tanto a nivel autonómico, nacional e internacional.

7.Promoverase o liderado feminino a través do reforzo da visibilidade, o liderado e a participación equilibrada das mulleres no sector pesqueiro.

Promoverase a capacitación en materia de apoderamento e liderado feminino (con especial fincapé na formación motivacional, a asertividade, a mellora da autoestima e o desenvolvemento persoal, de maneira que as mulleres do sector poidan aplicar estes coñecementos no terreo profesional, por exemplo, á hora de mellorar a súa capacidade para falar en público, dirixir equipos, negociar, organizar e coordinar reunións etc.).

Apoiarase a realización de actividades que recoñezan e que lle dean visibilidade, no ámbito local e comarcal, ao labor de mulleres vinculadas ao sector pesqueiro.

Promoverase o emprendemento das mulleres, a súa instalación como profesionais autónomas e a axuda aos proxectos empresariais de colectivos femininos, especialmente os formulados baixo fórmulas de economía social.

8.Mellorar as condicións de traballo, así como a calidade de vida das mulleres do sector pesqueiro e acuícola a través da promoción unha remuneración xusta, evitando a precariedade e a fenda salarial.

Facilitaranse e aseguraranse unhas condicións óptimas de saúde, hixiene e seguridade no traballo.

Impulsarase o recoñecemento de enfermidades derivadas da actividade profesional.

Promoverase a creación de servizos e recursos que axuden á conciliación persoal, profesional e familiar de mulleres e homes.



XUNTA
DE GALICIA



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Costa da Morte

10. COMPLEMENTARIEDADE E COHERENCIA DA ESTRATEXIA CON OUTROS PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO QUE SE APLIQUEN NO TERRITORIO



10. Complementariedade e coherencia da estratexia con outros programas de desenvolvemento que se apliquen no territorio

No período de programación 2014-2020, o método LEADER pasou a designarse co termo máis xeral de desenvolvemento local participativo (CLLD) e o seu financiamento ampliouse a outros tres fondos europeos:

1. Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)
2. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)
3. Fondo Social Europeo (FSE).

O elemento esencial da metodoloxía LEADER é que se trata de **procesos de abaixo cara arriba**. As estratexias ou os programas específicos de desenvolvemento rural defínense no propio **ámbito local do territorio**, e as decisións sobre as liñas concretas de aplicación das axudas e mesmo dos proxectos que se financian tómanse nese mesmo ámbito, despois dun amplo **proceso participativo**, por partenariados de axentes públicos e privados (na súa maioría privados, por exixencia do programa). Como resultado da participación da sociedade rural constituíronse en Galicia os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR).

A aplicación do LEADER só se podía levar a cabo no marco do FEADER, agora unha medida concreta pódese financiar a través de dous ou máis dos catro fondos da UE ao mesmo tempo en virtude do concepto do **CLLD de financiamento múltiple**. Este concepto, cando se aplica, permítelles aos GAL integrar amplamente as **necesidades e as solucións locais**, e contribúe a **reforzar os vínculos entre as zonas rurais, urbanas e pesqueiras**.

Os GDR supoñen unha fórmula **multisectorial**, tanto na dimensión **económica**, non só do sector primario, como no resto de dimensións **sociais**; equipamentos, servizos e dotacións públicas, defensa dos **valores patrimoniais e ambientais**, relacións sociais, traballo en rede etc.

No ámbito territorial do GALP Costa da Morte está constituída a Asociación Costa da Morte-GDR que, baixo a mesma metodoloxía que se aplica no FEMPA para os GALP, desenvolve actuacións no seu ámbito de actuación. A Asociación Costa da Morte-GDR é unha organización sen ánimo de lucro que se constituíu coa finalidade de ser o núcleo de integración e **representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do seu territorio de actuación, claves no referente ás políticas de fixación da poboación e mesmo na loita contra a desocupación do campo e o seu abandono**.

As accións que desenvolve o GDR Costa da Morte están sustentadas polos mesmos principios de cohesión social e económica e a sostibilidade ambiental que o GALP Costa da Morte, aplicando políticas coordinadas e guiadas por unha **lóxica non sectorial, senón integral,** e impulsando **a cooperación entre os diversos departamentos das administracións públicas e a sociedade civil.**

Actualmente, o territorio de actuación do **GDR Costa da Morte** é o dos seguintes 17 concellos: Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbría, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas. A asociación xestiona o Programa Leader no citado territorio de actuación. Ten como función principal executar a medida Leader no Marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020. No marco desta función xenérica, correspóndenlle as seguintes funcións:

1. Informar e asesorar a poboación rural sobre o contido e alcance do programa de desenvolvemento rural e incentivar a participación activa nel.
2. Promover e captar iniciativas, así como acompañar os promotores no proceso de maduración de proxectos.
3. Avaliar e seleccionar proxectos impulsados polos promotores do territorio.
4. Efectuar, por delegación de AGADER, o control e o seguimento da execución dos proxectos.

As ferramentas de coordinación do GALP Costa da Morte co GDR Costa da Morte, co fin de garantir a coherencia da estratexia coas intervencións e liñas de axuda que se apliquen no territorio, instrumentaranse do seguinte xeito:

- Un **primeiro nivel** será de xuntanzas entre a Presidencia e a Xerencia dos grupos, co fin de avaliar o grao de execución das estratexias e as posibles modificacións destas para os efectos de adaptarse a novas necesidades **e na procura da complementariedade entre os programas.**
- Un **segundo nivel** estará composto por un grupo de traballo formado polo persoal técnico do GALP e dos GDR, no que se analicen os diferentes proxectos presentados, antes da súa aprobación, para os efectos de determinar a coherencia da axuda proposta entre os distintos fondos, as posibilidades de reconducir determinados proxectos a outros fondos ou a necesidade de pór en común un proxecto conxunto financiado polos distintos grupos. Estas xuntanzas terán lugar unha vez finalizada a fase de presentación de proxectos e antes de proceder á súa aprobación. Este sistema de coordinación garante **a sinerxía entre os fondos.**

- Un **terceiro nivel** estará formado por unha comunicación informal entre o persoal que traballa nos grupos, por medio, preferentemente, das novas tecnoloxías de comunicación para aumentar a súa coordinación e coñecemento do territorio.

A **asociación Afriprodel**, de forte implantación no territorio, formada por persoal técnico municipal, xa supuxo no período 2004-2020 un instrumento importante de colaboración, tanto na xestión de proxectos, como na difusión do GALP, así como axentes de enlace con potenciais promotores. Na nova programación de axudas manterase esta colaboración estreita con este colectivo, fundamental para chegar aos posibles promotores e informalos das novas liñas de actuación durante todo o período. Afriprodel ten como actividade principal o desenvolvemento local a través dos concellos. Este colectivo asesora en temas de formación, emprendemento, emprego e dinamización; **serve de nexo entre os potenciais promotores e o GALP; colabora na difusión de aspectos relacionados cos GALP; e fai chegar as novas e a información relativa ás axudas, o programa e as actividades que se desenvolven no GALP.**

O GALP Costa da Morte, a través do equipo técnico, manterá unha **coordinación cos responsables dos distintos fondos comunitarios que se desenvolvan para o período 2021-2027**, con aplicación no ámbito de Galicia e que teñan **relevancia a nivel do territorio**. Teranse en conta as prioridades estratéxicas, as liñas de financiamento, as orientacións e as ferramentas de coordinación que finalmente se establezan no **PO FEMPA, PO FEDER e o PO FSE do período 2021-2027**, coa proposta dos seguintes instrumentos de coordinación:

- Comité de coordinación de Fondos na Costa da Morte: este comité podería estar formado por cada unha das persoas representantes dos fondos na zona de actuación. Sen prexuízo da súa concreción posterior, poderíase formar un comité cos seguintes membros:
 - Representante do FEMP: presidente/a do GALP Costa da Morte
 - Representante do FEADER: presidente/a do GDR
 - Representantes do FSE e FEDER: alcaldes/alcaldesas dos concellos do GALP
- Redes temáticas: servirán para a coordinación das principais políticas financiadas nos programas operativos. Responden ao principio de coordinación, partenariado e gobernanza multinivel. En relación co FEDER, hai que mencionar o papel coordinador das seguintes redes:
 - Rede de políticas de I+D+i.
 - Rede de iniciativas urbanas: responsables dos concellos das políticas urbanas

- Rede de autoridades ambientais: responsables dos concellos e da Xunta de Galicia
- Rede de políticas de igualdade entre mulleres e homes: responsables de entidades do sector da pesca, público, social e económico do GALP.

11. PLAN DE ANIMACIÓN NA APLICACIÓN DA EDLP



11. Plan de animación na aplicación da EDLP

A definición do plan de animación da EDLP estará baseada na consecución dos obxectivos estratéxicos marcados no programa de actuacións.

O plan recolle diferentes medidas e ferramentas para contribuír ao impulso do exercicio profesional dirixido a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes; promover actividades de carácter informativo, de investigación, prevención e sensibilización dirixidas prioritariamente a mulleres e persoas novas; promover as actividades formativas para favorecer o relevo xeracional e a dixitalización; ou difundir o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola ou mariño, entre outros.

Neste sentido, a animación na aplicación da EDLP terá como obxectivo final o intercambio entre as partes interesadas para subministrar información e fomentar a estratexia para apoiar as potenciais beneficiarias, con vista a desenvolver operacións e para mobilizar as persoas e as organizacións, para que xeren novas ideas e leven a cabo actividades que beneficien a comunidade local.

Apoderamento feminino e emprendemento

No plan de difusión, unha das máximas prioridades é o apoderamento feminino e o emprendemento no sector por parte de persoas mozas e mulleres, así como a capacitación, mellora da formación e as medidas sociais para promover o relevo xeracional e a cualificación de persoas en empregos feminizados como, por exemplo, as redeiras. A promoción da innovación, a sostibilidade e a dixitalización é clave para chegar a este público.

Patrimonio cultural e medioambiental

Outra das prioridades máis salientables ten relación cos aspectos medioambientais arredor do GALP. A cultura e o patrimonio costeiro vense reforzados coa concienciación sobre o cambio climático e a adaptación aos efectos no sector (acumulación de algas, especies exóticas invasoras...), así como a difusión do aforro e a eficiencia enerxética no eido da sociedade e no ámbito empresarial.

Innovación empresarial nos produtos e no proceso de venda

A seguinte prioridade do plan de dinamización será a promoción da innovación nas zonas costeiras do GALP. As actividades de promoción na contorna dixital dos sistemas de xestión sostibles da pesca costeira artesanal, así como de concienciación sobre o medio natural, virán acompañadas da animación ás persoas mozas a integrarse dentro da mellora do tecido produtivo.

Gobernanza e xestión

Por último, a prioridade dentro da gobernanza e a xestión do GALP será a dinamización da cooperación con outros programas relacionados coa economía azul, a economía circular, o fomento do medio natural, os sistemas

de xestión sostíbles, a transición cara a unha economía de cero emisións etc., así como outras institucións e outras entidades como poden ser asociacións, fundacións, espazos de participación e outros foros nos que o GALP poida ofrecer oportunidades de networking e asociacionismo ás persoas participantes.

Adaptación a cada parte interesada

Para que se produzan cambios na zona, cómpre que chegue a todas as partes, polo que é necesario un labor de difusión na comunidade. A devandita tarefa clave comprende todas as actividades encamiñadas a mobilizar persoas e organizacións para que xeren novas ideas e leven a cabo actividades que beneficien a comunidade local.

As accións recollidas para a dinamización son as seguintes:

- **Xornadas TIC** para achegar as novas tecnoloxías aplicadas ao sector da pesca costeira artesanal, sobre todo, nos proxectos de colaboración para a comercialización, a avaliación das explotacións, a mellora dos procesos en toda a cadea de valor da acuicultura e a pesca sostíble etc.
- **Xornadas de presentación de proxectos** para animar as empresas, persoas emprendedoras e sociedade en xeral a participar na presentación de proxectos ao GALP. Establécense cinco xornadas de presentación de proxectos (unha por ano), concibidas coma un *talent business* no que as persoas emprendedoras defenderán as súas propostas diante dos responsables de catro empresas xa consolidadas.
- **Xornadas de promoción de convocatorias de axudas e promoción de proxectos**, as cales levaran aparelladas campañas de prensa e campañas dixitais.
- **Tour empresarial** para amosar a maneira de traballar e as estratexias de negocio aplicadas polas distintas actividades da economía azul no GALP a través dunha viaxe en grupo, xunto ao empresariado das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra, para visitar tres empresas da zona que poidan inspirar innovacións na práctica empresarial e proxectos de colaboración, ou poidan axudar a resolver os mesmos problemas e posibilitar a innovación.
- **Xornadas de pesca e acuicultura sostíble** para o intercambio de experiencias e coñecemento de proxectos piloto, co obxectivo instaurar as melloras e as innovacións no eido da pesca para favorecer o medio ambiente e os recursos, as medidas de mitigación do cambio climático, a economía circular e a economía sostíble.
- **Xornadas de networking** para xuntar a nivel sectorial e intersectorial a empresarias e empresarios para compartir problemas e abordar proxectos en común con relatorios de interese, realizadas por especialistas en temas actuais do sector pesqueiro e, acto seguido, abrir un espazo de encontro informal no que se propicien oportunidades de coñecerse e traballar conxuntamente entre as actividades que conforman a economía azul no territorio.

- **Xornadas de internacionalización** para axudar ás empresas a saír do seu raio de acción inmediato e que estean preparadas para lograr os seus obxectivos de expansión, a través da realización de obradoiros nos que se presenten as axudas e as ferramentas para se internacionalizar.
- **Eventos de desenvolvemento da EDLP do GALP:** un primeiro de lanzamento, un segundo de avaliación intermedia e un terceiro que formaría parte dun evento final no que, ademais da presentación dos resultados, se consideraría unha revisión e avaliación dos proxectos e obxectivos logrados no último lustro.
- **Obradoiros en praias e en espazos do patrimonio recuperados** para integrar as nenas e nenos e a xente nova da zona no coidado do medio a través do descubrimento da natureza mariña por medio de xogos, das novas tecnoloxías e da promoción da cultura mariñeira.
- **Visitas de estudo para intercambios con outros GALP,** co fin de levar a cabo o intercambio de experiencias, mellores prácticas e levar a cabo proxectos de cooperación.

As actividades deben axustarse a cada parte interesada e promoveranse os proxectos de colaboración:

Sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola

Axustando as reunións aos lugares e horarios axeitados, pola súa proximidade aos portos e con persoas recoñecidas no sector. As visitas aos proxectos deben ser de axuda para esta parte interesada.

Empresas

Realizando reunións que resulten en vantaxes tanxibles como oportunidades promocionais ou de negocio a través de redes de contactos.

Organismos públicos

Dun xeito máis formal, mantendo informados os organismos e outorgándolles un papel destacado nas reunións públicas e outras actividades de comunicación.

Asociacións locais e ONG

Implicándoas na organización de actos, xornadas e obradoiros.

Persoas en risco de exclusión, mulleres e mozos

Implicándoos no desenvolvemento de proxectos e na asistencia a xornadas e obradoiros, así como traballando con organizacións de apoio para proveelas de axuda adicional.

En definitiva, o GALP debe centrar o seu labor de dinamización en dous tipos de partes interesadas fundamentalmente: as que poden executar proxectos que benefician a toda a comunidade e as que poden ofrecer apoio ao GALP nas súas propias actividades.

12. COMUNICACIÓN



12. Comunicación. Comunicación do labor dos resultados do GALP.

A seguinte planificación e execución das accións comunicativas garante unha comunicación efectiva e profesional do labor do GALP e os beneficios que achega ao territorio. Isto tamén contribúe a implicar a poboación local no traballo do GALP e a promover e apoiar as actividades dos beneficiarios, así como animar a outros promotores a que presenten os seus proxectos.

O éxito da comunicación reside na frecuencia e na regularidade. Polo tanto, debe garantirse que todos os membros do GALP se impliquen nas iniciativas que se desenvolvan no plan de animación, xa que algúns membros poden exercer de multiplicadores ao empregar as súas propias contas de redes sociais para intensificar as mensaxes do GALP a través das diferentes plataformas.

Á hora de desenvolver o contido das actividades de comunicación, non debemos esquecer amosar proxectos aprobados polo GALP, en especial os seus resultados, e proporcionar información atractiva para o público obxectivo sobre a tipoloxía de proxectos que se promoven, os beneficiarios obxectivo e a intensidade das axudas.

Descrición da estratexia de comunicación

A estratexia de comunicación debe basearse no plan de comunicación da EDLP do GALP. Este documento é fundamentalmente práctico e considérase a base sobre a que se asentan os piares da comunicación online e offline, asegurando o estilo e a mensaxe que se quere transmitir para cada unha das partes interesadas, así como as pautas atendendo a cada tipo de soporte ou canle, e os indicadores para facer o control e o seguimento do éxito da comunicación.

A estratexia comunicativa implica a comunicación eficaz na páxina web, en boletíns, redes sociais e notas de prensa, así como unha estratexia creativa seguindo o manual de identidade corporativa dos GALP á hora de desenvolver materiais de difusión (os períodos están marcados por trimestres ou “Q”).

Área	Obxectivo de comunicación	Mensaxe	Grupo obxectivo	Actividade	Período	Canle
EDLP	Elaboración dun documento de referencia para a comunicación da EDLP	A EDLP crea un documento base para definir o seu estilo propio para espallar as súas mensaxes nas súas canles de comunicación	Sector pesqueiro, organismos públicos, asociacións e ONG, empresas e emprendedores	Realización dun plan de comunicación estratéxico	Q1 ano 1	Redes sociais, email, prensa escrita, web
Animación	Difusión do lanzamento inicial da EDLP	A EDLP traballa para impulsar o desenvolvemento sostible do sector pesqueiro e acuícola e o fomento de emprego estable	Empresas, emprendedores, sociedade xeral, asociacións e organismos públicos	Evento inicial	Q2 do ano 1	Redes sociais, email, web, prensa escrita, radio, acto local, carteis, reunións, teléfono
	Difusión dos resultados intermedios da EDLP	A EDLP segue a traballar para impulsar o desenvolvemento sostible do sector pesqueiro e acuícola e o fomento de emprego estable		Evento intermedio	Q3 do ano 3	
	Difusión dos resultados finais da EDLP e conclusións	A EDLP segue a traballar para impulsar o desenvolvemento sostible do sector pesqueiro e acuícola e o fomento de emprego estable		Evento final	Último Q do último ano	
	Promoción da participación das empresas na EDLP	A EDLP anima e axuda ás empresas e emprendedores	Empresas, emprendedores, asociacións	Xornadas de presentación de proxectos	Dende o Q 4 do ano 1 ao Q 3 do último ano	Redes sociais, email, web, prensa escrita, carteis
	Difusión do achegamento de empresas e novos proxectos conxuntos	A EDLP fomenta o intercambio de experiencias entre empresas		Xornadas de networking	Do Q2 do ano 1 ao Q 3 do último ano	
	Achegamento das novas tecnoloxías ao sector pesqueiro	A EDLP fomenta a transformación dixital das empresas do GALP		Xornadas TIC	Dende o Q 3 do ano 1 ao Q 1 do último ano	
	Acercamento dos pescadores e acuicultores ás novas técnicas que fomentan a economía sostible	A EDLP fomenta a economía azul e sostible no GALP		Xornadas de pesca e acuicultura sostible	Do Q2 do ano 1 ao Q 3 do último ano	
	Difusión do modo de traballar e as	As empresas do GALP son inspiración para a	Empresas, emprendedores, sociedade xeral, asociacións,	Tour empresarial	Dende o Q 3 do ano 2 ao	

	estratexias de negocio do GALP	mellora de todo o tecido produtivo da zona	organismos públicos		Q 2 do último ano	
	Difusión da internacionalización das empresas no GALP	A EDLP fomenta a internacionalización das empresas do GALP a través de formación específica	Empresas, emprendedores	Xornadas de internacionalización	Dende o Q3 do ano 1 ao Q3 do último ano	
	Promoción do medio e a economía azul	A EDLP promociona a integración da infancia e a mocidade no coidado do medio	Sociedade en xeral	Obradoiros praias	Dende o Q3 do ano 1 ao Q3 do último ano	
Seguimento e avaliación anual	Difusión da evolución da EDLP	A EDLP continúa a traballar pola consecución dos seus obxectivos	Organismos públicos, asociacións e ONG, empresas e emprendedores	Publicación en medios de difusión en liña e prensa escrita dos resultados e a avaliación	Todo o período - frecuencia anual	Redes sociais, radio, reunións en portos, visitas individuais, email, prensa escrita, web, carteis, reunións

13. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN



13. Seguimento e avaliación continua

13.1 Plan de seguimento e avaliación continua

O **Plan de seguimento** inclúe e persegue unha da avaliación continua da EDLP e unha análise todas as etapas da súa execución, desde que se decide iniciar o plan de actuacións ata que se manifestan os seus impactos. Este permitirá alcanzar a confianza das partes interesadas, conseguir unha mellora continua da EDLP e evidenciar ante a sociedade os logros acadados.

A medición do impacto da implementación da EDLP é básica para coñecer tanto o seu **nivel de contribución aos obxectivos específicos planificados como ao plan operativo do FEMPA. Está será a contribución do GALP ás avaliacións que realice o organismo intermedio de xestión.** A utilización do sistema de indicadores propostos queda supeditada á súa revisión pola Consellería do Mar.



Este sistema vai integrar un **procedemento de recollida de datos**, ferramentas de enforcado de información e técnicas combinadas de observación e análise. Estará enfocado a recoller datos que alimenten a batería de indicadores do proxecto e poña en valor as realizacións e os resultados alcanzados pola EDLP. Todo isto dende a **fase de solicitude inicial, execución, certificación final e seguimento dos proxectos.**

A actualización do **cadro de indicadores** realizarase **cunha periodicidade anual**, pero a toma de datos farase en función do grao de avance das accións e proxectos aprobados. En calquera momento, poderase solicitar información aos promotores sobre os indicadores clave do proxecto, así como realizar as visitas que o equipo de xestión do GALP considere oportunas. A obtención de

información e seguimento do proxecto adaptarase en función da súa natureza, complexidade ou especiais circunstancias que determinen a súa evolución.

O seguimento pode definirse como unha función continua cuxo principal obxectivo é proporcionarlles aos órganos de dirección do GALP e aos principais interesados, no contexto da EDLP, indicacións temperás de progreso, ou de falta de progreso, no logro de resultados e poder tomar decisións ao longo do seu desenvolvemento.

O equipo de xestión levará a cabo as actualizacións do cadro de indicadores e, a través dun informe anual, serán postas en coñecemento dos **órganos de participación, en especial dos órganos de dirección do GALP, a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva**, co fin de que poidan levar a cabo as reformulacións e accións que consideren dentro das atribucións que lles confiren os estatutos.

Realizaranse, polo menos, unha **avaliación anual**, en función do grao de execución dos proxectos, unha **avaliación intermedia** na anualidade 2025, e unha **avaliación final**, unha vez que está a punto de finalizar a implementación da EDLP, na anualidade 2027.

Esquema de seguimento e avaliación: anual, intermedia e final

Fase I: Informe de avaliación anual

A avaliación anual permitirá detectar posibles desviacións respecto da planificación prevista e posibilitar a adopción de medidas correctoras e a definición do programa e proxectos en función das recomendacións ou propostas de mellora que deriven deste.

Levarase a cabo distinta tipoloxía de valoracións: realización física das actuacións, realización ou eficacia financeira, grao de optimización do resultado tendo en conta os recursos empregados, grao de cumprimento das prioridades do programa e a sostibilidade das accións desenvolvidas no proxecto a longo prazo.

Para a elaboración do informe de avaliación anual levaranse a cabo os seguintes traballos:

- Exame do grao de execución orzamentaria da axuda outorgada e da senda programada para cada exercicio orzamentario.
- Verificación da realización das actividades, materiais ou inmateriais, programadas ata a data. Recompilación de datos de execución física e financeira.
- Entrevista en profundidade aos promotores dos proxectos aprobados ou os equipos técnicos en cada unha das organizacións que conforman o partenariado dun proxecto.

A estrutura de contidos básicos sería a seguinte:

- a) Datos de identificación da EDLP e descrición
- b) Presentación e obxectivos do informe de avaliación
- c) Metodoloxía da avaliación: análise do sistema de recollida de información e criterios de avaliación clásicos nos proxectos
- d) Seguimento do proxecto e contraste de indicadores:
 - I. Análise do cadro de mando
 - II. Seguimento temporal
 - III. Análise de indicadores
 - IV. Seguimento orzamentario: certificacións e proceso orzamentario
- e) Avaliación por criterios
- f) Información e publicidade no proxecto: requisitos de información e publicidade
- g) Conclusións e recomendacións
- h) Próximas etapas na avaliación final do programa/proxecto

Fase II: Informe de avaliación intermedia (2025)

A avaliación intermedia incluírá as mesmas tarefas que a avaliación anual e a maiores unha análise da gobernanza e do grao de execución e resultados da dinamización e difusión e da xestión.

Fase III. Informe de avaliación final (2027)

A terceira fase no proceso de avaliación abrangue os traballos enfocados á elaboración do informe de avaliación final.

O informe de avaliación final emitirá un xuízo sobre o rendemento do conxunto de intervencións desenvolvidas pola EDLP. Ademais de valorar a eficacia e eficiencia na consecución de resultados, analizarase a percepción do impacto, así como unha análise da sostibilidade das actuacións unha vez desapareza a axuda financeira do programa.

Para a elaboración do informe de avaliación final levaranse a cabo os mesmos traballos que no caso da avaliación intermedia, así como os seguintes traballos complementarios:

- Análise dos criterios de avaliación
- Entrevista en profundidade a representantes dos equipos técnicos en cada unha das organizacións que conforman o GALP
- Enquisa ao público destinatario da actuación e poboación beneficiaria final da operación
- Realización de grupos de discusión coas entidades socias para recoller a percepción sobre o impacto da EDLP no territorio

Levarase a cabo unha análise documental que permita testar a coherencia das actuacións desenvolvidas coas prioridades e obxectivos da EDLP, e unha análise da súa sostibilidade unha vez desapareza o apoio financeiro. A análise reforzase con elementos cualitativos extraídos das técnicas mencionadas.

A estrutura básica de contidos deste informe final será a seguinte:

- a) Descrición da avaliación realizada, proceso e metodoloxía, fontes de información e técnicas utilizadas.
- b) Descrición da execución xeral do programa de traballo do GALP, realizacións e execución financeira.
- c) Avaliación da implementación do programa de traballo e alcance de obxectivos. Grao de consecución de resultados e valoración da eficacia, complementariedade e pertinencia.
- d) Valoración da percepción do impacto e os seus efectos. Así mesmo, identificaranse boas prácticas e a súa posible perdurabilidade.
- e) Recompilación das ferramentas utilizadas, así como documentos de traballo e informes específicos de técnicas empregadas.
- f) Conclusións sobre logros, nivel de consecución de obxectivos e resultados acadados, leccións aprendidas ou barreiras que se deben superar.

13.2 Indicadores de avaliación

Estes indicadores foron trasladados ás entidades integrantes do GALP, procedemento que se levou a cabo a través dunha comunicación **mediante correo electrónico de data 15 de setembro de 2022**, da que se obtivo como resultado unha opinión positiva para a súa inclusión na EDLP.

Para a EDLP realízase unha proposta de cadro de indicadores, co fin de dispor dun sistema de seguimento vivo das realizacións alcanzadas a través dos diferentes proxectos financiados pola EDLP e, no seu caso, das accións directas do GALP.

Deseño dos indicadores

Os indicadores teñen como finalidade completar a visión acerca da eficacia da implementación de cada medida, pois médense e controlan indicadores que non só permitirán determinar se o obxectivo que se pretende obter se cumpre senón tamén o efecto inmediato no medio ou a nivel social. Os indicadores, cun enfoque SMART, son de dobre natureza:

- a) Destinados a medir a implementación (número de proxectos, financiamento privado alcanzado...)
- b) Destinados a medir o impacto no desenvolvemento da EDLP, dende o punto de vista medioambiental, social e económico: redución das emisións de carbono, implantación de enerxías renovables, formación, inclusión social, emprego etc. Estes indicadores ofrecen información directa sobre a contribución e o logro dos obxectivos específicos da EDLP.



Estrutura de deseño dos indicadores

O esquema de indicadores é o seguinte:

1. Obxectivo estratéxico: obxectivo definido na EDLP.
2. Axentes implicados: xeralmente os promotores dos proxectos
3. Indicador ou indicadores: nome asociado ao obxectivo

4. Unidade de medición: pode ser estándar ou variable en función dos proxectos que finalmente se executen, dentro de cada obxectivo
5. Responsable de seguimento: xeralmente o equipo técnico do GALP
6. Valor obxectivo: valor estimado na EDLP
7. Valor acadado: valor resultante das accións que finalmente se leven a cabo no marco da EDLP
8. Porcentaxe de variación: determinada en función do grao de execución
9. Medidas de mellora continua: correctivas, preventivas ou reformulacións, no seu caso

Sistema de información

Para conseguir os fins detallados é fundamental contar cun bo sistema de información que permita analizar e realizar a posterior valoración ao redor dos criterios de avaliación (coherencia, eficacia, eficiencia, pertinencia e utilidade, impacto e durabilidade). O sistema de **recollida de información permitirá analizar os procesos que implica a execución da EDLP, coñecer o desenvolvemento dos proxectos que integran as distintas medidas, e medir a percepción dos efectos sobre o ámbito de actuación e a eficacia interna das organizacións implicadas.**

Procedementos e sistema de información do proxecto

Os procedementos, a documentación soporte dun proxecto nas distintas fases de xestión e as tarefas que se especifican a continuación permiten identificar as fontes de información e a recollida de datos, e alí onde sexa necesario proporcionar pechamentos de rexistro. As avaliacións conteñen, desta forma, indicadores cunha clara orientación á **medición de resultados** en todos os niveis.

A planificación das seguintes actividades permiten a obtención da información sobre o grao de execución dos proxectos e as accións, e a súa contribución á EDLP.

- Recompilación e revisión de fontes de información do proxecto: análise documental da información xerada no GALP e o seu rexistro, procedemento de seguimento interno, memorias e informes periódicos, reunións do equipo de traballo e revisión de resultados do proxecto.
 1. Recollida de información baseándose nos formularios da EDLP
 2. Procedementos de xestión internos para a recollida da información con base no grao de avance do proxecto
 3. Incorporación o cadro de indicadores con base no detalle que se facilita
 4. Informes de actividade xerada no marco de cada proxecto
 5. Datos financeiros: grao de execución do orzamento
- Recollida de informacións cualitativas e cuantitativas, co fin de obter información non recollida no sistema de seguimento do proxecto. Alí onde se detectaron carencias, proporcionaranse ferramentas de

recollida de datos e medición de valores polas persoas socias, adaptadas ao programa de traballo.

- Seguimento da batería de indicadores, tendo especialmente en conta a tipoloxía de actividades por cada fase e os indicadores que se estableceron no propio proxecto e a súa correlación co obxectivo estratéxico no que este encaixa.

Este sistema vai integrar un **procedemento de recollida de datos**, ferramentas de enforcado de información e técnicas combinadas de observación e análise. Estará dedicado a recoller datos que alimenten a batería de indicadores do proxecto e poñan en valor as realizacións e resultados alcanzados pola EDLP. Todo isto dende a **fase de solicitude inicial, execución, certificación final e seguimento dos proxectos**.

Se ben a actualización do **cadro de indicadores** se realizará **cunha periodicidade anual**, a toma de datos farase en función do grao de avance das accións e os proxectos aprobados. O plan de seguimento poderá incluír, en calquera momento, a solicitude de información sobre os indicadores clave do proxecto, así como as visitas do equipo de xestión do GALP que se consideren oportunas aos proxectos promovidos. Garantirase a realización dun mínimo dunha visita por proxecto, adaptando en todo momento a periodicidade na obtención de información e seguimento do proxecto en función da súa natureza, a complexidade ou especiais circunstancias que determinen a súa evolución.

Táboa de indicadores da EDLP por anualidade

CADRO DE INDICADORES DE AVALIACIÓN DA EDLP DO GALP COSTA DA MORTE POR ANUALIDADE

OBXETIVOS ESPECÍFICOS	Indicador de resultados	Unidade de medida	2023	2024	2025 (F)	FITO	2026	2027 (M)	META	Fonte de datos
1.1. Mantemento da actividade vinculada co mar e incremento do valor engadido dos produtos pesqueiros	Empregos creados	N.º de persoas	5	5	5	15	5	5	25	Proxectos
	Redución de emisións de CO ₂	Medidas de redución de CO ₂	6	6	6	18	6	6	30	Proxectos
	Métodos e procesos sostibles	N.º de medidas medioambientais	7	7	7	21	7	7	35	Proxectos
	Innovación en materia de dixitalización	N.º de proxectos	7	7	7	21	7	7	35	Proxectos
	Innovación posibilitada	N.º proxectos innovadores	2	2	2	6	2	2	10	Proxectos
	Cultura de colaboración	N.º proxectos de colaboración			1	1	1	1	3	Proxectos
	Interaccións nas redes sociais por campañas	N.º interaccións	300	300	300	900	300	300	1.500	Proxectos
OBXETIVOS ESPECÍFICOS	Indicador de resultados	Unidade de medida	2023	2024	2025 (F)	FITO	2026	2027 (M)	META	Fonte de datos
1.2. Promover a incorporación das persoas mozas e a mellora da capacitación do sector marítimo-pesqueiro.	Empregos creados	N.º de persoas	1	1	1	3	1	1	5	Proxectos
	Capacitación	N.º de persoas formadas	28	28	28	83	28	28	140	Proxectos
	Métodos e procesos sostibles	N.º de medidas medioambientais	1	1	1	3	1	1	5	Proxectos
	Redución de emisións de CO ₂	Medidas de redución de CO ₂	1	1	1	3	1	1	5	Proxectos
	Cultura de colaboración	N.º proxectos de colaboración			1	1			1	Proxectos
	Innovación posibilitada	N.º proxectos innovadores			1	1			1	Proxectos

OBXETIVOS ESPECÍFICOS	Indicador de resultados	Unidade de medida	2023	2024	2025 (F)	FITO	2026	2027 (M)	META	Fonte de datos
2.1. Colaboración con outras actividades vinculadas á economía azul para o desenvolvemento sostible do sector pesqueiro.	Empregos creados	N.º de persoas	3	3	3	9	5	4	18	Proxectos
	Métodos e procesos sostibles con base na dixitalización	N.º de medidas medioambientais	6	6	6	18	6	6	30	Proxectos
	Prazas de hostalería de calidade	N.º de prazas creadas	17	17	17	51	17	17	85	Proxectos
	Actividades fóra do período estacional	N.º de actividades creadas	3	3	3	9	3	3	15	Proxectos
	Cultura de colaboración	N.º proxectos de colaboración			1	1	1	1	3	Proxectos
	Dixitalización	N.º de proxectos de dixitalización	1	1	1	3	1	1	5	Proxectos
	Capacitación dixital e outras	N.º de persoas formadas	30	30	30	90	30	30	150	Proxectos
	Promoción de produtos da pesca a través de medios dixitais	N.º proxectos	1	1	1	3	1	1	5	Proxectos
	Innovación posibilitada	N.º proxectos innovadores	2	2	2	6	2	2	10	Proxectos
	Redución de emisións de CO ₂	N.º de medidas de redución CO ₂	15	15	15	45	15	15	75	Proxectos

OBXETIVOS ESPECÍFICOS	Indicador de resultados	Unidade de medida	2023	2024	2025 (F)	FITO	2026	2027 (M)	META	Fonte de datos
2.2 Redución de emisións de gases de efecto invernadoiro	Redución de emisións de CO2	N.º de medidas de redución CO2	1	1	1	3	1	1	5	Proxectos
	Innovación posibilitada	N.º proxectos innovadores	1	1	1	3	1	1	5	Proxectos
	Proxectos de desenvolvemento	N.º de proxectos	1	1	1	3	1	1	5	Proxectos
2.3. Implantación de procesos de reciclaxe e redución de residuos.	Redución de emisións de CO2	N.º de medidas de redución de CO2	1	1	1	3	1	1	5	Proxectos
	Capacitación e concienciación	N.º de persoas	5	5	5	15	5	5	25	Proxectos
	Creación de emprego	N.º de persoas			1	1			1	Proxectos

OBXETIVOS ESPECÍFICOS	Indicador de resultados	Unidade de medida	2023	2024	2025 (F)	FITO	2026	2027 (M)	META	Fonte de datos
3.1 Reforzo dos elementos medioambientais	Capacitación e formación	N.º de persoas	11	11	11	33	11	11	55	Proxectos
	Mitigación do cambio climático	N.º de actuacións	2	2	2	6	2	2	10	Proxectos
	Ferramentas dixitais desenvolvidas	N.º de implantacións	4	4	4	12	4	4	20	Proxectos
	Campañas. Número de interaccións nos medios dixitais	Número de interaccións nos medios dixitais	88	88	88	264	88	88	440	Proxectos
	Redución de emisións de CO2	N.º de medidas de redución de CO2	3	3	3	9	3	3	15	Proxectos

OBXETIVOS ESPECÍFICOS	Indicador de resultados	Unidade de medida	2023	2024	2025 (F)	FITO	2026	2027 (M)	META	Fonte de datos
4.1. Reforzo dos elementos patrimoniais (tradicional, cultural material e inmaterial)	Patrimonio recuperado	N.º de elementos	1	1	1	3	1	1	5	Proxectos
	Medidas de sostibilidade	N.º de proxectos que incorporan medidas	1	1	1	3	1	1	5	Proxectos
	Emprego mantido/creado	N.º de persoas	1	1	1	3	1	1	5	Proxectos
	Dinamización	N.º empresas creadas	1	1	1	3	1	1	5	Proxectos
		N.º de actividades novas	2	2	2	6	2	2	10	Proxectos
4.2 Mellora de benestar social	Redución de emisións de CO ₂	N.º de medidas de redución de CO ₂	3	3	3	9	3	3	15	Proxectos
	Mellora das condicións laborais	N.º de medidas de conciliación	2	2	2	6	2	2	10	Proxectos
	Proxectos colectivos desfavorecidos	N.º de proxectos	1	1	1	3	1	1	5	Proxectos
	Capacitación e formación	N.º de persoas formadas	15	15	15	45	15	15	75	Proxectos
	Medidas de accesibilidade	N.º de medidas	1	1	1	3	1	1	5	Proxectos
	Medidas de apoio muller	N.º de medidas	1	1	1	3	1	1	5	Proxectos
	Infraestruturas sociais	N.º de infraestruturas			1	1		1	2	Proxectos

OBXETIVOS ESPECÍFICOS	Indicador de resultados	Unidade de medida	2023	2024	2025 (F)	FITO	2026	2027 (M)	META	Fonte de datos
OBXETIVO ESPECÍFICO 5.1 Desenvolvemento e mellora de procesos de gobernanza	Ferramentas de colaboración creadas	N.º de ferramentas			1	1		1	2	Proxectos
OBXETIVO ESPECÍFICO 6.1 Cooperación para a mellora da competitividade do sector pesqueiro e a vertebración do territorio	Obxectivos do proxecto cooperación	N.º de proxectos		1	1	2		1	3	Proxectos



XUNTA
DE GALICIA



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Costa da Morte

Anexo 1. ANÁLISE DIAGNOSTICA



Análise diagnóstica | GALP Ría de Costa da Morte

Anexo 1. Análise diagnóstica

1.1. Ámbitos do diagnóstico: caracterización da zona pesqueira	3
1.1.1. Realidade física, económica e social do territorio	3
1.1.2. Sector martimo-pesqueiro e da acuicultura	37
1.1.3. Recursos mediambientais patrimoniais	70
1.2. Proceso de elaboración do diagnóstico	115

Anexo 1. Análise diagnóstica

A continuación faise unha exposición orientativa dos principais parámetros e indicadores de diferentes ámbitos de análise correspondentes a contorna do territorio do GALP Costa da Morte, como elementos que sustentas a definición dos obxectivos e liñas de actuación da estratexia. Poderá suceder que nos diferentes espazos de participación, contemplados para a elaboración da diagnose da estratexia, xurda algún outro indicador alternativo ou complementario relacionados co propio FEMPA e a aplicación da EDLP. Neste caso, xustificaríase a súa incorporación no documento que soporta a EDLP, como un elemento que axude na definición dos obxectivos da estratexia.


1.1. Ámbitos do diagnóstico: caracterización da zona pesqueira

1.1.1. Realidade física, económica e social do territorio:

Delimitación territorial

O GALP Costa da Morte esténdese por un total de 9 concellos adscritos administrativamente a 3 comarcas diferentes da provincia de A Coruña: Bergantiños, Fisterra e Terra de Soneira.

Todos estes concellos se agrupan para definir o litoral da costa da Morte dende o último concello da última das Rías Baixas (a ría de Corcubión) ata o concello de Arteixo. Entre todos eles suman un total de 962 km².



Táboa 1. Distribución do GALP Costa da Morte por comarcas e concellos.

Concellos da zona pesqueira:

Unidades territoriais

O GALP Costa da Morte está integrado por nove municipios das comarcas de Bergantiños, Fisterra e Terra de Soneira: A Laracha, Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana, Laxe, Vimianzo, Camariñas e Muxía.

Concellos	Comarca
Cabana de Bergantiños	Bergantiños
Carballo	
Laracha, A	
Laxe	
Malpica de Bergantiños	
Ponteceso	
Camariñas	Terra de Soneira
Vimianzo	Fisterra
Muxía	

Comarcas e concellos do GALP Costa da Morte. Fonte: IGE.


A comarca predominante é a de Bergantiños, con 7 dos seus 8 concellos incluídos neste GALP. O único que faltaría é o concello de Coristanco, que carece de costa.

As outras comarcas representadas son, a da Terra de Soneira, con dous municipios neste GALP (Camariñas e Vimianzo) e a Comarca de Fisterra, tan só representada polo municipio de Muxía.

Os límites naturais do GALP Costa da Morte, e que por suposto incidirán nas súas características socioeconómicas, son:

- Ao Norte e ao Oeste se sitúa o Océano Atlántico.
- Ao Sur, Coristanco, Zas e o reborde meseteño do denominado "Bloque do Xallas" (entre os 400-600 m.).
- Ao leste os Montes de Santa Leocadia (300-400 m.) e o chanzo altitudinal (200-300 m.) que supón o municipio de A Laracha con respecto ao val de Barrañán (Arteixo).
- Ao Suroeste, a pequena Ría de Lires, formada pola desembocadura do río Castro, formando o límite natural entre os municipios de Cee e Muxía.

No presente apartado trátase de analiza as características do transporte e as comunicacións, e mostrar as súas carencias e as especiais circunstancias que impliquen a necesidade de actuación, sobre todo centrándose naquelas infraestruturas relacionadas co sector pesqueiro.



Sistemas e vías de comunicación


Os 12 portos cos que conta a Zona da Costa da Morte son:

- **Ferrocarril**

Como se reflicte no mapa 12, o ferrocarril unicamente pasa por A Laracha e nin sequera pola capital da mesma. O resto dos concellos non teñen acceso a esta tipoloxía de transporte.

• Estradas

Durante os últimos oito anos, as comunicacións dentro da Costa da Morte non teñen experimentado unha melloría notable, aínda que na actualidade está en fase de ampliación a AG-55, que chegará ata Muxía (como se pode comprobar no mapa do Ministerio de Fomento).



Porén, na actualidade desde A Coruña tómasse a AC-552:

- Para visitar Malpica debese chegar ata Carballo e tomar a AC-442.
- Para visitar Ponteceso desde a AC-442 tomase o desvío de Buño.
- En Ponteceso seguindo a AC-430, chégase ata Laxe e Cabana.

Desde Santiago de Compostela á Zona Norte (Carballo), sáese pola estrada AC-404 dirección Portomouro (14 quilómetros), e logo pola AC-1914, que leva a Carballo. (31.6 quilómetros).

Desde Santiago de Compostela á Zona Sur (Muxía/Vimianzo): tómasse a mesma AC-404 ata o cruce coa AC-552, que leva ata Vimianzo.

• Transporte público

Debido a que se trata de pequenos núcleos de poboación, non existe transporte público urbano, si hai un servizo comarcal pero moi pobre.

Unha pequena parte do GALP Costa da Morte está incluído no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, en concreto, A Laracha e Carballo. **Porén, o resto do territorio segue a sufrir un importante déficit en termos de dispoñibilidade de transporte público.**

Densidade de poboación:

O territorio do GALP Costa da Morte está integrado por un total de **77.626 habitantes** (85.092 en 1999), distribuídos municipalmente segundo se indica na seguinte táboa.


	Poboación total	Superficie	Densidade de poboación (hab/km ²)
Cabana de Bergantiños	4.185	99,93	41,88
Camariñas	5.224	52,65	99,23
Carballo	31.414	187,56	167,49
Laracha, A	11.521	126	91,44
Laxe	3.004	36,61	82,06
Malpica de Bergantiños	5.332	61,66	86,48
Muxía	4.564	122,29	37,32
Ponteceso	5.457	92,41	59,05
Vimianzo	6.925	187,26	36,98
TOTAL	77.626	966	80,33

Entidades de poboación no ámbito GALP Costa da Morte segundo número de habitantes. Fonte: Elaboración propia | Data de determinación Poboación : 31/12/2021

A densidade de poboación, tendo en conta a poboación do ano 2020 (77.658 habitantes, datos do IGE) ascende a 80,39 habitantes por Km².

A distribución dos habitantes presenta notables desigualdades, sendo de destacar os casos extremos de Carballo e Laxe, tendo o primeiro case dez veces máis poboación que o segundo.


A densidade de poboación no conxunto do GALP é de **80 habitantes por quilómetro cadrado, por baixo do conxunto da provincia (141,1hab/km²)** e máis preto da densidade da Comunidade Autónoma (91,2hab/km²), cun desequilibrio notable entre poboacións con densidades por riba da media provincial (Carballo), e poboación con densidades que non chegan á metade do conxunto do GALP (Vimianzo e Muxía).



Mapa. Entidades de poboación no ámbito GALP Costa da Morte, segundo número de habitantes.
Elaboración propia.

Poboación e demografía

• Evolución poboación entre 1999 e 2021:



Mapa. Evolución da poboación no ámbito GALP Ría de Costa da Morte entre os anos 1999 e 2021. Fonte:
Elaboración propia.

O territorio do GALP Costa da Morte sofre dunha perda continuada de poboación. **A perda efectiva de poboación é do 8,77%**. Este dato é de especial importancia pola hipotética perda de capital humano que puidera ter a zona, e obriga a establecer posibles hipóteses acerca da relación entre esta perda poboacional e a súa correlación coa falla de oportunidades de emprego no territorio.

Concello	2021	1999	Evolución	Evolución (%)
Cabana de Bergantiños	4.185	5.785	-1.600	-38,2
Camariñas	5.224	7.063	-1.839	-35,2
Carballo	31.414	27.980	3.434	10,9
Laracha, A	11.521	10.669	852	7,4
Laxe	3.004	3.541	-537	-17,9
Malpica de Bergantiños	5.332	7.325	-1.993	-37,4
Muxía	4.564	6.422	-1.858	-40,7
Ponteceso	5.457	7.370	-1.913	-35,1
Vimianzo	6.925	8.937	-2.012	-29,1
TOTAL	77.626	85.092	-7.466	-8,77%

Táboa. Variación da poboación entre os anos 1999 e 2021 por municipios. Fonte: IGE e elaboración propia.

Unha posible consecuencia desta perda de poboación é a caída da natalidade: a menor poboación de mediana idade, menor é o número de nacementos neste territorio.

Neste período, entre os anos 1999 e 2021 o maior incremento poboacional experimentouno o concello de Carballo, que se enmarca como maior polo tractor deste territorio. Mentres tanto, o concello de Muxía perdeu un 40% de poboación. Este territorio está perdendo poboación na maioría dos seus municipios e incrementándoa só nos máis próximos á cidade da Coruña: A Laracha e Carballo.

A variación de poboación é bastante lineal dende o ano 1999 ata o 2021, incrementando poboación de maneira case constante nos municipios de Carballo e A Laracha y decrecendo no resto de municipios.

Obsérvase nestes dous municipios de Carballo e A Laracha un aplanamento da curva de crecemento dende o ano 2011. En Laxe, que viña mantendo a poboación de maneira bastante constante dende 1999 ata o ano 2005, comeza un decrecemento constante a partir do ano 2007 e ata a actualidade. No resto de municipios o decrecemento é bastante constante e lineal en todo este período.


Táboa. Evolución da poboación entre os anos 1999 e 2021 por municipios. Fonte: IGE e elaboración propia.

	1999	2001	2003	2005	2007	2009	2011	2013	2015	2017	2019	2021
Cabana de Bergantiños	5785	5689	5447	5294	5091	4985	4865	4716	4552	4347	4248	4185
Camariñas	7063	6747	6597	6467	6275	6224	6168	5874	5577	5419	5272	5224
Carballo	27980	28497	28949	29689	30091	30990	31303	31366	31283	31195	31349	31414
Laracha, A	10669	10666	10782	10806	10871	11171	11337	11375	11402	11281	11347	11521
Laxe	3541	3575	3544	3539	3453	3413	3366	3267	3185	3090	3016	3004
Malpica de Bergantiños	7325	7172	6944	6786	6432	6228	6102	5875	5666	5518	5391	5332
Muxía	7370	7118	6880	6698	6494	6302	6134	5964	5789	5613	5502	5457
Ponteceso	6422	6191	6029	5823	5663	5510	5377	5162	5025	4852	4657	4564
Vimianzo	8937	8787	8653	8466	8364	8204	8039	7849	7520	7270	7057	6925

CONCELLO	1999	2020	Evolución %
Cabana de Bergantiños	5.785	4.216	-27,12%
Carballo	27.980	31.429	12,33%
Laracha, A	10.669	11.406	6,91%
Laxe	3.541	2.990	-15,56%
Malpica de Bergantiños	7.325	5.352	-26,94%
Ponteceso	7.370	5.497	-25,41%
Muxía	6.422	4.596	-28,43%
Camariñas	7.063	5.209	-26,25%
Vimianzo	8.937	6.963	-22,09%
TOTAL	85.092	77.658	-8,74%

Táboa. Variación da poboación entre os anos 1999 e 2020 por municipios. Fonte: IGE e elaboración propia

Índice de envellecemento:



Mapa. Índice de envelhecimento municipal no ámbito GALP Costa da Morte. Fonte: Elaboración propia.

O índice de envelhecimento informa acerca da relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos expresada en porcentaxe, é dicir, o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos.


		Total		Homes		Mulleres	
		2020	2021	2020	2021	2020	2021
Índice de envelhecimento							
	Total Galicia	160,4	163,59	133,06	136,22	189,67	192,83
15014	Cabana de Bergantiños	330,22	336,24	310,28	311,83	348,5	359,17
15019	Carballo	133,34	135,12	110,95	112,49	158,83	160,9
15041	Laracha, A	173,2	172,51	138,8	138,12	214,53	213,28
15040	Laxe	265,59	278,44	227,68	244,97	310,05	316,64
15043	Malpica de Bergantiños	331,98	338,61	278,53	291,04	391,12	389,81
15068	Ponteceso	285,95	290,93	243	251,68	335,83	335,49
15052	Muxía	303,29	313,67	277,47	286,38	329,06	340,11
15016	Camariñas	240,98	247,32	203,76	211,07	285,97	291,55
15092	Vimianzo	306,84	310,05	254,66	249,47	364,82	381,26
	Media GALP	263,4878	269,21	227,2367	233,0056	304,3011	309,8011

Mapa. Índice de envelhecimento municipal no ámbito GALP Costa da Morte. Fonte: IGE.

O número de persoas de 65 ou máis anos, por cada 100 menores de 20 anos, acada as 263,49. Unha cifra moi superior o total de Galicia que acada os 160,4 persoas de 65 ou máis anos, por cada 100 menores de 20 anos. Os datos do GALP Costa da Morte poñen de manifesto o acusado envelhecimento para o conxunto deste territorio. Esta tendencia é menos acentuada en Carballo, pero en calquera dos municipios supera á media de Galicia.

As perdas de poboación mais dramáticas na comarca danse nos concellos de Muxía, Vimianzo, Ponteceso, Cabana de Bergantiños e Malpica de Bergantiños. Pola contra, os polos de atracción de poboación máis próximos á cidade da Coruña presentan un índice de envelhecimento moito menor Carballo e A Laracha.

Asentamentos de poboación:



Mapa. Entidades de poboación no ámbito GALP Costa da Morte segundo número de habitantes. Fonte: Elaboración propia.

Tal e como se reflexaba nas anteriores análises, se analizamos os asentamentos de poboación vemos que Carballo e A Laracha son os municipios que presentan unha maior concentración de poboación, xunto con Camariñas, que xa contaba cunha densidade de poboación elevada mais en continuo decrecemento.

O resto dos asentamentos aparecen cunha gran diferenza respecto das cabeceiras mencionadas, cunha poboación sempre inferior aos 2000 habitantes.

A poboación neste territorio concéntrase en torno a estes núcleos centrais e aparece a maiores diseminada polo territorio sen consolidar núcleos secundarios de pequeno tamaño.

POBOACIÓN TOTAL POR MUNICIPIOS			
Concello	Homes	Mulleres	Total
Cabana de Bergantiños	2.022	2.163	4.185
Carballo	15.347	16.067	31.414
Laracha, A	5.669	5.852	11.521
Laxe	1.511	1.493	3.004
Malpica de Bergantiños	2.605	2.727	5.332
Ponteceso	2.730	2.727	5.457
Muxía	2.193	2.371	4.564
Camariñas	2.552	2.672	5.224
Vimianzo	3.348	3.577	6.925
TOTAL	37.977	39.649	77.626

Táboa. Poboación total e por sexos no ámbito do GALP Costa da Morte 2021. Fonte: IGE.

A poboación total do ámbito do GALP Costa da Morte a data 1 de xaneiro de 2021, é de 77.626 habitantes, o que supón un 7% da poboación da provincia da Coruña

(1.120.134 habitantes). O concello con maior cantidade de habitantes é o concello de Carballo, con 31.414 habitantes e o menor en cantidade de habitantes é o de Laxe. A relación entre mulleres e homes é moi similar en todos eles.

Ámbito sociolaboral.

Poboación afiliada a seguridade social:

	Total		Régime xeral e minería do carbón		Régime especial de autónomos		Régime especial agrario		Régime especial do mar		Régime especial empregados do fogar	
	2020/Dec	2022/Xuño	2020/Dec	2022/Xuño	2020/Dec	2022/Xuño	2020/Dec	2022/Xuño	2020/Dec	2022/Xuño	2020/Dec	2022/Xuño
Galicia	971.562	1.018.392	716.091	762.498	206.682	206.883	5.280	6.562	18.482	18.347	25.027	24.102
Cabana de Bergantiños	1.389	1.456	876	945	432	426	20	29	40	35	21	21
Carballo	11.652	12.321	8.417	9.084	2.955	2.974	38	39	42	44	200	180
Laracha, A	4.500	4.689	3.391	3.592	962	960	40	36	17	15	90	86
Laxe	955	1.025	552	620	273	281	5	5	108	98	17	21
Malpica de Bergantiños	1.923	1.951	1.112	1.164	546	532	9	12	232	224	24	19
Ponteceso	1.832	1.854	1.123	1.125	545	550	21	26	124	128	19	25
Muxía	1.393	1.512	717	848	510	500	25	25	120	119	21	20
Camariñas	1.459	1.609	749	857	381	395	3	5	308	336	18	16
Vimianzo	2.371	2.429	1.425	1.507	886	861	32	36	6	8	22	17
TOTAL	27.474	28.846	18.362	19.742	7.490	7.479	193	213	997	1.007	432	405
% S/ Total			66,83%	68,44%	27,26%	25,93%	0,70%	0,74%	3,63%	3,49%	1,57%	1,40%

Táboa. Poboación afiliada á seguridade social no ámbito do GALP Costa da Morte 2020- Xuño 2022.

Fonte: IGE.

A continuación estimase o paro no territorio tendo en conta o número de parados por concello

en relación o total afiliados a seguridade social para o ano 2020 (datos IGE):

Concello	TOTAL AFILIADOS SS 2020	PARAD_TOTAL 2020	PORC_PARAD
Cabana de Bergantiños	1.389	227	16%
Carballo	11.652	328	3%
Laracha, A	4.500	2270	50%
Laxe	955	562	59%
Malpica de Bergantiños	1.923	208	11%
Ponteceso	1.832	315	17%
Muxía	1.393	243	17%
Camariñas	1.459	275	19%
Vimianzo	2.371	316	13%
TOTAL	27.474	4.744	17,27%

Táboa. Taxa de paro dos Concellos do GALP Costa da Morte 2020. Elaboración propia. Fonte: IGE.

Nos datos da poboación afiliada á seguridade social no ámbito do GALP Costa da Morte podemos observar a importancia que ten o réxime especial do Mar, que representa un 3,67 % do total.

O municipio con maior representación de persoas afiliadas a este réxime é o de Camariñas, con 336 persoas afiliadas, seguido de Malpica. Pola contra, o concello de Vimianzo, cun total de 2.429 persoas afiliadas á seguridade social, conta con 6 persoas afiliadas o réxime especial do mar por ser un municipio de interior, cunha estreita relación con Muxía, Laxe e Camariñas, os municipios costeiros cos que fai fronteira.

Os municipios de Carballo e A Laracha tampouco contan con moitas persoas afiliadas a este réxime. Isto explícase, no caso de Carballo polo carácter urbano de case todo o seu municipio, que fai que as actividades pesqueiras non supoñan a principal actividade e, no caso de A Laracha, pola relación entre os metros de costa e a superficie total do municipio, moi inferior ao resto dos municipios costeiros do GALP.

A continuación mostrase un desglose entre mulleres e homes afiliados a seguridade social a xuño de 2022, o que evidencia o reparto relativamente equilibrado:

	2022/Xuño		
	Total	Homes	Mulleres
Galicia	984.016	504.936	479.080
Cabana de Bergantiños	1.416	751	665
Carballo	12.000	6.439	5.561
Laracha, A	4.577	2.492	2.085
Laxe	1.004	573	431
Malpica de Bergantiños	1.903	1.071	832
Ponteceso	1.813	1.021	792
Muxía	1.484	809	675
Camariñas	1.584	871	713
Vimianzo	2.364	1.315	1.049
Total	28.145	15.342	12.803
%	100%	54,51%	45,49%

Táboa. Poboación afiliada á seguridade social no ámbito do GALP Costa da Morte Fonte: IGE.

Paro rexistrado

Para a evolución do mercado laboral ao longo do tempo, cómpre así mesmo analizar as taxas de ocupación e paro nos últimos seis anos.

PARO TOTAL								
CONCELLO	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	% Var 2016-22
Cabana de Bergantiños	399	347	303	280	244	269	227	-43%
Carballo	3443	3009	2629	2493	2371	2652	2270	-34%
Laracha, A	966	785	717	599	583	757	562	-42%
Laxe	341	301	278	246	230	240	208	-39%
Malpica de Bergantiños	453	384	337	310	283	308	315	-30%
Ponteceso	401	332	284	298	277	283	275	-31%
Muxía	407	349	307	305	277	296	243	-40%
Camariñas	532	471	419	366	363	399	328	-38%
Vimianzo	564	481	431	436	393	394	316	-44%
TOTAL	7.506	6.459	5.705	5.333	5.021	5.598	4.744	-37%


Poboación parada no ámbito do GALP Costa da Morte. Fonte: IGE.

PARO HOMES								
CONCELLO	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	% Var 2016-22
Cabana de Bergantiños	181	150	126	113	95	102	90	-50%
Carballo	1553	1301	1007	975	918	999	789	-49%
Laracha, A	472	349	305	256	236	292	208	-55%
Laxe	144	119	99	85	89	90	71	-50%
Malpica de Bergantiños	210	177	116	117	101	121	107	-49%
Ponteceso	206	165	132	127	113	121	112	-45%
Muxía	173	127	133	110	97	93	94	-45%
Camariñas	204	173	151	125	121	142	118	-42%
Vimianzo	249	207	196	180	154	160	111	-55%
TOTAL	3392	2768	2265	2088	1924	2120	1700	-49%

Homes parados no ámbito do GALP Costa da Morte. Fonte: IGE.

PARO MULLERES								
CONCELLO	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	% Var 2016-22
Cabana de Bergantiños	218	197	177	167	149	167	137	-37%
Carballo	1890	1708	1622	1518	1453	1653	1481	-21%
Laracha, A	494	436	412	343	347	465	354	-28%
Laxe	197	182	179	161	141	150	137	-30%
Malpica de Bergantiños	243	207	221	193	182	187	208	-14%
Ponteceso	195	167	152	171	164	162	163	-16%
Muxía	234	222	174	195	180	203	149	-36%
Camariñas	328	298	268	241	242	257	210	-36%
Vimianzo	315	274	235	256	239	234	205	-35%
TOTAL	4114	3691	3440	3245	3097	3478	3044	-28%

Mulleres paradas no ámbito do GALP Costa da Morte. Fonte: IGE.



Total de poboación parada no ámbito do GALP Costa da Morte. Fonte: IGE. Elaboración propia

O gráfico e a táboa amosan unha evolución decrecente do desemprego nos 5 primeiros anos do período 2016-2020, mentres que se observa unha **subida do paro no ano 2021**. Cómpre salientar que ese decrecemento do desemprego dende o 2016 ata o 2020 se relaciona cun período de recuperación despois da crise e o repunte do mesmo no ano 2021 relaciónase coa crise da COVID-19.

Obsérvase unha grande diferenza entre o paro no sexo masculino e no feminino. Mentres que no masculino o paro descendeu en 6 anos case un 50%, o paro feminino tan só descende un 28% e queda en cifras totais de case o dobre. Isto indica que seguen existindo barreiras para a inclusión e continuidade laboral das mulleres neste ámbito.

Se atendemos á comparación do territorio deste GALP co conxunto da Comunidade Autónoma, a liña xeral é similar.


Concello	POB_TOTAL	PARAD_TOTAL	PORC_PARAD
Cabana de Bergantiños	4.185	269	6,43
Carballo	31.414	2652	8,44
Laracha, A	11.521	757	6,57
Laxe	3.004	240	7,99
Malpica de Bergantiños	5.332	240	4,50
Ponteceso	5.457	283	5,19
Muxía	4.564	296	6,49
Camariñas	5.224	399	7,64
Vimianzo	6.925	394	5,69
TOTAL	77.626	5.598	7,21%

*Porcentaxe de poboación parada respecto da poboación total no ámbito GALP Costa da Morte. Ano 2021
Fonte: IGE.*

O paro rexistrado, en porcentaxe presenta unha característica curiosa, xa que o concello con máis porcentaxe de poboación en paro (Carballo) é o que presentaba anteriormente mellores índices de envellecemento, de densidade de poboación, etc. Ademais, este concello contaba con poucas persoas afiliadas á seguridade social no réxime especial do mar, o que supón unha ampla posibilidade de mellora. Os outro concello con máis porcentaxe de paro son Laxe e Camariñas. Ambos por enriba da media do GALP. O resto están por debaixo deste porcentaxe.

	PARAD_TOTAL	PORC_PARAD
4.185	227	5,42
5.224	328	6,28
31.414	2270	7,23
11.521	562	4,88
3.004	208	6,92
5.332	315	5,9
4.564	243	5,32
5.457	275	5,04
6.925	316	4,56
77.626	4.744	<u>6,11%</u>

*Porcentaxe de poboación parada respecto da poboación total no ámbito GALP Costa da Morte 2020.
Fonte: IGE.*



*Mapa. Porcentaxe de poboación parada respecto da poboación total no ámbito GALP Costa da Morte.
Fonte: Elaboración propia.*

En canto aos grandes grupos ou sectores de actividade, a maior parte da poboación desempregada pertence ao sector servizos, seguido polo sector industrial. Estes datos, cruzándose cos datos de poboación empregada por sectores, enténdese pola importancia que teñen eses sectores na zona, sendo os que concentran á maior cantidade de persoas empregadas en xeral na zona.

	PESCA E AGRICULTURA (%)	PESCA (%)	INDUSTRIA (%)	CONSTRUCCIÓN (%)	SERVICIOS (%)	SIN EMPLEO ANTERIOR (%)
Cabana de Bergantiños	4,8	2,6	22,6	13,4	57,0	2,7
Camariñas	7,1	2,3	9,6	9,6	67,2	6,4
Carballo	1,5	0,1	23,1	13,8	55,0	6,6
Laracha, A	3,2	0,6	22,2	10,4	58,8	5,4
Laxe	3,3	1,8	12,1	11,0	68,1	5,5
Malpica de Bergantiños	4,1	1,4	33,1	6,9	49,7	6,2
Muxía	2,6	0,0	10,7	9,2	69,9	8,7
Ponteceso	4,8	2,1	23,0	11,3	53,5	7,4
Vimianzo	6,9	2,3	17,5	16,5	54,5	4,6


*Táboa. Porcentaxe de parados segundo a poboación parada total por sectores de actividades (2021).
Fonte: IGE*

- **Paro entre poboación de 25 e 44 anos:**

	H_<25	H_25-44	H_+45	M_<25	M_25-44	M_+45
Cabana de Bergantiños	<5	20,00	54,00	<5	31,00	77,00
Camariñas	5,00	36,00	67,00	8,00	64,00	131,00
Carballo	39,00	244,00	435,00	45,00	491,00	837,00
Laracha, A	12,00	52,00	138,00	11,00	105,00	218,00
Laxe	<5	22,00	37,00	<5	34,00	82,00
Malpica de Bergantiños	7,00	33,00	66,00	6,00	38,00	140,00
Muxía	<5	15,00	49,00	<5	53,00	74,00
Ponteceso	5,00	20,00	63,00	<5	58,00	82,00
Vimianzo	8,00	38,00	61,00	<5	81,00	111,00


Táboa. Poboación parada por grupos de idade. Fonte: IGE

Nas persoas entre 25 e 44 anos, o paro está en números intermedios, sendo a poboación maior de 45 anos á máis afectada e, concretamente, as mulleres de máis de 45 anos. No rango de 25 a 44 anos, son as mulleres tamén ás máis afectadas. Esta diferenza, bastante acentuada nestes dous campos, parece ir igualándose na poboación menor de 25 anos, inda que segue habendo máis paro entre as mulleres.



Mapa. Porcentaxe de poboación parada (25-44 anos) respecto do total no ámbito GALP Costa da Morte. Fonte: Elaboración propia.

PIB municipal e renda per cápita



Mapa. PIB (miles €) por municipios no ámbito GALP Costa da Morte, para o ano 2021. Fonte: Elaboración propia.

A análise do produto interior bruto no ámbito do GALP Costa da Morte mostra unha variación moi clara entre municipios. Destacan de novo Carballo e A Laracha, situándose Carballo (con 525.556€) máis de 10 veces por enriba do que se atopa máis abaixo nestes datos (Laxe, con 41.893€). A Laracha é o segundo municipio cun PIB superior da comarca mais bastante lonxe de Carballo.

Esta diferenza no PIB se representa igualmente **na renda dispoñible**, xa que o municipio con menos PIB (Laxe) segue sendo o de menor renda dispoñible, inda que neste caso as diferencias entre municipios non son tan elevadas como o PIB.

	Produto Interior Bruto (miles de €)
Cabana de Bergantiños	58.823
Camariñas	92.352
Carballo	525.556
Laxe	41.893
Laracha, A	182.745
Malpica	82.083
Muxía	71.614
Ponteceso	95.394
Vimianzo	131.337
TOTAL	1.281.797
Media	142.422

PIB por municipios no ámbito GALP Costa da Morte. Ano 2018. Fonte: IGE.

	Renda per cápita (€) ano 2018
Cabana de Bergantiños	13.242
Camariñas	16.412
Carballo	17.022
Laxe	13.051
Laracha, A	16.078
Malpica	14.694
Muxía	14.784
Ponteceso	16.932
Vimianzo	17.767
TOTAL	139.982
Media	15.554

Renda per cápita por municipios no ámbito GALP Costa da Morte. Ano 2018. Fonte: IGE.


Renda bruta dispoñible e renda media por fogar

	Renda dispoñible bruta por habitante (€)	Renda Fogar (€)
Cabana de Bergantiños	12.669	28.729,65
Camariñas	10.952	22.752,72
Carballo	14.260	27.915,74
Laxe	12.911	25.650,63
Laracha, A	14.129	28.859,90
Malpica	13.015	24.368,94
Muxía	11.602	24.721,82
Ponteceso	13.304	26.994,89
Vimianzo	12.956	28.091,58
TOTAL	115.798	238.085,87
Media	12.866,44	26.453,99

Renda dispoñible bruta por habitante e renda media por fogar GALP. Ano 2019 Fonte: IGE.

O Instituto Galego de Estatística ofrece desde hai anos unhas estimacións de renda familiar bruta dispoñible por habitante para os concellos galegos. No ámbito do GALP Costa da Morte, e para o último ano con cifras de media de 26.453,99€, a renda media situábase lixeiramente por baixo da media galega. A renda dispoñible media bruta por habitante correspóndese case coa metade da renda media por fogar.

O promedio da renda dispoñible por habitante no territorio do GALP Costa da Morte é 12.866 € máis baixo ca o seu PIB medio por habitante (15.554 €), é dicir, do valor da riqueza xerada no territorio. Esta relación dáse de igual maneira en cada un dos municipios por separado, nalgúns a diferenza e maior que en outros pero con pouca variación en xeral.




MAPA: Renda media por fogar por municipios no ámbito GALP Costa da Morte. Fonte: Elaboración propia.

- **Índice de Gini:**

O índice de Gini é unha medida da desigualdade nos ingresos, número entre 0 e 100, onde 0 correspóndese coa perfecta igualdade (todos teñen os mesmos ingresos) e onde o valor 100 correspóndese coa perfecta desigualdade (unha persoa ten todos os ingresos e os demais ningún).

No conxunto territorial, as desigualdades prodúcense de maneira case igual en todo o territorio, a excepción dos concellos de Malpica de Bergantiños e Cabana de Bergantiños, que presentan menores desigualdades. Inda así, todos os concellos se atopan por debaixo do 30% de desigualdade.



MAPA: Índice GINI por municipios no ámbito GALP Costa da Morte. Fonte: Elaboración propia.

A evolución destas desigualdades no territorio foi pouca pero sempre decrecente, **minorando as desigualdades dende 2015 ata 2019**. Nos municipios de Cabana de Bergantiños e Laxe a variación neste período foi menos dun punto. E, por outro lado, os municipios que presentaron maior variación foron os de Camariñas (baixando ao redor de 3 puntos respecto do 2015) e Carballo (que baixou tamén 3 puntos)

	Índice de Gini				
	2019	2018	2017	2016	2015
Cabana de Bergantiños	24,0	23,6	24,4	24,8	24,9
Camariñas	26,9	27,7	28,0	28,3	30,2
Carballo	27,3	27,7	29,3	30,1	30,4
Laracha, A	25,9	26,3	26,7	26,9	27,0
Laxe	26,6	26,6	26,9	27,8	27,3
Malpica de Bergantiños	24,5	25,1	25,4	25,7	26,3
Muxía	26,9	27,0	27,3	27,7	28,7
Ponteceso	25,4	25,3	25,8	26,1	27,3
Vimianzo	25,6	26,3	26,6	27,8	27,9

Índice GINI por municipios no ámbito GALP Costa da Morte. Fonte: IGE

Nivel de estudos da poboación:

O nivel de estudos da poboación do GALP Costa da Morte presenta grandes variacións dependendo dos concellos nos niveis máis baixos de estudos, mentres que nos niveis superiores dáse unha clara homoxeneidade marcada pola pouca cantidade de persoas con ensinanzas superiores.


Datos en porcentaxe (%)	Non sabe ler ou escribir	<5anos de escolarización	Sen Bacharelato	Bacharelato	FPI	FPII	Diplomatura	Licenciatura	Doutorado
Cabana de Bergantiños	3,55	29,29	35,12	19,18	4,04	2,65	3,44	1,71	0,96
Camariñas	7,16	34,39	26,27	19,39	4,23	2,35	3,09	1,84	1,19
Carballo	3,21	28,26	25,19	23,85	9,08	1,90	2,94	2,86	2,61
A Laracha	4,53	18,89	38,33	22,21	5,72	1,60	4,89	2,04	1,67
Laxe	3,30	22,76	34,85	23,29	4,80	2,42	4,25	2,65	1,70
Malpica de Bergantiños	4,55	22,86	37,94	21,24	4,92	1,02	3,94	1,85	1,63
Muxía	5,28	25,29	38,60	19,54	4,63	1,15	2,90	1,50	1,09
Ponteceso	3,38	34,04	23,77	23,04	5,12	2,31	4,28	2,03	2,00
Vimianzo	5,49	34,32	28,02	19,02	5,31	1,84	2,27	2,02	1,67

Nivel de estudos da poboación no ámbito GALP Costa da Morte, ano 2021. Fonte: INE e elaboración propia.

O nivel de estudos da poboación do GALP Costa da Morte presenta grandes variacións dependendo dos concellos nos niveis máis baixos de estudos, mentres que nos niveis superiores dáse unha clara homoxeneidade marcada pola pouca cantidade de persoas con ensinanzas superiores.

En concreto, a cercanía a cidade da Coruña parece determinar claramente o nivel de escolarización, marcándose a diferencia no grupo de persoas que non saben ler nin escribir, entre os concellos que están máis preto da Coruña e os que máis se afastan dela.


Nos seguintes niveles estas dúas polaridades non se amosan tan claramente, e aparecen uns mapas nos que se ven diferencias entre cada un dos municipios cos da súa contorna, mais isto volve aparecer claramente coas ensinanzas de bacharelato, ESO e EXP completo.



MAPA: Nivel de estudos da poboación no ámbito GALP Costa da Morte. Fonte: Elaboración propia

Ámbito empresarial e turístico

O tecido empresarial do territorio ocupado polo GALP Costa da Morte mingou de forma paulatina no período 2014 – 2020. Concretamente, no conxunto dos nove concellos, o número de empresas reduciuse un 5,38% neste intervalo de tempo. Trátase dun dato máis negativo que o rexistrado polo conxunto da provincia da Coruña, que, se ben tamén experimentou un descenso no número de unidades empresariais, reflectiu unha baixada de apenas un 0,24% para o período de referencia. Contrasta tamén coa evolución autonómica, posto que o universo de empresas galegas medrou case un punto porcentual (+0,92%) na franxa temporal 2014-2020.



Gráfica 1: Evolución do número de empresas do GALP Costa da Morte no período 2014 - 2020 (Directorio de empresas e unidades locais, Instituto Galego de Estatística)

A nivel municipal, todos os concellos do GALP Costa da Morte reduciron o **número de empresas entre 2014 e 2020**, se ben amosando comportamentos ben distintos: contrastan caídas de máis de dúas cifras porcentuais (Malpica de Bergantiños, -12,12%; A Laracha, -11,33%; Ponteceso, -11,21%) con baixadas máis asumibles, como as de Carballo (-0,80%) ou Camariñas (-1,04%).

O territorio obxecto de estudo alberga o 7,78% das empresas da provincia da Coruña, porcentaxe que é do 3,17% se se analiza o peso do GALP respecto ao total de Galicia.


Unha análise da realidade municipal permite confirmar a importancia de Carballo, concello que é sede de case catro de cada dez empresas do GALP Costa da Morte, concretamente o 38,40%. Nun segundo nivel aparecen, a unha distancia considerable, A Laracha e Vimianzo, co 11,47% e o 10,66%, respectivamente. Laxe é o municipio con menos empresas, un 3,93% do total dos nove concellos.

	Nº empresas 2020	Evolución 2014-2020	Peso relativo
Cabana de Bergantiños	436	-9,17%	5,60%
Carballo	2.987	-0,80%	38,40%
Laracha, A	892	-11,33%	11,47%
Laxe	306	-9,73%	3,93%
Malpica de Bergantiños	602	-12,12%	7,74%
Ponteceso	586	-11,21%	7,53%
Muxía	570	-2,56%	7,33%
Camariñas	571	-1,04%	7,34%
Vimianzo	829	-5,58%	10,66%
Total GALP	7.779	-5,38%	100,00%
Total provincia	99.932	-0,24%	
Total Galicia	245.660	0,92%	

Táboa 1: Evolución, por concello, do número de empresas do GALP Costa da Morte no período 2014 - 2020 (Directorio de empresas e unidades locais, Instituto Galego de Estatística)

Número de empresas por sectores de actividade

A metade das empresas do GALP Costa da Morte pertencen ao sector servizos (o 50,88%), mentres que en segundo lugar aparece o sector primario, cun 22,03%. O terciario é o sector maioritario en todos os concellos, agás en Muxía, onde o liderado corresponde á agricultura e á pesca, que ocupa ao 47,89% das súas unidades empresariais do municipio.



Gráfica 2: Distribución, por sector de actividade, das empresas do GALP Costa da Morte no ano 2020 (Directorio de empresas e unidades locais, Instituto Galego de Estatística)

	Agricultura e pesca	Industria, incluída a enerxía	Construción	Servizos	TOTAL
Cabana de Bergantiños	137	44	95	160	436
Carballo	285	200	681	1.821	2.987
Laracha, A	165	53	189	485	892
Laxe	85	29	57	135	306
Malpica de Bergantiños	170	94	79	259	602
Ponteceso	195	53	86	252	586
Muxía	273	31	64	202	570
Camariñas	204	26	73	268	571
Vimianzo	200	70	183	376	829
Total GALP	1.714	600	1.507	3.958	7.779
Total provincia	15.216	5.325	12.011	67.380	99.932
Total Galicia	40.918	14.035	29.330	161.377	245.660

Táboa 2: Número de empresas, por concello e sector de actividade, do GALP Costa da Morte no ano 2020 (Directorio de empresas e unidades locais, Instituto Galego de Estatística)

Número de empresas por estrato de asalariados


Para a análise da dimensión empresarial, a continuación clasifícanse as empresas por estrato de asalariados e por personalidade xurídica.

	0 a 2	3 a 5	6 a 9	10 a 19	20 a 49	50 a 99	100 a 249	250 ou máis	TOTAL
Cabana de Bergantiños	393	25	9	7	2	0	0	0	436
Carballo	2.547	214	105	71	40	6	3	1	2.987
Laracha, A	780	56	23	24	7	2	0	0	892
Laxe	273	25	5	1	1	0	1	0	306
Malpica de Bergantiños	545	36	14	4	3	0	0	0	602
Ponteceso	521	39	13	6	5	2	0	0	586
Muxía	528	23	11	5	3	0	0	0	570
Camariñas	518	33	13	5	0	2	0	0	571
Vimianzo	733	55	18	13	9	1	0	0	829
Total GALP	6.838	506	211	136	70	13	4	1	7.779

Táboa 3: Número de empresas, por concello e estrato de asalariados, do GALP Costa da Morte no ano 2020 (Directorio de empresas e unidades locais, Instituto Galego de Estatística)

Unha ollada á táboa 3 permite confirmar a elevada atomización do tecido empresarial do GALP Costa da Morte. Apenas un 0,23% das empresas contan con 50 ou máis persoas traballadoras, mentres que o 94,41% dan traballo a cinco ou menos persoas.

No territorio ocupado polos nove concellos radícase tan só unha empresa de 250 ou máis traballadores, a cal ten sede en Carballo, ao igual que tres das catro entidades que computan entre 100 e 249 asalariados e asalariadas.




Gráfica 3: Distribución, por estrato de asalariados, das empresas do GALP Costa da Morte no ano 2020 (Directorio de empresas e unidades locais, Instituto Galego de Estatística)

Desde a perspectiva da personalidade xurídica, cabe resinar que tres de cada catro unidades empresariais con sede no GALP Costa da Morte correspóndense con persoas físicas. Isto referencia a afirmación, feita con anterioridade, sobre a gran atomización do tecido económico do territorio. Carballo dá cabida a dous terzos das sociedades anónimas rexistradas no conxunto dos nove concellos.

	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades de responsabilidade limitada	Sociedades cooperativas	Outros	Total
Cabana de Bergantiños	339	2	71	1	23	436
Carballo	2.004	18	795	3	167	2.987
Laracha, A	670	2	167	4	49	892
Laxe	246	0	43	0	17	306
Malpica de Bergantiños	493	2	70	2	35	602
Ponteceso	451	1	91	1	42	586
Muxía	458	0	57	4	51	570
Camariñas	459	1	62	1	48	571
Vimianzo	601	1	147	2	78	829
Total GALP	5.721	27	1.503	18	510	7.779

Táboa 4: Número de empresas, por concello e personalidade xurídica, do GALP Costa da Morte no ano 2020 (Directorio de empresas e unidades locais, Instituto Galego de Estatística)



Gráfica 4: Distribución, por personalidade xurídica, das empresas do GALP Costa da Morte no ano 2020
(Directorio de empresas e unidades locais, Instituto Galego de Estatística)

Número de empresas do sector servicios por actividade

Se se pon o foco no gran sector dos servizos, o comercio a retallo (exceptuando os vehículos de motor e motocicletas) ocupa a 898 empresas (o 22,69%). A hostalaría sitúase no segundo posto, concretamente os servizos de comidas e bebidas, actividade principal de 534 unidades empresariais (o 13,49%). En terceiro lugar aparece o transporte terrestre e por tubaxe (318 empresas, 8,03% do total).

Actividade (por código CNAE)	Nº empr.	Peso
47 Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	898	22,69%
56 Servizos de comidas e bebidas	534	13,49%
49 Transporte terrestre e por tubaxe	318	8,03%
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	294	7,43%
96 Outros servizos persoais	254	6,42%
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	214	5,41%
85 Educación	155	3,92%
66 Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	139	3,51%
68 Actividades inmobiliarias	133	3,36%
69 Actividades xurídicas e de contabilidade	125	3,16%
86 Actividades sanitarias	124	3,13%
71 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas	95	2,40%
55 Servizos de aloxamento	87	2,20%
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría	84	2,12%
93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	65	1,64%
74 Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	57	1,44%
95 Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	47	1,19%
90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos	41	1,04%

94 Actividades asociativas	40	1,01%
62 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	36	0,91%
82 Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas	30	0,76%
77 Actividades de aluguer	29	0,73%
73 Publicidade e estudos de mercado	27	0,68%
75 Actividades veterinarias	23	0,58%
53 Actividades postais e de correos	14	0,35%
70 Actividades das sedes centrais; actividades de consultaría de xestión empresarial	13	0,33%
92 Actividades de xogos de azar e apostas	12	0,30%
52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	10	0,25%
84 Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria	10	0,25%
88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento	10	0,25%
91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	10	0,25%
79 Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes	9	0,23%
58 Edición	4	0,10%
59 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	4	0,10%
61 Telecomunicacións	3	0,08%
80 Actividades de seguranza e investigación	3	0,08%
60 Actividades de programación e emisión de radio e televisión	2	0,05%
63 Servizos de información	1	0,03%
64 Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións	1	0,03%
65 Seguros, reaseguros e fondos de pensións, agás seguranza social obrigatoria	1	0,03%
78 Actividades relacionadas co emprego	1	0,03%
87 Asistencia en establecementos residenciais	1	0,03%
50 Transporte marítimo e por vías navegables interiores	0	0,00%
51 Transporte aéreo	0	0,00%
72 Investigación e desenvolvemento	0	0,00%
TOTAL	3.958	100,00%

Táboa 5: Número de empresas, por código CNAE, do sector servizos do GALP Costa da Morte no ano 2020 (Directorio de empresas e unidades locais, Instituto Galego de Estatística)


Número de establecementos turísticos por tipoloxía

Un estudo do sector turístico comeza pola análise da estrutura de aloxamentos do territorio. Segun datos extraídos da última actualización (xuño de 2022) do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas, publicado pola Área de Estudos e Investigación de Turismo de Galicia, a suma de prazas de aloxamento dos nove concellos que compoñen o GALP supón o 10,90% e o 3,91% dos totais da provincia e de Galicia, respectivamente.

	Albergues		Apartamentos		Cámpings		Hoteis		Pensións		Turismo rural		Viv. Uso Turíst		Viv. Turístic		TOTAIS	
	E	P	E	P	E	P	E	P	E	P	E	P	E	P	E	P	E	P
Cabana de Bergantiños	0	0	3	31	0	0	3	192	2	29	2	23	73	387	8	26	91	688
Carballo	1	19	2	42	3	561	4	267	4	84	4	52	58	347	1	10	77	1.382
Laracha, A	0	0	0	0	0	0	1	35	5	85	1	9	27	155	1	6	35	290
Laxe	0	0	3	65	1	16	5	242	3	64	1	20	98	561	2	6	113	974
Malpica de Bergantiños	0	0	0	0	3	553	1	44	7	116	3	31	113	572	3	18	130	1.334
Ponteceso	0	0	2	84	0	0	0	0	2	46	1	16	64	376	5	21	74	543
Muxía	10	316	17	248	3	473	5	226	17	192	5	65	132	764	6	36	195	2.320
Camariñas	0	0	0	0	0	0	4	61	9	185	0	0	146	857	1	10	160	1.113
Vimianzo	0	0	2	18	0	0	0	0	6	94	1	12	49	290	1	6	59	420
TOTAL GALP	11	335	29	488	10	1.603	23	1.067	55	895	18	228	760	4.309	28	139	934	9.064
Provincia	193	7.014	134	2.439	61	12.749	293	19.032	584	10.726	155	1.909	5.330	28.778	100	513	6.850	83.160
Galicia	464	16.010	367	11.190	141	34.985	928	56.616	1.334	23.519	538	6.751	15.391	81.531	219	1.197	19.382	231.799


Táboa 6: Número de establecementos (E) e prazas (P), por tipoloxía de aloxamento regrado, do GALP Costa da Morte (Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas, xuño de 2022)

Muxía é o concello máis relevante en canto a volume de establecementos e prazas, co 20,88% e o 25,60% do total do territorio do GALP, respectivamente. A segunda posición é para Camariñas no tocante ao número de aloxamentos, cun 17,13%, e para Carballo no relativo ás prazas, co 15,25%. En terceiro lugar, para as dúas variables, aparece Malpica de Bergantiños, que é sede do 13,98% de establecementos e computa o 14,72% das prazas.



Gráfica 5: Distribución, por concello, do número de prazas de aloxamento regrado do GALP Costa da Morte (Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas, xuño de 2022)

Na actualidade, oito de cada dez establecementos regradados do GALP Costa da Morte son vivendas de uso turístico, según datos do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas. Esta relevancia porcentual débese, principalmente, ao feito de que a aprobación do decreto 12/2017, de 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico, obrigou a rexistrar estas dúas últimas tipoloxías de establecemento, co que se fixo visible unha parte moi importante da estrutura de aloxamentos de Galicia



Gráfica 6: Distribución, por tipoloxía de aloxamento, do número de establecementos regradados do GALP Costa da Morte (Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas, xuño de 2022)

Ademais, na seguinte táboa pódese observar a evolución do número de establecementos de cada concello desde a publicación do decreto, cun incremento

do 511,27% no período 2017-2022. É dicir, multiplicouse por seis o número de unidades de aloxamento rexistradas no GALP.


	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Cabana de Bergantiños	15	57	69	75	81	90
Carballo	18	38	52	61	68	75
Laracha, A	8	15	22	25	26	31
Laxe	10	59	77	85	94	106
Malpica de Bergantiños	16	64	85	90	104	127
Ponteceso	8	39	38	48	52	56
Muxía	44	86	131	155	166	186
Camariñas	13	66	99	115	129	143
Vimianzo	10	25	34	43	47	54
Total GALP	142	449	607	697	767	868

Táboa 7: Evolución, por concello, do número de establecementos regrados do GALP Costa da Morte no período 2017 - 2022 (Instituto Galego de Estatística)

Cabe comentar que se observan pequenas diferenzas entre as cifras de aloxamentos mostradas na táboa 7 para 2022 cos números indicados na táboa 6 para cada concello. A explicación metodolóxica desta desviación atópase no feito de que a táboa 6 está elaborada con datos da máis recente actualización do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas, polo que inclúe a alta de novas empresas ao longo dos últimos meses.

Número de prazas por tipoloxía de establecemento

Por outra parte, a seguinte gráfica reflicte que a metade das prazas rexístranse en vivendas de uso turístico e vivendas turísticas. Perden peso respecto á análise do número de aloxamentos, porque a pesar de sumar moitos establecementos, contan con capacidades reducidas en canto ao número de persoas que poden acoller.




Gráfica 7: Distribución, por tipoloxía de aloxamento, do número de prazas en establecementos regrados do GALP Costa da Morte (Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas, xuño de 2022)

	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Cabana de Bergantiños	287	517	577	593	624	676
Carballo	1016	1144	1201	1266	1328	1368
Laracha, A	128	148	205	242	246	268
Laxe	181	329	745	818	889	939
Malpica de Bergantiños	724	861	1075	1099	1205	1310
Ponteceso	159	243	381	453	425	445
Muxía	1367	1389	1775	1952	2130	2285
Camariñas	247	553	722	821	935	1023
Vimianzo	124	173	274	321	346	401
Total GALP	4233	5357	6955	7565	8128	8715

Táboa 8: Evolución, por concello, do número de prazas en establecementos regrados do GALP Costa da Morte no período 2017 - 2022 (Instituto Galego de Estatística)


A táboa 8 mostra a evolución do número de prazas en establecementos regrados de cada concello, tomando como referencia inicial 2017, ano no que se publicou o decreto mencionado con anterioridade. Neste caso, o incremento total é dun 105,88%, polo que se duplicou o número de prazas.

Cinguindo o estudo á estrutura hoteleira, o GALP Costa da Morte alberga ao 7,85% dos establecementos e o 5,61% das prazas da provincia da Coruña, según datos do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas. Son, concretamente, 23 hoteis que poden dar cabida a 1.067 persoas. O Parador da Costa da Morte, de catro estrelas e 131 prazas, é o buque insignia da oferta hoteleira, que se completa con cinco establecementos de tres estrelas, oito de dúas estrelas e nove dunha estrela.



Gráfica 8: Distribución, por categoría, do número de prazas en hoteis do GALP Costa da Morte (Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas, xuño de 2022)

No GALP Costa da Morte, apenas unha de cada oito prazas hoteleiras pertencen a establecementos de catro ou cinco estrelas, o cal reflicte unha estrutura de perfil medio-baixo en canto á categoría. Trátase dunha cifra relevante, especialmente ao comparala co mesmo dato calculado para a provincia e para a comunidade autónoma. Na provincia da Coruña, as prazas en hoteis de catro e cinco estrelas supoñen o 39,22%, mentres que a nivel autonómico o indicador elévase ao 32,33%. Esta información pode contrastarse mellor na gráfica 9.



Gráfica 9: Distribución, por categoría, do número de prazas en hoteis do GALP Costa da Morte, comparativa coa provincia de Pontevedra e Galicia (Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas, xuño de 2022)

Número de empresas turísticas por tipoloxía

Por último, ampliando a análise á totalidade do sector turístico, obsérvase que a hostalaría ocupa a sete de cada dez empresas, concretamente ao 69,65% sumando os establecementos de bebidas e os restaurantes e postos de comidas. En terceiro lugar figura o transporte terrestre de pasaxeiros, con 100 empresas que supoñen o 13,37%.

Actividade (por código CNAE)	Nº empresas	Peso
56.3 Establecementos de bebidas	411	54,95%
56.1 Restaurantes e postos de comidas	110	14,71%
49.3 Outro transporte terrestre de pasaxeiros	100	13,37%
55.1 Hoteis e aloxamentos similares	43	5,75%
55.2 Aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estadía	38	5,08%
56.2 Provisión de comidas preparadas para eventos e outros servizos de comidas	13	1,74%
52.2 Actividades anexas ao transporte	8	1,07%
77.1 Aluguer de vehículos de motor	7	0,94%
55.3 Cámpings e aparcadoiros para caravanas	6	0,80%
79.1 Actividades de axencias de viaxes e operadores turísticos	5	0,67%
79.9 Outros servizos de reservas e actividades relacionadas con eles	4	0,53%
82.3 Organización de convencións e feiras de mostras	3	0,40%
49.1 Transporte interurbano de pasaxeiros por ferrocarril	0	0,00%
50.1 Transporte marítimo de pasaxeiros	0	0,00%
50.3 Transporte de pasaxeiros por vías navegables interiores	0	0,00%
51.1 Transporte aéreo de pasaxeiros	0	0,00%
55.9 Outros aloxamentos	0	0,00%
Total sector turístico GALP	748	100,00%

1.1.2. Sector marítimo pesqueiro e da acuicultura

Tecido social no ámbito marítimo pesqueiro e da acuicultura

Confrarías e asociacións na zona pesqueira

Agrupación de Mariscadoras Río Anllóns

A Agrupación de Mariscadoras "Río Anllóns" xurdiu como unha iniciativa que se dedicada unicamente á extracción do molusco e ao coidado dos bancos de berberechos.

Na súa afán de dar a coñecer a excelencia do produto extraído no estuario do Río Anllóns e tras a adquisición dunha pequena depuradora de circuito pechado, esta Agrupación ampliou as súas actividades, comercializando baixo a marca "Berberecho do Anllóns" un produto de calidade na súa zona de influencia, tanto a restaurantes como a particulares.

En febreiro do 2012 tanto o punto de venda como a depuradora da Agrupación certificáronse na marca de calidade PescadeRias, o que outorga ó produto comercializado baixo este distintivo unha garantía de frescura e calidade, e á empresa que se certifica a aplicación dunhas prácticas hixiénicas e de manipulación adecuadas e de respecto ó ambiente.

Agrupación Santa Helena de Baldaio

A Asociación de Mariscadoras Fonte de Santa Helena de Baldaio, que multiplicou por cinco desde 2018 tanto a súa produción como a facturación. O coidado deste espazo singular e a aposta polo marisqueo contribúen a crear emprego, xerar riqueza, dinamizar o rural e fixar poboación no contorno. Baldaio é unha boa mostra de que a actividade dos mariscadores é compatible coa preservación dos hábitats das zonas que explotan. As intervencións ambientais, garanten de forma integral e estable ao longo do tempo a protección dos valores naturais deste espazo e os intereses do sector marisqueiro que traballa na zona.

Confraría de Caión

A Confraría de Pescadores de Caión, é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar, para o cumprimento dos fins e o exercicio das funcións que lle están encomendadas, que actúa como órgano de consulta e colaboración coa administración na promoción do sector Pesqueiro e representa e defende os intereses económicos e corporativos dos profesionais do sector. A Confraría préstalle todo tipo de servizos administrativos ante as administracións autonómicas e estatais a os seus afiliados. As principais instalacións están compostas pola lonxa, guindastre, local administrativo e arquivo da pesca.

Confraría de Pescadores de Camariñas

A Confraría de Pescadores "Virxe do Monte" de Camariñas é unha corporación de Dereito Público, sen ánimo de lucro, que representa os intereses dos profesionais do sector pesqueiro e actúa á vez actúa como órgano de consulta e colaboración coa Administración, de acordo cos principios de observancia da legalidade, transparencia contable e democracia na súa estrutura interna e funcionamento.

A Confraría de Pescadores "Virxe do Monte" de Camariñas ten unha longa tradición e experiencia na organización da pesca, traballando na promoción do sector e na defensa dos intereses económicos, sociais e corporativos dos profesionais do mar.

A Confraría Virxe do Monte de Camariñas encárgase da primeira venda e distribución dos produtos do mar extraídos polos seus asociados mediante poxa en lonxa ou ben directamente a empresas intermediarias, tanto maioristas como retalistas, mediante acordos de venda.

Os produtos comercializados a través da Confraría son garantía de pesca artesanal, sustentable e responsable co ambiente, de orixe galega e coa máxima calidade e frescura.

A Confraría presta servicios de tipo administrativo, de información sectorial, e de ordenación pesqueira, así como de representación dos membros que a integran e defensa dos seus intereses.

Os principais servicios administrativos que ofrecemos ós nosos asociados están relacionados coa tramitación de documentación ante as distintas administracións para o exercicio da actividade pesqueira e marisqueira: licenzas de pesca, permisos de explotación, despacho de buques, enroles e desenroles, alternancia de artes, cambios temporais de modalidade, altas e baixas na Seguridade Social, partes de accidente, liquidacións tributarias, asesoría legal en materia pesqueira e información sobre axudas e subvencións, etc.

Confraría de Pescadores de Malpica

A Confraría de Pescadores de Malpica é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, que representa os intereses dos profesionais do sector pesqueiro e actúa á vez actúa como órgano de consulta e colaboración coa Administración, de acordo cos principios de observancia da legalidade, transparencia contable e democracia na súa estrutura interna e funcionamento.

A Confraría de Pescadores de Malpica ten unha longa tradición e experiencia na organización da pesca, traballando na promoción do sector e na defensa dos intereses económicos, sociais e corporativos dos profesionais do mar.

A Confraría encárgase da primeira venda e distribución dos produtos do mar extraídos polos seus asociados mediante poxa en lonxa ou ben directamente a empresas intermediarias, tanto maioristas como retalistas, mediante acordos de venda.

Os produtos comercializados a través da Confraría son garantía de pesca artesanal, sustentable e responsable co ambiente, de orixe galega e coa máxima calidade e frescura.

A Confraría presta servicios de tipo administrativo, de información sectorial, e de ordenación pesqueira, así como de representación dos membros que a integran e defensa dos seus intereses.

A Confraría de Pescadores de Malpica conta cun importante número de socios enrolados en barcos dedicados á pesca do cerco. As principais especies capturadas son sardiña, xurelo, bocarte, cabala, cabalón e boga.

Os principais servicios administrativos que ofrecemos ós nosos asociados están relacionados coa tramitación de documentación ante as distintas administracións para o exercicio da actividade pesqueira e marisqueira: licenzas de pesca, permisos de explotación, despacho de buques, enroles e desenroles, alternancia de artes, cambios temporais de modalidade, altas e baixas na Seguridade Social, partes de accidente, liquidacións tributarias, asesoría legal en materia pesqueira e información sobre axudas e subvencións, etc.

A lonxa de Malpica está situada no porto desta localidade. Está certificada por el selo pescadeRías, ¿de onde se non? para a comercialización de cefalópodos, crustáceos e peixes.

Confraría de Pescadores de Muxía

Dende o punto de vista xurídico e segundo o establecido no Decreto 261/2002, e nos Estatutos da Confraría, defínese como: A Confraría de Pescadores "Virxe da Barca" de Muxía (A CORUÑA) é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e de capacidade para obrar, para o cumprimento dos fines e o exercicio das funcións que lle están encomendadas, que actúa como órgano de consulta e colaboración coa Administración na promoción do sector pesqueiro e representa ós intereses económicos e corporativos dos profesionais do sector, de acordo cos principios de observancia da legalidade, transparencia contable e democracia na estrutura interna e funcionamento.

O seu ámbito territorial comprende dende Punta Piaduro, marxe esquerda da desembocadura do río Grande de Ponte do Porto, ata Punta Nemiña, marxe dereita da desembocadura do río de Lires: Límites Xeográficos do Concello de Muxía - A Coruña

Funcións: Como órgano de consulta e colaboración coa administración, correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Orientar a tódolos seus membros sobre as accións derivadas da aplicación da normativa concernente ó sector pesqueiro e, en particular, sobre axudas, subvencións e programas establecidos pola Administración pública.
- b) Actuar como oficinas públicas, no referente á recepción, rexistro e tramitación de documentación dirixida á Administración da Comunidade Autónoma, cando expresamente así se estableza en virtude de disposición regulamentaria.
- c) Promover actividades de formación dos profesionais nas actividades referidas á pesca.
- d) Servirle como entidade de consulta á Administración en tódalas cuestións concernentes ó sector, en especial na elaboración das disposicións de carácter xeral que lle sexan sometidas.
- e) Elevarlle á Administración propostas sobre materias de interese pesqueiro e, en particular, sobre aquelas accións tendentes a mellora-las condicións técnicas, económicas e sociais da actividade pesqueira.
- f) Promove-la creación de servicios comúns para os seus membros.
- g) Velar polo estrito cumprimento da normativa vixente en materia de pesca, de descarga, primeira venda e de comercialización dos recursos mariños.

h) Colaborar coa Administración na elaboración das estatísticas do sector pesqueiro e marisqueiro e, en particular, remitir á Consellería competente en materia de pesca os datos relativos á descarga e primeira venda dos recursos mariños en fresco, no prazo máximo de dous días e na forma determinada regulamentariamente.

2. Así mesmo, na defensa dos intereses profesionais, correspóndenlle as funcións de:

a) Promove-la creación de servizos sociais, recreativos, culturais ou análogos para os seus membros.

b) Xestiona-las áreas da zona marítimo e marítimo-terrestre que lle foran confiadas mediante o título administrativo habilitante correspondente, expedido pola Administración competente.

c) Xestionar e administrar aqueles bens patrimoniais que lles sexan cedidos por calquera administración pública para o cumprimento dos seus fins.

d) Responsabilizarse da vixilancia das zonas de dominio público marítimo e marítimo-terrestre que lle foran confiadas para o seu aproveitamento .

e) Administra-los seus propios recursos e patrimonio.

f) Promove-la execución de plans de capturas, concentra-la oferta e regulariza-los prezos.

g) Establece-los plans de producións e comercialización co fin de mellora-la calidade dos produtos e adapta-lo volume da oferta ás esixencias do mercado.

h) Adopta-las medidas necesarias para a aplicación da política pesqueira comunitaria que sexan da competencia dos produtores.

i) Fomenta-lo movemento asociativo como instrumento para a consecución dos obxectivos de ordenación e potenciación do sector.

j) Prestar servizos de carácter xeral ós socios.

k) Promover o recoñecemento social da profesión do pescador mediante a divulgación da cultura mariñeira, a difusión do coñecemento da actividade pesqueira en toda a súa extensión e o fomento das actividades turísticas, culturais e de mecer vinculadas á pesca e o mar, dirixidas tanto á propia comunidade pescadora como á sociedade en xeral.

Desenvolver aquelas outras funcións que lle sexan atribuídas ou encomendadas pola administración públicas

A Confraría de Muxía dende o punto de vista legal estruturase en dúas seccións, a sección de organización de produción (unidade productiva) e a sección de orientación (unidade administrativa). Dende un punto de vista estritamente contable, estruturase en catro seccións con orzamentos e entidades perfectamente identificables, sendo estas: A Confraría, a fábrica de xeo, a lonxa, e as agrupacións sectoriais. Cada unha das seccións é independente das demais e oferta os seus servizos e produtos intentando garantir a independencia financeira do conxunto da Confraría.

A confraría está para velar polos intereses dos seus asociados e , na medida das súas posibilidades, axudar a mellorar a calidade de vida dos seus traballadores e de todo o seu contorno social. A confraría pretende mellorar ano a ano, prestando mellores servizos.

Desde o ano 2015 a confraría iniciou un proceso de implantación da Responsabilidade Social Corporativa (RSC), isto significa adquirir un compromiso para mellorar o desempeño cós asociados, traballadores, administracións públicas, así como o noso contorno local e social. A Responsabilidade Social Corporativa supón tamén adquirir unha preocupación polo futuro, polo futuro das novas xeracións de mariñeiros e mariscadores. O Compromiso de Responsabilidade supón tratar de mellorar día a día a Xestión no eido Social, Económico e Medioambiental.

No eido Social a Confraría intenta axudar aos seus asociados ofrecéndolle servizos de calidade, canalizando axudas e todo tipo de documentación. A Confraría aposta pola Transparencia Contable, Fiscal e Social, sendo este un dos seus obxectivos primordiais. A Confraría é plenamente consciente, e se compromete nas tarefas de bo goberno, escoita aos seus asociados e se implica nas problemáticas de cada un dos seus asociados.

No eido Económico a Confraría apoia aos seus membros a través de varios mecanismos, ofrecendo servizos diversos, encarnadas, Pertreitos, xeo, servizos administrativos en materia de seguridade social, laboral, asesoramento, etcétera. Aposta pola Innovación e polas novas tecnoloxías. Día a día intentar abrir novas canles de comunicación cos seus afiliados, clientes e Administracións. Apoia o Networking entre os seus iguais (comunicación entre Confrarías, sobre todo no marco de influencia do seu ámbito territorial), e ten unha aposta decidida polo Shared knowledge (coñecemento compartido).

No eido medioambiental a confraría difunde o respecto ao medio, participa xunto cos seus asociados na recollida de lixo procedente do medio mariño, combustibles (a través de Convenios coa Administración –MARPOL-), colabora con distintas Entidades na Limpeza de Praias e das Rías.

Confraría de Laxe

A Confraría de Pescadores de Laxe desenvolve unha ampla labor de asesoramento e organización do sector pesqueiro, propoñendo ás administracións correspondentes as medidas necesarias para a realización dunha pesca sostible e respectuosa co medio mariño.

Ademais, diariamente realízase un gran traballo administrativo que vai desde a tramitación das distintas autorizacións administrativas necesarias para que os mariñeiros poidan pescar ou mariscar, mesmo a realización das correspondentes solicitudes para que desde a Capitanía Marítima da Coruña se pasen as inspeccións obrigatorias para que os barcos poidan saír a faenar.

Outra Confrarías do territorio son as Confrarías de Camelle e Corme, das cales se inclúe información no apartado de datos socio económicos.

Outras asociacións ou colectivos do sector.

- **Asociación de Redeiras Illa da Estrela de Corme**

A Asociación de Redeiras Illa da Estrela de Corme está constituída desde el año 2009.

É unha asociación sen ánimo de lucro, con 17 socias de procedencia familiar do mar e autónomas, segundo o réxime especial do mar. Este Asociación pertence a Peirao-Federación Galega de Redeiras Artesás.

- **Asociación de Redeiras O Fieital**

A Asociación de Redeiras O Fieital de Malpica creouse en xaneiro de 2004 —a consecuencia do accidente que provocou o petroleiro Prestige en Galicia— con 5 socias que traballaban en artes de cerco no peirao.

Posteriormente, no mes de maio, contactouse con outras redeiras que traballaban en palangre e artes de enmalle nas súas casas para que se integrasen na asociación. Así se incremento o número de socias a 16. Posteriormente deuse cabida a mulleres que traballaban como colaboradoras para os seus barcos. A día de hoxe a nosa asociación está formada por 28 socias. Este Asociación pertence a Peirao-Federación Galega de Redeiras Artesás.

- **Peirao-Federación Galega de Redeiras Artesás.**

O seu obxectivo é asociarse para dignificar a profesión e sacar as profesionais redeiras da situación de case invisibilidade na que se atopaban.

Os fins de Peirao-Federación Galega de Redeiras Artesás son os seguintes:

- Regular a nivel nacional a profesión de confección e mantemento de redes e aparellos de pesca.
- Colaboración entre distintas asociacións.
- Loitar contra o intrusísimo laboral.
- Visibilizar o traballo das redeiras galegas a nivel nacional.
- Mellorar as condicións económicas e laborais das redeiras galegas.
- Garantir o relevo xeracional
- Buscar novas alternativas de emprego para as redeiras .
- Mellorar as infraestruturas portuarias que utilizan as redeiras galegas.
- Fomentar a prevención de riscos laborais derivados do seu traballo.
- Lograr o recoñecemento das continxencias profesionais derivadas do traballo de redeiras.
- Eliminar a fenda salarial existente entre os distintos subsectores adicados á confección e conservación de redes e aparellos de pesca.

Non se detectaron Organizacións de Produtores no territorio do GALP

Portos pesqueiros no territorio do GALP.

Porto de Caión

O porto de Caión atópase no concello de Laracha no norte da provincia da Coruña. Trátase dunha vila mariñeira, que forma co seu porto unha das máis típicas estampas da costa galega e que conta ademais cunha praia moi frecuentada polos veraneantes debido á súa tranquilidade. En Caión fundouse o Monasterio Agustino de Santa María do Socorro, no século XVI. A casa dos Condes de Graxal-Montádevos, na praza principal do pobo, atestigua o auxe do porto de Caión, fundamentalmente relacionado coa pesca da balea, e un dos principais do litoral coruñés.

Comunicacións e accesos

Aeroportos máis próximos: Alvedro (A Coruña) e Lavacolla (Santiago), A liña férrea da Coruña a Madrid por Santiago atravesa por un extremo o término, pero as estacións máis próximas están en Meirama e en Cerceda, ambas no municipio deste último nome.

Entrada marítima

Porto aberto ao E que debe tomarse con coidado e, preferentemente, con bo tempo. Pola súa forma e a súa ubicación podería confundirse con Malpica, situado ao SSE das illas Sisargas. Entre Malpica e Caión atoparemos os baixos de Baldaio que se separan ata catro millas da costa. Demóraa de seguridade destes baixos está sempre enfilando o faro da illa Sisarga Grande ao 270° ou 90°, salvo con mar tendida do N, ventos duros de mar a terra ou pouca visibilidade, situacións nas que deberemos aumentar esta marxe de seguridade. A entrada a porto ha de efectuarse demorando 147°.

Porto de Razo

O porto de Razo é a única instalación deste tipo no concello de Carballo. Está situado no norte da Costa dá Morte, entre Malpica e Caión.

Razo é o inicio dun inmenso areal que discorre ata Baldaio e que abarca toda a lonxitude de costa do concello de Carballo. Trátase dunha fermosísima praia de máis de 5 Km pola que se poden dar longos paseos ata o seu fin. Está situada na marisma de Baldaio, reserva natural de varias especies animais. As preto de 1000 hectáreas de terreo acollen un ecosistema formado por unha lagoa con marisma, xuncais e pequenas canles limosas.

Porto de Malpica

O concello de Malpica de Bergantiños está localizado ao Noroeste da provincia da Coruña, na mítica e famosa Costa dá Morte. Ocupa este municipio un fragmento do litoral galego na transición do gran Golfo Ártabro á Costa dá Morte. O cabo de San Adrián, ca súa prolongación nas illas Sisargas, é o extremo occidental do gran golfo coruñés que comeza no cabo Prior, ao norte de Ferrol.

Comunicacións e accesos

Aeroportos máis próximos: Alvedro (A Coruña) e Lavacolla (Santiago). O acceso a Malpica de Bergantiños faise desde Carballo, da que a separan 18 quilómetros. Desde Santiago sáese pola C-545 ata Portomouro, onde hai que seguir en dirección a Val do Dubra e Carballo (45 quilómetros), cun percorrido total ata Malpica de 63 quilómetros.

Desde Buño sae unha estrada a Ponteceso (11 quilómetros) e, desde a capital municipal, outra, de percorrido pintoresco, tamén cara a Ponteceso (11 quilómetros) e, de acceso ás praias de Xeiruga e Barizo.

Entrada marítima

Situados co cabo de San Adrián e as Illas Sisargas, poñemos proa á ensinada que queda ao S do pequeno monte de 77m de altura. Os ventos do E e NE fan de Malpica un mal fondeadero. Durante o verán e con ventos doutros cuadrantes o fondeadero é moi atractivo. O porto de Malpica posúe un longo dique de abrigo de 420m, no seu interior atopamos peiraos pesqueiros e unha esclusa con varadero para pequenas embarcacións.

Porto de Barizo

Pequeno porto pesqueiro do concello de Malpica de Bergantiños, localizado ao Noroeste da provincia da Coruña, na mítica e famosa Costa dá Morte. Na aldea de Barizo, está a praia de Area do Porto, ensinada na que noutros tempos buscaban abrigo os barcos de vela e onde hoxe descansa 'Farrapos', embarcación a vela que oferta paseos marítimos por toda a Costa dá Morte.

Porto de Corme

O porto de Corme, situado na Ría de Corme e Laxe e un dos máis belos da Costa dá Morte, consta dun malecón de abrigo así como dun varadero de uso pesquero. Corme ten ao seu ao redor paraxes moi atractivos: fermosas praias, como a praia Furna de Osmo ou a de Hermida, cruceiros de pedra, lavaderos tradicionais, e ademais o monumento celta máis antigo de Galicia, a chamada "Pedra dá Serpe" (na aldea de Gondomil).

Goza tamén dunha magnífica gastronomía, moi interesante é a Festa do Percebe do Roncudo. Precisamente a punta Roncudo, onde está o faro e as cruces dúas percebeiros, considérase un dos límites da Costa dá Morte.

Comunicacións e accesos

Aeroportos máis próximos: Alvedro (A Coruña) e Lavacolla (Santiago)

Entrada marítima

A entrada en Corme deberse efectuar tendo o faro do dique de Corme ao 46° e sabendo que no centro da entrada sitúase o baixo Avería que os barcos da localidade deixan por babor. Fórmase un extenso banco de pedra de 0,5 millas de extensión de NW a SE, con fondos menores de 20 metros, sobre o que se elevan dúas pedras ou cabezos un no centro, o Cabezo do Medio, con 5,6 metros de auga en baixamar, e o outro máis ao NW, o Cabezo de Fóra, con 6,6 metros. O centro do banco demora ao 175° de Punta Roncudo, da que dista 1,2 millas. Unha vez á altura do puntal, débese deixar a marxe habitual de resguardo e un mogote branco no centro do porto que debe quedar a estribor.

Porto de Laxe

O porto de Laxe está situado na Ría de Corme e Laxe. Está dotado dun varadero pesqueiro que pode ser utilizado (en situación apurada) por embarcacións deportivas. A costa caracterízase por un gran espigón que pola súa banda interior serve de peirao comercial. Está bastante ben comunicado e ofrece a posibilidade de abastecerse.

Laxe é unha vila de interese histórico, cuxos puntos máis importantes a visitar son: a igrexa parroquial de Santiago de Laxe (finais do s. XIV), a Casa do Arco, o Instituto Geolóxico, o dolmen de Dombate e a cidade celta de Borneiro.

Comunicacións e accesos

Aeroportos máis próximos: Alvedro (A Coruña) e Lavacolla (Santiago)
Servizo de autobuses xestionado por Autos Arriva case na súa totalidade, aínda que Aucasa cobre a liña Santiago-Carballo.

Entrada marítima

A entrada a ría de Corme e Laxe a ubicamos entre a punta Roncudo e o propio cabo Laxe, formando unha bocana de máis de dúas millas de longo. Vindo pola costa desde o NE débese tomar o rumbo 180° con referencia ao alto de Laxe, marxe máis que suficiente para librar os baixos do Roncudo. Cara ao interior da ría, podemos entrar coa enfilación ao Monte Branco no 110° ou ao islote Tiñosa ao 114°. Vindo do XO, tómase como referencia a praia Balarés ao 93,5°. Tomando como referencia o alto de Laxe, a costa non ofrece dificultades ata achar a entrada de Laxe. Esta está caracterizada por un gran espigón (390 m.) de resguardo do mar de fondo e ventos de N e NE, que apunta ao ESE e que pola súa banda interior serve de peirao comercial. No seu interior, ademais atoparemos outro pequeno espigón de 90 metros.

Porto de Camelle

O porto pesqueiro de Camelle está situado no mismísimo corazón da Costa dá Morte, entre Camariñas e Laxe. Está dedicado a actividades pesqueiras e marisqueiras artesanais; o polvo, o congro, o abadexo, a nécora, ademais do percebe e a extracción de orizo de mar son as especies con máis dedicación. Camelle é o símbolo das duras condicións de traballo no litoral da Costa dá Morte, onde ademais pódese visitar un singular "museo" de pedras artísticas decoradas por un alemán (de nome "Man" e xa falecido) e situado no peirao de abrigo.

Comunicacións e accesos

Aeroportos máis próximos: Alvedro (A Coruña) e Lavacolla (Santiago)

Porto de Santa Mariña

O porto de Santa Mariña atópase ao noroeste do porto de Camariñas, que está situado no centro da Costa dá Morte. A vila de Camariñas é un punto de referencia turística moi coñecido polo seu encaixe de bolillos que supón un testemuño excepcional da supervivencia das artes e oficios populares que permanece practicamente nos seus contextos orixinais. Puntos de interese na zona son: a Igrexa de San Jorge, a Ermida dá Virxe do Monte, o Cemiterio dos Ingleses (en Xaviña), e o Faro de Cabo Vilán. O litoral que rodea o faro, o Mar de Reira, está conformado por praias limpas e bravas, sempre azotadas pola resaca.

Porto de Camariñas

O porto pesqueiro e deportivo de Camariñas atópase no centro da Costa dá Morte, ocupando unha península que pecha polo norte a ría do seu nome. É ademais un punto moi resgardado nunha zona complicada para a navegación con mal tempo.

A vila de Camariñas é un punto de referencia turística moi coñecido polo seu encaixe de bolillos que supón un testemuño excepcional da supervivencia das artes e oficios populares que permanece practicamente nos seus contextos orixinais. Puntos de interese na zona son: a Igrexa de San Jorge, a Ermida dá Virxe do Monte, o Cemiterio dos Ingleses (en Xaviña), e o Faro de Cabo Vilán. O litoral que rodea o faro, o Mar de Reira, está conformado por praias limpas e bravas, sempre azoutadas pola resaca.

Características Principais

Prazas de amarre para embarcacións: 83

Comunicacións e accesos

Aeroportos máis próximos: Alvedro (A Coruña) e Lavacolla (Santiago)

Estación de Renfe da Coruña. Conexión con toda a península.

Entrada marítima

A Ría de Camariñas ábrese ao sur de Cabo Vilán. Cabo Vilán, se se vén do N, e Touriñán, se se procede do S, son os dous fitos para o recoñecemento desta ría. Entre as puntas de Monte Farelo e a Pta. da Barca; aberta ao NW, e con 2 M de saco, atópase a ría de Camariñas. Fronte á boca, dous baixos (As Quebrantas e Leixón de Juanboy), condicionan a entrada. A Canle das Quebrantas, vindo do N, e resgardando o Baixo Bufardo, navegarase ata que a ermida de Ntra. Sra. do Monte demore ao 135°, poñendo proa a ela, ata ter enfilado Vilano a 015° coa Punta do Corno, gobernando ao 179° coa igrexa de Muxía pola proa. Pasando entre o Farelo e a Quebranta Moza, ata descubrir a boca do río de Ponche do Porto. Aquí, ao 108´5°, proa á enfilación da Punta do Lago, ao NS do Castelo Novo, gobernar á procura do espigón do porto.

Canle da Barca: é máis amplo e mellor de navegar. Navegar ata ter a Punta Villueira coa Punta do Castelo Novo e a boca do río de Ponche do Porto ao 082°, gobernando despois este rumbo con proa a Punta Villueira ata que a igrexa de Muxía demore ao 179°. A partir de aquí, navegar coas indicacións anteriores. As embarcacións de vela non deben intentar o paso entre As Quebrantas salvo con boa mar e vento entablado.

Porto de Muxía

Este porto da Costa dá Morte está situado na mesma ría que Camariñas pero na parte S da súa boca. É un porto pesqueiro aínda menos frecuentado polo tráfico deportivo que Camariñas. A Ría de Camariñas e Muxía ofrece numerosos puntos turísticos de interese: Cabo Vilán ubicado nunha paraxe de singular beleza; o chamado "Cemiterio dos ingleses" debido a que en febreiro de 1890 o buque escola desta nacionalidade "Serpent" naufragou ao N do Cabo Vilán; outros lugares de interese son a "pedra de abalar" no santuario de Nosa Señora dá Barca e os restos do castelo de Soberán.

Comunicacións e accesos

Aeroportos máis próximos: Alvedro (A Coruña) e Lavacolla (Santiago)

Zonas de marisqueo

A continuación se detallan as principais zonas de marisqueo no territorio do GALP en base os plans de explotación identificados no territorio do GALP na plataforma PescadeGalicia:

- Ámbito do plan Lagoas de Baldaio. Subzonas de explotación Bancos da lagoa exterior de Baldaio (CF-040 e CF-167) e banco da lagoa interior (CF-325 e CF-326). Plan de xestión moluscos bivalvos. Modalidade a pé, especies obxectivo: ameixa fina (*ruditapes decussatus*), ameixa xaponesa (*ruditapes philippinarum*), berberecho (*cerastoderma edule*), longueirón vello (*solen marginatus*)
- Ámbito do plan Zona de autorización: marxe dereita da enseada do río Anllóns, entre illa Cagallóns e liña de punta Revoltas e enseada de Insua). Subzonas de explotación Zonas: Autorización (CM-121), Autorización-O Couto (CM-09). Modalidade a pé. Especies obxectivo berberecho (*cerastoderma edule*), ameixa xaponesa (*ruditapes philippinarum*) ámbito do plan zona de autorización (marxe dereita da enseada do río anllóns, entre illa cagallóns e liña de punta revoltas e enseada de insua) subzonas de explotación zonas: autorización (cm-121), autorización-o couto (cm-09)
- Ámbito do plan: de punta Lago ata punta da Roda; de punta Sandía ata punta da Roda; de punta Sandía ata punta Insuela; enseada de A Vasa Subzonas de explotación Area da Vila (CM-129), Lingunde (CM-100), Enseada da Vasa (CM-130), Ariño (CM-133), Canle río da Ponte (CM-131), punta Gallegofondeadero do Pozo (CM-134), Paxariña (CM-132), punta Lago a punta Roda (CM-135). Plan de xestión moluscos bivalvos e gasterópodos réxime autorización modalidade a pé e embarcación. Especies obxectivo ameixa fina (*ruditapes decussatus*), ameixa xaponesa (*ruditapes philippinarum*), ameixa babosa (*venerupis pullastra*), berberecho (*cerastoderma edule*), longueirón (*ensis siliqua*), longueirón vello (*solen marginatus*), caramuxo (*littorina littorea*).
- Ámbito do plan: entre punta Alba e Pedra do Sal Subzonas de explotación Zona A: de Pedra do Sal a praia Salseiras Subzona A1: de Pedra do Sal ata portiño de Leira (CF-036-I) Subzona A2: de portiño de Leira ata praia Salseiras (CF-036-II) Zona B: dende praia Salseiras ata o porto de Zorrizo: Subzona B1: de praia Salseiras ata porto de Caión (CF-037-I) Subzona B2: do porto de Caión ata o porto de Zorrizo (CF-037-II) Zona C: do porto de Zorrizo ata punta Alba (CF-039). Especies obxectivo: percebe (*Pollicipes pollicipes*)
- Ámbito do plan Dende punta Gallada a punta Villueira (incluense as illas e os illotes fronte á costa) Subzonas de explotación De punta Gallada a punta Villueira (CM-096). Especies obxectivo: percebe (*pollicipes pollicipes*) ámbito do plan dende punta gallada a punta villueira (incluense as illas e os illotes fronte á costa) subzonas de explotación de punta gallada a punta villueira (cm-096)
- Ámbito do plan Dende punta Morelo a praia das Vacas Subzonas de explotación Zona A: Dende praia de Laxe a punta Padrón (CM-108) e pedras cercadas Zona B: Dende praia de Laxe a punta Morelo (CM-109) e pedras cercadas. Especies obxectivo: Percebe (*Pollicipes pollicipes*).

- Ámbito do plan: de punta Nariga a Pedra do Sal, incluíndo Illas Sisargas, baixos de Baldaio e demais illas e illotes fronte á costa en tres millas Subzonas de explotación Zona 1: dende punta Nariga ata praia de Seaia, incluíndo as pedras cercadas fronte á costa (CM-245 e CM-246-I): - Dende punta Nariga ata praia do porto de Barizo, incluíndo as pedras cercadas fronte á costa (CM-245). - Dende a praia do porto de Barizo ata a praia de Seaia, incluíndo as pedras cercadas fronte á costa (CM-246-I). Zona 2: dende a praia de Seaia ata pedra do Sal, incluíndo as pedras cercadas fronte á costa (CM-246-II e CM-247): - Dende a praia de Seaia ata a Atalaia, incluíndo as pedras cercadas fronte á costa (CM-246-II). - Dende o dique de abrigo do porto de Malpica ata pedra do Sal, incluíndo as pedras cercadas fronte á costa (CM-247). Zona 3: Illas Sisargas (CM-248), que mantén a súa división habitual en zona de verán e zona de inverno: Zona de inverno: - Na Sisarga grande: dende o peirao da illa ata pedra D`ouro, o Relleiro, Bolos do Río, A Cobiña, Punta Chanceira, O Farillón, Bolo da Serena, Galera de Terra, Galera do Mar e Charleu. - Na Malante (illa mediana): Hortas de Varela, O do Corvo, dende Furna do Carburo hasta Esteirón (Furna da Sistela, As Marías). - Toda a Sisarga pequena. Zona de verán: - Na Sisarga grande: A Cangrexreira, punta Falsa de Vendaval, Bolas do Flaire, desde a Pareda da Serena ata punta Falsa (Furna D`area, punta do Rabelo, Submarino, Punta do Canzorro, Maixón de Jorrillas, Magnánimo e Puntas da Magío), dende Casteletes ata o paso de Estadija. - Na Malante (illa mediana): Maixóns Altos e a punta do Can. Especies obxectivo Percebe (*Pollicipes pollicipes*)
- Ámbito do plan : de punta Piaduiro, marxe esquerda da desembocadura do río Grande, ata punta Nemiña, marxe dereita da desembocadura do río Castro (incluíndo illas e illotes fronte á costa) Subzonas de explotación • Zona A (TOURIÑAN): de praia de Nemiña a Punta Matemao (CM026) • Zona B (BUITRA): de punta Matemao á praia de Arnela (CM-027) e de praia de Arnela ata a praia de Lourido (CM-028) • Zona C (A BARCA): de praia de Lourido a punta Piaduiro - Subzona C1: de praia de Lourido ata O Carreiro (CM-029) - Subzona C2: Chorente (CM-030) e Merexo (CM-031). Especies obxectivo Percebe (*Pollicipes pollicipes*).
- Ámbito do plan Ría de Camariñas: zonas submareais dende punta da Barca a punta do Costado. Subzonas de explotación Zona I: marxe dereita da liña imaxinaria que une punta Villueira con punta Merexo - Banco da Barra (CM-033) - Banco do centro da ría (CM-146) - Praia de Mozogondón (CM-038) Zona II: marxe esquerda da liña imaxinaria que une punta Villueira con punta Merexo - Praia da Cruz (CM-037) - Praia de Borreiros (CM-034) - Praia de Loureiro (CM-035) - Praia de Area Maior (CM-036). Especies obxectivo: Navalla (*Ensis magnus*), longueirón (*Ensis siliqua*).
- Ámbito do plan Zonas submareais da praia de Laxe, praia da Hermida, praia de Osmo, banco Río Cobo e praia de Rebordelo. De Alto da Facha a punta Cantero e do Alto da Facha a punta Mundiña. Subzonas de explotación Zona A: infralitoral da praia de Laxe: - Praia de Laxe-1 (CM-110) - Praia de Laxe-2 (CM-111) - Praia de Laxe-3 (CM-139) - Praia de Laxe-4 (CM-268) Zona B: infralitoral das praias de: - Hermida (CM-112) - Osmo (CM-113) - Río Cobo (CM-115) - Do Alto da Facha a punta Cantero (CM-136) - Do Alto da Facha a punta Mundiña (CM-137). Especies obxectivo Longueirón (*Ensis siliqua*) e navalla (*Ensis magnus*).

- Ámbito do plan Zona submareal de punta Queimada a Pedra do Sal, incluíndo Illas Sisargas, baixos de Baldaio. Subzonas de explotación Zona 1: dende punta Queimada ata porto de Malpica (CM-305) Zona 2: dende o porto de Malpica a Pedra do Sal (CM-306) Zona 3: Illas Sisargas (CM-307) Zona 4: Baixos de Baldaio (CM-308). Especies obxectivo Laminaria ochroleuca, Undaria pinnatifida, Gelidium spp, Ulva spp, Saccorhiza polychides e Codium spp.

Establecementos de acuicultura.

A continuación inclúense os principais establecementos de cultivos mariños e auxiliares autorizados no territorio do GALP, que evidencian a diversidade de instalacións e establecementos de cultivo e almacenaxe de produtos do mar. Fonte: Xunta. es (establecementos de acuicultura mariña).

Principais Centros Reguladores de Crustáceos

Nome do establecemento:	FRANCISCO JAVIER SANTOS VILAR
Tipo de establecemento:	CENTRO DE EXPEDICIÓN
Ubicación	PROVINCIA: A CORUÑA CONCELLO: CAMARIÑAS LUGAR: AVENIDA DA CORUÑA, 15 - BAIXO
Especies	MOLUSCOS

Nome do establecemento:	RESTAURANTE CASA ELIAS S.L.
Tipo de establecemento:	CENTRO REGULADOR DE CRUSTÁCEOS
Ubicación	PROVINCIA: A CORUÑA CONCELLO: MALPICA DE BERGANTIÑOS LUGAR: SANTA CATALINA S/N - BUÑO
Especies	BOI, CAMARÓN, CENTOLA, LANGOSTA, LUBRIGANTE, NÉCORA

Nome do establecemento:	AMADOR BARBEIRA SUAREZ
Tipo de establecemento:	CENTRO REGULADOR DE CRUSTÁCEOS
Ubicación	PROVINCIA: A CORUÑA CONCELLO: MUXIA LUGAR: ESPIÑARIDO
Especies	BOI, CAMARÓN, CENTOLA, LANGOSTA, LUBRIGANTE, NÉCORA

• Granxas

Nome do establecemento:	STOLT SEA FARM S.A.
Tipo de establecemento:	GRANXA MARIÑA
Ubicación	PROVINCIA: A CORUÑA CONCELLO: CAMARIÑAS LUGAR: VILANO
Especies	LINGUADO COMUN, LINGUADO SENEGALES, RODABALLO

Nome do establecemento:	STOLT SEA FARM S.A. - MEREXO
Tipo de establecemento:	GRANXA MARIÑA
Ubicación	PROVINCIA: A CORUÑA CONCELLO: MUXIA LUGAR: MEREXO
Especies	RODABALLO

- **Estacións Depuradoras**

Nome do establecemento:	MARISCOS DEL NOROESTE S.A.
Tipo de establecemento:	ESTACIÓN DEPURADORA
Ubicación	PROVINCIA: A CORUÑA CONCELLO: LARACHA LUGAR: CAION
Especies	MOLUSCOS

Nome do establecemento:	FRANCISCO JAVIER SANTOS VILAR
Tipo de establecemento:	ESTACIÓN DEPURADORA
Ubicación	PROVINCIA: A CORUÑA CONCELLO: CAMARIÑAS LUGAR: AVENIDA DA CORUÑA, 15 - BAIXO
Especies	MOLUSCOS

Nome do establecemento:	CETAREA DE MEREXO S.L.
Tipo de establecemento:	ESTACIÓN DEPURADORA
Ubicación	PROVINCIA: A CORUÑA CONCELLO: MUXIA LUGAR: MEREXO
Especies	MOLUSCOS

Nome	Tipo	Ubicación	Especies
Agrupación de mariscadoras río anllons	Estación depuradora	Provincia: A Coruña concello: cabana lugar: a carballa nº 8; Cabana de Bergantiños	
Martin senande vazquez	Estación depuradora	Provincia: A Coruña concello: cabana lugar: Canduas	Moluscos
CERDEIMAR	Estación depuradora	Camariñas	Moluscos

- **Parques de cultivos mariños**

Nome	Tipo	Ubicación	Especies
Mar-casal s.l.	Parque de cultivo mariño	Provincia: A Coruña concello: cabana lugar: entre caladoira e furna do corvo - canduas	Ameixa babosa, ameixa fina, ameixa xaponesa, berberecho, berberecho birollo, bigaro, chondracanthus acicularis, chondracanthus teedei, gracilaria dura, gracilariopsis longissima, lapas, mexillón, ostra plana, ostra xigas
Martin senande vazquez	Parque de cultivo mariño	Provincia: A Coruña concello: Cabana lugar: entre punta lodeiro e punta da guieira, marxe esquerda do esteiro do Río Anllóns; Cabana de Bergantiños	Ameixa babosa, ameixa fina, mexillón
María rosa blanco pose	Parque de cultivo mariño	Provincia: A Coruña concello: cabana lugar: entre punta lodeiro e punta da guieira - marxe esquerda Río Anllóns	Ameixa babosa, ameixa fina, berberecho, mexillón

Nome	Tipo	Ubicación	Especies
Leis nº 1 - lema anido	Parque de cultivo mariño	Provincia: A A Coruña concello: Muxía lugar: areal grande de leis	Ameixa babosa, ameixa fina, ameixa xaponesa, berberecho, berberecho birollo, bigaro, ostra plana
Leis nº 4 - tapes aquaculture, sl	Parque de cultivo mariño	Provincia: A Coruña lugar: areal grande de leis	Ameixa babosa, ameixa fina, ameixa xaponesa, bigaro, ostra plana
Leis nº 5 - tapes aquaculture, sl	Parque de cultivo mariño	Provincia: A Coruña concello: Muxía lugar: areal grande de leis	Ameixa babosa, ameixa fina, berberecho, berberecho birollo, bigaro, ostra plana
Leis nº 6 - tapes aquaculture, sl	Parque de cultivo mariño	Provincia: A Coruña concello: Muxía lugar: areal grande de leis	Ameixa fina, ameixa xaponesa, berberecho, berberecho birollo, ostra plana

Criadeiros

Nome do establecemento:	A OSTREIRA
Tipo de establecemento:	CRIADEIRO
Ubicación	PROVINCIA: A CORUÑA CONCELLO: MALPICA DE BERGANTIÑOS LUGAR: PUNTA CHERPA AO NORTE DO PORTO DE BARIZO
Especies	AMEIXA BABOSA, AMEIXA FINA, AMEIXA XAPONESA, OSTRA PLANA, OSTRA XIGAS, VIEIRA, VOLANDEIRA

Nome do establecemento:	STOLT SEA FARM S.A. - MEREXO
Tipo de establecemento:	CRIADEIRO
Ubicación	PROVINCIA: A CORUÑA CONCELLO: MUXIA LUGAR: MEREXO
Especies	ANGUILLA ANGUILLA, LINGUADO SENEGALES

Cetarias

Nome do establecemento:	MARISCOS DEL NOROESTE S.A.
Tipo de establecemento:	CETARIA
Ubicación	PROVINCIA: A CORUÑA CONCELLO: LARACHA LUGAR: CAION
Especies	CRUSTÁCEOS

Nome do establecemento:	LUIS GUMERSINDO BLANCO CASTRO
Tipo de establecemento:	CETARIA
Ubicación	PROVINCIA: A CORUÑA CONCELLO: MALPICA DE BERGANTIÑOS LUGAR: LUGAR DE BEO
Especies	BOI, CAMARÓN, CENTOLA, LANGOSTA, LUBRIGANTE, NÉCORA

Nome	Tipo	Ubicación	Especies
ANSELMO Y JAIME BERMUDEZ MONTERO	Cetaria	PROVINCIA: A CORUÑA CONCELLO: MUXIA LUGAR: TOURIÑAN	Crustáceos
JOSE PEREZ LESTON	Cetaria	PROVINCIA: A CORUÑA CONCELLO: MUXIA LUGAR: SAN MARTIN DE ORZON - MEREXO	Boi, centola, langosta, lubrigante, nécora
MUXIA MAR S.L.	Cetaria	PROVINCIA: A CORUÑA CONCELLO: MUXIA LUGAR: MIXIRIQUE	Crustáceos

Nome do establecemento:	Lema pasantes
Tipo de establecemento:	Cetaria
Ubicación	PROVINCIA: A CORUÑA CONCELLO: PONTECESO LUGAR: CORME
Especies	Boi, cangrexo de mar, centola, langosta, lubrigante, nécora, santiaguíño

Centros do ámbito científico, formativo, ou organismos de investigación relacionados co mar.

A continuación detállanse os principais axentes do ecosistema de I+D+i en Galicia, mais alo do ámbito territorial do GALP, por considerarse o acceso ou a experiencia en colaboracións cos actores do territorio:

Universidade da Coruña

- Centro de investigación científica avanzada (CICA).
 - Grupo BIOCOST.
 - Grupo GRICA
 - Grupo METMED
- Centro de investigacións tecnolóxicas (CIT). Grupo Hydrodynamic.

Universidade de Santiago de Compostela

- Famatox Universidade de Santiago de Compostela
- Eco-IURIS Universidade de Santiago de Compostela
- AEMI Universidade de Santiago de Compostela
- Grupo de investigación en patoloxía de acuicultura
- Grupo de investigación AQUABIOTEC
- Centro de Bioloxía mariña a Granxa
- Grupo de investigación de Fisioloxía Animal

Universidade de Vigo

- Ephyslab Universidade de Vigo
- Future Oceans Lab Universidade de Vigo
- BASAN Universidade de Vigo
- Grupo de investigación EcoCost
- Centro de investigación mariña (DIM)
- Grupo de investigación INTERES
- Centro de investigación mariña CIM -ECIMAT

Centros de Investigación e formación


- Instituto tecnolóxico para o control do medio mariño de Galicia (Intecmar)
- Centro de investigacións mariñas -CIMA
- Instituto de Español de Oceanografía (A Coruña e Vigo) e Instituto de Investigacións mariñas IIM-CSIC
- Centro Tecnolóxico do Mar -CETMAR
- CAMPUS do Mar
- CIS Ferrol
- ANFACO-CECOPESCA
- CLÚSTER DE ACUICULTURA DE GALICIA
- CLÚSTER DE BIOTECNOLOXÍA DE GALICIA-BIOGA

Datos socioeconómicos do sector.

Afiliacións no sector marítimo pesqueiro e da acuicultura

Os datos dos afiliados o sector marítimo pesqueiro e da acuicultura foron obtidas a través dun pedido específico o Instituto Galego de Estadística (IGE). En dito informe se recollen un total de un total de 1.738 afiliados a Marzo de 2022, que representan o 5 % do total afiliados de Galicia, para ditos epígrafes de CNAE. Estes afiliados están concentradas principalmente en Carballo (35%) e Camariñas (29%). Significar que **o total de afiliados calcúlase sobre contas de cotización de empresas con domicilio social no ámbito territorial do GALP Costa da Morte.**

Da análise destes datos, CNAES (311-321-1021-1022-4638-4723) a nivel de detalle de catro díxitos, observase que no período 2014 a 2021, con datos a 31 de decembro, prodúcese un descenso do 5%, no conxunto de afiliados. Os incrementos mais relevantes prodúcense en Carballo (78%), a continuación figuran Vimianzo e Ponteceso. No resto dos concellos prodúcense descensos.



Data	Cabana de Bergantiños	Camariñas	Carballo	Laxe	Laracha, A	Malpica de Bergantiños	Muxía	Ponteceso	Vimianzo	TOTAL
2014/Decembro	35	518	280	145	40	250	172	103	4	1.547
2015/Decembro	36	461	348	126	37	249	164	99	5	1.525
2016/Decembro	35	435	348	139	35	170	168	107	5	1.442
2017/Decembro	31	505	474	113	39	205	143	96	5	1.611
2018/Decembro	36	439	487	110	39	216	170	118	5	1.620
2019/Decembro	34	409	487	114	41	209	144	109	3	1.550
2020/Decembro	29	445	482	109	39	211	119	112	5	1.551
2021/Decembro	28	403	498	99	35	168	122	108	15	1.476
Var. 2014-2021	-20%	-22%	78%	-32%	-13%	-33%	-29%	5%	275%	-5%

Fonte 2021: IGE. Afiliacións á Seguridade Social por concello da conta de cotización

Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello da conta de cotización e o sector de actividade (CNAE-2009)							
CNAE 2009- Marzo 2022							
Concello	311	321	1021	1022	4638	4723	Total
	Pesca Mariña	Acuicultura Mariña	Procesamento de peixe	Fabricación conservas	Comercio polo xunto produtos do mar	Comercio polo miúdo produtos do mar	%
Cabana de Bergantiños	x	24	0	0	x	0	28 2%
Camariñas	322	50	x	x	49	x	500 29%
Carballo	42	15	0	x	23	15	607 35%
Laxe	82	x	0	0	x	x	88 5%
Laracha, A	7	x	0	0	21	x	32 2%
Malpica de Bergantiños	185	20	0	0	8	9	222 13%
Muxía	89	31	0	x	x	x	124 7%
Ponteceso	96	21	0	0	x	x	121 7%
Vimianzo	x	13	0	0	x	0	16 1%
Total Marzo 2022	827	x	x	582	108	41	1.738 100%
Total Galicia Marzo 2022							35.824 5%

Fonte Marzo 2022: IGE (informe específico). Afiliacións á Seguridade Social por concello da conta de cotización

A data de referencia dos datos é o último día de mes

x: segredo estatístico

Os epígrafes do CNAE con mais afiliados son pesca mariña (827) e fabricación de conservas (582).

Decembro 2020	CNAE 2009						
Total dos Concellos do GALP	311	321	1021	1022	4638	4723	Total
Total Afiliados	742	170	2	486	105	46	1.551
Total Grupos CNAE	912	639					
% Grupos CNAE	59%	41%					100%

Fonte 2020: IGE (informe específico). Afiliacións á Seguridade Social por conta de cotización de todos os concellos que forman parte do GALP

Persoas afiliadas as entidades do sector pesqueiro.

Socios das entidades sector pesqueiro	Homes	Mulleres	Total
Confraría de Malpica	206	10	216
Confraría de Caión	17	3	20
Confraría de Camelle	43	12	55
Confraría de Laxe	77	1	78
Confraría de Camariñas	148	79	227
Confraría de Corme	73	7	80
Confraría de Muxía	169	15	184
Asociación mariscadoras Río Anllóns	4	21	25
Asociación de mariscadoras Santa Helena de Baldaio	6	2	8
Asociación redeiras o feital de Malpica	0	26	26
Asociación redeiras artesáns illa da estrela	0	17	17
TOTAL	743	193	936

Fonte : Datos que figuran no GALP Costa de Morte.

Empresas do sector marítimo-pesqueiro e de acuicultura.

Os datos das empresas do sector marítimo pesqueiro foron obtidas a través dun pedido específico o Instituto Galego de Estatística (IGE), para os CNAES referenciados.

En dito informe se recollen un total de un total de 568 empresas. Estas empresas están concentradas principalmente nos concellos de Camariñas (205), Malpica (83) e Muxía (81).

A pesca mariña (501), seguido polo comercio polo xunto (35) son actividades que concentran un maior número de empresas na contorna do GALP Costa da Morte.

CNAE (Nº de empresas -Criterio sede). Ano 2020

		0311	0321	1021	1022	4638	4723		
Concello		Pesca mariña	Acuicultura mariña	Procesamento de peixes, crustáceos e moluscos	Fabricación de conservas de peixes	Comercio por xunto dos produtos da pesca	Comercio polo miúdo dos produtos da pesca	Total	%
CABANA BERGANTIÑOS	DE	30	2	0	0	2	0	34	5,99%
CAMARIÑAS		187	2	3	2	10	1	205	36,09%
CARBALLO		14	1	0	1	6	8	30	5,28%
LAXE		8		0	0	2	1	11	1,94%
LARACHA (A)		58		0	0	3	2	63	11,09%
MALPICA BERGANTIÑOS	DE	74		0	0	5	4	83	14,61%
MUXIA		74		1	1	3	2	81	14,26%
PONTECESO		56		0	0	2	1	59	10,39%
VIMIANZO				0	0	2	0	2	0,35%
TOTAL GALP 2020		501	5	4	4	35	19	568	100,00%

Fonte: IGE. CNAE (Nº de empresas -Criterio sede). Ano 2020

Permisos de marisqueo

O total de permisos de marisqueo a pe no ámbito territorial do GALP ascenden a **211**, **representando un 5,74%% dos permisos existentes en Galicia**. Esta cifra supón un descenso do 13 % respecto os datos do ano 2014, o que representa unha redución en 31 permisos. Trátase dun descenso moi superior o que sufriu Galicia no período 2014-2021, o cal ascendeu o 2%. As confrarías con maior descenso foron Camariñas, Corme e Muxía.

Entidade			TOTAL			HOMBRES			MULLERES		
			2014	2021	Var	2014	2021	Var	2014	2021	Var
Agrupación mariscadores	Río		31	27	-13%	4	5	25%	27	22	-19%
Agrupación Santa Helena de Baldaio			6	10	67%	1	5	400%	5	5	0%
Confraría de Caión			15	12	-20%	11	9	-18%	4	3	-25%
Confraría de Camariñas			71	56	-21%	7	5	-29%	64	51	-20%
Confraría de Camelle (Camariñas)			0	1	100%	0	0	0%	0	1	100%
Confraría de Corme (Ponteceso)			31	18	-42%	11	14	27%	20	4	-80%
Confraría de Laxe			5	1	-80%	4	1	-75%	1	0	-100%
Confraría de Malpica			31	46	48%	16	28	75%	15	18	20%
Confraría de Muxía			52	40	-23%	39	27	-31%	13	13	0%
TOTAL GALP			242	211	-13%	93	94	1%	149	117	-21%
Total GALICIA			3.748	3.676	-2%	672	945	41%	3.076	2.731	-11%
% GALP			6%	6%	667%	14%	10%	3%	5%	4%	191%

Fonte. Consellería do Mar. IGE.

Do total de 211 permisos de marisqueo a pe no ámbito do territorio do GALP, 93 pertencen a homes e 149 a mulleres. A redución máis significativa nos permisos produciuse nas mulleres, cunha redución do 21% respecto o ano 2014, o que supón o dobre que en Galicia, para o mesmo período.

A continuación mostrase a evolución dos permisos de marisqueo dispoñibles no IGE por rango de idade, no ámbito territorial do GALP Costa da Morte. Os novos entrantes a actividade fano no rango de idade de 41 a 50 anos, cun incremento do 33%. Os descensos prodúcense tanto no rangos de idade de 31 a 30 anos, do 73%, de 51 a mais de 60 anos, con descensos do 23% e 12% e no rango de 31 a 40 anos, os descensos son do 29%.

Esta evolución evidencia que non hai un relevo xeracional na actividade, para os mariscadores, concentrado nos rangos de idade de 41 a mais de 60 anos. evidenciándose incluso con abandono da actividade nos rangos de idade de 21 a 40 anos.

	Total	Menor o igual que 20 anos	De 21 a 30 anos	Total de 31 a 40 anos	De 31 a 41 anos	De 41 a 50 anos	De 51 a 60 anos	Mais de 60 anos
2014	212	1	15	41	0	58	94	33
2021	211	0	4	29	0	77	72	29
Var	-13%	-100%	-73%	-29%	0%	33%	-23%	-12%

Fonte. Consellería do Mar. IGE.

Datos de vendas en lonxas.

A continuación faise unha análise das vendas en lonxa, no período 2014-2020, partindo da análise das principais lonxas a nivel Galicia **ata a análise das lonxas do ámbito territorial do GALP.**

En xeral, **as ventas en toneladas descenderon nun 29%** dende o ano 2014 o 2021. **Na valoración económica prodúcese un descenso do 2%**, polo tanto cun un incremento dos presos que compensa a caída en volume de produto comercializado.

En relación a **lonxa de Vigo, apreciase unha redución en volume do 26% e unha redución en valor do 14%.** A pesar destes descensos, sigue a ser a lonxa con maior valor comercializado do total en Galicia por importe de 88 M€, **seguida pola de A Coruña, con 64,5 M€ comercializados, lonxa con maior descenso de Galicia tanto en volume como en valor económico.**

O resto das lonxas, pertencentes principalmente as confrarías, supoñen un 19% do total do volume comercializado en Galicia e un 29% en treminos económicos. No resto de lonxas, os **descensos en volume sitúanse no 22% e no 24% na valoración económica.**


Lonxas con maior nivel comercializado	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	Var.14-21
Toneladas									
Total	187.178	180.464	188.603	212.785	174.298	158.167	150.256	132.783	-29%
Burela	25.228	24.791	23.519	22.578	19.852	17.518	17.518	19.025	-25%
Celeiro	17.627	15.940	16.544	16.776	14.132	13.154	13.154	13.403	-24%
A Coruña (Lonxa Coruña, S.A.)	49.365	39.650	40.074	47.501	40.147	33.780	33.780	28.125	-43%
Ribeira	29.638	27.708	31.835	35.425	28.741	27.639	27.639	22.404	-24%
Vigo	33.998	32.138	38.197	42.714	32.161	33.664	33.664	25.240	-26%
Resto	31.322	40.236	38.434	47.791	39.266	32.412	24.501	24.586	-22%
% do resto de lonxas	17%	22%	20%	22%	23%	20%	16%	19%	
% Vigo lonxa	18%	18%	20%	20%	18%	21%	22%	19%	
Miles de euros									
Total	432.341	458.195	491.664	508.672	490.993	464.888	412.960	424.955	-2%
Burela	66.724	74.591	76.696	78.120	68.706	63.715	63.715	66.996	0,41%
Celeiro	46.065	52.336	53.441	55.997	49.303	44.892	44.892	43.252	-6%
A Coruña (Lonxa Coruña, S.A.)	82.038	78.234	76.496	77.073	78.369	69.136	69.136	64.553	-21%
Ribeira	34.731	32.954	43.262	42.546	43.444	40.512	40.512	37.738	9%
Vigo	102.149	103.369	116.395	115.440	106.159	105.047	105.047	87.996	-14%
Resto	100.634	116.712	125.375	139.496	145.012	141.586	89.658	124.420	24%
% do resto de lonxas	23%	25%	26%	27%	30%	30%	22%	29%	
% Vigo lonxa	24%	23%	24%	23%	22%	23%	25%	21%	

Fonte. Consellería do Mar. IGE.

A continuación analízanse as lonxas que están no ámbito do GALP Costa da Morte. En xeral, no período 2014-2021 e tendo en conta a totalidade das lonxas do GALP, produciuse un descenso do volume de vendas en Quilos do 26%, un 1% mais do descenso no total de Galicia.

No ano 2021 o total das lonxas do ámbito territorial do GALP da Costa da Morte representan, en termos económicos, 9,017M€, un 9% sobre o total de Galicia. En xeral, no período 2014-2021 e tendo en conta a totalidade das lonxas do ámbito territorial do GALP, produciuse **un incremento do volume de vendas en termos económicos do 18 %**, que contrasta con descenso do 9% no total de Galicia. Este incremento das vendas débese o incremento dos prezos.


No período 2014-2021 os descensos mais significativos, son os das lonxas de Camariñas e Malpica, cun descenso do 31% e 13% respectivamente.



Fonte; Consellería do Mar. Pescadegalicia.

Entidade /kg	2.014	2.015	2.016	2.017	2.018	2.019	2.020	2.021	%	Var 14-21
Baldaio	3.300	1.402	2.814	2.646	3.483	11.057	12.705	16.461	0,4%	399%
Caión	4.184	1.016	691	263	10			534	0,0%	-87%
Camariñas	2.801.944	5.281.584	3.242.406	4.107.770	5.205.676	4.306.097	4.243.753	2.437.707	57,1%	-13%
Camelle	25.214	13.332	4.479	27.741	19.865	13.031	18.984	7.957	0,2%	-68%
Corme	6.205	2.783	12.474	10.899	8.695	4.258	6.855	824	0,0%	-87%
Laxe	658.698	494.779	427.075	257.428	339.457	336.130	295.994	274.158	6,4%	-58%
Malpica	2.145.971	3.715.085	1.966.969	1.285.151	778.169	1.521.223	2.458.680	1.490.416	34,9%	-31%
Muxía	20.851	30.254	17.595	19.602	10.126	11.565	18.691	10.824	0,3%	-48%
Río Anllóns	97.917	129.761	62.543	61.521	112.882	146.293	31.342	27.046	0,6%	-72%
Total GALP	5.764.283	9.669.996	5.737.046	5.773.020	6.478.363	6.349.654	7.087.004	4.265.925	100,0%	-26%
Total GALICIA	35.431.099	33.767.092	40.024.909	44.433.655	33.659.635	35.072.401	31.581.022	26.668.180		-25%
% GALP	16%	29%	14%	13%	19%	18%	22%	16%		

Fonte; Consellería do Mar. Pescadegalicia.



Fonte; Consellería do Mar. Pescadegalicia.

Entidade/€	2.014	2.015	2.016	2.017	2.018	2.019	2.020	2.021	%	Var 14-21
Baldaio	38.301	18.364	30.644	34.723	29.468	66.048	94.801	159.601	1,8%	317%
Caión	28.660	8.620	4.120	2.385	200			4.050	0,0%	-86%
Camariñas	2.982.884	5.178.359	3.634.395	4.427.316	5.346.158	4.486.176	4.579.078	3.426.346	38,0%	15%
Camelle	120.508	62.619	35.437	32.538	61.895	96.961	74.639	73.952	0,8%	-39%
Corme	107.753	16.479	51.754	56.716	44.515	32.786	20.055	20.815	0,2%	-81%
Laxe	924.469	919.585	1.058.020	1.138.655	1.652.275	1.414.630	1.103.945	1.380.795	15,3%	49%
Malpica	2.828.121	4.662.774	2.949.275	2.642.970	2.486.700	3.167.269	3.799.281	3.648.926	40,5%	29%
Muxía	78.504	107.380	127.852	108.612	93.233	83.584	66.726	85.858	1,0%	9%
Río Anllóns	561.276	811.330	390.722	313.591	676.071	963.243	254.689	216.863	2,4%	-61%
Total GALP	7.670.476	11.785.510	8.282.219	8.757.507	10.390.514	10.310.697	9.993.215	9.017.205	100,0%	18%
Total GALICIA	113.007.217	114.747.925	131.188.728	131.391.992	122.043.070	120.717.140	108.927.591	102.353.320		-9%
% GALP	7%	10%	6%	7%	9%	9%	9%	9%		

Fonte; Consellería do Mar. Pescadegalicia.

O precio medio das lonxas pertencentes as confrarias socias do GALP e de 9€, incrementouse nun 42% no periodo 2014-2021. A diversidade de especies fai que o precio oscile entre os 1,41€ de Camariñas e os 25 € de Corme.

Precio medio €	2.014	2.015	2.016	2.017	2.018	2.019	2.020	2.021	Var 14-21
Baldaio	11,61	13,09	10,89	13,12	8,46	5,97	7,46	9,70	-16%
Caión	6,85	8,49	5,96	9,07	20,00			7,59	11%
Camariñas	1,06	0,98	1,12	1,08	1,03	1,04	1,08	1,41	32%
Camelle	4,78	4,70	7,91	1,17	3,12	7,44	3,93	9,29	94%
Corme	17,37	5,92	4,15	5,20	5,12	7,70	2,93	25,28	46%
Laxe	1,40	1,86	2,48	4,42	4,87	4,21	3,73	5,04	259%
Malpica	1,32	1,26	1,50	2,06	3,20	2,08	1,55	2,45	86%
Muxía	3,76	3,55	7,27	5,54	9,21	7,23	3,57	7,93	111%
Río Anllóns	5,73	6,25	6,25	5,10	5,99	6,58	8,13	8,02	40%
Media GALP	6	5	5	5	7	5	4	9	42%

Fonte. Consellería do Mar. Pescadegalicia.

A continuación, expoñense as **principais especies das lonxas pertencentes** as confrarías socias do GALP Costa da Morte para o período 2014-2021. As especies móstranse **ordenadas polo volume de vendas en euros para o ano 2021**. Esta táboa pretende mostrar o volume de produto que se concentra nas confrarías que se encontran no ámbito do GALP. As principais **30 especies do ano 2021** representan o **95% da facturación**. En xeral prodúcese un descenso de Kilos compensado por incremento dos prezos.

As cinco principais especies, que supoñen o **54% da facturación**, son o polvo, o xurelo, o lirio, o ourizo e a sardiña. Noa táboa seguinte móstranse **as variacións dos Kilos, vendas en euros e prezos medios, para os anos 2014 e 2021**.

Descrición	2021				2014					
	Kilos	Importe €	%	Precio Medio €/Kg	Kilos	Importe €	Precio Medio €/Kg	Var. Kg.	Var. €	Var. Precio
Polbo	195.800	1.740.032	19%	9	307.780	1.618.018	5	-36%	8%	69%
Xurelo	1.406.589	1.346.078	15%	0,96	1.860.170	886.250	0,48	-24%	52%	101%
Lirio	542.022	653.566	7%	1,21	42	70	1,69	-	-	-29%
Ourizo	73.807	624.469	7%	8,46	29.085	77.280	2,66	154%	708%	218%
Sardiña	499.891	567.443	6%	1,14	201.980	490.528	2,43	147%	16%	-53%
Bocarte	367.869	430.562	5%	1,17	291.177	573.154	1,97	26%	-25%	-41%
Berberecho	40.740	322.708	4%	7,92	100.174	569.803	5,69	-59%	-43%	39%
Xarda	197.491	318.986	4%	1,62	147.629	90.683	0,61	34%	252%	163%
Pescada	81.679	295.267	3%	3,62	109.568	372.296	3,40	-25%	-21%	6%
Centola ou centolo	30.508	230.911	3%	7,57	4.456	50.958	11,44	585%	353%	-34%
Percebe	8.036	224.839	2%	27,98	20.262	308.931	15,25	-60%	-27%	84%
Abadexo	27.455	201.126	2%	7,33	19.426	107.057	5,51	41%	88%	33%
Ameixa fina	5.359	158.957	2%	29,66	5.840	124.199	21,27	-8%	28%	39%
Robaliza	10.471	157.650	2%	15,06	14.884	206.939	13,90	-30%	-24%	8%

Boga	327.759	144.612	2%	0,44	380.223	100.265	0,26	-14%	44%	67%
Salmonete de rocha	7.842	127.217	1%	16,22	10.004	116.722	11,67	-22%	9%	39%
Linguado	6.690	116.312	1%	17,39	4.981	67.801	13,61	34%	72%	28%
Xarda pintada	148.627	87.903	1%	0,59	1.871.332	739.300	0,40	-92%	-88%	50%
Raias	30.824	85.731	1%	2,78	30.577	70.507	2,31	1%	22%	21%
Longueirón	11.496	81.158	1%	7,06	1.914	12.120	6,33	501%	570%	11%
Sargo común	11.711	75.894	1%	6,48	23.264	103.191	4,44	-50%	-26%	46%
Sanmartiño	4.477	74.720	1%	16,69	7.589	80.765	10,64	-41%	-7%	57%
Rodaballo	3.155	72.274	1%	22,91	2.470	44.730	18,11	28%	62%	27%
Faneca	27.434	69.850	1%	2,55	37.950	96.292	2,54	-28%	-27%	0%
Maragota	24.486	69.348	1%	2,83	29.987	73.807	2,46	-18%	-6%	15%
Pota pequena	35.584	65.768	1%	1,85	15	46	3,11	-	-	-40%
Peixe espada	8.666	61.546	1%	7,10	0	0	0,00	-	-	-
Gavilán	871	56.927	1%	65,40	1.556	93.345	60,00	-44%	-39%	9%
Nécora	4.017	54.723	1%	13,62	4.149	49.414	11,91	-3%	11%	14%
Linguado de area	5.474	54.106	1%	9,88	4.981	67.801	13,61	10%	-20%	-27%
Total 30 especies	4.146.827	8.570.685	95%		5.523.462	7.192.273				
Resto especies	119.099	446.520	5%		240.821	478.203				
Total	4.265.925	9.017.205	100%		5.764.283	7.670.476				

Fonte. Consellería do Mar. Pescadegalicia.

Rexistro de buques de pesca.

A continuación expónse o Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia a data 10 de xullo de 2022, o cal mostra un total de 4.242 embarcacións (sen ter en conta os buques dedicados a acuicultura ou labores auxiliares), das cales 4.068 corresponden o caladeiro nacional e no cal figuran un total de **3.770 embarcacións de artes menores**.

Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia - Datos a 07/2022							
DESCRIPCIÓN			Nº BARCOS	TRB	GT	POTENCIA CV	POTENCIA KW
PESQUERIA INTERNACIONAL	ARRASTRE	BACALADEROS	2	973,12	6.080,00	7.434,00	5.466,96
(Gran Altura)		CONGELADORES	12	8.337,40	13.707,55	21.160,00	15.561,06
		NAFO CONGELADORES	14	10.723,88	15.695,34	22.898,60	16.839,63
	CERCO		3	4.271,93	5.987,00	12.352,90	9.084,32
	PALANGRE SUPERFICIE		70	15.851,71	28.739,07	50.364,08	37.037,74
PESQUERIA COMUNITARIA	PALANGRE FONDO	NEAFC PALANGRE FONDO	43	6.560,47	12.387,24	26.019,82	19.134,98
(Altura)		NEAFC TRBs <100	7	579,36	1.078,74	2.435,00	1.790,70
	ARRASTRE	NEAFC ARRASTRE	19	4.277,20	6.247,82	14.882,44	10.944,55

		PORTUGAL	4	641,07	984,94	1.941,00	1.427,41
CALADERO NACIONAL	ARRASTRE		52	7.509,10	11.974,90	27.579,55	20.282,00
(Cant/Noroeste)	ARTES MENORES		3770	9.133,88	8.694,72	110.079,84	80.952,71
	CERCO		149	5.080,39	6.601,31	32.368,43	23.803,74
	PALANGRE FONDO		20	700,18	1.123,97	3.691,48	2.714,71
	PALANGRE SUPERFICIE		52	6.376,70	11.562,33	22.620,40	16.635,04
	ENMALLE	RASCOS	3	97,37	105,31	430	316,22
		VOLANTAS	23	872,36	1.528,52	5.212,79	3.833,49
BUQUES DEDICADOS A ACUICULTURA/AUXILIARES			1.280				

Fonte. Consellería do Mar. Pescadegalicia.

No ámbito do GALP Costa da Morte están rexistrados 283 embarcacións, que representan o 6,67% da frota de Galicia, destacando o porto de Camariñas con 80 embarcacións.

Dende 2014 produciuse **un descenso total de 6 embarcacións**. O descenso mais significativo produciuse en Camelle, cunha diminución de 9 embarcacións.

Entidade	Buques 07/2022	ARQGT	ARQTRB	ESLORA	POTENCIA	Buques 2014	Var.
Caión	5	16	17	37	154	5	0%
Camariñas	80	1.413	934	844	6.817	75	6%
Camelle	41	92	94	274	1.300	50	-22%
Corme	23	304	169	208	1.194	25	-9%
Laxe	42	433	418	436	2.852	39	7%
Malpica de Bergantiños	57	925	825	652	5.374	65	-14%
Muxía	35	1.095	724	400	3.995	30	14%
GALP Costa da Morte	283	4.277	3.180	2.852	21.685	289	
Total GALICIA	4.242	132.498,76	81.986,12		361.470,33		
% GALP Costa da Morte	7%	3%	4%		6%		

Fonte. Consellería do Mar. Pescadegalicia.

Camariñas e Malpica son os portos con maior capacidade, tanto en toneladas de rexistro bruto como en potencia, debido principalmente as embarcacións de cerco.

A continuación clasifícanse a tipoloxía de caladoiros por porto base. Camariñas, Camelle e Malpica son os portos que mais embarcacións teñen en artes menores do caladero nacional. O total en artes menores, no ámbito do GALP, son 223 embarcación, que representan o 78% do total e o 5,92% da frota galega de artes menores. En caladero nacional cerco, o total de embarcacións son 34, representan o 12% do total, e

están concentrados en Camariñas, con 18 embarcacións e en Malpica con 15 embarcacións. O total de cerco supón o 23% do frota de cerco de Galicia.

Entidade	Caión	Camariñas	Camelle	Corme	Laxe	Malpica	Muxía	Total	%
CALADERO NACIONAL ARRASTRE							1	1	0,35%
CALADERO NACIONAL ARTES MENORES	5	57	40	20	37	40	24	223	78,80%
CALADERO NACIONAL CERCO		18			1	15		34	12,01%
CALADERO NACIONAL ENMALLE RASCO					1			1	0,35%
CALADERO NACIONAL ENMALLE VOLANTAS				3	2	1	2	8	2,83%
CALADERO NACIONAL PALANGRE FONDO		1	1			1	8	11	3,89%
(en blanco)		4			1			5	1,77%
Total GALP Costa da Morte	5	80	41	23	42	57	35	283	100,00%

A área está especializada en artes menores e embarcacións de cerco.

Outros datos de relevancia do sector.

- **Relación de marcas de calidade alimentaria.**



A marca **PescadeRías** ¿de onde se non? é un selo de identidade para a promoción e defensa dos peixes e mariscos procedentes da frota artesanal cuxa fama de variedade e calidade traspasan as nosas fronteiras.

Orixe da marca: Esta marca xorde desde a Consellería do Mar da Xunta de Galicia no ano 2008 coa idea de que os produtos do mar procedentes da frota artesanal poidan ser claramente diferenciados, dentro da variada oferta que presenta un mercado cada vez máis globalizado e cunha ampla variedade de produtos.

Vantaxes para o consumidor: os produtos pesqueiros ao levar un distintivo, poden ser distinguidos con facilidade no mercado co que se atopa o consumidor a diario. Estes produtos etiquetados son para vostede unha garantía de frescura e calidade, de respecto ao medio ambiente e de aplicación dunhas prácticas hixiénicas e de manipulación adecuadas por parte das empresas que os puxeron no mercado.

Vantaxes para as empresas: a marca é unha ferramenta que se pon a disposición do propio sector pesqueiro para poder diferenciar a frescura e calidade do seu produto nun mercado actual competitivo e, para ademais, poder facer publicidade do seu bo facer no traballo que é o mellor aval para a continuidade e o futuro da súa actividade.

As entidades adheridas son establecementos que habitualmente traballan con produtos certificados, pero que non realizan reetiquetado do produto certificado: peixerías e empresas de hostalaría, conforme reflicte o Regulamento de

uso da Marca. Estes establecementos incluíranse na categoría de “Establecemento Adherido”, previa solicitude á Consellería do Mar.

Os establecementos que desexen adherirse, deberán cumprimentar a solicitude de adhesión xunto co compromiso de Declaración Responsable de uso que lles facilitará o equipo de xestión da marca na visita de comprobación.

Os establecementos adheridos recibirán formación sobre as condicións de uso e recibirán material promocional da marca. Así mesmo, verificaranse os requisitos documentais mínimos para a adhesión e visitarase as instalacións, co fin de comprobar a súa conformidade.

En cada Confradía referencíase a súa adhesión a esta marca.

- **Marca Pescaenverde**



A Universidade de Santiago de Compostela mediante o seu Grupo de Investigación en Biotecnoloxía Ambiental (www.usc.es/biogrup) ten traballado no ámbito da aplicación da metodoloxía da análise do ciclo de vida en sectores produtivos con especial relevancia no PIB galego e español como é a pesca. No ano 2013 a “Oficina Española de Patentes y Marcas” expediu o Título de Rexistro da Marca de garantía pescaenverde.

Tal e como se sinala no Artigo 1º do Regulamento da Marca pescaenverde a súa misión é: “A marca constitúese como unha ferramenta para promover produtos pesqueiros, en particular, peixe fresco, para indicar a pegada de carbono e a taxa de retorno enerxética adaptada as características específicas do sector pesqueiro. A marca implica a identificación e cuantificación tanto das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) que se xeran como a da enerxía que se consume nas actividades extractivas das embarcacións pesqueiras, operación portuarias e distribución.

Deste xeito preténdese incrementar a competitividade dos produtos e o seu rendemento para o produtor e as empresas, así como a identificación por parte do consumidor daqueles produtos con mellores valores en diferentes indicadores ambientais, contribuíndo ao incremento do valor daqueles produtos que incorporen a marca de garantía ”

Os dous indicadores ambientais asociados na ecoetiqueta son:

- Pegada de Carbono
- Taxa de Retorno Enerxética.

- **Pegada de Carbono**

O concepto de pegada de carbono, isto é, o cálculo da cantidade de GEI emitidos á atmosfera ao longo do ciclo de vida dun produto medido en unidades de peso de CO₂ equivalente, tivo un desenvolvemento vertixinoso nos últimos anos, non só no sector enerxético (impulsado polo Protocolo de Kyoto) e do transporte (impulsado polas Directivas Comunitarias que limitan a emisión de CO₂ en automóbiles), senón tamén no ámbito dos produtos alimentarios. Así, as principais motivacións son:

- Coñecer a carga ambiental dun produto en termos da súa contribución ao quecemento global.
- Definir obxectivos e avaliar as accións encamiñadas á redución de emisións de GEI.
- Comunicar a pegada de carbono a todos e cada un dos elementos da cadea de valor aos consumidores finais dun produto ou servizo.



Figura 1. Indicadores ambientais incluídos na ecoetiqueta/marca pescaenverde

• **Taxa de Retorno Enerxética**

O cálculo da taxa de retorno enerxética en forma de proteína comestible (TREprot) derivado do termo inglés ep-EROI (edible protein energy return on investment ratio) defínese como o cociente entre a enerxía obtida en forma proteica e a enerxía invertida para obter o devandito produto (ao longo do seu ciclo de vida). Exprésase en forma porcentual.

• **Metodoloxía**

O uso da Marca de garantía/Ecoetiqueta pescaenverde leva asociado as seguintes características:

- Ámbito de aplicación é moi amplo, incluíndo 128 especies de peixe e marisco.
- Alcance defínese dende a perspectiva de ciclo de vida dende o “berce á porta”.
- A metodoloxía de análise de ciclo de vida atópase definida segundo a normativa ISO 14044.
- No cálculo da Pegada de Carbono úsanse os factores de caracterización de quecemento global definidos polo Panel Intergubernamental de Cambio Climático para un horizonte de 100 anos.
- Para o cálculo da Taxa de Retorno Enerxética considérase como enerxía invertida a enerxía acumulada ao longo do seu ciclo de vida.

- **CREAGA**



Órgano encargado do control e certificación das producións ecolóxicas en Galicia.
CRAEGA acreditado de ENAC N° 78/C – PR152.

Neste portal poderá informarse sobre a normativa de produción ecolóxica, os actuais operadores autorizados para a produción ecolóxica e os establecementos recomendados para mercar produtos ecolóxicos.

A produción agraria ecolóxica ou biolóxica constitúe un método diferenciado de produción de alimentos, que é conveniente regular asegurando a transparencia en tódalas fases, tanto da mesma produción como da elaboración e comercialización.

Produtos a certificar:

A: Vexetais e produtos vexetais non procesados, incluídas sementes e outro material reprodutivo vexetal (con certificación de grupo de operadores).

B: Animais e produtos animais non transformados.

C: Algas e produtos da acuicultura non transformados.

D: Produtos agrícolas transformados, incluídos os produtos da acuicultura, destinados ao consumo humano.

E: Pensos.

F: Viño.

G: Outros produtos: Cera de abella

1.1.3. Recursos medioambientais e patrimoniais

O valor ambiental da zona costeira, o litoral e o espazo interior relacionado co mar é dun importantísimo valor no GALP Costa da Morte, xa que supón a base para o desenvolvemento da actividade pesqueira, pero principalmente é un dos principais recursos turísticos da zona. A continuación, farase un repaso dos principais espazos naturais do GALP Costa da Morte, con especial atención a aqueles incluídos na Rede Natura 2000.

Espazos naturais protexidos

O territorio ocupado polos nove concellos que compoñen o GALP Costa da Morte presume dunha gran variedade de recursos naturais, sendo a principal referencia a Zona de Especial Conservación (ZEC) Costa da Morte, que inclúe 11.809 hectáreas repartidas polos nove municipios. Trátase dunha figura amparada pola Rede Natura 2000 e incluída na Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza.

A Rede Natura 2000 é un entramado de espazos naturais de escala europea, que inclúe as Zonas de Especial Conservación (ZEC) e as Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA), e cuxa finalidade é asegurar a conservación de hábitats e especies. En marzo de 2014, a Xunta de Galicia aprobou o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, instrumento básico para a planificación, ordenación e xestión en rede das 59 ZEC e das 16 ZEPA definidas.

Na seguinte táboa enuméranse os diferentes espazos protexidos do territorio do GALP Costa da Morte, xunto a información sobre a súa superficie e os concellos aos que afecta cada figura (para aqueles espazos que tamén inclúen áreas de municipios que non pertencen ao GALP, remárcanse en negra os concellos da Costa da Morte).

Táboa 9: Espazos naturais protexidos do GALP Costa da Morte (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda)

Figura de protección	Nome do espazo	Extensión (Ha)	Concellos
Zona de Especial Conservación (ZEC)	Costa da Morte	11.809	Arteixo, A Laracha, Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe, Vimianzo, Camariñas, Muxía, Cee e Fisterra
Zona de Especial Conservación (ZEC)	Río Anllóns	162	Cabana de Bergantiños, Ponteceso, Coristanco e Carballo
Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA)	Costa da Morte (norte)	7.962	Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe e Camariñas
Paisaxe Protexida	Penedos de Pasarela e Traba	212	Vimianzo e Laxe

A continuación, achégase información sobre estas figuras de protección, así como a súa demarcación xeográfica.

- **ZEC Costa da Morte**


Franxa costeira nos concellos de Arteixo, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Cee, Corcubión, Fisterra, Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Muxía, Ponteceso e Vimianzo, cunha extensión de 11.809 ha. Extenso tramo de costa entre o cabo Fisterra e a praia de Alba (Arteixo), que, con excepción dunha gran parte da ría de Camariñas e dos núcleos habitados máis importantes, abarca a totalidade do litoral noroccidental de Galicia e algúns dos treitos máis apartados e mellor conservados da costa galega.

Esta zona abarca arredor de 152 km de litoral, dos que sobre un 17% (26 km) se corresponde con depósitos areosos de praia-duna. Ademais, un 38% da área protexida (4.539 ha) ocupa augas mariñas, principalmente ao sur e sódese de cabo Fisterra, no tramo Camariñas-Arou e na parte externa da ría de Corme e Laxe. Malia a existencia no pasado de múltiples factores degradadores, as diferentes zonas húmidas, como Traba e Baldaio, aínda conservan un gran valor, e atesouran importantes e moi variadas mostras de vexetación esteárica e palustre. Pola súa parte, os sistemas dunares están moi ben representados e inclúen múltiples macroformas sedimentarias e erosivas, algunhas pouco comúns ou case únicas no ámbito cántabro-atlántico ou español, como as dunas parabólicas, as dunas remontantes ou placas eólicas (con mostras excelentes nos "montes brancos" das praias da Barra do Medio, en Ponteceso, e Trece-Santa Mariña, en Camariñas, que se elevan por encima dos 100 m de altura, así como en Lourido, Nemiña e Rostro, entre outras), as dunas colgadas (Razo, Santa Mariña) ou as barxanas (Trece). As praias e turbeiras fósiles (como as de Razo e Baldaio), as grandes extensións de coídos ou praias de coios (con exemplos singulares como o de Cuño, en Muxía), os numerosos complexos de covas mariñas ou furnas (como as de Muxía- Nemiña, Roncudo ou Sisargas), as rasas cuaternarias (cabo Santo Adrián, por exemplo) e a abundancia de megaformas e microformas graníticas (como en cabo Vilán e cabo Veo ou en punta Nariga) son elementos xeomorfolóxicos dun grande interese. Non en van esta zona engloba ata cinco puntos de interese xeolóxico (recoñecidos polo IGME) de importancia estatal ou autonómica: lagoa de Baldaio (C-110), rasas cuaternarias de cabo Santo Adrián (C-111), praia do Trece (placas eólicas) (C-112), penas abaladoiras de Muxía (C-113) -que abarca as praias de coios, rasa litoral e depósitos de praias e placas eólicas de Lourido- e coído de Cuño (C-114).


As especies faunísticas de maior interese son as gaivotas tridáctilas ('*Rissa tridactyla*') e Arao Común ('*Uria aalge ibericus*') que na súa práctica totalidade atópanse nos cantís de cabo Vilán e Illas Sisargas. Estas illas tamén acollen a principal colonia de gaivota escura ('*Larus *fuscus*') de España. Na lagoa de Traba danse cita algunhas especies de aves de especial interese, varias das cales nidifican na área, como o carricero tordal ('*Acrocephalus arundinaceus*'). No cabo Fisterra pódense observar aves mariñas como a pardela pichoneta ('*Puffinus *puffinus*') e o alcatraz atlántico ('*Sula bassana*'). Tamén é fácil divisar desde aquí mamíferos mariños como golfinhos ('*Delphinus delphis*') e arroaces reais ('*Tursiops *truncatus*'). Outras especies usuais da Costa da Morte son: a nutria ('*Lutra lutra*'), o carricero común ('*Acrocephalus scirpaceus*'), a cerceta común ('*Anas crecca*'), o ánade azulón, ('*Anas platyrhynchos*'), a garza real ('*Ardea cinerea*'), o vuelvepedras común ('*Arenaria interpres*'), o correlimos tridáctilo ('*Calidris alba*'), o correlimos común ('*Calidris alpina*'), o correlimos gordo ('*Calidris canutus*'), o chorlito patinegro ('*Charadrius alexandrinus*'), o chorlito grande ('*Charadrius hiaticula*'), o escribano palustre ('*Emberiza schoeniclus*'), o colimbo grande ('*Gavia immer*'), o ostrero euroasiático ('*Haematopus ostralegus*'), a gaivota patiamarilla ('*Larus cachinnans*'), a agulla colipinta ('*Limosa lapponica*'), o zarapito real ('*Numenius arquata*'), o zarapito trinador ('*Numenius phaeopus*'), o corvo

mariño moñado ('*Phalacrocorax ristotelis*'), o chorlito gris ('*Pluvialis squatarola*'), o archibebe claro ('*Tringa nebularia*') e o lagarto dos zarzales ('*Lacerta schreiberi*').

En canto á flora, matogueiras atlánticas (*Erica vagans*) e dunas con céspede de *Malcomietalia*. As especies de maior interese son: 'omphalodes' ('*Omphalodes littoralis*'), 'rumex' ('*Rumex *rupestris*') e esfagno ('*Sphagnum pylaisii*').



Imaxe 1: Demarcación xeográfica da Zona de Especial Conservación (ZEC) Costa da Morte, plano 1 (Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia)



Imaxe 2: Demarcación xeográfica da Zona de Especial Conservación (ZEC) Costa da Morte, plano 2 (Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia)

• ZEC Río Anllóns

Este lugar atópase entre os concellos de Cabana de Bergantiños, Ponteceso, Coristanco e Carballo, e conta cunha extensión de 162 ha.

Entre o seu nacemento na vertente dos montes de Xalo e a súa desembocadura na ría de Corme e Laxe, efectúa un percorrido de 54,4 km. Cun índice de sinuosidade de

1,43 polo que se pode catalogar como un río sinuoso, cun caudal medio de 9,931 m³ e cun módulo específico de 22,98 l/seg. km², o que lle permite clasificalo coma forte.


Posúe boas representacións de arboredo de costa dominado por ameneiro e unha intensa fracturación na súa xeomorfoloxía. A conca divídese entre tres dominios: dominio de Malpica-Tui e Santiago, complexo de Ordes, e dominio de Galicia central e occidental.

Hábitats:

- Bosques de ribeira con *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-padion*, *Alnion incanae* e *Salicion albae*).
- Cursos de auga entre montañas con *Ranunculion fluitantis* e *Callitricho- Batrachion*.
- Uceiras secas europeas.
- Toxais húmidos atlánticos de zonas tépedas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*

Fauna:

- Avenoiteira cincenta (*Caprimulgus europaeus*)
- Martiño Peixeiro (*Alcedo atthis*)
- Papuxa montesa (*Sylvia undata*)
- Lavanco real (*Anas platyrhynchos*)
- Azor (*Accipiter gentilis*)
- Gabián (*Accipiter nisus*)
- Ouriolo (**Oriolus oriolus*)
- Morcego grande de *ferradura (*Rhinolophus ferrum-equinum*)
- Morcego pequeno de ferradura (*Rhinolophus hipposideros*)
- Lontra (*Lutra lutra*)
- Tourón (*Mustela putorius*)
- Lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*)
- Cobra de coar (*Natrix natrix*)
- Cobra de auga (*Natrix maura*)
- Lamprea (*Petromyzon marinus*)
- Vacaloura (*Lucanus cervus*)




Imaxe 3: Demarcación xeográfica da Zona de Especial Conservación (ZEC) Río Anllóns (Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia)

- **ZEPA Costa da Morte (norte)**

Esta ZEPA está integrada por varias áreas diferenciadas: o complexo litoral de Baldaio (Carballo) -que inclúe o tramo costeiro ata Malpica (Carballo-Malpica de Bergantiños)-; as illas Sisargas (Malpica de Bergantiños); o tramo costeiro de punta da Nariga-punta Roncudo (Malpica de Bergantiños-Ponteceso), o estuario do Río Anllóns (Ponteceso-Cabana de Bergantiños); o complexo litoral de Traba (Laxe) e o tramo costeiro de Aroucabo Vilán (Camariñas). Inclúe sectores de augas mariñas en todas as áreas, con algúns illotes e baixíos rochosos

Sitúase na rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, e adscíbese ao sector galaico-portugués. Dominio climático oceánico húmido, con precipitacións no rango dos 945-1.748 mm anuais e temperaturas medias de 12,4-14,5 °C, cun número mínimo de 228 días libres de xeadas. O seu rango altitudinal oscila entre os 0 e os 188 m sobre o nivel do mar.

Franxa costeira moi recortada, principalmente rochosa e aberta, con excepción da ría de Corme-Laxe. Algunhas fronteiras e promontorios dan paso a pequenas serras e montescosteiros, como a serra da Pena Forcada, punta do Roncudo, punta da Nariga e monte Neme. Predominan os cantís mariños de altura media-baixa, que alcanzan o seu máximo nas illas Sisargas, con 96 m. É moi notable a presenza de praias de cantos (coídos), principalmente no contorno do cabo Vilán, e de covas mariñas (furnas) en toda a costa. Entre os varios sistemas dunares, que en parte se desenvolven sobre frechas litorais, destacan os de Baldaio (que se estende ao longo de 3,6 km de fronte costeira), Monte Branco, Traba e Trece-Santa Mariña. As lagoas litorais de Baldaio e Traba, o estuario do Río Anllóns e os medios asociados son zonas húmidas moi importantes desde o punto de vista xeomorfolóxico e presentan unha gran variedade de tipos de vexetación halófila e palustre.



Imaxe 4: Demarcación xeográfica da Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) Costa da Morte (Plan diretor da Rede Natura 2000 de Galicia)

- **Paisaxe Protexida “Penedos de Pasarela e Traba”**

Situado entre os termos municipais de Vimianzo e Laxe, desde un punto de vista xeolóxico trátase dunha prolongación ao leste da veciña serra da Pena Forcada.

Ademais das figuras de protección impulsadas ao abeiro da Rede Natura 2000, é preciso citar que o Cabo Vilán foi declarado no ano 1933 como Sitio Natural de Interese Nacional. Atópase no concello de Camariñas, ao norte da ría do mesmo nome. Ten unha extensión de 6,4 hectáreas e sinala un dos tramos máis perigosos da Costa da Morte.

Erguido a 125 m de altitude e unido ao antigo edificio dos fareiros, posúe un potente canón de luz capaz de alcanzar as 28-30 millas mariñas (55km). Dá vertixe asomarse aos ventosos cantís ou contemplar a punta partida do cabo no illote que se coñece co nome de Vilán de Fóra. É interesante efectuar a aproximación polo camiño máis difícil, o que se envorca sobre o mar na pista de terra e area que, desde Arou, pasa pola ensinada de O Trece entre os cabos Veo e Tosto. O areal de O Trece é un dos máis salvaxes e como o resto do traxecto permanece virxe, sen construcións humanas.

Praias

O GALP Costa da Morte conta con numerosas praias. Antes de pasar a unha enumeración detallada por concello, a continuación móstranse aquelas que obtiveron en Bandeira Azul en 2022, distinción outorgada pola Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC).

Praia	Concello
Caión	A Laracha
Arou	Camariñas
Pedra do Sal	Carballo
Razo	
Saíñas	
Laxe	Laxe
A Ermida	Ponteceso
Balarés	
O Osmo	

Táboa 10: Praias con Bandeira Azul no GALP Costa da Morte (Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor - ADEAC)

- **Cabana de Bergantiños**

Praia da Urixeira, en Cesullas.

Praia das Vacas, atópámola no lugar de Taboído, Canduas cunha lonxitude de 200m. Praia en forma de enseada, de area branca e fina. Situada nunha contorna virxe e illada, contigua á praia de Maseiras. É unha praia ventosa e de ondada moderada; convén ter precaución coa resaca en certos tipos de mareas. Ideal para gozar do sol e da auga nas inmediacións do monte de Taboído, unha abraiante paraxe natural.

Praia de Maseiras, tamén en Taboído, Canduas. Praia de 180 metros de lonxitude en forma de media cuncha, situada nunha contorna virxe e illada, contigua á praia das Vacas. Composta de area branca e fina, é unha praia ventosa e con ondada moderada (ás veces forte). Ideal para gozar do sol e da auga na bonita paraxe natural do monte de Taboído.

Praia de Rebordelo, no lugar de San Pedro, en Canduas. O areal mais grande de Cabana de Bergantiños con 210 metros de lonxitude.

Praia de San Pedro, Tamén no lugar de San Pedro, Canduas, pero cunha lonxitude menor, de 155 metros e unha anchura de 25.

Praia do Curro, en Cesullas.

Praia do Pendón, en Taboído, Canduas. Minúscula cala en forma de media cuncha, situada nunha contorna virxe, illada e con acceso peonil, próxima ás praias das Vacas e de Maseiras. De area branca e fina, é unha pequena praia ventosa e cunha forte ondada, ideal para gozar do sol e do mar nun tranquilo e pouco masificada paraxe natural.

- **Camariñas**

Praia de Area Branca: cunha lonxitude de 140 e anchura de 15 metros.

Praia de Area da Vila: Praia de contorna urbana situada xunto ao casco urbano de Camariñas. Con forma de enseada e base de area de cor branca. Trátase dunha praia de augas tranquilas e moi protexida. É unha praia na que a cotío fondean embarcacións. Ten unha lonxitude de 200 e unha anchura de 100 metros.

Praia de Area Longa: cunha lonxitude de 310 e anchura de 27 metros.

Praia de Ariño: situada na Terra de Soneira, parroquia de Xaviña. Duchas, ramplas, descenso discapacitados, sinalización estado do mar, servizo de limpeza diario e servizo de vixilancia, cunha lonxitude de 1160 e anchura de 30 metros

Praia de Arou: Situada en Camelle, praia de contorna urbana xa que se atopa no mesmonúcleo de Arou. Con forma de enseada e base de area de cor branca. Trátase dunha praia de augas tranquilas e pouco ventosa, o que facilita o baño. Ten unha lonxitude de 130 e unha anchura de 455 metros.

Praia de Balea: Conxunto de catro pequenas praias virxes: Reira, Area Longa, Balea e Pedrosa, de características moi similares situadas ao norte de Cabo Vilán.

Praia de Camelle: Praia de contorna urbana, situada no porto de Camelle. Con forma de enseada e base de area de cor branca. Trátase dunha praia de augas tranquilas e pouco ventosa, o que facilita o baño. A pesar da proximidade do porto trátase dun areal no que habitualmente fondean as embarcacións. Lonxitude: 180 m e anchura: 105 m.

Praia de Lingunde: Praia de contorna rústica. Con forma de enseada e base de area decor branca. Trátase dunha praia de augas tranquilas e pouco ventosa, o que facilita o baño. Ten unha lonxitude de 100 e unha anchura de 15 metros.

Praia de Lobeiras: Praia de contorna virxe con forma de enseada e base de area de cor branca. Trátase dunha praia de forte ondada e moi ventosa o que dificulta o baño. É unha praia moi empregada polos mariscadores da zona. Pódese considerar unha praia perigosa. Lonxitude: 240 m e anchura: 25 m.

Praia de Pedrosa: Praia de contorna virxe e de difícil acceso. Con forma de enseada e base de area de cor branca. Trátase dunha praia de moita ondada e moi ventosa, o que fai que o baño na mesma sexa moi complicado. Ademais atópase moi illada. Lonxitude: 190 m e anchura: 35 m.

Praia de Reira: cunha lonxitude de 120 e anchura de 46 metros.

Praia do Trece: Praia de contorna virxe. Con forma de enseada e base de area de cor branca. Trátase dunha praia de forte ondada e moi ventosa na que o baño pódese facer moi perigoso. Está illada e o seu acceso é difícil podendo facerse tan só a pé e con moita precaución. Ten unha lonxitude de 1250 e unha anchura de 25 metros.

Praia Lago Norte: Praia de contorna virxe. Con forma de enseada e base de area de cor dourada. Trátase dunha praia de ondada moderada e ventosa. A policía local a patrulla durante o verán. Dispón dun pequeno porto no que os mariñeiros fondean as embarcacións. Lonxitude: 350 m e anchura: 20 m.

Praia de Santa Mariña: cunha lonxitude de 70 e anchura de 25 metros.

- **Carballo**

Praia de Baldaio: Lonxitude: 4000 m. Anchura: 200 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Alta. Grao de urbanización: Virxe

Praia de Leira: Lonxitude: 1000 m. Anchura: 15 m. Composición: Area fina e rochas. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Virxe

Praia de Pedra do Sal: Lonxitude: 300 m. Anchura: 30 m. Composición: Area. Ocupación tempada estival: Media. Grao de urbanización: Semiurbana.

Praia de Razo: Lonxitude: 800 m. Anchura: 30 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Alta. Grao de urbanización: Semiurbana

- **A Laracha**

Praia de Caión: Esta fermosa praia do municipio da Laracha (é a 1ª praia da Costa da Morte) está situada nun lugar de gran beleza paisaxística, o núcleo urbano de Caión. Caracterízase polas súas augas limpas e tranquilas que se estenden ao longo do Paseo Marítimo dende Punta das Olas ata a Furna da Auga Redonda. Xa en anos anteriores obtivo o galardón de Bandeira Azul debido á boa calidade das súas augas e ao elevado número de servizos dos que dispón, xa que conta con todos os servizos propios dunha praia urbana: aseos e duchas, servizo de socorrismo, limpeza diaria mediante o sistema de recollida selectiva, zonas de aparcadoiro que se están ampliando cada ano, rampla de acceso a discapacitados/as, etc. Esta praia de augas tranquilas está moi concorrida en época estival non só polos veciños da Laracha e municipios limítrofes senón tamén por aquelas xentes que se desprazan desde toda Galicia ou polos turistas que gozan das súas vacacións neste encantador pobo, que é Caión. Non só é apta para tomar o sol e bañarse senón tamén para a práctica de deportes coma o fútbol-praia, o surf ou a realización de campións de natación. Conta cunha lonxitude de 800 m

Praia Fluvial- Área Recreativa de Gábenlle: A praia fluvial atópase a 500 m. da capital municipal, A Laracha, a ambas marxes do Río Anllóns nun amplo espazo recuperado dende hai varios anos polo Concello. O grande atractivo paisaxístico e o elevado número de servizos dos que dispón, fai desta área recreativa un dos lugares máis concorridos do municipio en época estival e incluso ao longo do ano. Os principais servizos dos que dispón son: zona de merendeiros con mesas cubertas e descubertas, grellas, aseos e

parque infantil a ambas marxes do Río Anllóns, fonte, zona de aparcadoiro, etc. A praia fluvial ten continuidade co Paseo Fluvial construído recentemente na marxe dereita do río Anllóns, dende Gabenlle ata O Formigueiro (parroquia de Vilaño), nunha lonxitude superior aos 2 quilómetros. Ao longo do Paseo Fluvial atopámonos cos muíños de auga, tan característicos da xeografía galega, os que aumentan a enorme beleza desta área recreativa.

- **Laxe**

Praia de Arnado: Está situada en Boaña (Traba). Ideal para os amantes do descanso e a tranquilidade, porque se trata dunha recollida cala duns 90 metros e area fina, cun pequeno embarcadoiro, que dá paso á praia de Traba.

Praia de Laxe: Ao pé das casas, a gran praia de Laxe, aberta ao océano e cunha area fina e moi branca, deita as súas augas repousadas e limpas ao longo de case dous quilómetros de extensión. Está no mesmo centro urbano da vila de Laxe, e conta cos servizos propios dunha praia urbana: aparcadoiro, duchas, autobús, vixilancia, pasarelas, ramplas de acceso a discapacitados, paseo marítimo, limpeza diaria, cruz vermella, sinalización do estado do mar, hostalería e restauración moi próximas á praia, etc.

Praia de Soesto: Saíndo de Laxe cara Camariñas, atópase o agochado areal de Soesto, de reducidas dimensións (860 metros de extensión), máis retirado, máis tranquilo, de area fina e de augas mansas que rompen coa dureza da costa rochosa de mar aberto. Praia ideal para a práctica do surf. A última fin de semana de agosto ten lugar nas súas augas a celebración de probas deportivas pertencentes ao campionato de España.

Praia de Traba: atopámola en Boaña (Traba). Rodeada por un inmenso areal, de case tres quilómetros de lonxitude, con dunas, marismas e unha lagoa infestada de lendas e de gran valor medioambiental.

- **Malpica de Bergantiños**

Praia de Area Maior: En forma de enseada, situada nunha contorna semiurbana, no lado oposto do porto de Malpica, na minúscula península que acolle ao núcleo pesqueiro. De area branca e fina, é unha praia ventosa e con forte ondada, propicia para os deportes náuticos, especialmente, para o surf. Con mal tempo presenta importante resaca. Ideal para gozar, ademais da praia, do ambiente dunha vila mariñeira coma Malpica de Bergantiños. Bandeira azul e acceso discapacitados. Lonxitude 500 m e anchura 75 m.

Praia de Barizo: Lonxitude 210 m e anchura: 41 m.

Praia de Beo: De branquísima area, é un dos atractivos da parroquia de Vilanova. Acceso en coche e a pé, fácil. Lonxitude 250 m e anchura: 39 m.

Praia de Canido: Lonxitude 160 m e anchura: 10 m.

Praia de Esteiro Xeiruga: Lonxitude 550 m e anchura: 45 m. Praia de Reixa Grande: Lonxitude 120 m e anchura: 3 m.

Praia de Reixa Pequena: Lonxitude 120 m e anchura: 4 m. Praia de Riás: Lonxitude 1300 m e anchura: 15 m.

Praia de San Miro: Lonxitude 140 m e anchura: 8 m.

Praia de Seaia: En forma de enseada, con formacións dunares ao fondo. Posúe unha area branca moi fina, unha ondada moderada, cunha contorna sen urbanizar. É un

lugar apropiado para a práctica do surf e a pesca deportiva. Con boas vistas das próximas Illas Sisargas. Lonxitude 290 m e anchura: 50 m.

- **Muxía**

Praia da Arnela: Lonxitude: 90 m. Anchura: 40 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Virxe.

Praia da Cruz: Lonxitude: 130 m. Anchura: 80 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Media. Grao de urbanización: Urbana.

Praia das Raias: Lonxitude: 130 m. Anchura: 15 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Virxe.

Praia de Area Maior: Lonxitude: 630 m. Anchura: 30 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Media. Grao de urbanización: Rústica.

Praia de Barreira: Situada en Leis de Nemancos, ten unha lonxitude de 400 metros e unha anchura de 56 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Rústica.

Praia de Bourreiros: Lonxitude: 333 m. Anchura: 9 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Media. Grao de urbanización: Virxe.

Praia de Espiñeiro: Lonxitude: 320 m. Anchura: 12 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Media. Grao de urbanización: Rústica.

Praia de Lago: Lonxitude: 640 m. Anchura: 70 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Media. Grao de urbanización: Rústica.

Praia de Loureiros: Lonxitude: 225 m. Anchura: 7 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Virxe.

Praia de Lourido: Situada en Moraime ten unha lonxitude de 520 metros e unha anchura de 46 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Virxe.

Praia de Moreira: Lonxitude: 110 m. Anchura: 10 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Virxe.

Praia de Nemiña: Lonxitude: 1460 m. Anchura: 30 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Rústica.

Praia do Coto: Lonxitude: 50 m. Anchura: 7 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Virxe.

- **Ponteceso**

Praia da Arnela: Lonxitude: 90 m. Anchura: 17 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Media. Grao de urbanización: Urbana.

Praia da Barda: Lonxitude: 900 m. Anchura: 13 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Virxe.

Praia da Barra do Medio: Lonxitude: 1070 m. Anchura: 30 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Virxe.

Praia da Ermida: Lonxitude: 250 m. **Anchura:** 36 m. **Composición:** Area fina. **Ocupación tempada estival:** Media. **Grao de urbanización:** Rústica.

Praia da Furna: Lonxitude: 80 m. **Anchura:** 5 m. **Composición:** Area fina. **Ocupación tempada estival:** Baixa. **Grao de urbanización:** Rústica.

Praia de Balarés: Lonxitude: 375 m. **Anchura:** 32 m. **Composición:** Area fina. **Ocupación tempada estival:** Media. **Grao de urbanización:** Rústica.

Praia de Morro: Lonxitude: 120 m. **Anchura:** 10 m. **Composición:** Area fina. **Ocupación tempada estival:** Baixa. **Grao de urbanización:** Rústica.

Praia de Niñóns: Lonxitude: 170 m. **Anchura:** 10 m. **Composición:** Area fina. **Ocupación tempada estival:** Baixa. **Grao de urbanización:** Rústica.

Praia de Osmo: Lonxitude: 170 m. **Anchura:** 10 m. **Composición:** Area fina. **Ocupación tempada estival:** Baixa. **Grao de urbanización:** Rústica.

Paisaxe

O Catálogo das Paisaxes de Galicia, elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, define unha serie de Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) e miradoiros para o GALP Costa da Morte, os cales se poden consultar nas dúas seguintes táboas.

AEIP	Concello/s
Refuxio de Verdes	Coristanco e Ponteceso
Río Lourido	Cabana de Bergantiños , Coristanco e Ponteceso
Penedos de Pasarela e Traba	Laxe e Vimianzo
Dolmen de Dombate	Cabana de Bergantiños
Torre do Allo	Cabana de Bergantiños e Zas
Pozo da Forca	Cabana de Bergantiños
Fervenza de San Paio	Carballo e Tordoia
Ribeira da Pena	Carballo , Cerceda e Tordoia

Táboa 11: Áreas de Especial Interese Paisaxístico do GALP Costa da Morte (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda)

Miradoiro	Concello
Alto da Fernandiña	Cabana de Bergantiños
Miradoiro J.L. Rabuñal Patiño	Cabana de Bergantiños
Faro Vilán	Camariñas
Miradoiro Lagoa de Baldaio	Carballo
Santa Irene do Castrillón	Carballo
Santa Marta	Laracha, A
Santuario Virxe dos Miragres	Laracha, A
A Insua	Laxe
Faro de Laxe	Laxe
Lourido - Serantes	Laxe
Torre da Moa	Laxe
Faro de Punta Nariga	Malpica de Bergantiños
Miradoiro da Costa	Malpica de Bergantiños

Miradoiro	Concello
Miradoiro da Dársena	Malpica de Bergantiños
Miradoiro do Fuso da Moura	Malpica de Bergantiños
Miradoiro do Monte Nariga	Malpica de Bergantiños
Monte Neme	Malpica de Bergantiños
Faro de Touriñán	Muxía
Miradoiro do Monte do Castro	Muxía
Monte Facho	Muxía
Capela de Nosa Señora do Faro	Ponteceso
Faro de Corme	Ponteceso
Miradoiro de Monte Branco	Ponteceso
Miradoiro de Santo Hadrián	Ponteceso
Faro de Fontefría	Vimianzo
Monte de San Bartolo	Vimianzo

Táboa 12: Miradoiros do GALP Costa da Morte (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda)

• Paraxes de interese

Cabo de Santo Hadrián

Situado en Malpica, o cabo Santo Hadrián constitúe un excelente miradoiro sobre as illas Sisargas e mesmo, con potentes prismáticos, un bo punto de observación da súa fauna e flora.

Pero antes de chegar á punta váisenos a vista cara un pequeno santuario: a branca ermida de Santo Hadrián do Mar, á que case salpican as ondas os días de marusía.

Esta punta é o mellor punto de observación dos pasos migratorios de aves de setembro a outubro. De gran riqueza xeolóxica, ornitolóxica paisaxística, o cabo acolle a numerosas especies que procuran alimento no Continente: *Corvus corone*, *Corvus monedula*, *Pica pica*, *Larus cachinnans* e a *Corvus corax*.

Desembocadura do Río Anllóns. Entre Cabana e Ponteceso

O Río Anllóns xa foi analizado en profundidade no apartado de Situación Ambiental da Zona Costeira, pola súa catalogación na Rede Natura 2000 de Lugar de Importancia Comunitaria. No presente apartado salientaremos a súa desembocadura, pola gran riqueza paisaxística que presenta.

Enseada de Ínsua: unha lingua de area divide en dous o esteiro do río Anllóns. A ámbalas dúas marxes da desembocadura amontóase a area dando lugar a un gran conxunto de dunas de case dous quilómetros de lonxitude e uns 400 metros de anchura media; esa area trepa polas abas do Monte Branco ata o Alto das Travesas. Estamos fronte un espazo natural de grande riqueza paisaxística e ecolóxica. Ocupa unha superficie de máis de mil hectáreas e ten unha grande riqueza ornitolóxica de aves de paso e invernantes. Nos últimos tramos do Anllóns pódense ver e pescar angulas, lampreas, reos, salmóns e troitas.

Esteiro do Anllóns: as placas areentas de Monte Branco, a imponente figura da frecha areenta, os numerosos restos arqueolóxicos de toda a bisbarra, a presenza de miles de anátidas e limícolas ou a excelente gastronomía constitúen un reclamo de primeira magnitude para visitar este anaco de litoral da Costa da Morte.

As praderías submarinas de zoostera marina adornan a chaira intermareal sobre todo con baixamar. Por enriba, a salicornia invade a marisma xusto no nivel anterior ao que o fai o xunco. Máis preto das augas doces do Anllóns, as densas masas de carrizos poden acadar ata os tres metros de altura. Finalmente, e enriba dos corredores de dunas e tamén nas dunas fixas aséntanse a *Silene* de praia ou a endémica *Íberis procumbens*.

Unha grande parte da enseada está ocupada por gansos, cercetas e patos, pero as especies máis numerosas son as limícolas: Biluricos, píllaras, mazaricos, virapedras ou pilros, alternan cos máis escasos pero asiduos temporalmente a estas costas como pentumeiros, mobellas, barnaclas ou tarros. Garzas, pernalongas, rascóns ou galiñolas atópanse todo o ano.

Como aves de presa sobresaen o ocasional esmerillón ou o lagarteiro. Nos acantilados, corvos grandes, corvos pequenos e chovas alternan con corvos mariños, gaivotas e carráns.

Enseada de Trece

Situada en Camariñas e formada por trece pequenas calas que se funden co monte, a Praia virxe de Trece é un dos areas máis solitarios que podemos gozar en Galicia. De gran beleza, o azote continuo do Atlántico dálle un aspecto desértico, con especies de flora protexida como a Caramiña, na antigüidade presente en toda a costa galega e hoxe practicamente desaparecida que se adapta perfectamente a estas condicións extremas. Nos acantilados tamén podemos ver aves como o arao común e a gaivota tridáctila.

Fervenza de Entrecruces

Na parroquia de Entrecruces (en Carballo) e pertencente ao río Taboada atopamos esta fervenza que polo seu caudal e lonxitude merece ser visitada. Rodeada dunha espesa vexetación, ten un gran valor paisaxístico e ecolóxico.

Illas Sisargas

O illamento e a dureza do clima e do mar neste pequeno arquipélago da Costa da Morte, facilitou a estabilidade dunha das mellores colonias de aves mariñas de Galicia, algunhas das cales atópanse en serio perigo de extinción na nosa comunidade.

A acción do vento, case omnipresente en toda a zona, fai que o desenvolvemento arbóreo estea fortemente limitado. Con todo, isto non é atranco para a existencia, ademais dunha pequena masa de pino de repoboación, de exemplares illados de moreiras brancas e figueiras.

Predomina a matogueira baixa coa presenza de algún endemismo do noroeste peninsular coma o *Citrus psilosepalus*.

A importancia das Sisargas vén dada tamén pola presenza dunha das últimas poboacións nidificantes de aves mariñas de Galicia como a gaivota escura, a gaivota tridáctila ou o escasísimo Arao dos Cons, que ten aquí a súa segunda colonia en

importancia de Galicia. Ademais existe unha importante poboación de corvo mariño cristado e andoriñón real.

No cumio da illa Grande esta o faro, ao carón do antigo faro e a casa mariñeira da Serea, luceu por primeira vez na noite do 29 de xuño de 1853.

Lagoa de Traba

A lagoa de Traba atópase situada en Laxe nunha ampla chaira litoral pechada por unha extensa barreira areenta sobre a que se xeraron importantes formacións dunares.

Dentro do sector pódese observar unha ampla gama de formas acantiladas. Cara o interior sobresaíe o macizo granítico de Traba no que se encadea unha extensa variedade de formas rochosas. A lagoa de Traba atópase no fondo dunha depresión, entre o cordón de dunas e as praderías.

A súa orixe, ao igual que outras lagoas costeiras do litoral galego, foi debido á barra de area que se formou paralelo á praia e que impediu a saída directa das augas dos dous pequenos regatos que alimentan a lagoa, o Traba e o Rioval.

A lagoa, refuxio de caza, está rodeada practicamente na súa totalidade por unha densa extensión de carrizo, espadanas e xuncos. Existe tamén una ampla representación de especies somerxidas ou parcialmente somerxidas como as algas *Chara fragilis*, que tapiza o fondo da lagoa, *Anagallis* e *Eleocharis*.

O conxunto dunar que bordea a lagoa é de gran beleza, con casidas, Herbas de Namorar, linarias, Herbas de Prata e escrofularias, que lle confiren unha extraordinaria variedade cromática.

Destaca a presenza de aves coma o mergullón cristado, o rascón ou a folosa, esta última rara nidificante en Galicia.

Ademais cabe sinalar outras acuáticas máis comúns coma o alavanco, a galiñola, a galiñola negra, ou a garza.

Atopámonos tamén unha grande variedade de limícolas e curiosos visitantes ocasionais que lle confiren un especial interese ornitolóxico a este espazo natural, coma o bilurico atiamarelo pequeno, a gaivota chorona americana, a gaivota de Bonaparte, o pilro peitoral, o abetouro, etc.

Miradoiro de Aves ‘José Luís Rabuñal Patiño’

O Miradoiro de Aves José Luís Rabuñal Patiño, unha caseta de madeira perfectamente integrada na paisaxe, está situada na praia da Urixeira en Cabana de Bergantiños.

No seu interior, colocáronse uns paneis divulgativos que informan das rutas migratorias das aves que chegan ao esteiro do Anllóns, dos espazos que ocupa a avifauna no mesmo, das rarezas que se puideron observar nalgunha ocasión, de como recoñecer aves ou dos útiles para observalas.

Monte Branco

Trátase dunha duna que se converteu nun monte. Esta é a duna máis grande da Costa de Morte e a duna remontante máis grande de Europa. A súa altitude é de 204 metros. Encóntrase na Praia do Trece e no cabo Trece.

Parque do Anllóns e San Martiño

O parque de Anllóns en Carballo ten a súa continuación no parque San Martiño, outra zona verde situada detrás da igrexa parroquial que ampara outro tramo da canle do Anllóns. Durante as festas de San Xoán esta zona convértese repentinamente nun parque de atraccións que congrega a todos os nenos e mozos da bisbarra.

A parroquia de Soandres

Como esta parroquia da Laracha é tan grande, para achegarnos a ela podemos considerar dúas rutas: á Baixa de Soandres accédese collendo a estrada da Laracha a Cerceda. A 8 quilómetros hai un indicador que sinaliza o Mosteiro de Soandres, a 1 Km. Está no lugar de Priorato. Os lugares desta parte da parroquia, a máis poboada, espállanse por ámbalas vertentes do val do Anllóns, seguindo a estrada cara Cerceda ata o límite do municipio, un pouco antes da estación de Meirama.

A outra ruta, tamén de grande atractivo paisaxístico, sigue a estrada que partindo da parroquia de Golmar sobe cara Cerceda pola Alta de Soandres: saíndo da vila da Laracha pola estrada da Silva, aos 3 quilómetros chégase a Golmar, pola esquerda e mesmo a carón da igrexa está indicado "Alta de Sondres". A pista que de aquí arrinca segue o curso do río Acheiro para penetrar a partir do lugar da Xesta nas terras altas da parroquia. No cruce da Brea vemos un indicador á dereita que sinala Orraca e Montemaio e outro á esquerda para Saldante e o Mosteiro de Soandres, a onde se chega logo de 2 quilómetros aproximadamente.

Se seguimos cara Cerceda chegaremos pronto a Portodoso. Pasado este lugariño e a 1 quilómetro, cóllese pola esquerda o camiño que abeirando o Coto de Pedrouzo baixa tamén ao mosteiro; a referencia é unha granxa de ovellas que se divisa dende a estrada e pola que hai que pasar. Seguindo cara adiante outro quilómetro atopamos, tamén á esquerda, unha pista de terra que vai ao lugar de Coence, xa en Cerceda, e que pasa pola braña coñecida como "Fonte de Miguel Belido", que é onde nace propiamente o río Anllóns.

O Pozo da Forca

Situado e Riobó en Cabana de Bergantiños. Estamos fronte a cinco metros de fervenza labrada nos roquedos co paso dos anos. É un lugar cheo de lendas.

Punta de Tabuído

Situada en Cabana de Bergantiños, sinala a entrada na enseada de Ínsua. Aquí nace o "bruar da Barra".

Punta Roncudo

En Corme (Ponteceso). Debe o seu nome ao estraño ronquido que produce o mar ao romper nos acantilados. Os excelentes percebes de Cabo Roncudo son famosos en toda Galicia. As cruces lembran a coraxe que pode chegar a amosar o Atlántico neste lugar.

O complexo dunar de Razo- Baldaio

O impresionante complexo dunar situado en Carballo é, xunto á lagoa salobre, o elemento máis característico desta área de elevadísima produtividade que sostén tanto a importantes concentracións de especies salvaxes, sobre todo aves acuáticas e mariñas e ao mesmo tempo serve de criadeiro de especies de interese pesqueiro e marisqueiro.

A barra areosa atópase parcialmente fixada por unha vexetación de ammobilas, linarias, silenes, euforbias, etc. Entre a flora típica da marisma, onde se produce un encharcamento periódico provocado polos movementos mareais, desenvólvense xuncos e carrizos.

A base da cadea trófica, formada por moluscos e crustáceos, alimenta a unha abundantísima colonia de aves acuáticas como mazaricos, pilros, píllaras, avefrías, patos, garzas e galiñolas; Esporadicamente podemos atopar cisnes e cullereiros.

Os corvos mariños, os mascatos e as gaivotas son facilmente observados nos seus desprazamentos dende a praia. A esquiva lontra frecuente as augas da lagoa, especialmente na tardiña.

Pero Baldaio posúe unha especial importancia como criadeiro de especies de interese comercial, como robalizas, reos ou anguías e como tradicional lugar de explotación marisqueira.

O Río de Vaa

O Río de Vaa é unha das poucas correntes fluviais que verten na costa de Bergantiños. Nace ao pé do castro de Brión, percorre distintos lugares do Concello de Malpica e desemboca na ría de Esteiro (Seiruga, Barizo). Ao longo do seu percorrido move decenas de muíños.

No Río de Vaa atopamos un conxunto etnográfico constituído por catro muíños (un deles privado, aínda en funcionamento) e unha casa de labranza.

O Río Grande. En Camariñas, Vimianzo e Zas:

"A excepción da parroquia de Ponte do Porto, que se conforma e desenvolve na súa ribeira, o seu curso a penas transcorre por terras de Camariñas; aínda que si a súa desembocadura, que se abre á ría de Camariñas ofrecendo ó visitante unha paisaxe de excepcional beleza.

O Río Grande é tamén un importante couto pesqueiro, cita obrigada para os amantes desta actividade."

O Santuario da Virxe da Barca:

Situado en Muxía "o santuario de Nosa Señora da Barca é un dos primeiros de Galicia pola súa antigüidade e polo número de romeiros que acoden a el (máis de cincuenta mil nun só fin de semana). Foi declarada Festa de Interese Turístico Nacional e a súa antigüidade vai parella á data da fundación da primeira capela, cara o século XI ou XII.

Viaxeiros e escritores falan do santuario polo menos dende o século XVI, e poetas de todos os tempos cantaron ás súas pedras con grande inspiración. Poderíamos citar a Rosalía de Castro, López Abente, García Lorca..."

O culto ás pedras:

"A tradición do culto ás pedras parece estar moi enraizada na cultura celta e, aínda antes dela, dende os tempos do Neolítico cando se levantaron os dolmens.

As pedras oscilantes foron tamén obxecto de culto e de práctica de ritos esotéricos (só os limpos de corazón son capaces de facelas oscilar).

A Pedra de Abalar de Muxía está ligada ás tradicións xacobeas, que afirman que a Virxe María chegou a esta costa nunha barca de pedra para socorrer ao Apóstolo Santiago. Cando a Señora desapareceu, quedou alí a barca (Pedra dos Cadrís), o leme (Pedra do Leme) e a candea (Pedra de Abalar).

Esta última ten case nove metros de longo e uns trinta centímetros de grosor. Os visitantes colócanse sobre ela para conseguir que oscile, cousa que fai emitindo un misterioso ronquido. Ao parecer a pedra 'abala' cando quere, hai veces que se colocan moitas persoas enriba e non 'abala', e outras 'abala' soa. Tamén din que cando 'abala' soa, predí algunha desgracia."

Faros:

Faro de Punta Ínsua

Na Punta Ínsua está enclavado o faro de Laxe, de 11 metros de altura, sobre un outeiro a 50 metros por enriba do nivel do mar. Emite escintileos que acadan 14 millas, con boa visibilidade.

Faro de Punta Nariga

Situado en Asalo – Mens e construído a finais de 1997 por César Portela. Conta cun atlante do escultor Manolo Coia.

Pódese visualizar a máis de once millas entre Corme e Malpica. A un carón atópase Brántuas e Roncudo; ao outro, as illas Sisargas.

Faro de Punta O Roncudo:

A pouca distancia do núcleo de poboación encóntrase o Cabo do Roncudo. Debe o seu nome ao rouco son producido polas ondas ao se estrelaren contra as rochas. O paso fronte a este promontorio é unha manobra arriscada, a pesar da presenza do faro que guía ás embarcacións na súa singradura por estas augas traizoeiras. O percebe destes cantís goza dunha merecida fama mundial polo seu sabor e tamaño. A súa captura está severamente regulada, para non esquilmar un recurso que alimenta a moitas familias da comarca.

Faro de Cabo Vilán

O Faro actual substituíu no ano 1896 ó antigo que funcionaba dende 1854. Foi o primeiro faro de España en funcionar con luz eléctrica. Dende o branco edificio de pranta rectangular, un pasadizo coberto de hai poucos anos, conduce ata a torre do faro, de 25 metros de altura, levantada sobre unha masa de rocas de a 105 metros sobre o nivel domar. A súa luz alcanza as 40 millas sendo un dos faros máis potentes da costa. Os arredores do faro son dunha espectacular beleza e a perspectiva do faro cambia a medida que imos percorrendo a costa.

Faro de Touriñán:

Situado no cabo do mesmo nome, este faro potente e enérxico alerta constantemente da perigosidade do Atlántico e resiste os temporais da Costa da Morte. Dúas veces ao ano, a principios da primavera e finais do verán, o cabo Touriñán convértese na última liña de sombra do ocaso na Europa continental.

A posición natural desta punta de terra que se introduce impasible un quilómetro no océano Atlántico convérteo no lugar por onde desaparece o último raio de sol da Europa continental. Son uns dous meses e medio ao ano para gozar dunha simbólica posta de sol neste salvaxe tramo da Costa da Morte. Este é un lugar solitario. De aí tamén a súa beleza.

Dende o equinoccio de primavera, entre o 21 de marzo e o 25 de abril, e despois, do 13 de agosto ata o 22 de setembro, este lugar convértese nun excelente balcón para presenciar o finis solis. Non hai que facer nada especial para aproveitar o momento, só vir ata aquí na hora convida.

A situación de cabo Touriñán, a 9 grados, 17 minutos e 53 segundos de lonxitude oeste, outórgalle este privilexio natural. Cabo Touriñán toma o relevo do cabo da Roca, en Portugal, e logo, cédello ao cabo Vardetangen, en Noruega, tal e como explica o catedrático de Física Aplicada (USC) Jorge Mira Pérez, autor do estudo “Análise de liñas de ocaso no occidente de Europa”. Ademais, está considerado o punto máis extremo ao oeste da España peninsular.

O traxecto dende a vila de Muxía ata o cabo Touriñán dista uns 17 quilómetros a carón da costa. Facer o camiño a pé é unha excelente oportunidade para coñecer de primeira man este litoral abrupto e áspero, de vexetación mol e sufrida contra os feros ventos do Atlántico.

Áreas de recreo

Cabana de Bergantiños

Área Recreativa do Briño: Ao lado dunha carballeira que garda infinitas historias e innumerables lendas.

Miradoiro das Agrelas: Situado na C-431, é un balcón habilitado para contemplar a Enseada da Ínsua. Dende el pódense contemplar o Monte Branco, a Barra, as illas da Tiñosa, Os Cagallóns, as carpinterías de ribeira, a praia do Curro, a desembocadura do río Anllóns, a vila de Corme, o Couto... Tamén é bo lugar para observar aves, sobre todo na temporada invernal. Conta cun merendeiro de mesas de granito e papeleiras.

Camariñas

Área Recreativa do Couto de Pesca da Ponte do Porto: situada na marxe dereita do Río Grande. Neste lugar atópase o couto de pesca da Ponte do Porto, de categoría 1º A, de 4,4 quilómetros de lonxitude e onde se pesca troita e reo. A zona foi acondicionada mediante a instalación de bancos, mesas e asadores.

Zona de recreo da praia do Ariño: Está situada na Praia do Ariño (Parroquia de Xaviña). Trátase dun lugar rodeado de árbores onde reina a tranquilidade para pasar un fermoso día en compañía da familia. Entre as características a destacar atopamos mesas e bancos de pedra con cadanseu asador.

Carballo

Área recreativa de Barís: Está situada nunha contorna forestal e fluvial, nas inmediacións do regueiro de Carracedo, nun precioso espazo natural, rodeado dunha singular carballeira e de diversa vexetación rupícola. Destaca o muíño rehabilitado, exemplo de arquitectura popular. É un espazo de lecer idóneo para merendar e gozar da paisaxe.

Área recreativa do Tarambollo: Situada nunha contorna forestal e fluvial, nas inmediacións do río Bardoso, afluente do río Anllóns, nun espazo natural creado artificialmente coa construción dunha pequena piscina natural, pontes de madeira ... Conta cun bo equipamento (mesa, fontes, etc), en perfecta harmonía co medio natural. Resulta ideal para merendar e darse un baño nun acolledor e tranquilo ambiente natural.

Miradoiro de Santa Irene: O miradoiro de Santa Irene permite apreciar todo o esplendor da ría de Baldaio

A Laracha

Área Recreativa de Gábenlle: Esta ampla área recreativa da parroquia de Torás atópase a 500 m. da capital municipal, á beira do Río Anllóns. É unha desas paraxes que presenta un grande atractivo, tanto paisaxístico coma nos deseños das súas construcións, xa que están feitas con materiais tradicionais: pedra e madeira.

Miradoiro - Área recreativa de Sta. Marta: A Área recreativa de Sta. Marta atópase entre as parroquias de Soandres e Coiro, no monte de Sta. Marta, a unha altura de 432 m. Éste é outro dos moitos espazos recuperados polo concello e hoxe convertido nunha ampla área de lecer, dende a que se pode gozar de impresionantes vistas do municipio e incluso da Costa da Morte. Ademais do atractivo paisaxístico e arqueolóxico deste miradoiro (xa que nel se atopan os restos arqueolóxicos da antiga capela de Sta. Marta) hai que engadir que dispón dos servizos propios dun área recreativa, como son: barbacoas, merendeiros coas súas mesas cubertas, descubertas, etc.

Laxe

Área recreativa da Braña: Sitúase na praia de Soesto.

Área recreativa de Boño: Ten diferentes áreas de xogos para os máis cativos.

Área recreativa do Cabo da Area: Situada xunto a unha lagoa e á piscina municipal.

Malpica de Bergantiños

Área recreativa do Río de Vaa: no casal do río de Vaa atopamos un conxunto etnográfico constituído por catro muíños, un deles, privado (aínda en funcionamento que, ao longo do seu percorrido move ducias de muíños), e unha casa labrega. O fundador deste conxunto, así como dun serradoiro hidráulico, foi Lorenzo García Soto, veciño de Coristanco. O uso destes muíños era un privilexio concedido a comunidades eclesiásticas, á nobreza e aos concellos. Ata aquí viñan a moer habitantes da vila pontecesana de Corme. Grazas ao aproveitamento da auga esta aldea foi o primeiro lugar do Concello que contou con luz eléctrica a comezos do século XX. Nela, a lingua segue viva nas palabras como canle, aliviadoiro, gradilla, canela, rodicio, mesa, aguillón, moega, quenlla.

Miradoiro do Monte Nariga: atópase a 219 metros de altitude sobre o nivel do mar, nunha contorna forestal. Podemos visitalo nun lugar, segundo a toponimia, con forma de nariz, que recolle os ventos do nordés para convertilos en enerxía eléctrica mediante un parque eólico. Destacan as fermosas panorámicas das terras baixas de Bergantiños e os vales incrustados entre os bosques mixtos. Acceso: dende Malpica seguir a estrada a Ponteceso ata a parroquia de Mens, continuar pola estrada local ata o monte Nariga, onde se atopa o miradoiro.

Miradoiro da Costa: atópase a 159 metros de altitude sobre o nivel do mar, nunha contorna forestal, nas inmediacións do novo cemiterio. Destacan as fermosas panorámicas das terras baixas de Bergantiños, cos seus vales escondidos entre os bosques, e a silueta das magníficas Torres de Mens. Por unha banda podemos ollar o Monte de Beo, nas illas Sisargas, e a vila de Malpica entre as alturas da Atalaia e Pedra Queimada. Na outra banda, os piñeiros e as terras sembradas de millo, as terras de Ponteceso e Carballo.

Miradoiro da Dársena: Situado no porto de Malpica de Bergantiños.

Miradoiro do Fuso da Moura: O Fuso da Moura atópase ao pé dun punto xeodésico que, situado no monte de Asalo (222 m), delimita os Concellos de Malpica e Ponteceso. É un espazo de lendas que fala de covas con tesouros, pero, sobre todo, lugar onde foron enterrados os nosos antepasados. Está rexistrado como un dos catro restos arqueolóxicos atopados no monte Nariga; a lenda cóntanos que o seu primitivo marco de pedra era o uso co que fiaba a moura.

O Club Náutico de Malpica: está aberto ao público os sábados polas mañás. Algunhas das actividades que alí se desenvolven son o submarinismo, saídas en kayak, cursos de vela, cursos de navegación (PER, PNB). Ademais de organizar actividades deportivas, o club tamén está implicado na dinamización do deporte na vila malpicana.. Actualmente conta con máis de 350 socios.

Muxía

Miradoiro de Monte Castro: Situado na parroquia de Moraime, lugar de Xanzón, ubicado no cumio do Monte do Castro. De contorna marítimo-forestal. Dende este miradoiro contéplase boa parte do municipio de Muxía, a ría de Camariñas e as puntas de Cachelmo e Buitra. Hai aquí restos dos muros defensivos dun castro, de forma ovalada. Na tradición popular consérvanse referencias lendarias deste castro. O acceso dende Muxía: tómase a estrada en dirección a Negreira, ao pasar o río Moraime

xírase á dereita. No lugar de Agreiras volvemos a xirar á dereita ata o núcleo de Castelos. Aquí hai un camiño que conduce ao Monte do Castro.

Ponteceso

Lugar da Carga: En Anllóns, onde está a Ponte da Garga, declarada monumento de interese recreativo, histórico e zona arqueolóxica.

Miradoiro de Monte Branco: O Monte Branco é o punto onde se divisa Ponteceso. A desembocadura do Río Anllóns forma parte do inventario xeneral de espazos naturais de medio ambiente, caza e pesca fluvial da Xunta de Galicia co nome de Enseada de Ínsua, onde se amontoa a area e se forma un gran conxunto de dunas de casi dous quilómetros de lonxitude e uns catrocentos metros de anchura media; esa area sube polas ladeiras do Monte Branco ata o Alto das Travesas onde se divisa Cabana e Laxe.

Rutas

Rutas a pé

Camiño de Santiago a Fisterra: Fisterra sempre suscitou a curiosidade dos peregrinos, desexosos de coñecer o fin da terra, o lugar onde o sol desaparece da vista. Esta ruta en catro etapas une Compostela con Muxía pasando por Fisterra, completando unha especie de epílogo do Camiño de Santiago. Ao chegar á meta o peregrino recibirá a Fisterrá, que acredita a súa chegada ao fin da terra.

PR-G70 Sendeiro Laxe-Punta Ínsua: A ruta parte da praza de Ramón Xuega polo arco que se dirixe á rúa Real, continúa polo camiño do cemiterio e deixa o asfalto para dirixirse cara ao faro. Pouco a pouco o camiño convértese nunha senda rodeada de fieitos, silveiras e piñeiros no alto dos acantilados que permite observar a enseada de Laxe e, máis ao leste, a desembocadura do río Anllóns. Punta da Ola, Furna do Asno ou Punta do Boi son algunhas das formacións batidas por un mar embravecido que rodean o Monte da Insua cos seus 66 m de altura. De volta a Laxe, o camiño lévanos á ermida de Santa Rosa.

PR-G114 Sendeiro Laxe-Traba: O mar é o protagonista desta ruta que se pode definir como unha fermosísima excursión pola costa de Laxe, Soesto e Traba. Partimos do paseo marítimo compartindo os seus primeiros cincocentos metros co PR-G 70, que finaliza en Punta Insua. Tras pasar as últimas casas do núcleo urbano e a Fonte de Arriba, recoméndase subir a contemplar as magníficas vistas que hai dende a capela de Santa Rosa. Dende aquí, seguimos por un camiño recuperado e protexido con postes de madeira que remonta ata o Alto de Cal do Castro, onde existe a posibilidade de subir ao Peñón do Castro para contemplar este tramo da Costa da Morte. A seguinte parada é na praia de Soesto, moi frecuentada polos surfistas e tamén pola xente que vén pasar o día. O noso itinerario, tras cruzar a ponte sobre o Rego de Soesto, segue o sollado de madeira cara á Punta Catasol, onde se poden observar, nos lastros do camiño, as rodeiras deixadas polos carros que outrora apañaban as algas para estercar os campos. Ao chegar á pequena praia de Arnado comeza un camiño largo que vén de Boaña; seguímolo nesta dirección ata a área recreativa de Campo de Almozarro, que se atopa moi preto das primeiras dunas da praia de Traba. Este tramo final, que percorre toda a praia polas dunas, discorre entre a estrada e o regato de Rego do Vao, ata cruzar por unha ponte de pedra e dirixirse finalmente á lagoa de Traba, onde remata o itinerario.

PR-G142 Rota das Férvedas: A falla que forma a Depresión Meridiana, un dos accidentes xeográficos máis importantes de Galicia que se estende de Norte a Sur, divide as parroquias de Rus e Entrecruces en dúas partes: as denominadas «Alta» e «Baixa». Este fenómeno natural provocou a aparición de dous saltos de auga coñecidos como férvedas que lle dan nome a esta ruta. Partindo da Brea, tras cruzar a aldea de Carracedo, o sendeiro desvíase para visitar a Capela de Nosa Señora dos Remedios en Vivente. Nas proximidades da Pena hai dúas opcións: coller a variante que bordea o Monte da Peniqueira e se xunta novamente coa vía principal cerca de Betrís, ou continuar cara ao Coto do Castro para contemplar os restos arqueolóxicos do muro defensivo deste poboado galaico-romano. Descendemos cara á Férveda de Rus, tamén coñecida como de Ramil, á que se accede por unha derivación que apenas abandona o percorrido principal. Tras cruzar o Rego da Férveda, un sinal indica a presenza da igrexa barroca de Santa María de Rus. O camiño continúa por un bosque frondoso ata chegar á Igrexa de San Xens de Entrecruces. A partir de aquí iníciase un forte ascenso ata encontrar o desvío á Férveda de Entrecruces, onde o río Outón salva 50 metros de desnivel e se poden contemplar os restos dunha pequena central hidroeléctrica que abastecía a Carballo a principios do S. XX. De volta á ruta principal, a poucos metros, atópase o final do percorrido na Capela de San Paio, de estilo gótico.

A Carballa-Dombate: Ruta pola contorna do municipio de Cabana de Bergantiños, combinando as vistas paisaxísticas coa visita a lugares de interese prehistórico como o dolmen de Dombate e o castro de Borneiro. Parte da ruta coincide cun itinerario habitual na mocidade de Eduardo Pondal, un dos máis relevantes poetas galegos e autor da letra do noso himno.

Camelle-Laxe: Ruta que enlaza dúas típicas vilas mariñeiras, Camelle e Laxe, a través dun percorrido por afiados cantís, pero tamén por praias, dunas e lagoas: as dúas caras da Costa da Morte.

Malpica-Santo Hadrián-Santiso: A vila mariñeira de Malpica é o punto de partida e chegada desta ruta, que camiña xunto ao mar ofrecendo privilexiadas vistas do espazo natural das illas Sisargas.

Muxía-Monte Facho-Moraime: Esta ruta percorre a contorna da emblemática vila costeira de Muxía, camiñando primeiro por praias e dunas xunto ao mar e logo, subindo ao alto do monte Facho, para gozar das vistas da ría de Camariñas e do Cabo Touriñán.

Rutas sobre rodas

Camiño de Santiago a Fisterra: Fisterra sempre suscitou a curiosidade dos peregrinos, desexosos de coñecer o fin da terra, o lugar onde o sol desaparece da vista. Esta ruta en catro etapas une Compostela con Muxía pasando por Fisterra, completando unha especie de epílogo do Camiño de Santiago. Ao chegar á meta o peregrino recibirá a Fisterrá, que acredita a súa chegada ao fin da terra.

Carballo-Caión: Percorrido desde a capital de Bergantiños ata a vila mariñeira de Caión, con fermosas vistas dos extensos areais da costa carballesa e numerosas mostras de arte relixiosa.

Ruta dos dólmenes: Percorrido polos monumentos megalíticos máis representativos da Costa da Morte.

Ruta dos faros: Dúas etapas son necesarias para completar esta ruta que une Cabo Vilán e Fisterra seguindo a liña do litoral. Ao longo do percorrido atopamos as vilas costeiras máis representativas da Costa da Morte (Muxía, Camariñas e Fisterra) e os faros que iluminan as puntas máis occidentais da península Ibérica.

Ruta dos pazos: Partindo das torres do Allo, a Ruta dos Pazos penétrase en Zas e Vimianzo, dous municipios da comarca de Terra de Soneira, ricos en restos históricos e especialmente en casas señoriais.

Recollida selectiva de residuos

En 2015, último ano con estatísticas dispoñibles no Instituto Galego de Estatística sobre recollida selectiva de residuos, o 44,94% dos núcleos de poboación do GALP Costa da Morte contaban con este servizo. Esta cifra é inferior á porcentaxe rexistrada para toda a autonomía, que foi do 60,63% de núcleos con recollida selectiva (excluíndo do cálculo aos concellos con máis de 50.000 habitantes).

Por municipios, Cabana de Bergantiños, Laxe, Malpica de Bergantiños e Muxía xa tiñan en 2015 o 100% de núcleos de poboación cubertos con este servizo. Pódese ver con máis detalle na seguinte táboa.

	Con recollida selectiva	Sen recollida selectiva
Cabana de Bergantiños	36	0
Carballo	10	82
Laracha, A	25	110
Laxe	20	0
Malpica de Bergantiños	23	0
Ponteceso	37	5
Muxía	63	0
Camariñas	13	1
Vimianzo	4	85
Total GALP	231	283

Táboa 13: Número de núcleos de poboación, por concello, con e sen servizo de recollida selectiva de residuos en 2015 no GALP Costa da Morte (Instituto Galego de Estatística)

A continuación detállanse os datos de recollida de residuos obtidos das bases de datos de ecoembes:

Laracha (A)	
Entidad que presta el servicio	LARACHA
Habitantes EELL	11.406
Habitantes PC	11.406
Cantidad de envases ligeros recogidos (envases de plástico, envases de metal y briks)	14,8 /kg/habitante/año
% Impropios (residuos depositados erróneamente en el contenedor amarillo)	22,5%
Cantidad de papel cartón recogidos	9,1 /kg/habitante/año

Malpica de Bergantiños

Entidad que presta el servicio	MALPICA DE BERGANTIÑOS
Habitantes EELL	5.352
Habitantes PC	5.352
Cantidad de envases ligeros recogidos (envases de plástico, envases de metal y briks)	15,6 /kg/habitante/año
% Impropios (residuos depositados erróneamente en el contenedor amarillo)	30,1%
Cantidad de papel cartón recogidos	9,9 /kg/habitante/año

Carballo

Entidad que presta el servicio	CARBALLO
Habitantes EELL	31.429
Habitantes PC	31.429
Cantidad de envases ligeros recogidos (envases de plástico, envases de metal y briks)	12,0 /kg/habitante/año
% Impropios (residuos depositados erróneamente en el contenedor amarillo)	26,8%
Cantidad de papel cartón recogidos	11,1 /kg/habitante/año

Laxe

Entidad que presta el servicio	LAXE
Habitantes EELL	2.990
Habitantes PC	2.990
Cantidad de envases ligeros recogidos (envases de plástico, envases de metal y briks)	19,6 /kg/habitante/año
% Impropios (residuos depositados erróneamente en el contenedor amarillo)	24,0%
Cantidad de papel cartón recogidos	13,7 /kg/habitante/año

Camariñas


Entidad que presta el servicio	CAMARIÑAS
Habitantes EELL	5.209
Habitantes PC	5.209
Cantidad de envases ligeros recogidos (envases de plástico, envases de metal y briks)	16,6 /kg/habitante/año
% Impropios (residuos depositados erróneamente en el contenedor amarillo)	23,4%
Cantidad de papel cartón recogidos	10,8 /kg/habitante/año

Muxía

Entidad que presta el servicio	MUXIA
Habitantes EELL	4.596
Habitantes PC	4.596
Cantidad de envases ligeros recogidos (envases de plástico, envases de metal y briks)	17,4 /kg/habitante/año
% Impropios (residuos depositados erróneamente en el contenedor amarillo)	26,3%
Cantidad de papel cartón recogidos	5,8 /kg/habitante/año

Vimianzo

Entidad que presta el servicio	VIMIANZO
Habitantes EELL	6.963
Habitantes PC	6.963
Cantidad de envases ligeros recogidos (envases de plástico, envases de metal y briks)	16,3 /kg/habitante/año
% Impropios (residuos depositados erróneamente en el contenedor amarillo)	25,8%
Cantidad de papel cartón recogidos	4,5 /kg/habitante/año



Gráfica 10: Porcentaxe de núcleos de poboación con e sen servizo de recollida selectiva de residuos en 2015 no GALP Costa da Morte (Instituto Galego de Estatística)

Patrimonio cultural, material e inmaterial marítimo e pesqueiro

O GALP Costa da Morte presume de 19 bens de interese cultural. Supoñen o 2,47% do total autonómico. Agás Carballo, todos os concellos do GALP contan con polo menos un elemento patrimonial con este recoñecemento por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Ben de Interese Cultural	Concello
Torres de Viso	A Laracha
Dolmen de Dombate	Cabana de Bergantiños
Torre da Penela	Cabana de Bergantiños
Castro da Cidá de Borneiro	Cabana de Bergantiños
Batería do Soberano ou do Castelo	Camariñas
Torres de Xallóns	Laxe
Igrexa de Santiago de Traba	Laxe
Igrexa de Santa María da Atalaia	Laxe
Cruceiro da Atalaia	Laxe
Igrexa de Santiago de Mens	Malpica de Bergantiños
Torres de Mens	Malpica de Bergantiños
Mosteiro de San Xulián de Moraime	Muxía
Torres de Tallo	Ponteceso
Torres de Cereixo	Vimianzo
Castelo de Vimianzo	Vimianzo
Arte rupestre na <i>Anta de Serramo ou Pedra da Lebre</i>	Vimianzo
Arte rupestre na <i>Casota de Berdoias ou Casota de Freáns</i>	Vimianzo
Arte rupestre na <i>Pedra Cuberta</i>	Vimianzo
Arte rupestre na <i>Pedra da Moura</i>	Vimianzo

Táboa 14: Relación de Bens de Interese Cultural situados no GALP Costa da Morte (Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades)

Ao falar de patrimonio inmaterial non se debe esquecer o potencial das festas, de diversa índole (relixiosa, etnográfica, gastronómica, etc), que ao longo das décadas contribuíron a conformar o acervo cultural do territorio. Nas dúas seguintes táboas destácanse as principais festas do territorio.

Festas Interese Turístico Nacional	
Romaría da Nosa Señora da Barca	Muxía
Festas Galegas de Interese Turístico	
Romaría de Nosa Señora dos Milagres de Caión	A Laracha
Festas das Cereixas de Paiosaco	A Laracha
Festa de San Fins de Castro	Cabana de Bergantiños
Mostra do Encaixe de Palillos	Camariñas
Simulacro do Naufraxio de Laxe	Laxe
Mostra da Olaría de Buño	Malpica de Bergantiños
Romaría de Santo Hadrián	Malpica de Bergantiños
Festa do Percebe do Roncudo	Ponteceso
Faguía de Carnés	Vimianzo

Táboa 15: Festas de interese turístico do GALP Costa da Morte (Turismo de Galicia)

Mes	Nome	Tipo	Lugar	Descrición	Concello
Luns de páscoa	Virxe do monte	Romaría	Monte Farelo	Procesión onde se leva a virxe dende o pobo ata a ermida dando tres voltas arredor desta. Dánselle ofrendas económicas e pídesse polos mariñeiros e mozos que van ao servizo militar. Ao igual que en Brantuas (Ponteceso) hai tradición de voltear unha tella da capela para cambiar o vento.	Camariñas
Semana Santa	Mostra do encaixe	Cultural	Camariñas	Certame de carácter internacional no que se exhibe este produto con desfiles e concursos durante tres días. Declarada de Interese Turístico de Galicia	Camariñas
Sábado Semana Santa	Angula	Gastronómica	Ponteceso	O sábado de Semana Santa e a prezos populares, poderemos degustar este exquisito prato procedente das augas do río Anllóns.	Ponteceso
Semana santa	Polbo	Gastronómica	Ponteceso	Recentemente o concello de Ponteceso celebra esta festa de degustación do polbo e verbena que xa atrae centos de persoas.	Ponteceso
Venres Santo	Congro	Gastronómica	Muxía	Muxía é o único lugar de Europa onde se conservan secadoiros artesanais de congro, dado á súa gran tradición celébrase esta festividade.	Muxía
Primeiro sábado de Xuño	Raxo	Gastronómica	Brantuas	Degustación no Monte O Faro con orquestas e gaiteiros	Ponteceso
A principios de xuño	Festa do Pan de Brea	Gastronómica	Carballo	Degustación do pan máis típico de Carballo acompañado de sardiñada, viño e verbena.	Carballo
23 Xullo	San Xoán	Patronal	Carballo	"Noite Meiga" que se celebra en toda a zona con cacharelas e sardiñadas, pero de especial interese en Carballo por ser San Xoan o seu patrón e cunha serie de eventos que duran varios días.	Carballo
Primeira Semana de Xullo	Asalto o Castelo	Cultural	Vimianzo	É unha representación da rebelión irmandiña contra o feudalismo dos Moscoso na que un dos irmandiños tira frechas de lume e queima un dos Moscoso, representado por un boneco, para despois conseguir conseguir o castelo	Vimianzo
Primeiro domingo de xullo	Cereixa	Gastronómica	Leston/Paios aco	Festa popular de exaltación da cereixa que se celebra dende fai máis de dous séculos	A Laracha
9 de Xullo	Faxía	Gastronómica	Carnés	Declarada de Festa de Interese Turístico Galego. Con motivo do día dedicado a San Cristovo, teñen lugar varios días de celebracións nos que os protagonistas son os calos. Hai que comprar unha cunca para o viño e un prato - de olería de Buño, o resto é gratis.	Vimianzo
A principios de xullo	Percebe de Roncudo	Gastronómica	Corme	Festa de gran popularidade polo afamado produto a degustar.	Ponteceso
16 de xullo	O Carme	Patronal	Portos	Festividade na que os mariñeiros lle piden á súa patroa protección no mar, realízase unha procesión marítima e ofrendas florais ao mar en diferentes pobos, destacando Camariñas	Vimianzo
Mediados de xullo	Rapa das Bestas	Cultural	A Valiña	Os aloitadores reúnen durante estas datas para sanear aos cabalos do monte e marcalos segundo o seu propietario, unha vez reunidos, báixanos do monte ata metelos nos curros, onde lles limpan as crinas e marcan ó animal	Vimianzo
20 de xullo	Santa Margarida	Romaría	Montemaioir	Os devotos acoden á fonte de Santa Margarida a humedecerse o corpo coa súa auga milagrosa con fins curativos	A Laracha
Agosto	Polbo	Gastronómica	Muxía	Degustación de polbo e eventos folclóricos	Muxía
1 de Agosto	Romaría san Fins de Castro	Romaría	Cesullas	Declarada de Festa de Interese Turístico e característica polo chamado "Berro Seco" que realiza primeiro o sacerdote e posteriormente os romeiros ata tres veces.	Cabana de Bergantiños

Mes	Nome	Tipo	Lugar	Descrición	Concello
14-17 de agosto	Festas de Laxe	Romaría	Laxe	Festas patronais onde se fai honra cada día a: a Virxe da Milagrosa (14), Virxe Sta. Mª da Atalaia (15), San Roque (16) e a Virxe do Came (17), cando se fai o "Simulacro do Naufraxio"	Laxe
Primeiro Sábado de Agosto	Mexillón	Gastronómica	Corme	Festa de exaltación ao mexillón con motivo das bateas do porto de Corme.	Ponteceso
Primeira quincena de Agosto	Olería de Buño	Cultural	Bruño	Durante a segunda semana de agosto, festa para con carácter expositivo, de venda e mostra dos traballos actuais e tradicionais da impresionante e variada olería local.	Malpica de Bergantiños
15 de Agosto	Caldo de Riola	Gastronómica	Ponte do Porto	Carne, corazón, riles, fabas, patacas, auga e sal compoñen este tradicional manxar desgustado antigamente por nobres, pero actualmente popular	Camariñas
Fináis de Agosto	Berberecho	Gastronómica	Baldaio	Co molusco desta inmensa lagoa elabóranse todo tipo de receitas	Carballo
Terceiro ou Cuarto fin de semana de Agosto	Festa do Mar	Patronal	Malpica	Realízanse diversidade de actividades festivas, pero a festa chega ao seu punto álxido o último domingo cando as embarcacións locais saen con decoracións florais en procesión ao mar para honrar a Virxe do Carme.	Malpica de Bergantiños
Segundo fin de semana de setembro	Nosa Señora da Barca	Romaría	Muxía	Festa de grande importancia en toda a bisbarra e á que acode unhamultitude de persoas durante varios días. Ademais da romaxe, hai verbena, xogos, atraccións e mercados.	Muxía
8 de setembro	Nosa Señora dos Milagres	Romaría	Caión	Catalogada como Festa de Interese Turístico. Trasládase á virxe dende a igrexa do Socorro en Caión ata o Santuario dous Milagres, onde se lle dan ofrendas á virxe e se mollan coas augas milagrosas da fonte.	A Larancha
Primeiro domingo de outubro	Fabada	Gastronómica	Lestón	Con motivo da recolección das primeiras colleitas, realízase esta festa dedicada á fabada	A Larancha
Último fin de semana de Outubro	Fabas	Gastronómica	Ponteceso	Degustación de fabada, empanada e polbo no "campo da feira" de Trabe e amenizada con música e actividades.	Ponteceso
Primeiro venres despois do 30 de novembro	O Roxón	Gastronómica	Golmar	Festa de degustación dos Roxóns con motivo da tradicional matanza do porco.	A Larancha

A Costa da Morte non se pode comprender sen a súa relación co mar e a vida mariñeira, a súa gastronomía, con produtos frescos de excelente calidade ou por ser testemuña de numerosos naufraxios ao longo da historia, xa que dende sempre foi paso obrigatorio e o máis perigoso para barcos de toda Europa nas súas rutas marítimas.

En calquera pobo ou aldea, a nosa vista perderase no horizonte marítimo, onde morre o sol e podemos gozar da visión do mar no seu maior esplendor, xa estea calmo ou con tempestade, e sorprenderannos as diferenzas entre a marea alta e a baixa, que cambia unha mesma paisaxe en diferentes horas deixando ao descuberto impresionantes dunas ou vendo o mar embravecido azoutando aos faros e rochas con curiosas formas esculpidas pola erosión do mar e do vento. No mar veremos tamén estampas típicas da zona e que forman parte do seu encanto, como a imaxe das cruces nas rochas en memoria dos percebeiros falecidos, os mariscadores - na súa maioría mulleres - angazando nas dunas para extraer os tan apreciados bivalvos, e,

nas vilas mariñeiras, os seus portos coas embarcacións típicas mariñeiras como as dornas ou as chalanas, as redes, as nasas, os homes con petos impermeables amarelos descargando o peixe a porto e as mulleres vendendo na lonxa ou traballando as redes.

A continuación indicaremos algúns aspectos do noso patrimonio cultural:

Fin do Camiño de Santiago

Santiago de Compostela é a meta espiritual das peregrinación pero a Costa da Morte tamén é destino final do Camiño, e na nosa zona en Muxía, onde o peregrino chega o Santuario da Virxe da Barca e onde pode ver o ocaso do sol sobre a inmensidade do océano.

Gastronomía

A gastronomía da zona é coñecida polos seus produtos de excelente calidade, receitas típicas, que é un referente na cociña tradicional galega e se caracteriza por ser moi natural, sen ter moitos condimentos como salsas ou especias, xa que o produto en si ten un gran sabor. Se a cociña galega se asocia normalmente co peixe e o marisco, na zona que abrangue o GALP Costa da Morte atopamos estes produtos marítimos da mellor calidade que nos deixarán un agradable frescor e sabor a mar no noso padal. É un feito que nas prazas de abastos das cidades galegas, sobre tododa Coruña e Santiago, o cliente galego que vai comprar marisco, pregunta ao peixeiro a procedencia do produto, comprando cunha maior satisfacción se é de Costa da Morte e, en ocasións, sendo este factor decisivo para a compra. Hai unha gran variedade de produtos, non só pesqueiros, e é difícil elixir que comer e onde en calquera dos concellos que nos encontremos; podemos falar do afamado percebe do Roncudo por ter a súa marca rexistrada do Roncudo, nome do faro de Corme. Non obstante, o percebe non é exclusivo do Roncudo, podendo encontralo en toda a zona, como a maioría dos produtos. Os apreciados berberechos e as ameixas encóntranse en gran parte na ría de Camariñas e no esteiro do río Anllóns, lugar de gran beleza onde tamén se captura a anguía, angula e lamprea. Se falamos de Muxía, pensaremos claramente no congro. É famoso o pan de Carballo, onde hai unha gran tradición panadeira e, se pensamos nos nove concellos que percorrерemos, veremos que o que menor superficie de costa ten é Vimianzo, polo tanto dedícanse máis á gandería e no cal temos unha excepcional carne de vacún. A nivel xenérico, temos que falar sobre o afamado polbo, que é abundante en toda a zona e que se consume normalmente á feira, é dicir, servido en pratos de madeira para absorber a auga, con sal, aceite de oliva e pemento. Pero tamén se pode tomar á prancha, guisado ou en empanada.

Os mariscos da zona son moi variados, ademais do percebe, temos nécoras, centolas, bois, lumbrigantes, berberechos, ameixas, navallas, lingueiróns, lagostas ou lubrigantes - que, segundo o dito popular o seu sabor se potencia durante os meses con "r".

A variedade de peixes é tan abundante que resulta difícil facer unha enumeración de todas as especies: rodaballo, linguado, mero, pescada, ollomol, abadexo, robaliza, pinto, maragota, sardiña e xurelo son as máis coñecidas. Un dos pratos máis típicos de peixe é a caldeirada, guiso de diferentes peixes que inventaron os propios homes domar e en que se utilizan habitualmente o mero, o congro, a pescada, o pinto, a maragota ou o abadexo. Os peixes planos, como o rodaballo, ou o linguado, como mellor están é á prancha ou á brasa. As sardiñas asadas son moi típicas das festas e foliadas e dos peixes máis consumidos pola xente do mar, xa que as conservaban con sal e lles permitía dispoñer delas en calquera momento. Tamén

se consumen en caldeirada ou en empanada, con masa de fariña de millo, outro dos produtos estrelada zona.

Pero non só hai peixes de mar, senón que tamén atopamos fermosos coutos de pesca nos ríos Anllóns e Grande onde podemos pescar e preparar unhas boas troitas. Respecto ás carnes, a tenreira galega é famosa en toda a nación e nesta zona existen varias explotacións gandeiras especializadas na carne de vacún. Tamén existe unha raza autóctona de porco que se recuperou nos últimos anos, o porco celta. Un dos pratos de carne típicos é o churrasco, que veremos en numerosas parrilladas. Outras receitas tradicionais e que non podemos desaproveitar a oportunidade de catar son os calos, o lacón con grelos -verdura abundante na zona - e a carne de caza, segundo a época. Outros produtos destacables na cociña da zona son: a semente do liño, a pataca, considerada como a mellor de Europa, e a faba, exportada na súa maioría a Asturias, de onde se di "Asturias leva a fama e Costa da Morte a faba", aínda que tamén en Ponteceso se fai unha festa da fabada. Cando comamos na zona, veremos que en sobremesas tradicionais destacan as bicas, o queixo con marmeleiro e, no entroido, as filloas e as orellas.

Cultura castrexa

Non hai un concello na zona do GALP que non teña construcións megalíticas, onde destacan o Castro da Cidá e o Dolmen de Dombate en Cabana de Bergantiños. A Costa da Morte tamén é coñecida por as súas lendas. Arredor dos lugares do megalitismo, sempre encontraremos alguén que nos falará dos "mouros", seres mitolóxicos, tesouros lugares encantados que forman parte da cultura popular.

Hórreos

Algo que tampouco falta no territorio son os hórreos, que na nosa zona soen ser de forma rectangular e que aínda seguen cumprindo a súa función de gardar o gran e colleita. Cabe destacar o hórreo de San Martiño de Ozón en Muxía duns 27 metros de lonxitude que o sitúa entre os máis grandes de Galicia.

Olería

Non se coñece con certeza a data na que se empeza a traballar o barro, pero sábese que no século XVI os oleiros de Buño realizaron as canalizacións da cidade da Coruña e que xa naquela época existía a tradición oleira e había un importante número de oleiros con grande experiencia.

A comezos de agosto celébrase "Mostra da Olería de Buño", catalogada como Festa de Galicia de Interese Turístico.

Cultura da Pedra

En toda a comarca, esta presente a pedra e cobra un especial significado no noso territorio; petroglifos, dolmens, castros, pazos, incontables hórreos, cruceiros, pontes emesmo na súa gastronomía, sendo un claro exemplo as filloas á pedra.

Destacar as pedras santas no entorno do Santuario da Virxe da Barca, a Pedra de Abalar, a Pedra dos Cadrís, a do Namorados, o petroglifo A Pedra da Serpe en Ponteceso, a Pedra do Oso ou Os namorados de Reira, Os Penedos de Traba, entre moitas outras.

Encaixe de Camariñas

Xa dende finais do XV hai evidencia de que se facían encaixes na Costa da Morte. Este arte que non era exclusivo da Costa da Morte estivo a piques de desaparecer e nesta zona puido conservarse ata actualidade. Dende o ano 1991 celébrase A Mostra do Encaixe de Camariñas, certame comercial e cultural de ámbito internacional, declarado de Interese Turístico de Galicia.

Este evento consegue dinamizar ao sector do encaixe, propiciando o uso do Encaixe de Camariñas non só no ámbito doméstico, se non tamén no sector do deseño e a moda.

Naufraxios

A Costa da Morte é unha zona de intenso tráfico marítimo, pero a bravura das súas augas, os ventos, as correntes, os seus arrecifes semisomerxidos, as súas escarpadas costas e, ata mediados do século XIX, a falta de sinalización mariñeira, derivan en máis de 150 naufraxios contabilizados dende finais do século XVIII, dos cales, máis de 60, foron na Costa de entre Camelle e Camariñas, sendo o Punta do Boi - en Cabo Vilano - o punto máis fatídico.

Neste punto tivo lugar en 1890 o naufraxio do *Serpent*, navío inglés que ía de Plymouth a Serra Leoa no que só houbo 3 superviventes dos 175 tripulantes. Coa axuda dos veciños creouse o "Cemiterio dos Ingleses"

O autor Rafael Lema cifra en máis de 643 accidentes marítimos ocorridos na Costa da Morte, considerando a rexión como a de maior número de accidentes marítimos documentados do mundo. Indica ademais que nas augas da Costa da Morte hai máis de 100 pecios susceptibles dunha revalorización.

Secadoiros de Congro

Antigamente a produción de congro seco era algo típico da Costa da Morte, como nos indican documentos de principios do século XVII. Este sistema de conservación foi desaparecendo quedando os únicos secadoiros en Muxía, converténdose nos últimos secadoiros artesanais de congro de toda Europa.

Estes secadoiros podémolos ver nas rochas, ao lado do paseo marítimo que nos conduce ao Santuario da Virxe da Barca e son unhas estruturas feitas de madeiros dispostos de forma vertical e horizontal chamadas "cabrias". Non sempre veremos os congros colgados nas "cabrias" xa que depende da tempada e do proceso que se estea a realizar, o cal é bastante laborioso.

Antes de ser colgado, o congro debe ser "esmonifado" - que consiste en partir á metade a cabeza e perforala para colgalo -, aberto á metade, limpado en auga de mar, perforado

- para que o vento pase a través dos orificios - e "envarado" - meténdolle unha cana entre os orificios para que quede totalmente estirado. Unha vez colgado, debe permanecer alí durante quince ou vinte días, estando sempre pendente da meteoroloxía xa que a humidade e a chuvia poden provocar mofo e botaríase a perder todo o traballo.

O proceso final consiste en desenvolver o congro e prensalo para poñelos en fardos para enviar principalmente a Castela, Aragón e Cataluña. En Muxía a festa do congro realízase cada venres santo e prepárase unha carpa onde se poden degustar diversas receitas con congro, ao igual que nos establecementos da zona.

- **Arqueoloxía**

Cabana de Bergantiños:

Castro Celta de Borneiro: Datado no 520 a. de C. Coñecido como "A Cidá". Trátase dun poboado de forma oval, rodeado de muros e fosos defensivos. As escavacións permiten observar a parte baixa de numerosas casas. Posiblemente a entrada atopábase na parte alta da vivenda, impedindo deste xeito a entrada de animais salvaxes.

Castro de Anido: Situado en Nantón, data do século V a.c., pero os seus restos case non se conservan, xa que enriba del construíuse un pazo.

Castro de Anós: En Guisande, Anós.

Castro de Beres: Situado en O Esto, dende o seu cumio observamos o Monte Neme e, ao oeste, o Monte do Faro.

Castro de Corcoesto: En Corcoesto.

Castro de San Fins: Situado en Cesullas. Data do século V a.c., e é de grandes dimensións. Construíuse unha ermida enriba del.

Castro de Sinde: En Cánduas. Só se conservan as murallas. Castro do Folgoso: En Riobó.

Castro do Piñeiro: En Anós.

Dolmen de Dombate: Nunha pequena chaira no límite da bisbarra de Soneira, na que hai outros monumentos coma os de Pedra Cuberta e Casa dos Mouros, atópase o monumento megalítico de Dombate, moi próximo ao mar.

Petroglífico da Piolla: En Nantón. Gravado rupestre composto por unha cazoleta central e sete furados pequenos que a circundan. No exterior destes furados hai dúas aberturas simétricas aos lados do conxunto e unha un pouco máis grande e apartada.

Camariñas:

Castro da Croa: O castro é un recinto fortificado dos poboamentos da Idade do Ferro en Galicia e que a cotío emprazábanse en lugares altos e de difícil acceso. Preto da aldea do mesmo nome, está situado no Monte da Croa. No seu estado actual, ruinoso, aprécianse a súa forma circular e a súa poderosa fortificación. Atópase profundamente alterado debido a dous camiños que se internan na coroa do castro, lugar no que se emprazaban as edificacións principais do poboado, e polas continuas accións agrícolas que removeron os extremos sur e oeste do depósito.

Foxo dos Lobos: Construción formada por dúas paredes de pedra granítica que converxen nun furado circular, ou foxo. A súa utilización está asociada ás batidas levadas a cabo por un elevado número de persoas que provocarían a fuxida do lobo ata a zona comprendida entre as dúas paredes, provocando finalmente a súa caída no foxo. Foxos deste tipo foron construídos dende o século XVI. En Galicia

non se utilizan dende hai máis de 100 anos. O Foxo dos Lobos de Camariñas atópase en proceso de reconstrución.

Mámoa de Reira: A mámoa é un túmulo, unha acumulación artificial de terra e pedras levantada sobre un enterramento e que, nalgúns casos, pode conter no seu interior un dolmen. Este tipo de monumento funerario foi característico durante o período que abrangue entre o Neolítico e a Idade do Bronce.

Carballo:

Castro de Cances: Aséntase no medio dunha leira, cun terraplén con tres liñas defensivas. O conxunto recibe o nome de Bico de Castro. Atópase entre os lugares de Serantes do Medio e Serantes de Abaixo.

Castro de Torre Pardiñas: Castro de pequenas dimensións situado en Razo. Presenta un fortesistema defensivo, o que fai supoñer que tivo esta función.

Dolmen ´Pedra Moura´: Na parroquia de Aldemunde atopan os restos da ´Pedra Moura´, dolmen que se cre que foi construído por unha moura, personaxe galega irmá das mouras irlandesas, quetrouxo as pedras na cabeza ao tempo que fiaba nunha rocha e daba de mamar a un neno. Preto da Pedra Moura, na parroquia de Sofán, atópanse os castros de Guntián e de Cotomil, que amosan parte dos muros de defensa.

Ponte Lubiáns: Son poucos os restos de orixe romana que se conservan e dalgúns deles dubídase que sexan desta época, coma é o caso da Ponte Lubiáns, elevada sobre o río Rosende e entre os municipios de Carballo e Coristanco.

A Laracha:

Castro As Croas: En Erboedo. Castro da Condesa: En Lemaio. Castro de Condesuso: En Soandres. Castro de Lestón: En Lestón.

Castro de Montesclaros: Situado en Vilaño. Destacan os materiais arqueolóxicos recollidos: cerámica castrexa e romana, e unha tesoirá de rapar.

Castro das Motas: En Vilaño.

Castro de San Román: En Cabovilaño.

Castro de Santa Baia: Emprazado en Soandres. Destaca pola súa situación estratéxica no alto dun monte escarpado, rodeado por un pequeno muro defensivo de cachote con parapetos.

Laxe:

Fornela dos Mouros: Non temos novas de restos megalíticos en Laxe, pero na parroquia de San Simón de Nande, que limita coa de Traba polo leste, consérvase a anta coñecida como Fornela dos Mouros, situada na Costa do Aprazadoiro. Existen certas dúbidas de que esta construción, formada por tres chantos verticais e un cuberto, sexa un monumento megalítico, tanto polas reducidas dimensións como pola súa situación nun lugar pedregoso que dificulta os enterramentos, segundo manifesta Lema Suárez.

Penedos de Traba: O espazo natural das dunas e a lagoa complétase co sendeiro costeiro ata Camelle e cos montañosos Penedos de Traba, procesión de rochas zoomórficas nas que certos investigadores localizan as Aras Sistianas de sacrificios rituais, descritas polos xeógrafos do s. II Plinio e Ptolomeo. A abraiante paraxe deste bosque de pedra é obxecto de varias lendas sobre a súa orixe e antigos habitantes.

Recinto castrense da Torre da Moa: Antón Rodríguez Casal, na Carta arqueolóxica do partido xudicial de Carballo (1975), infórmanos dun recinto castrense no alto da Torre da Moa, con defensas naturais e cunha terraza cara ao poñente, na que se observan dous lenzos de muros que poderían corresponder a unha construción medieval. Alude tamén á abundancia de cerámicatardorromana e medieval.

Malpica de Bargantiños:

Castro de Brión: Na parroquia de Leiolio.

Dolmen Pedra da Arca: Xigantesco dolmen próximo á aldea de Folgueda, tamén chamado Oratorioe Obradoiro. Está integrado por sete enormes pedras cravadas na terra de forma irregular e descolocadas. Distínguense algúns petroglifos nas caras exteriores dos bloques graníticos. O corredor de entrada orientase cara o Leste.

Ponteceso:

Castro da Coteleira: En San Martiño de Cores.

Castro da Illa da Estrela:En Santo Adrián de Corme-Aldea.

Castro de Anllóns: En San Fiz de Anllóns.

Castro de Cerezo: En San Tirso de Cospindo. **Castro de Cores:** En San Martiño de Cores.

Castro de Lestimoño: En San Vicente da Graña

Castro de Nemeño: En Santo Tomé de Nemeño.

Castro de Niñóns: En San Xoán de Niñóns. **Castro de Tallo:** En Santo Andrés de Tallo.

Castro de Xornes: En San Xoán de Xornes.

Castro do Monte do Castro - A Barda: En Santo Adrián de Corme - Aldea.

Mámoa das Gándaras: En San Xulián de Brantuas.

Mámoa das Modias: En Santo Tomé de Nemeño.

Mámoa de Monte das Minas: En Santo Andrés de Tallo.

Mámoa de Pardiñas: En Santo Andrés de Tallo.

Mámoa de Vilasuso: En Santo Andrés de Tallo.

Mámoa do Monte dos Regados: En San Xoán de Xornes.

Mámoa do Monte Espiño: En San Xoán de Xornes.

Mámoa do Monte Faro: En San Xulián de Brantuas.

Mámoa dos Torrados: En San Martiño de Cores.

Mámoas de Monte Carballa: En San Tirso de Cospindo.

Mámoas de Monte Lamoso: En Santo Andrés de Tallo.

Pedra da Serpe: Pouco antes de chegar á vila de Corme hai unha estrada a man esquerda que sedirixe á praia da Ermida e á aldea de Condomil, onde se atopa a coñecida Pedra da Serpe.

Vimianzo:

Casota de Freáns: Cronoloxía: 2500-2000 a.C. Tamén denominado 'Caseta dos Mouros'. Trátase dun dolmen ao que se accede por un camiño que parte da estrada que vai a Santiago de Compostela e atravesa o conxunto de casas que conforma a aldea de Berdoias. Pola forma, a ausencia de corredor e a estrutura tumular, forma parte do grupo das arcas megalíticas, antecesoras das cistas da Idade do Bronce. Nas paredes aprécianse gravados en forma de pequenas covas e tamén de cruces.

Castro das Barreiras: Situado case á saída do núcleo de Vimianzo, na marxe esquerda da C-552 dirección A Coruña-Fisterra. Trátase dun recinto castrexo fortificado rodeado por unha muralla construída con terra e por un foso que servía de elemento defensivo aos habitantes do castro. Dende alí pódese ver o Monte Faro, que con 448 metros de altitude é o punto máis alto do Concello. Chama a atención a súa situación nun val, cando este tipo de asentamentos adoitaba aproveitar elevacións do terreo ou ladeiras de montañas, lugares máis sinxelos de defender en caso de ataque.

Dolmen da Mina: Cronoloxía: 4000-3000 a.C. Atopámolo na parroquia de Carantoña. Trátase dunha mámoa profanada, pois no 1936 foi obxecto de escavacións clandestinas realizadas por buscadores de tesouros. O mal estado deste túmulo pódenos servir para comprender na práctica a integración da anta no corpo da mámoa.

Dolmen de Pedra Cuberta: Cronoloxía: 4000-3000 a.C. Atopámolo na parroquia de Treos. Trátase dun dos monumentos megalíticos mellor coñecidos de Galicia grazas aos estudos que os arqueólogos alemáns Georg e Vera Leisner fixeron nos anos 30 sobre a decoración pictórica do corredor. Esta decoración está formada por debuxos de cor negra e vermella sobre fondo branco utilizado a xeito de imprimación, así como por representacións serpentiformes, onduladas, pequenos ídolos e círculos concéntricos. Descoñécese o significado exacto destas representacións. Nas escavacións dos Leisner atopáronse ademais dúas pequenas machadas de pedra.

Dolmen Pedra da Arca ou 'Casa das Mouras': Cronoloxía: 4000-3000 a.C. Na parroquia de Baíñas. Encadrada nunha gran mámoa de 28 x 30 metros. Nunha das paredes da cámara aparecen pegadas de gravados en forma de 'U' ou 'V' e tamén hai restos de pintura (manchas de cor vermella). É unha das antas máis grandes de Galicia tanto polo volume das lousas como pola amplitude do diámetro da súa mámoa. A tapa de cubrición pesa doce toneladas.

Dolmen Pedra da Lebre: Cronoloxía: 4000-3000 a.C. Na parroquia de Serramo. Estamos ante un dolmen de grandes proporcións. Tipolóxicamente pertence ó grupo dos monumentos de cámara poligonal e corredor corto. O grosor medio das grandes pedras está por enriba dos 70 cm.

Dolmen Pedra Moura: Cronoloxía: 4000-3000 a.C. Na parroquia de Serramo. A anta sitúase no centro dunha mámoa duns 15 metros de diámetro. Presenta pegadas de pintura no inicio do corredor.

Necrópole suevo-romana de Tines. Atopámola en Tines, un importante lugar histórico a xuzgar polos camiños que o percorreron na Antigüidade (o que viña de Zas e Villar con dirección a Vimianzo e o de Baíñas con dirección a Baio), e polos restos arqueolóxicos atopados no adro da igrexa e nos terreos lindantes. Estamos fronte unha importantísima necrópole suevo-romana, con enterramentos datados dende o século I ao VIII d.C.

A necrópole foi descuberta casualmente durante a construción duns panteóns e o traslado da chamada ´Ermida Vella´ ao templo parroquial. Foi o investigador Manuel Chamoso Lamas quen realizou a única e parcial excavación da necrópole de Tines no ano 1951. Este estudoso puido comprobar que, ademais da necrópole, moi probablemente houbo nese lugar unha vila romana con catro salas, pórtico e hipocausto.

En Tines atopouse tamén a coñecida como estela funeraria de Victorino, da época tardorromana, na que se pode distinguir un rostro humano toscamente gravado (unhas simples incisións que representan as cellas, os ollos e o nariz) e na parte inferior pódese ler: VICTORI/NVS/INPACE/ANNORV/MLXX. Hai estudosos que consideran que se trata da primeira mostra epigráfica cristiá de Galicia, datable a finais do século IV ou comezos do V. Hoxe en día, a estela de Victorino consérvase no Museo Arqueolóxico de A Coruña.

Ningún estudoso dubida da importancia do descubrimento da necrópole de Tines, pero os restos atopados durante as excavacións dos anos 50 quedaron completamente abandonados no propio adro da igrexa, sen ningunha clase de protección por parte das autoridades.

Petroglifos de Pedrouzo: En Berdoias.

- **Museos**

Museo do Liño de Cabana de Bergantiños:

Neste espazo exíbense as ferramentas utilizadas de vello para tratar o liño e pódense tamén contemplar moitas pezas tecidas con este material: colchas, sabas, panos...

Arquivo Histórico da Pesca de Caión:

O Arquivo da Pesca é unha iniciativa impulsada pola Confraría de Pescadores de Caión para a recuperación e posta en valor do seu arquivo histórico.

Aquí dá a coñecer a historia da vila mariñeira de Caión, facendo un percorrido por diferentes épocas a través dunha exposición permanente aberta ao público.

O Arquivo atópase nun edificio singular, literalmente integrado no mar, que alberga o arquivo histórico, a exposición permanente e un espazo para actividades, ademais da propia sede da Confraría de Pescadores.

Este proxecto foi financiado no programa 2007-2013 do Grupo de Acción Costeira Costa da Morte

MAN: Mar, Arte e Natureza. Camelle.

É unha iniciativa promovida polo Concello de Camariñas que dispón dunha parte expositiva no Museo de Man e outra que percorre a Vila de Camelle a través dos distintos puntos de interese da obra e vida do autor.

É un proxecto que desenvolve un produto turístico enraizado na comunidade costeira local, en Camelle, mediante a posta en valor e recuperación do legado artístico de Manfred Gnädinger, coñecido por todos como Man de Camelle, e que na súa maioría se realizou na contorna do porto desta localidade.

O autor e a súa obra fixeron coñecida no mundo enteiro á vila de Camelle, ata tal punto que é practicamente imposible atopar na rede información deste lugar na que

non se faga referencia a Man, e viceversa. A posta en valor e a recuperación do legado de Man, tamén o é, por extensión do porto de Camelle e a súa contorna, nos que Man non só creou, senón que convertíu no seu fogar e no seu propio proxecto museístico espontáneo.

O traballo que Man realizou ao longo dos anos nas inmediacións do espigón de Camelle quedou debastado por mor do vandalismo e das últimas catástrofes climatolóxicas da zona. A obra que persiste actualmente no xardín-museo, único xardín mariño de esculturas no mundo, non representa o seu estado orixinal; a simulación dixital en 3D do que era esta singular obra ofertaría ao visitante a posibilidade de visionado, a través dos seus aparatos smart, da recuperación do estado ideal das pezas que compoñían este conxunto, e proporcionaría acceso ás súas características a través da realidade aumentada.

www.mandecamelle.com

Este proxecto foi financiado no programa 2007-2013 do Grupo de Acción Costeira Costa da Morte

Museo do Mar. Laxe:

Situado na antiga Casa Cuartel da Garda Civil, un edificio en plena zona histórica de Laxe. Consta de catro plantas, onde se poden ver historias de persoeiros ilustres do lugar, mapas antigos, fotografías antigas das xentes de Laxe, maquetas de embarcacións e diversos obxectos relacionados coa vida na Costa da Morte.

Museo do Encaixe:

A iniciativa municipal de crear unha entidade museística en Camariñas dedicada ao encaixe de palillos foi a resposta a unha serie de necesidades derivadas da grande riqueza en patrimonio etnográfico con que conta este municipio e, en xeral, a bisbarra de Soneira.

Museo Etnográfico de Camariñas:

Este museo foi creado por iniciativa veciñal e aberto ao público o día 1 de abril de 1997. O seu fin primordial é amosar a cultura etnográfica da zona e o seu ámbito territorial e comarcal.

Museo de Bergantiños:

O Museo de Bergantiños na actualidade é un Centro de Interpretación Turística da Costa da Morte, que ofrece ademais, dun xeito dinámico e didáctico, unha visión global do medio natural, cultural e económico de Carballo e da Costa da Morte.

Recolle unha interesante colección etnográfica con diferentes áreas temáticas: espazo xeográfico, auga, monte, relixiosidade, produtos da terra, etc.

Pazo da Cultura:

Centro cultural e multiusos que na actualidade alberga un Teatro-Auditorio (sede do Festival Internacional de Teatro de Carballo), o Conservatorio Profesional de Música, sala de exposicións e unha área para a Terceira Idade.

Eco Museo Forno do Forte:

O conxunto etnográfico do Forno do Forte recuperado pola Deputación Provincial de A Coruña mergúllanos na vida dos xornaleiros agrícolas que alternaban as súas tarefas coa produción de cacharros de barro.

Atópase no Concello de Malpica e alberga un antigo forno mancomunado no que se coce barro durante a Mostra de Olería que se celebra en agosto.

Museo Urbano Lugrís:

A obra mural do pintor surrealista coruñés Urbano Lugrís, situada na Casa do Pescador da vila mariñeira de Malpica.

Museo Fotográfico de Ramón Caamaño:

Ramón Caamaño nace en 1908 en Muxía e iníciase na fotografía no 1925, desenvolvendo o seu labor nas diferentes vilas e aldeas da Costa da Morte; mariñeiros, campesiños, naufraxios, paisaxes, romarías...foron os temas máis abordados por este popular retratista e paisaxista.

Museo de Artesanía ao Vivo:

Atópase en Vimianzo. Nas súas instalacións pódense ver demostracións en vivo de artesáns (encaixe de bolillos, liño, coiro, cantería, cestería, sombreiros de palla, prata e azabache, barro, maquetas de barcos). A entrada é gratuíta.

Centro de Artesanía e Tradición (CAT) de Buño

Centro oleiro de tradición e o papel da artesanía como parte do atractivo turístico de Galicia. A sala "Non canto por cantar" ofrece unha ampla mostra do patrimonio inmaterial da terra malpicana, compilado e documentado por numerosas persoas ao longo de décadas, a partir do coñecemento popular e tradicional de decenas de informantes. O Centro de Artesanía e Tradición, situado na Camposa (Buño), conta tamén con outras dúas exposicións: "As Redeiras e o Mar" e "Alfarería".

1.2 Proceso de elaboración da análise diagnóstica

A análise diagnóstica contén cunha clasificación de indicadores por diferentes ámbitos de análises. Esta análise permitiu unha caracterización da zona pesqueira. Previa á definición dos trazos xerais e prioridades da estratexia realizouse unha análise das necesidades de desenvolvemento e potencial da zona de actuación do GALP. Esta análise inclúe unha análise preciso da zona e a poboación obxecto da estratexia.

A proposta desenvolvida de análise diagnóstica, proposta polo GALP Costa da Morte basease nos seguintes enfoques metodolóxicos:

- **Participativo.** O envolvimento de tódolos grupos de interese é chave para unha identificación precisa dos desafíos de desenvolvemento do territorio. A participación dos grupos de interese máis relevante ao longo do proceso está estruturado a través de ferramentas concretas (entrevistas, cuestionarios, mesas). Así mesmo perséguese a participación dende a sociedade civil, e non so as entidades socias do GALP.
- **Visión integral do territorio de modo que se coñezan as actividades clave e usos do territorio, para súa orientación a colaboración.** O enfoque integrado e multisectorial supón que a estratexia conecte a todos os sectores, cree relacións sociais y de lugar a novas colaboracións.

- **Orientado á acción.** A estratexia responderá a desafíos de desenvolvemento que serán achegados a través de accións concretas. O traballo a realizar procurou o deseño accións sempre baixo un eido participativo.
- **Aliñado coas principais políticas, programas e planes de índole galego, nacional e da unión europea.**
 - Coherencia co Pacto Verde Europeo
 - Coherencia coa Economía Azul Sostible
 - Coherencia coa el Axenda 2030 para el desenvolvemento sostible
 - Coherencia co DLP do Programa do FEMPA
 - Coherencia con outros programas e estratexias rexionais
- **Orientado a viabilidade e sustentabilidade da estratexia.** Así analizaron distintos ámbitos do territorio co fin de orientar a estratexia a acadar a resiliencia da comunidade e poder acadar os retos mediambientais, tecnolóxicos, sociais e económicos que se determinen.
- **Baseada na experiencia.** A aplicación do enfoque da EDLP basearase na análise dos eixos de cambio identificados (transformación dixital, transición enerxética e sostibilidade) e súa aplicación o territorio, tendo en conta a perspectiva das áreas de menor grado de logro na anterior EDLP 2014-2020.
- **Sistematización.** Toda a información levantada no proceso de deseño e implementación sistematízase para a toma de decisións baseada no coñecemento.
- **Proceso de investigación realizado**

O diagnóstico contén unha clasificación dos principais indicadores por diferentes ámbitos de análise, que permiten, entre outros obxectivos, a caracterización da zona pesqueira:

- Realidade física, social e económica do territorio
- Sector marítimo-pesqueiro e da acuicultura
- Recursos medioambientais e patrimoniais

Para a realización do diagnóstico do GALP, tense recurrido a dous tipos de fontes de información:

- Fontes de información primaria:

Técnicas de investigación cualitativas

Durante os meses de xullo e agosto realizáronse diferentes grupos de traballo cos membros do GALP, co obxectivo de facer unha recollida de datos acerca da percepción que os propios membros teñen acerca das necesidades do territorio.

Así mesmo, realizouse un cuestionario para difundir aos socios e a cidadanía do GALP, a través de Google formularios, que non acudiron ás mesas participativas para contar cunha diversidade de opinións acerca das necesidades percibidas para o período 2023-2027.

- **Fontes de información secundaria:**

Fontes cualitativas.

Examináronse fontes primarias de carácter turístico, histórico e patrimonial. Así mesmo, recorreuse a fontes primarias de carácter medioambiental, referenciados en cada apartado, para a obtención de datos sobre os recursos ambientais da zona.

Fontes cuantitativas: recompilación de datos e tratamento

A maioría dos datos estatísticos nos que se basea o diagnóstico están recollidos do IGE, Instituto o que se fixeron varios pedidos específicos para dispor de información individualizada a nivel concello ou CNAE.

A información sobre capturas e buques provén da Plataforma Tecnolóxica da Pesca. Por último, os mapas utilizadas proveñen dos visores oficiais ofrecidos por diferentes organismos públicos.

Recursos web

- www.pecadegalicia.gal
- www.turismo.gal
- www.lge.gal
- www.igape.gal (Directorio de empresas)
- www.turgalicia.es (Rexistro de empresas e actividades turísticas)
- www.portosdegalicia.gal
- www.redeirasdegalicia.org
- www.xunta.es (Establecementos de acuicultura mariña)
- www.xunta.es (Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda)
- <https://culturaeducacion.xunta.gal/>
- www.lonxasgalegas40.gal
- www.ecoembes.com
- www.carballo.org/turismo
- www.caminosdomar.com
- www.domaraterroa.com

Documentos obrantes no GAC Costa da Morte

- EDLP 2014-2020
- Libro “Gac Costa da Morte Destino Gastronómico”. 2010. Estefanía Fernández Delgado. Miguel García Silvarredonda.
- Libro “Costa da Morte. Un País de Sueños y Naufragios”.2011. Rafael Lema Mouzo

- **Diagnóstico mediante análise DAFO.**

Análise DAFO. Validación, identificación de potencial de crecemento e retos en panel.

A técnica DAFO (acrónimo de Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades) que en forma matricial presenta os aspectos positivos e negativos do diagnóstico respecto das dimensións internas e externas do territorio.

O análise DAFO se nutrirá da información recollida na fase anterior de investigación. O obxectivo do DAFO foi identificar os aspectos chave internos e externos en cuanto a fortalezas debilidades, oportunidades e ameazas para o desenvolvemento do

territorio. Dos datos obtidos, xunto cun primeiro achegamento aos datos estatísticos da zona, fíxose un grupo final de validación do diagnóstico.

ANÁLISE DAFO			
ÁMBITO INTERNO		ÁMBITO EXTERNO	
Factores relevantes da situación presente e futura referidos á realidade das principais áreas do territorio		Factores relevantes da situación presente e futura referidos á realidade externa	
FORTALEZAS	DEBILIDADES	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
Elementos o capacidades que facilitan o logro dos obxectivos.	Factores limitantes que dificultan o desenvolvemento futuro do territorio	Factores que contribúen ao logro dos resultados buscados.	Factores negativos que inflúen opoñéndose aos intentos para acadar a visión do territorio

O mapa de retos parten do análise DAFO. Recóllense os retos principais asociados as dimensións económica, social e ambiental do territorio. Estes retos constitúen los puntos chave sobre os que construír a EDLP, sendo aqueles a potenciar ou a reforzar.




XUNTA
DE GALICIA



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Costa da Morte

Anexo 2. PRINCIPIOS HORIZONTAIS



Anexo 2. Principios horizontais

A EDLP tivo en conta no seu deseño os principios horizontais que rexen as axudas dos fondos. A continuación detállase a súa contribución.

A contribución da EDLP ao fomento da igualdade e á integración da perspectiva de xénero, a loita contra a discriminación e, en xeral, a integración social e a accesibilidade artículase arredor de catro eixes básicos:

1. Medidas de orde interna e de valores do GALP Costa da Morte, que se basean na propia RSC. Como exemplo pódense citar as medidas de conciliación da vida persoal e familiar das mulleres, atendendo as circunstancias persoais das persoas que traballan no GALP, para compatibilizar o seu desempeño, así como no desenvolvemento de traballos e xuntas; a consideración dun mínimo do 50 % de presenza de mulleres na Xunta Directiva, así como no conxunto de persoas que acudan a actos en representación do GALP; e, finalmente, o reequilibrio da presenza feminina en sectores tradicionalmente masculinizados e vinculados ao mar, co obxecto de equilibrar a participación das mulleres neses sectores.
2. Medidas específicas na EDLP (plan de actuacións 1.2.1), en concreto os seguintes plans de acción :
 - a. Plan de acción 1.2.1.3 Apoio a incubadoras para o desenvolvemento de proxectos de creación de empresas innovadoras por parte de mulleres e persoas mozas, co fin de promover nestes colectivos a posta en marcha das súas propias iniciativas empresariais.
 - b. Plan de acción 1.2.1.5 Medidas de conciliación da vida familiar e laboral que faciliten a incorporación da muller ás actividades pesqueiras relacionadas co mar en igualdade de condicións. Baixo esta medida poderán promoverse proxectos tales como accións de fomento, formación e funcionamento de entidades asociativas femininas; redes de colaboración femininas para o desenvolvemento da muller en postos ou oficios nos que estea subrepresentada e no liderado de proxectos; talleres sobre a igualdade de xénero; conciliación da vida familiar e laboral; posta en marcha de plans de igualdade; e, en xeral, accións de apoderamento e participación social das mulleres.

O obxectivo último destas medidas é promover a corresponsabilidade e o cambio nos usos do tempo, e garantir unha adecuada igualdade de oportunidades no acceso aos empregos das actividades relacionadas co mar, que aínda acusa elevadas porcentaxes de masculinización.

3. Relevancia da igualdade de xénero, os colectivos desfavorecidos e a accesibilidade no baremo de selección de proxectos. A continuación detállase a súa inclusión en cada criterio do baremo de avaliación de proxectos.
 - a) **No criterio 2.** Creación de emprego. Establécense valoracións positivas para persoas en risco de exclusión do mercado laboral, como persoas desempregadas menores de 30 anos e maiores de 45 anos.
 - b) **No criterio 3.** Inclusión do promotor en colectivos desfavorecidos ou emprego en colectivos desfavorecidos. Por unha banda, que o propio

promotor do proxecto pertenza a un colectivo desfavorecido e, por outra banda, que o proxecto asuma o emprego de persoal pertencente a colectivos desfavorecidos (persoas con discapacidade superior ao 33 % e persoas en risco de exclusión social, persoas con algún tipo de diversidade funcional, xa sexa física ou psíquica, e persoas en risco de exclusión social e desempregadas de longa duración).

c) A igualdade de oportunidades é un criterio de grande importancia, que incorpora valoracións específicas nos **criterios 3 e 9**, que dan relevancia xunto ao resto dos seguintes principios horizontais:

- A promoción de proxectos por mulleres ou a porcentaxe de representación de mulleres no consello de administración, así como o número de mulleres que ocupen postos de responsabilidade e dirección no proxecto.
- A valoración do emprego feminino vinculado á execución do proxecto.
- Valórase a existencia ou o compromiso de execución dun plan de igualdade de xénero.
- Da mesma maneira, tense en conta a porcentaxe de participación de colectivos desfavorecidos, en risco de exclusión social ou persoas con discapacidade.
- Valoraranse os proxectos que vaian máis aló das normas de obrigado cumprimento en materia de accesibilidade (Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade). Proxectos que dentro das súas actuacións, ben sexan arquitectónicas, urbanísticas, de TIC, electrónicas ou de comunicación, sexan compresibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de comodidade, de forma autónoma e segura.

4. Especial relevancia das mulleres na conformación da cultura mariñeira do territorio.

A través do conxunto de elementos que conforman a cultura mariñeira do territorio (como por exemplo, o encaixe de Camariñas, a artesanía do territorio, as novas creacións de mulleres redeiras, ata as tradicións orais e musicais asociadas ao mar), evidénciase que as mulleres de Costa da Morte son a principais depositarias da cultura inmaterial asociada ao mar. A EDLP contén entre as súas medidas a promoción de proxectos asociados á visibilización da cultura mariñeira (plan de acción 2.1.2.4), nos que se promoverá a participación de mulleres.

A contribución da EDLP aos principios de conservación artículase arredor de tres eixes básicos:

1. Medidas baseadas nos valores do GALP Costa da Morte, evidenciadas nas accións levadas a cabo no desempeño das súas funcións, principalmente relativas a medidas de consumo responsable e aforro enerxético.
2. Plan de actuacións e accións específicas da EDLP, en concreto:
 - a. Acción 1.1.2.1 Mellora da manipulación e envasado ecolóxico dos produtos pesqueiros
 - b. Acción 1.1.2.5 Mellora, fortalecemento e innovación na industria relacionadas co procesado que leven aparelhadas medidas de eficiencia enerxética

- c. Acción 1.1.3.1 Implantación de sistemas de rastrexabilidade dos produtos que leven aparelhada información sobre a pegada de carbono e, en xeral, sobre os sistemas de xestión da pesca costeira artesanal.
- d. Accións incluídas no Plan de actuacións 2.1.1. Aplicación de innovacións tecnolóxicas os sectores da pesca, o marisqueo e a acuicultura para o desenvolvemento sostible do sector.
- e. Accións incluídas no Plan de actuacións 2.2.2. Aplicación de enerxías renovables e sistemas de eficiencia enerxética
- f. Accións incluídas no Plan de actuacións 2.2.3 Conservación do medio e reciclaxe de residuos ao longo de toda a cadea de valor do sector marítimo-pesqueiro
- g. Accións incluídas no Plan de actuacións 3.1.1 Conservación, recuperación e posta en valor de elementos ambientais do mar.

En xeral, todos os plans de actuación levan aparelhados indicadores para estimar a súa contribución á diminución das emisións de CO₂ e as accións que levan aparelhadas medidas medioambientais, como se evidencia na cadro de indicadores da EDLP, así como no cadro de indicadores da contribución da EDLP aos obxectivos do FEMPA.

- 3. E, por último, a contribución da EDLP aos principios horizontais de conservación e mellora da calidade do medio, que quedan evidenciados no sistema de baremos establecido para a avaliación de proxectos, en concreto, nos seguintes criterios:
 - a. Criterio 4. Protección da biodiversidade e conservación dos recursos e do medio
 - b. Criterio 5. Economía circular
 - c. Criterio 7. Transformación Dixital, innovación e promoción das novas tecnoloxías
 - d. Criterio 8. Mitigación e/ou adaptación ao cambio climático e transición enerxética
 - e. Criterio 11.4 Impulso do aproveitamento ambiental do Territorio.

No computo total, poden chegar a representar 29 puntos sobre un total de 100, o que evidencia a orientación da EDLP aos principios de conservación e aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

Cómpre salientar que na EDLP, a nivel do Plan de actuacións, en cada ficha se incorpora a rastrexabilidade con cada ODS no que impacta o devandito plan. A contribución da EDLP aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) desenvólvese no anexo 3 Axenda 2030.

Anexo 3. COHERENCIA CO MARCO ESTRATÉXICO EUROPEO, NACIONAL E REXIONAL



Anexo 3. Coherencia co marco estratéxico europeo, nacional e rexional

A continuación faise un percorrido polas principais políticas a nivel europeo, nacional e rexional, para evidenciar a interconexión entre elas e as principais contribucións da EDLP aos seus obxectivos.

Pacto Verde

A EDLP promove o desenvolvemento dos sectores da economía azul dunha maneira sostible contribuíndo ao Pacto Verde. O Pacto Verde é unha parte integral da estratexia da Comisión Europea para implementar o programa das Nacións Unidas para 2030 e os seus dezasete obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). Co fin de evolucionar no crecemento sostible e acadar a neutra lidade climática no 2050 están a realizarse importantes investimentos coa devandita orientación.

As directrices que se establecen no Pacto Verde para a acuicultura teñen por obxectivo contribuír ao desenvolvemento dun sector que sexa competitivo e resiliente; que garanta a subministración de alimentos nutritivos e saudables; que reduza a dependencia da Unión das importacións de alimentos mariños; que cree oportunidades económicas e postos de traballo; e que se converta nun referente global en materia de sostibilidade. A EDLP deseñada contribúe a alcanzar estes principios e é un instrumento aliñado cos obxectivos do Pacto Verde, xa que persegue a modernización e a competitividade do territorio na procura da eficiencia no uso dos recursos naturais, extremos que contén a súa misión, visión e declaración de valores.

A EDLP será un instrumento que promoverá un conxunto de actuacións que contribúan a garantir unha pesca, marisqueo e acuicultura sostibles, satisfacendo para iso as necesidades das xeracións actuais sen comprometer as necesidades das xeracións futuras e promovendo un consumo de alimentos saudable, baseado nos principios da dieta atlántica na que se inclúen alimentos que conteñen unha importante fonte de nutrientes indispensables para o organismo como vitaminas, minerais ou ácidos graxos omega 3.

Un dos principais determinantes tanto das emisións de carbono como da biodiversidade é o actual sistema de produción de alimentos, motivo polo cal a estratexia da granxa á mesa (F2F) é un dos elementos clave do Pacto Verde. Aborda de maneira integral os desafíos da alimentación sostible, recoñecendo os vínculos inseparables entre as persoas, sociedades e un planeta saudable. A Estratexia da granxa á mesa (F2F) tamén é relevante no programa da Comisión para lograr os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). A EDLP, principalmente, a través dos Plan de actuacións 1.1.1. Innovación nos procesos de comercialización, en especial dos produtos da pesca costeira artesanal; 1.1.2. Innovación na transformación dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura; e 2.1.1. Aplicación de innovacións tecnolóxicas aos sectores da pesca, o marisqueo e a acuicultura, impulsa unha alimentación sostible promovendo a innovación en toda a cadea de valor dos produtos da pesca costeira artesanal.

A UE aspira a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro en, polo menos, 55 % para 2030 (en comparación cos niveis de 1990) e alcanzar a neutralidade climática para 2050. A UE estableceu obxectivos para dispoñer dos primeiros buques de

emisións cero no mercado para 2030. Os portos de emisión cero son unha das iniciativas emblemáticas da Estratexia de Mobilidade Sostible e Intelixente (SSMS), promovendo medidas para fomentar o despregamento de renovables e combustibles baixos en carbono e a subministración de enerxía en terra con enerxía renovable, servizos e operacións portuarias ecolóxicas. A EDLP contribúe ao obxectivo climático de EGD ao facilitar a descarbonización da promoción das enerxías renovables, os sistemas de eficiencia enerxética e o consumo responsable.

A través do obxectivo específico 2.2, de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, contribúe á redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, impúlsase a colaboración do sector pesqueiro con empresas tecnolóxicas e o ecosistema de I+D+i para que incorpore as últimas innovacións en materia de enerxías renovables e sistemas de eficiencia enerxética e leve a cabo proxectos de desenvolvemento para a implantación de novos sistemas ecoeficientes no sector. Este obxectivo inclúe accións cun claro aliñamento cos seguintes obxectivos do Pacto Verde:

- Subministración de enerxía limpa, accesible e segura
- Mobilización da industria en pro dunha economía limpa e circular
- Uso eficiente da enerxía e os recursos na construción e renovación de edificios
- Sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co ambiente
- Aspirar a unha contaminación cero para un contorno sen substancias tóxicas

A UE emprendeu un camiño ambicioso cara a unha economía circular e con baixas emisións de carbono. A transición a unha economía circular require un cambio mediante o deseño intelixente de produtos, reutilización, reciclaxe e remanufacturado. Unha parte central da estratexia de crecemento sostible consagrada no Pacto Verde é a economía circular. Co lanzamento da Alianza Global sobre Economía Circular e Eficiencia de recursos (GACERE) en febreiro de 2021, a UE ten como obxectivo dar un impulso global ás iniciativas relacionadas coa transición á economía circular. Co obxectivo xeral de impulsar a innovación e facer que a transición sexa máis equitativa mediante a creación de postos de traballo e a redución dos impactos ambientais, espérase que a Alianza facilite o diálogo multilateral sobre a xestión dos recursos, potencialmente acelerando o avance da axenda internacional de gobernanza dos océanos.

Con base nas accións recollidas no obxectivo específico 2.3, implantación de procesos de reciclaxe e redución de residuos, promóvese a mellora da xestión dos residuos do territorio para lograr un impacto positivo no medio, a creación de empresas e empregos vinculados á economía circular e, en especial, a súa aplicación ao sector marítimo-pesqueiro, sen esquecer as accións de capacitación e difusión nesta materia no territorio. Este obxectivo ten previstas accións cun claro aliñamento cos seguintes obxectivos do Pacto Verde:

- Mobilización da industria en pro dunha economía limpa e circular
- Uso eficiente da enerxía e os recursos na construción e renovación de edificios
- Sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co ambiente

A EDLP ten un claro compromiso coa contribución á Estratexia de Biodiversidade da UE para 2030. É evidente que a conservación de ecosistemas mariños e a restauración dos degradados xera beneficios económicos directos. Isto é básico para actividades económicas como a pesca, a biotecnoloxía e o turismo, pero a conservación tamén é unha oportunidade económica. Segundo a estratexia, para 2030, polo menos o 30 %

do mar debería estar protexido na UE (é dicir, un 19 % adicional en comparación co actual) e o 10 % debería estar estritamente protexido, ao considerar a biodiversidade como principio fundacional da actividade económica marítima.

Os contidos do obxectivo específico 3.1, reforzo e posta en valor dos elementos medioambientais, perseguen preservar, conservar e recuperar o medio mariño e os seus recursos; dispoñer de coñecemento do impacto do cambio climático no territorio; planificar plans de continxencia; levar a cabo actuacións para mitigar os seus efectos. Todo sen esquecer o incremento do nivel de coñecemento de profesionais e cidadanía do territorio en materia medioambiental e cambio climático, tendo como obxectivo a mellora do medio a curto prazo. Polo tanto, prevense accións que contribúen aos seguintes obxectivos do Pacto Verde:

- Maior nivel de ambición climática da UE para 2030 e 2050
- Mobilización da industria en pro dunha economía limpa e circular
- Preservación e restablecemento dos ecosistemas e a biodiversidade
- Aspirar a unha contaminación cero para un contorno sen substancias tóxicas

Economía azul sostible

A economía azul sostible ofrece distintas solucións para acadar os obxectivos do Pacto Verde Europeo e contribúe de forma máis específica ao obxectivo de neutralidade en emisións de carbono mediante o desenvolvemento da enerxía renovable mariña e a *ecoloxización* do transporte marítimo e os portos.

No Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, defínese o concepto de economía azul sostible. Este fai referencia a todas as actividades económicas sectoriais e intersectoriais en todo o mercado único relacionadas cos océanos, os mares, as costas e as augas interiores, que cubran as rexións insulares e ultraperiféricas da Unión e os países sen litoral, incluídos os sectores emerxentes e os bens e servizos non de mercado, destinadas a garantir a sostibilidade ambiental, social e económica a longo prazo e que sexan coherentes cos ODS, e en particular co ODS n.º 14, e coa lexislación ambiental da Unión.

Permitir unha economía azul sostible nas zonas costeiras, insulares e interiores, e fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícolas, no artigo 51. Política marítima e desenvolvemento dunha economía azul sostible, establece que o FEMPA apoiará a aplicación da política marítima e o desenvolvemento dunha economía azul sostible mediante:

- a promoción dunha economía azul sostible, con baixas emisións de carbono e resistente ao cambio climático;
- a promoción dunha gobernanza e unha xestión integradas da política marítima, entre outras cousas mediante a ordenación do espazo marítimo, as estratexias de conca marítima e a cooperación rexional marítima;
- o reforzo da transferencia e a utilización da investigación, a innovación e a tecnoloxía na economía azul sostible;
- a mellora das competencias marítimas, o coñecemento sobre os océanos e a posta en común de datos socioeconómicos e ambientais sobre a economía azul sostible;
- o desenvolvemento de carteiras de proxectos e de instrumentos financeiros innovadores.

A economía azul sostible está aliñada cos obxectivos do Pacto Verde Europeo, o cal constitúe unha parte integral da estratexia da Comisión para implementar o programa das Nacións Unidas para 2030 e os seus dezasete obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). A EDLP contribúe a estas políticas a través das súas liñas de actuación como xa se evidenciou anteriormente.

A economía azul é unha nova estratexia de crecemento que busca transformar a UE nunha sociedade xusta e próspera, eficiente en recursos e economía competitiva onde o crecemento económico non está vinculado ao uso de recursos. Co fin de converterse nun líder mundial en crecemento sostible e nun continente climaticamente neutro para 2050, están a realizarse importantes investimentos coa devandita orientación.

Na Comunicación de data 17 de maio de 2021, a Comisión Europea propuxo un novo enfoque para a economía azul sostible na UE. Establece que a economía azul sostible é esencial para alcanzar os obxectivos do Pacto Verde Europeo e garantir que a recuperación da pandemia sexa ecolóxica e inclusiva. Na devandita comunicación establécese que a economía azul da UE engloba todas as industrias e sectores relacionados cos océanos, os mares e as costas, tanto se están directamente apoiados no medio mariño (por exemplo, o transporte marítimo, o marisqueo ou a xeración de enerxía) coma se están situados en terra (por exemplo, portos, estaleiros ou infraestruturas costeiras). Determina que todos os sectores da economía azul, como a pesca, a acuicultura, o turismo costeiro, o transporte marítimo, as actividades portuarias e a construción naval, terán que reducir o seu impacto ambiental e climático. Para facer fronte á crise climática e de biodiversidade, requírense uns mares sans e un uso sostible dos seus recursos que permita crear alternativas aos combustibles fósiles e á produción tradicional de alimentos. A transición a unha economía azul sostible esixe investir en tecnoloxías innovadoras. Impulsar as enerxías renovables que melloren a competitividade do sector pesqueiro, o desenvolvemento de artes de pesca innovadores ou a restauración dos ecosistemas mariños crearán novos postos de traballo e empresas «verdes» dentro da economía azul.

A contribución da EDLP á axenda da economía azul pode concretarse nos seguintes puntos:

- A través do obxectivo específico 2.2, redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, contribúese á redución da emisión de gases de efecto invernadoiro. Ademais, impúlsase a colaboración do sector pesqueiro con empresas tecnolóxicas e o ecosistema de I+D+i para que incorpore as últimas innovacións en materia de enerxías renovables e sistemas de eficiencia enerxética e leve a cabo proxectos de desenvolvemento para a implantación de novos sistemas ecoeficientes no sector. Isto contribúe a alcanzar os obxectivos de neutralidade climática e contaminación cero, como por exemplo mediante o desenvolvemento de enerxía mariña renovable, así como a descarbonización do transporte marítimo e a ecoloxización dos portos. Unha combinación sostible de enerxías renovables mariñas e a contribución para que os portos poidan utilizarse como polos enerxéticos.
- Con base nas accións recollidas no obxectivo específico 2.3, implantación de procesos de reciclaxe e redución de residuos, promóvese a mellora da xestión dos residuos do territorio para lograr un impacto positivo no medio, a creación de empresas e empregos vinculados á economía circular e, en especial, a súa aplicación ao sector marítimo-pesqueiro, sen esquecer as accións de

capacitación e difusión nesta materia no territorio. Estase a contribuír á transición cara a unha economía circular e reducir a contaminación, por exemplo, mediante a acción 2.213.1, promoción de empresas e procesos que xeren novos produtos a través da reutilización dos residuos do sector marítimo pesqueiro

- A preservación da biodiversidade e o investimento na natureza é unha das metas que persegue a economía azul sostible, co obxectivo de protección do 30 % da zona marítima da UE, contribuíndo a protexer a biodiversidade, mitigar e adaptarse ao cambio climático e crear resiliencia nas costas, mellorando os beneficios económicos e sociais, ademais de reducir as repercusións ambientais da pesca nos hábitats mariños. A EDLP contribúe a esta meta, principalmente mediante obxectivo específico 3.1. Reforzo e posta en valor dos elementos medioambientais o cal busca preservar, conservar e recuperar o medio mariño e os seus recursos, dispoñer de coñecemento do impacto do cambio climático no territorio, planificar plans de continxencia, levar a cabo actuacións para mitigar os seus efectos con beneficios para toda a cadea de valor dos produtos da pesca costeira artesanal, o turismo e, en xeral, para toda a economía costeira.
- A través dos plans de actuacións 1.1.1. Mellora das canles curtas de comercialización, 1.1.2. Innovación na transformación dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura e 2.1.1. Aplicación de innovacións tecnolóxicas o sectores da pesca, o marisqueo e a acuicultura, impulsa unha alimentación sostible. Promovendo a innovación en toda a cadea de valor dos produtos da pesca costeira artesanal, contribúese a garantir unha produción de alimentos sostible: a produción sostible e os novos modelos de comercialización e a investigación e a innovación contribuirán a preservar os recursos e o medio mariño.
- O obxectivo específico 2.1. Colaboración con outras actividades vinculadas a economía azul para o desenvolvemento sostible do sector mediante o Plan de actuación 2.1.1. Aplicación de innovacións tecnolóxicas o sectores da pesca, o marisqueo e a acuicultura a EDLP, impulsa a mellora da xestión do espazo no mar promovendo a colaboración do sector cos científicos que se dedican á pesca, a acuicultura, o transporte marítimo, o turismo, as enerxías renovables e outras actividades, estimulando o intercambio cooperativo de ideas para o uso sostible do medio mariño.

A través das citadas contribucións a EDLP convértese nun instrumento para levar a economía azul sostible ao territorio, a través da promoción da colaboración das actividades da economía azul, para a mellora da competitividade do sector da pesca, marisqueo e acuicultura, a capacitación de profesionais no territorio, a produción sostible e novas formas de comercialización e a investigación e a innovación co obxectivo de preservar o mar. Ademais, promove a transición dixital no sector da pesca, mellorando con isto os sistemas de rastrexabilidade e de información ao consumidor para comunicar os valores dos sistemas sostibles da pesca costeira artesanal. Esta transición ten un gran potencial de emprego, a través da xeración de capacidades e empregos azuis, facendo que as empresas se poidan beneficiar dunha man de obra cualificada, acadando a igualdade entre mulleres e homes nas profesións marítimas e a mellora das condicións laborais.

Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible é un ambicioso plan que busca alcanzar unha prosperidade respectuosa co planeta e os seus habitantes. A devandita Axenda está composta por 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), divididos á súa vez en 169 metas, a cumprir en 2030 coa intención de "non deixar a ninguén atrás".

A EDLP desenvolvida no territorio contribúe a alcanzar distintas metas dos seguintes ODS.



O ODS 14 persegue conservar e utilizar os espazos mariños dunha forma máis sostible a través da redución de contaminación mariña de todo tipo e abordando os efectos da acidificación dos océanos. Persegue a prevención e xestión dos ecosistemas mariños así como reducir a contaminación e minimizar os ditos efectos, e conservar as zonas pesqueiras mellorando a conservación e o uso sostible dos recursos do océano. Ten como metas a redución da contaminación mariña a través da xestión e protección dos ecosistemas ligados a este contorno, así como corrixir a pesca excesiva.

Con base nas accións recollidas no obxectivo específico 2.3 Implantación de procesos de reciclaxe e redución de residuos, promóvese a mellora da xestión dos residuos do territorio acadando un impacto positivo no medio, a creación de empresas e empregos vinculados á economía circular e, en especial, a súa aplicación ao sector marítimo-pesqueiro, sen esquecer as accións de capacitación e difusión nesta materia no territorio. Contribúese así ás seguintes metas:

- M14.1: Previr e reducir significativamente a contaminación mariña
- M14.2: Xestionar e protexer sostiblemente os ecosistemas mariños e costeiros
- M14.3: Minimizar e abordar os efectos da acidificación dos océanos
- M14.b Facilitar o acceso dos pescadores artesanais aos recursos mariños e os mercados
- M14.5: Conservar as zonas pesqueiras e mariñas
- e M14.c Mellorar a conservación e o uso sostible dos océanos.

As accións do Obxectivo específico 3.1. Reforzo e posta en valor dos elementos medioambientais perseguen: preservar, conservar e recuperar o medio mariño e os seus recursos, dispoñer de coñecemento do impacto do cambio climático no territorio. Así mesmo, os incluídos no Obxectivo específico 2.1. Colaboración con outras actividades vinculadas a economía azul para o desenvolvemento sostible do sector mediante a Plan de actuacións 2.1.1. Aplicación de innovacións tecnolóxicas o sectores da pesca, o marisqueo e a acuicultura, impulsa a mellora da xestión do espazo no mar promovendo a colaboración do sector cos científicos que se dedican á pesca, a acuicultura, o transporte marítimo; estimulando o intercambio cooperativo de ideas para o uso sostible do medio mariño. Polo tanto, evidenciase que a EDLP contempla accións que contribúen ás seguintes metas:

- M14.4: poñer fin á pesca excesiva, e as prácticas pesqueiras destrutivas, e aplicar plans de xestión pesqueira sostibles
- M14.a Aumentar os coñecementos científicos, desenvolver a capacidade de investigación e transferir tecnoloxía mariña



Para o desenvolvemento da EDLP están previstas accións de

capacitación, formación e difusión en practicamente todos os obxectivos estratéxicos, considerando que é un pilar básico para poder levar a cabo a estratexia e poder poñer en práctica os eixes de cambio que posibilitarán a transformación do territorio, polo tato contribúese a

alcanzar a meta M4.4: Aumento das competencias para acceder ao emprego.



A EDLP ten dentro dos seus obxectivos prioritarios conseguir unha igualdade entre mulleres e home impulsando o compromiso do territorio para o logro da igualdade de xénero e o apoderamento de todas as mulleres e nenas. A principal contribución á sociedade e asegurar a participación plena da muller, así como asegurar a igualdade de dereitos aos recursos económicos e a capacitación, como por exemplo na mellora-lo uso de tecnoloxía e TIC. A EDLP establece mecanismos de apoio, formación e axuda a mulleres, as redes de colaboración, os proxectos desenvolvidos por mulleres ou que estean no liderado. A contribución da EDLP o fomento da igualdade e a integración da perspectiva de xénero, a loita contra a discriminación, en xeral a integración social e accesibilidade detallase no Anexo 2, que evidencia a contribución as seguintes metas:

- M5.5: Asegurar a participación plena da muller e igualdade oportunidades
- M5.A: Asegurar a igualdade de dereitos aos recursos económicos
- M5.B: Mellorar o uso de tecnoloxía e TIC



A través do Obxectivo específico 2.2 . Redución de emisións de gases de efecto invernadoiro contribúe a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, impúlsase a colaboración do sector pesqueiro con empresas tecnolóxicas e o ecosistema de I+D+i para que incorpore as últimas innovacións en materia de enerxías renovables e sistemas de eficiencia enerxética, o que contribúe a acadar as seguintes metas

- M7.2: Aumento das enerxías renovables
- M7.3: Mellora da eficiencia enerxética

A través dos Plan de actuacións: 1.1.1. Innovación nos procesos de comercialización,



en especial dos produtos da pesca costeira artesanal, 1.1.2. Innovación na transformación dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura, 2.1.1. Aplicación de innovacións tecnolóxicas o sectores da pesca, o marisqueo e a acuicultura, e 2.1.2 Mellora da competitividade económica e diversificación das zonas costeiras a EDLP contribúe as seguintes metas:

- M8.1: Mantemento do crecemento económico
- M8.2: Elevar a produtividade a través da diversificación, tecnoloxía e innovación,
- M8.3: fomento de pequena e mediana empresa
- M8.4: Mellora da produción e consumo eficiente e respectuoso
- M8.5: Lograr o pleno emprego e traballo decente

- M8.9: Promoción o turismo sostible



A EDLP impulsa o establecemento de infraestruturas sostibles, e resilientes que adopten tecnoloxías e procesos industriais limpos fomentando a innovación e a investigación. Contribúe o territorio promovendo infraestruturas sostibles e promoción de industria inclusiva modernizando a infraestrutura. Nas accións planificadas promove unha industrialización inclusiva e sostible desenvolvendo infraestruturas resilientes e de calidade, incrementando o acceso das pemes e modernizando as infraestruturas e promovendo a adopción de tecnoloxías e procesos industriais limpos.

En concreto a través das seguintes obxectivos e accións:

- Acción 1.1.1.1 Mellora das canles curtas de comercialización na mesma comarca e/ou venda nas lonxas a través da dixitalización de procesos
- Plan de actuacións 1.1.2. Innovación na transformación dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura
- Plan de actuacións 1.2.1. Formación e medidas sociais para as persoas do territorio e en especial para persoas mozas co fin de incrementar a incorporación a actividades no sector da pesca marisqueo e acuicultura e mellorar a capacitación do sector
- Plan de actuacións: 1.1.3. Mellora da imaxe dos produtos da pesca costeira artesanal :sostibilidade e rastrexabilidade do produto
- 2.1.2 Mellora da competitividade económica e diversificación das zona costeira

Contribúen ás seguintes metas:

- M9.1:desenvolvemento de Infraestrutura sostible
- M9.2: Promoción de industria inclusiva e sostible
- M9.4: modernización da infraestrutura, tecnoloxía limpa
- M 9.C: Aumento do acceso a TIC e Internet



A EDLP promove os espazos totalmente sostibles a través do acceso de toda a poboación a servizos básicos, especialmente para as persoas en situación de vulnerabilidade. Trata o aumento da protección do patrimonio cultural e natural e promove a urbanización inclusiva e sostible proporcionando acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros, inclusivos e accesibles.

Principalmente a través do Plan de actuacións 4.1.1. Recuperación de elementos patrimoniais materiais e inmateriais, contribúe as seguintes metas:

- M11.3: Aumento da urbanización inclusiva e sostible
- M11.4:protección do patrimonio cultural e natural
- M11.6: redución do impacto ambiental en cidades
- M11.7: proporcionar o acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- M 1.A: Apoio a vínculos zonas urbanas, periurbanas e rurais



A EDLP contribúe a este ODS a través do Obxectivo específico 2.3 Implantación de procesos de reciclaxe e redución de residuos, e en concreto, as seguintes metas:

- M12.1: Aplicación marco de consumo e produción sostibles
- M12.2: Lograr o uso eficiente de recursos naturais
- M12.3: Redución do desperdicio de alimentos
- M 12.4: Xestión de desfeitos e produtos químicos
- M 12.5: Prevención, redución, reciclado e reutilización de refugallos
- M12.6: Adopción de prácticas sostibles en empresas
- M12.8: asegurar a educación para o Desenvolvemento Sostible e M12.B: Lograr turismo sostible.



A contribución a este ODS e principalmente a través da combinación do Obxectivo específico 2.3 Implantación de procesos de reciclaxe e redución de residuos e o Obxectivo específico 3.1. Reforzo e posta en valor dos elementos medioambientais

- M13.1: Fortalecer a resiliencia e a capacidade de adaptación aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais
- M13.3: Mellora da Educación e sensibilización ambiental.



A través do OBXECTIVO ESPECÍFICO 5.1 Desenvolvemento e mellora de procesos de gobernanza, contribúese as seguintes metas:

- M17.9: Reforzo de capacidades de implementación ODS
- M17.17: Fomento de alianzas público-privadas

Coherencia co FEMPA en canto ao Desenvolvemento Local Participativo (DLP).

O FEMPA promove as iniciativas locais levadas a cabo en comunidades costeiras, co fin de establecer relacións de colaboración entre sectores locais marítimos co fin de incrementar o máximo os seus recursos e aproveitamentos. Persegue a creación de iniciativas colectivas a pequena escala fomentando a economía azul, tendo como un dos seus parámetros a Participación e representación equilibrada das partes interesadas. A EDLP cumpre con estes principios no territorio de actuación e está aliñada cas principais liñas de actuación que se promoven dentro do Desenvolvemento Local Participativo (DLP).

O Desenvolvemento Local Participativo (DLP) permite á poboación de zonas costeiras mellorar e investir en accións que reverten directamente no seu territorio. Os obxectivos específicos e plans de actuacións están aliñados cos principais obxectivos do DLP promovido polo FEMPA, os cales se detallan a continuación:

- **A EDLP impulsa a creación de emprego e un tecido empresarial de calidade no territorio**, promovendo actividades económicas tradicionais intensivas en

emprego e de alto valor engadido ligadas aos ecosistemas locais no sector da pesca, o marisqueo e a acuicultura e turismo costeiro (Obxectivo específico 1.1.). A partir destas actividades tradicionais promóvese a colaboración con todas as actividades da economía azul do territorio para a mellora da competitividade destes sectores e a diversificación da actividade económica do territorio e xeración de emprego de calidade (Obxectivo específico 2.1). Estes extremos quedan constatados nos obxectivos específicos fixados na EDLP e na relevancia do criterio de creación emprego (criterio 2) incluído no baremo de selección de proxectos.

- **O impulso da pesca costeira artesanal en actuacións de carácter colectivo, mediante a promoción de** produtos climaticamente neutros e sostibles en toda a cadea de valor e un dos obxectivos da EDLP Apoiándose no uso de novas presentacións e produtos procedentes do mar ou outras especies de menor uso comercial (Plan de actuacións 1.1.2).
- **A EDLP Reforzar a participación e liderado feminino nos GALP e apoia o asociacionismo e o traballo en rede das mulleres do sector pesqueiro** (Obxectivo específico 1.2.), recoñecendo o papel das mulleres como determinante para a vertebración territorial, económica e social das zonas, en especial nas costeiras. O GALP promove o papel das mulleres nas comunidades pesqueiras, impulsando redes, intercambiando experiencias, creando vínculos entre os diferentes grupos de interese e apoiando o asociacionismo, feito que se evidencia nos criterios de selección de proxectos (criterio 10. Igualdade de oportunidades) e que se constata no exposto no Anexo 2.
- **O impulso da formación para promover o emprendemento de mulleres e mozos e mozas (obxectivo específico 1.2).** O GALP apoia este proceso proporcionando orientación profesional ás persoas, tanto para permanecer no sector como aos interesados na diversificación nas novas oportunidades da economía azul. Esteos extremos evidéncianse nos criterios de selección de proxectos (criterio 10. Igualdade de oportunidades) e que se constata no exposto no Anexo 2.
- **A EDLP persegue desenvolver sistemas alimentarios máis sostibles,** impulsando unha actividade máis sostible en toda a cadea alimentaria, e o leva a cabo mediante a planificación dos seguintes obxectivos e accións: acción 1.1.1.1 Mellora das canles curtas de comercialización na mesma comarca e/ou venda nas lonxas, en especial a través da dixitalización de procesos, Plan de actuacións 1.1.2. Innovación na transformación dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura, Plan de actuacións: 1.1.3. Mellora da imaxe dos produtos da pesca costeira artesanal. sostibilidade e rastrexabilidade do produto, o Plan de actuacións 2.1.1. Aplicación de innovacións tecnolóxicas o sectores da pesca, o marisqueo e a acuicultura , o Plan de actuacións 2.2.2 Aplicación de enerxías renovables e sistemas de eficiencia enerxética e finalmente o Plan de actuacións 3.1.1. Conservación e recuperación e posta en valor de elementos ambientais do mar.
- **A mitigación e adaptación ao cambio climático,** fomentando unha acuicultura que contribúa á mitigación do cambio climático, co uso responsable dos recursos hídricos e o espazo, e coa conservación de zonas de interese ambiental, cultural e social nas zonas costeiras está contemplada principalmente no Plan de actuacións 2.2.3 Conservación do medio e reciclado de residuos o longo de toda a cadea de valor do sector marítimo pesqueiro e

no Plan de actuacións 3.1.1. Conservación e recuperación e posta en valor de elementos ambientais do mar.

- **A protección dos ecosistemas e biodiversidade mariña e sostibilidade na explotación dos recursos, xunto con fomento de accións** encamiñadas á reducir a utilización de materiais dun só uso, a eliminación ou redución de residuos, a reutilización e reciclaxe de residuos mariños, a xestión integral de residuos derivados da actividade pesqueira e acuícola, a reciclaxe e aproveitamento dos residuos e subprodutos do sector pesqueiro, así como, a infraestrutura necesaria para mellorar a eficiencia enerxética, empregando enerxías renovables e reducindo a pegada de carbono, están contemplados no Plan de actuacións 2.3.3 Conservación do medio e reciclado de residuos o longo de toda a cadea de valor do sector marítimo pesqueiro, no Plan de actuacións 3.1.1. Conservación e recuperación e posta en valor de elementos ambientais do mar e no Plan de actuacións 2.2.2 Aplicación de enerxías renovables e sistemas de eficiencia enerxética
- **O fomento de sinerxías entre sectores para desenvolver actividades empresarias en sectores de crecemento** e un dos obxectivos do GALP como xa se comentou no primeiro punto. A importancia de atraer o territorio empresas de sectores emerxentes compatibles cas actividades tradicionais e que ademais poidan incrementar a súa competitividade e uns dos obxectivos da EDLP.

No desenvolvemento dos indicadores da EDLP tívose en conta a xeración duns indicadores específicos para medir o grao de contribución da EDLP o PO FEMPA.

Coherencia con outros programas ou estratexias rexionais

Estratexia RIS 3 2021-2027

A Estratexia RIS 3 2021-2027 presenta unha estratexia global que busca mellorar a competitividade, o crecemento económico e o emprego sustentable e de calidade a través da innovación. Esta estratexia establece unha serie de políticas de innovación, así como pretende involucrar e coordinar esforzos para aproveitar de forma máis eficiente os recursos.

A EDLP do GALP está aliñada coas seguintes estratexias e plans de acción da **Estratexia RIS 3 2021-2027**, principalmente a través da súa contribución a aproveitar de forma máis eficiente os recursos, valorizar os recursos do mar, acuicultura, a biomasa e enerxías mariñas, a modernizar a pesca artesanal costeira, modernizar do sector turístico a través do uso das TIC, diversificar novos procesos e produtos de alto valor engadido que permitan explorar novos mercados, optimizar os procesos da cadea de valor vinculados coa industria pesqueira, innovar en nutrición como elemento chave dunha vida saudable.

A continuación detállanse os principais obxectivos nos que está aliñada a EDLP:

- **Valorización dos insumos do mar. A EDLP persegue a valorización dos subprodutos e residuos xerados polas cadeas de produción vinculadas ao mar.** Esta valorización pode levarse a cabo a través de innovacións ecoloxicamente eficientes. Mediante actuación que impliquen novos modelos de negocios que poñan fin a esas prácticas, a mellora da competitividade do sector e a recollida e transporte dos produtos ligados ás actividades vinculadas ao mar. A EDLP, principalmente, a través dos Plan de actuacións: 1.1.1. Innovación nos procesos de comercialización, en espacial dos produtos da pesca costeira artesanal, Plan de actuacións 1.1.2. Innovación na transformación dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura e 2.1.1. Aplicación de innovacións tecnolóxicas o sectores da pesca, o marisqueo e a acuicultura, impulsa unha alimentación sostible promovendo a innovación en toda a cadea de valor dos produtos da pesca costeira artesanal.
- **Promove a acuicultura como un sector competitivo de innovación**, co reforzo de capacidades, a mellora da comercialización e rastrexabilidade e da diversificación con actuacións relacionadas coa biodiversidade, sistemas produtivos e comercialización. En concreto a través don Plan de actuacións 1.1.2. Innovación na transformación dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura.
- A EDLP impulsa o **desenvolvemento de tecnoloxías asociadas ao aproveitamento enerxético do medio mariño**, promovendo iniciativas de investigación. E o desenvolvemento e innovación de equipamentos e técnicas. En concreto a través do Obxectivo específico 2.2 . Redución de emisións de gases de efecto invernadoiro contribúe a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, impúlsase a colaboración do sector pesqueiro con empresas tecnolóxicas e o ecosistema de I+D+i para que incorpore as últimas innovacións en materia de enerxías renovables e sistemas de eficiencia enerxética e leve a cabo proxectos desenvolvemento para a implantación de novos sistemas ecoeficientes no sector.

- Como xa se comentou no análise da coherencia co DLP, a **modernización dos sectores primarios** cara a mellora sostible dos indicadores de eficiencia, cun aumento da competitividade e produtividade na produción e transformación dos recursos naturais son unha das prioridades da EDLP. Fomentase a optimización no uso dos recursos e a redución e control os riscos. Principalmente a través do Plan de Actuacións 2.1.1. Aplicación de innovacións tecnolóxicas o sectores da pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- Contémplase, como xa se comentou anteriormente, a **diversificación das industrias tradicionais ligadas a sectores tractores**, orientado ao aumento de novos procesos e produtos de alto valor engadido que permitan explorar novos mercados e o de desenvolvemento de estratexias baseada na diferenciación mediante o deseño e a innovación do produto, xunto con desenvolvemento de dinámicas de innovación colaborativas, contémplase principalmente na EDLP no do plan de actuacións 1.1.2. Innovación na transformación dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura
- Dentro desta **diversificación económica do territorio** a EDLP segue a apostar polo sector **turístico**, ca súa modernización do sector turismo e das industrias culturais a través do uso intensivo das TIC. A posta en valor dos recursos naturais, culturais e patrimoniais a través da aplicación das novas tecnoloxías son obxectivos da EDLP. Principalmente a través do Plan de actuacións 2.1.2 Mellora da competitividade económica e diversificación da zona costeira.

A EDLP contribúe á competitividade do sector industrial, obxectivo da RIS 3, a través da optimización de procesos produtivos para a mellora da eficiencia e do comportamento industrial dos produtos da pesca costeira artesanal, do marisqueo e a acuicultura, apoiando a transformación dos modelos produtivos cara a unha produción máis ecoinnovadora e eficiente orientada á optimización. Así mesmo, contribúe á diversificación do sector alimentario galego para posicionalo como referente internacional arredor da innovación en nutrición como elemento clave para unha vida saudable, xa que a EDLP persegue desenvolver no territorio un sector de transformación dos produtos da pesca competitivo e innovador fomentando a produción de alimentos de alto valor engadido.

Plan da cultura marítima de Galicia

Realización do Plan da cultura marítima de Galicia o cal busca establecer a preservación e a activación da cultura marítima galega a través de manifestacións culturais, creando un sistema de gran valor histórico e patrimonial para preservar de cara ao futuro.

A través da EDLP impúlsase a preservación e activación da cultura mariñeira no seu territorio, promovendo actuacións culturais que resalten o valor histórico e patrimonial da cultura marítima galega. As accións incluídas no obxectivo específico 2.1. Colaboración con outras actividades vinculadas á economía azul para o desenvolvemento sostible do sector contemplan accións que permiten a devandita contribución:

- 2.1.2.4 Accións orientadas á visibilización da Cultura Mariñeira
- 2.1.2.6 Medidas para adquisición de coñecementos para exercer como formadores e guías e difundir a cultura mariñeira e o patrimonio do territorio
- 2.1.2.7 Proxectos de colaboración entre distintos sectores: cultural, turístico, restauración para por en valor o patrimonio medioambiental e cultural do territorio fóra do período estacional.

Estratexia de Turismo

A EDLP contribúe a Estratexia de Turismo impulsando o medio mariño como recurso turístico, promove un turismo accesible e inclusivo, actuacións que faciliten os procesos de dixitalización e automatización, un sector máis resiliente no territorio, promove o Xeodestino Costa da Morte comprometido coa conservación do medio ambiente e a biodiversidade, diversificar a oferta turística e posiciónase nun turismo cun alto valor engadido baseado na innovación, a calidade e a sostibilidade. Impulsa o concepto da economía circular no sector turístico, unha mobilidade máis sostible e un destino seguro.

As contribucións lévanse a cabo a través do obxectivo específico 4.1.Reforzamento dos elementos patrimoniais (tradicional, cultural material e inmaterial) no que se contempla o Plan de Actuacións 4.1.1. Recuperación de elementos patrimoniais materiais e inmateriais e desenvolve as accións, como por exemplo as seguintes:

- Recuperación de elementos patrimoniais do territorio e en especial dos conxuntos do Xeodestino Costa da Morte
- Aplicación das TIC como ferramenta de xeración de contidos e difusión, preparación ou interacción durante a visita ao Xeodestino Costa da Morte
- Adaptación dos produtos e elementos da oferta do Xeodestino para o turismo accesible
- Apoio a proxectos de provisión e fornecemento de recursos á oferta do Xeo destino Costa da Morte
- Aplicación das novas tecnoloxías no sector turístico do territorio mediante proxectos de cooperación para a mellora da competitividade, contemplando a difusión do patrimonio e a cultura mariñeira da zona.
- Desenvolvemento de actividades baseadas no patrimonio cultural que procuren a dinamización do territorio, contemplando as accións levadas a cabo en conxunto polo distintos sectores, como por exemplo o sector turístico, sector cultural, sector social, sector de hostalaría e restauración e sector pesqueiro.

- 4.1.1.7 Dixitalización do patrimonio cultural. Traballos que contemplan rexistro, reconstrucións dixitais, difusión ou plans de formación, tanto de patrimonio material como inmateriais, incluíndo a cultura mariñeira.

A continuación detállanse as principais contribucións da EDLP a estratexia de turismo:

1. A auga como recurso turístico

- Deseño de experiencias arredor dos activos hídricos tanto marítimos como fluviais.
- Creación de iniciativas sostibles que teñen unha incidencia turística e permitan redistribuír fluxos.
- Impulso do plan territorial de sostibilidade turística do litoral.
- Fomento do turismo mariñeiro e de experiencias turísticas que poñan en valor o patrimonio inmaterial ligado ao mar.

2. Turismo accesible e inclusivo

- Actuacións que garantan as condicións de accesibilidade universal.
- Optimizar a experiencia á poboación, implementación de melloras ao acceso e á información turística.
- Accións de sensibilización e formación no sector en materia de sostibilidade

3. Impulso da dixitalización e automatización.

- Modernización do sector e os seus procesos.
- Fomento de innovación nas empresas.

4. Apio a plans de sostibilidade turística como elemento de dinamización

- Impulso e inclusión de novos plans e medidas como a transición verde e sostible, eficiencia enerxética, transición dixital, etc.

5. Ecoturismo

- Apoio o Xeodestino Costa da Morte comprometido coa conservación do ambiente e a biodiversidade.
- Creación dun produto turístico innovador baseado nun uso sostible da paisaxe.
- Impulso desde o sector privado de produtos enfocados a traer un turismo de calidade e seguro.
- Elaboración de materiais divulgativos en soporte dixital

6. Turismo como ferramenta de desenvolvemento rural

- Desenvolvemento de proxectos dirixidos ao uso dos recursos do medio rural para a dinamización de actividades, aproveitando así as vantaxes que ofrece o rural.
- establecemento dun modelo de turismo sostible que sirva de motor de cambio e diversificación da oferta.
- Impulso de accións formativas e fomento do emprendemento no sector turístico rural na busca de desenvolver modelos de negocio sostible.
- Accións de traballo en rede que fomenten a cooperación entre axentes do sector privado.

7. Posicionamento de produtos específicos e novos produtos

- deseño de novos servizos e experiencias para optimizar o posicionamento do Xeodestino Costa da Morte.
- Procura dun turismo de alto valor engadido baseado na innovación, a calidade e a sostibilidade.

8. Redistribución de fluxos turísticos

- Contribución á a redistribución de fluxos ten como meta revirar ou minimizar diversos efectos negativos que provoca a acumulación excesiva de persoas en contornos turísticos.
- Accións de sensibilización que vinculen a desconexión de zonas saturadas cunha maior calidade na experiencia turística.

9. Mellora da eficiencia das infraestruturas turísticas e impulso da economía circular

- implantación do concepto de economía circular no sector turístico mediante o impulso de accións que contribúan a afrontar retos como a adaptación ao cambio climático ou a redución da folla de carbono entre outros.
- integración á adaptación ó cambio climático na planificación sectorial do turismo.
- Impulso de axudas destinadas a renovar e actualizar as infraestruturas das empresas turísticas desde un punto de vista ambiental.
- Posta en marcha de medidas de concienciación social para reduci-la presenza de residuos en espazos naturais.
- Apoio por iniciativas gastronómicas que favorezan o uso de alimentos e materias primas de proximidade.

Estratexia de Economía Circular e infraestrutura verde

A Estratexia de Economía circular e infraestrutura verde busca levar a cabo unha ordenación integral de territorio desde o punto de vista ambiental, creando unha rede de espazos naturais e seminaturais planificados estratexicamente para ofrecer unha ampla gama de servizos ecosistémicos.

A través do Obxectivo específico 3.1. Reforzo e posta en valor dos elementos medioambientais e o Plan de actuacións 3.1.1. Conservación e recuperación e posta en valor de elementos ambientais do mar, a EDLP contribúe a promover un consumo sostible, impulsar novos modelos de negocio que aposten por un consumo máis responsable, promover actividades de reparación que reduzan o desperdicio dos recursos, apoiar un cambio no uso das materias primas reutilizadas, difundir e concienciar a cidadanía e o tecido produtivo sobre a cultura da sostibilidade e a economía circular, e fomentar a economía circular nas actividades vinculadas co mar.

A continuación detállanse os principais obxectivos da estratexia de economía circular e infraestrutura verde cos que está aliñada a EDLP:

1. Consumo sostible

- Aumenta a porcentaxe de poboación coñecedora dos distintivos do consumo sostible.
- Dar a coñece-los produtos e servizos ecodeseñados.

2. Tecnoloxía para a economía circular

- Mellora as bases de coñecementos científico-técnicos, desenvolvendo novas tecnoloxías e establecendo os modelos de negocio e de consumo.
- Fomenta a colaboración público-privada entre institucións e organismos de investigación. Impulsar sectores estratéxicos aplicando metodoloxías baseadas na política de prevención e control integrados da contaminación.
- Establece proxectos de colaboración público-privada servindo de guía e base para futuras iniciativas.
- Integrar un marco estratéxico de prevención e control establecendo mellores prácticas para a mellora da eficiencia.

3. Prolongación da vida dos produtos: promoción das actividades de reparación

- Establece un apoio económico na creación, diversificación e modernización das actividades de servizos de reparación e promoción da calidade de forma que se reduza o desperdicio dos recursos e fomenten a xeración de postos de traballo.
- Impulsa a formación especializada para reparación e actualización dos produtos. Promover iniciativas e espazos colaborativos para aumentar a funcionalidade dos materiais e dos produtos.
- Actuacións:
 - Asesoramento e melloras económicas nos procesos de innovación e modernización do sector de reparación.
 - Promover a formación nas actividades de reparación, renovación e mellora de produtos de consumo, susceptibles de prolongar a súa vida útil e ao mesmo tempo incrementar o seu valor.
- Establecer iniciativas sociais de participación comunitaria, para a prolongación da vida útil de instrumentos e obxectos.

4. Innovación na educación formal para a incorporación da economía circular

- Deseño de recursos e materiais que sirvan de mediadores para a formación dos axentes de comunicación.
- Introducir a economía circular no currículo da educación e impulsar o desenvolvemento das actividades relativas á economía circular.
- Actuacións:
 - Promover a formación específica para os axentes do territorio no ámbito da economía circular.
 - Diseñar e promover distintos recursos orientados a unha mellor participación cidadá respecto da economía circular.

5. Fortalecemento da comunicación para a economía circular

- Difundir e concienciar á cidadanía na cultura da recuperación e a economía circular a través do ecosistema social.
- Diseñar e promover recursos multimedia e programas para diversos medios de comunicación.

6. Fomentar a economía circular nas actividades vinculadas ao mar

- Fomenta solucións orientadas a incrementar as posibilidades de valorización e aproveitamento, así como fomentar a recollida e xestión integrada de residuos mariños de cara a incorporar os materiais aproveitables a un esquema de economía circular.
- Promove medidas facilitadoras do aproveitamento dos descartes pesqueiros na produción do mar, fomentar a recollida e xestión integrada dos residuos mariños de cara a incorporar os materiais aproveitables a un esquema de economía circular. Fomenta-la valorización de residuos pesqueiros e outros produtos acuícolas.
- Promove o desenvolvemento de programas de valorización analizando alternativas e creando un "catálogo" de oferta e demanda para o aproveitamento dos descartes.
- Fomenta unha transición cara unha economía circular mediante a análise dos fluxos de residuos.
- Desenvolvemento de estudos do lixo no enfoque do ciclo de vida e eco-diseño.
- Fomenta o desenvolvemento de equipamentos específicas e apoia a investigación en materia de valorización dos recursos pesqueiros.

7. Urbanismo ecoeficiente

- Promove a adopción de criterios urbanísticos encamiñados a conseguir asentamentos máis sostible que minimicen o uso do solo e as necesidades de desprazamentos motorizados.
- Promove modelos de asentamento que minimicen o consumo de recursos e o impacto sobre o medio.

8. Ciclo de vida e residuo cero

- Promove o enfoque do ciclo de vida e outras ferramentas para a economía circular.
- Desenvolve capacidades relativas ao sector correspondentes coa economía circular.
- Promove a formación e sensibilización dos axentes implicados do territorio e da sociedade en xeral.

9. Prevención e reutilización

- Promove a creación dunha rede de entidades que permitan a realización dunha correcta preparación para a reutilización e reparación relacionada coa economía circular.
- Promove iniciativas de emprendemento social no ámbito.

Estratexia de cambio climático e enerxía

A través dos Obxectivos específicos 2.2 Redución de emisións de gases de efecto invernadoiro e 2.3 Implantación de procesos de reciclaxe e redución de residuos a EDLP contribúe e a reducir as emisións de GEI, aumentar a resiliencia o cambio climático, desenvolver actuacións que midan os impactos en vulnerabilidade do sector do marisqueo ante o cambio climático, promover interpretacións aceptadas en materia de cambio climático, fomentar a transferencia de coñecemento o sector pesqueiro e a creación de foros de traballo co sector marisqueiro e fomentar a concienciación social ante o cambio climático e fomentar unha gobernanza climática multinivel e transversal.

A continuación detállanse os principais obxectivos da estratexia de cambio climático e enerxía cos que está aliñada a EDLP:

1. Reducir drasticamente as emisións de GEI

- Difusión da necesidade de establecer un cambio no modelo de consumo máis racional, eficiente e comprometido na loita co cambio climático.
- Promoción de medidas de eficiencia enerxética
- Implantar a cultura da eficiencia enerxética no territorio
- Promover un modelo de baixas emisións diminuindo na industria a folla de carbono.
- Redución de residuos e emisións de contaminantes.

2. Desenvolver e manter redes de observación e modelos climáticos adaptados a Galicia

- Promoción da monitorización da evolución das variables ambientais, así como do efecto que as variacións delas teñen sobre os diferentes sistemas humanos e naturais.
- Promoción da conservación e o uso eficiente dos recursos naturais.
- Reducir a vulnerabilidade do territorio ante os riscos xerados polo cambio no clima.

- Promove-la conservación e o uso eficiente dos recursos hídricos.
- 3. Aumentar a resiliencia ao cambio climático**
- Promove establecer actividades e as súas características acorde co clima que existirá no futuro, aproveitando todo o potencial da planificación territorial para incrementar a resiliencia climática.
 - Promove unha xestión sostible da pesca e a acuicultura que minimize os impactos do cambio climático.
 - Fomenta a adaptación ó cambio climático na planificación sectorial do turismo.
- 4. Desenvolver unha xestión adaptativa sectorial para garantir o posicionamento futuro dos sectores relevantes para Galicia.**
- Ante a vulnerabilidade do sector pesqueiro ao cambio climático establécense actuacións centradas na integración dos resultados da análise e estudos para posteriormente desenvolver unha política adaptada ás futuras condicións climáticas.
 - Promove a realización de análises dos impactos e a vulnerabilidade do sector do marisqueo ante o cambio climático, así como establecer apoio á adaptación do sector marisqueiro.
- 5. Aumentar a capacidade de Galicia en investigación e innovación en materia de cambio climático**
- Promove unha estrutura de investigación no cambio climático mediante a creación dun mapa de coñecemento e capacidades que sirva como nexo para a xestión do coñecemento en materia de cambio climático.
 - Fomenta o incremento aumentar o carácter investigador co fin de lograr realizar interpretacións aceptadas en materia de cambio climático do territorio
 - Promove actuacións de formación para adquirir capacidades e competencias en materia de cambio climático.
 - Fomentar a sensibilización da cidadanía en materia de cambio climático.
- 6. Fomentar unha transferencia de coñecemento activa e eficaz**
- Promove medidas encamiñadas á mellora das relacións de intercambio de coñecemento sobre cambio climático entre distintos axentes e canles de comunicación.
 - Contribúe a establecer proxectos de I+D+I sobre aspectos relacionados co cambio climático. Fomentar a transferencia de coñecemento no sector e creación de foros de traballo con profesionais do sector de marisqueo.
 - Fomenta o intercambio do coñecemento entre os distintos axentes cuxas competencias están relacionadas co cambio climático.
 - Promove establecer unha planificación sectorial e xeral fronte ao cambio climático.
- 7. Incidir na educación e concienciación social**
- Fomenta a transferencia de coñecemento e desenvolvemento de capacidades e competencias integrando diversos aspectos do cambio climático en diferentes programas de formación.
 - Promove o establecemento de estratexias de desenvolvemento local, incorporando nos plans de formación variables do cambio climático.
 - Fomenta actuacións de formación para adquirir capacidades e competencias en materia de cambio climático.
 - Fomenta a sensibilización da cidadanía.

Outras estratexias coas que está aliñada a EDLP

A EDLP está aliñada coas seguintes estratexias: Blue Investment II, Mobilidade sostible e intelixente, Europea de enerxías renovables. Biodiversidade, Galega da paisaxe e da Biotecnoloxía . E os seguintes plans: Contaminación cero, Producción orgánica, a estratexia, Sostibilidade turística do litoral galego e Galicia destino seguro 2021-2023.




XUNTA
DE GALICIA



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Costa da Morte

Anexo 4. FONTES DE INFORMACIÓN



Anexo 4. Fontes de información

Fontes bibliográficas

Plans/estratexias

- Pacto Verde
- Estratexia da Granxa a mesa
- Plan de acción da economía circular
- Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible
- Estratexia RIS 3 2021-2027
- Plan da cultura marítima de Galicia
- Estratexia de turismo de Galicia
- Estratexia de economía circular e infraestrutura verde
- Estratexia de cambio climático e enerxía
- Blue Investment II
- Mobilidade sostible e intelixente
- Europea de enerxías renovables.
- Biodiversidade, Galega da paisaxe e da Biotecnoloxía
- Plan estratéxico de comunicación cero
- Plan estratéxico de produción orgánica
- Estratexia turística do litoral galego e Galicia destino seguro 2021-2023.
- Plan para la Igualdade de Xénero no Sector Pesqueiro y Acuícola 2021-2027

Fontes estatísticas

- Padrón Municipal de Habitantes. IGE.
- Directorio da Rede Natura. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
- Inventario da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEGA). Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
- Información xeográfica en web. Instituto Xeográfico de Galicia.
- Praias bandeira azul. Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor.
- Directorio de portos. Portos de Galicia.
- Plataforma tecnolóxica de pesca. Consellería do Mar.
- Rexistro de confrarías. Xunta de Galicia.
- Indicadores demográficos sobre o padrón municipal. IGE
- Movemento natural de poboación. IGE.
- Estatística de variacións residenciais. IGE.
- Directorio de centros de ensino. Consellería de Educación e Cultura.
- Censo de poboación e vivendas. . INE.
- Directorio de centros. Servizo Galego de Saúde.
- Estatística de pensión contributivas. Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Estatística de pensións non contributivas. Consellería de Traballo e Benestar.
- Estatística beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e das Axudas de Emerxencia Social (AES). Consellería de Traballo e Benestar.
- Estatísticas de paro rexistrado. Servizo Público de Emprego Estatal. IGE. 2014.
- Estatísticas de afiliación á Seguridade Social. Tesourería da Seguridade Social. IGE.
- Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.
- Contas de distribución da renda dos fogares por concellos. IGE.

- Produto interior bruto municipal.IGE.
- Directorio de empresas e unidades locais. IGE.
- Censo agrario. Consellería de Medio Rural. IGE.
- Directorio SABI de empresas. Informa.
- Estatística de permisos de marisqueo. Consellería do Mar.
- Directorio de Empresas e Actividades Turísticas. Turgalicia.
- Enquisa de ocupación hoteleira. IGE.
- Relación de Bens de Interese Cultural. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Mapa de equipamentos culturais. Consello Cultura Galega.
- Festas de interese turística. Turgalicia..
- Directorio de sendeiro. Turgalicia.

Fontes normativa

- Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)
- Regulamento UE 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004
- Regulamento (CE) n.º 1005/2008 do Consello
- Regulamento (CE) n.º 1005/2008 do Consello
- Regulamento (CE) n.º 1224/2009
- Directiva 2008/99/CE do Parlamento Europeo e do Consello
- Directiva (UE) 2017/1371
- Regulamento Delegado (UE) 2021/1972 da Comisión, do 11 de agosto de 2021 que complementa o Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, mediante o establecemento dos criterios para o cálculo dos custos adicionais en que incorren os operadores pola pesca, a cría, a transformación e a comercialización de determinados produtos da pesca e a acuicultura das rexións ultraperiféricas (DO L 402 de 15.11.2021, pp. 1-3).
- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados (DO L 231 de 30.6.2021, pp. 159-706).
- Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións sobre un novo enfoque da economía azul sostible da UE: Transformar a economía azul da UE para un futuro sostible [COM(2021) 240 final de 17.5.2021].
- Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións: Estratexia da UE sobre a biodiversidade de aquí a 2030. Reintegrar a natureza nas nosas vidas [COM(2020) 380 final de 20.5.2020].
- Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións: O Pacto Verde Europeo [COM(2019) 640 final de 11.12.2019].

- Regulamento (UE) 2017/1004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, relativo ao establecemento dun marco da Unión para a recompilación, xestión e uso dos datos do sector pesqueiro e o apoio ao asesoramento científico en relación coa política pesqueira común e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.ou 199/2008 do Consello (DO L 157 de 20.6.2017, pp. 1-21).
- As modificacións sucesivas do Regulamento (UE) 2017/1004 incorporáronse ao texto orixinal. Esta versión consolidada só ten valor documental.
- Regulamento (UE) n.ou 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, modifícanse os Regulamentos (CE) n.ou 1184/2006 e (CE) n.ou 1224/2009 do Consello e derrógase o Regulamento (CE) n.ou 104/2000 do Consello (DO L 354 de 28.12.2013, pp. 1-21).
- Regulamento (CE) n.ou 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común, modifícanse os Regulamentos (CE) n.ou 847/96, (CE) n.ou 2371/2002, (CE) n.ou 811/2004, (CE) n.ou 768/2005, (CE) n.ou 2115/2005, (CE) n.ou 2166/2005, (CE) n.ou 388/2006, (CE) n.ou 509/2007, (CE) n.ou 676/2007, (CE) n.ou 1098/2007, (CE) n.ou 1300/2008 e (CE) n.ou 1342/2008 e derróganse os Regulamentos (CEE) n.ou 2847/93, (CE) n.ou 1627/94 e (CE) n.ou 1966/2006 (DO L 343 de 22.12.2009, pp. 1-50).
- Directiva 2008/56/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xuño de 2008, pola que se establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño (Directiva marco sobre a estratexia mariña) (DO L 164 de 25.6.2008, pp. 19-40).

Recursos web

- www.pecadegalicia.gal
- www.turismo.gal
- www.lge.gal
- www.igape.gal (Directorio de empresas)
- www.turgalicia.es (Rexistro de empresas e actividades turísticas)
- www.portosdeg Galicia.gal
- www.redeirasdeg Galicia.org
- www.xunta.es (Establecementos de acuicultura mariña)
- www.xunta.es (Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda)
- <https://culturaeducacion.xunta.gal/>
- www.lonxasgalegas40.gal
- www.ecoembes.com
- www.carballo.org/turismo
- www.caminosdomar.com
- www.domaraterra.com

Documentos obrantes no GAC Costa da Morte

- EDLP 2014-2020
- Libro “Gac Costa da Morte Destino Gastronómico”. 2010. Estefanía Fernández Delgado. Miguel García Silvarredonda.
- Libro “Costa da Morte. Un País de Sueños y Naufragios”. 2011. Rafael Lema Mouzo

